

CONCELLO
DE VIGO



TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

BEMBRIVE

6

MARTA ÁLVAREZ PÉREZ



Edición:

Concellaría de Normalización Lingüística

Concello de Vigo

Praza do Rei, 1

36202 Vigo

Tfno.: 968 810 281

©

Fotógrafo: Javier Albertos

Foto portada: Igrexa de Bembrive (www.vigoenfotos.com)

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2018

© Concellaría de Normalización Lingüística, 2018

Printed in Spain - Impreso en España

ISBN: 978-84-8158-813-2

Depósito legal: VG 51-2019

Revisión: Servizo de Normalización Lingüística, Concello de Vigo

Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

CONCELLO
DE VIGO



TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

BEMBRIVE

6

MARTA ÁLVAREZ PÉREZ

Universida de Vigo



Entidade Local Menor
de Bembrive

*Ás veciñas e veciños de Bembrive, responsables
últimos deste libro, por manter vivos os topónimos
ao longo do tempo.*

1 Limiar

O presente volume, dedicado á parroquia de Bembrive, continúa a colección *Toponimia do Val de Fragoso* iniciada no ano 2008 coa publicación do libro *Toponimia de Coia*; nun intento por recuperar, valorizar e divulgar a toponimia de Vigo.

Neste caso, á iniciativa impulsada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo sumouse a Entidade Local Menor de Bembrive, ao entender a importancia que para un pobo, neste caso no ámbito parroquial, ten coñecer o seu propio territorio e poder nomealo.

Conta da importancia da toponimia dan as palabras escritas por Gonzalo Navaza na presentación desta colección:

Os nomes de lugar son parte esencial do patrimonio cultural dunha comunidade. Constitúen un manto civilizador que foi tecéndose ao longo dos séculos e que chega ata hoxe como herdanza transmitida de xeración en xeración. Algúns dos fíos deste tecido teñen orixe na prehistoria, se cadra nos remotísimos tempos en que por primeira vez a especie humana alcanzou estas áreas dos confíns atlánticos. Outros foron creándose ao longo do tempo e son hoxe memoria de modos de vida do pasado, da orografía, da flora, da fauna... da relación da xente coa paisaxe a través da historia.

Pero nos últimos tempos, tanto esa íntima relación coa paisaxe como a transmisión interxeracional de coñecementos foise rompendo, dando lugar a xeracións novas totalmente descoñecedoras do seu pasado e da súa contorna. Unha perda que pode ser reversible só en certa medida e nun curto espazo de tempo: o que nos queda antes da desaparición das últimas veciñas e veciños que gardan na súa memoria a paisaxe toponímica da parroquia e todas as lendas, tradicións e coñecementos asociados a ela.

Porén, coa firme intención de opoñermonos a este proceso de deculturación, este libro pretende ser unha ferramenta que nos permita, en primeiro lugar, salvagardar o coñecemento das últimas xeracións que viviron esa indisoluble relación co territorio. Persoas que transiaban a pé polos camiños da parroquia, que levaban o gando a pacer nos montes, que lavaban nos lavadoiros e moían nos muíños e que sabían cales eran as mellores terras para poulo, para centeo ou para horta, e que aínda viviron as mallas e o cultivo e procesado do liño na parroquia. En segundo lugar, agardamos que sexa un instrumento que lles sirva ás xeracións máis novas para descubriren o rico medio en que viven, para aprenderen a nomealo e, polo tanto, a amalo e defendelo. Non obstante, non pretendemos, en ningún caso, que a transmisión escrita sexa un substituto da transmisión oral. Todo o contrario, agardamos que este libro sexa só un aperitivo que estimule o desexo por coñecer máis sobre cada un dos recunchos que percorrерemos e para seguir recorrendo ás principais fontes que deron lugar a esta obra: as nosas e os nosos maiores.

A recompilación das formas toponímicas deste volume realizouse grazas a un arduo traballo de campo. De xullo a novembro de 2012 percorremos a parroquia na procura de informantes orais que nos proporcionaron os nomes que posteriormente contrastamos cos da documentación histórica á que tivemos acceso. Entre 2012 e 2014 volvemos a facer algunha entrevista concreta.

Para a súa ordenación decidimos dividilos en tres grandes bloques: «A auga», «A terra» e «O espazo habitado». No primeiro agrupamos os topónimos que na súa etimoloxía, na orixe da palabra que os conforma, teñen relación coa auga. Así, por exemplo, non atoparemos neste apartado *O Río de Eifonso*, pero si topónimos como *A Lagoa*, que dá nome a diferentes terreos na parroquia, *Regueiriños* ou *O Bueu*. Do mesmo xeito, no apartado «A terra» teremos todos os topónimos que recollemos na parroquia que nos falan de características do medio (*A Costa*, *O Picouto*, *As Verdellas*) ou da flora, sexa espontánea ou cultivada, e a fauna que o habitan (*O Carballal*, *A Espiñeira*, *As Teixugueiras*). E para rematar, na última sección, «O espazo habitado», atoparemos os topónimos que expresan algunha relación coa actividade humana, os que nos falan de construcións, vías de comunicación ou actividades económicas (*As Casas Vellas*, *A Estrada*, *O Muíño Vello*); dos primeiros asentamentos humanos (*O Crasto*); de expresións culturais ou relixiosas

(*O Mosteiro*) etc. E temos tamén os que derivan do nome, apelido ou alcuño dunha persoa, como *Xeme*, *Recaré* ou, aquí si, *Eifonso*. Á súa vez, dentro de cada un dos apartados, atoparemos subdivisións que aparecen explicadas en cada caso.

Esta ordenación ten certas aplicacións, unha delas a que nos permite apreciar, nunha rápida ollada, cales son elementos que tiveron maior potencial xerador de topónimos na parroquia. Porén, non podemos esquecer que as clasificacións sempre están sometidas a certo grao de subxectividade e son só unha das diferentes posibilidades que se puideron ter escollido. Ademais, existen topónimos que se poderían incorporar a máis dun apartado, segundo o criterio que optemos por empregar.

Dentro de cada sección, os topónimos ordénanse alfabeticamente seguindo a mesma estrutura dos outros volumes da colección. No caso dos topónimos compostos fixarémonos no modificador para ordenalos, polo que, por exemplo, *O Cocho Regueiro* aparecerá baixo a epígrafe *Regueiro*, a non ser que o modificador non teña suficiente entidade *per se*, caso en que optamos por dar máis peso ao primeiro elemento, como ocorre con *Xestoso de Arriba*, que incluiremos baixo a entrada *Xestoso*.

Para cada topónimo ofrécese en primeiro lugar o significado (de non especificarse o contrario, será o proporcionado polo *Dicionario da Real Academia Galega*) e unha breve explicación do seu étimo de orixe. Os topónimos galegos pertencen na súa maioría ao estrato latino-romance, pero existe tamén unha certa contribución do substrato prelatino, que se pon de relevo dun xeito especialmente salientable nos topónimos que fan referencia a elementos moi destacados na paisaxe como montes, cursos de auga etc., e do superestrato xermánico (suevo e visigodo). Neste caso trátase basicamente de topónimos procedentes de nomes de posuidores, como *Reiriz* ou *Rorigo*. Os topónimos con raíz no árabe ou noutras linguas son moito máis escasos. Os étimos aparecerán escritos en versaletas (maiúsculas do tamaño das minúsculas) e precedidos dun asterisco cando haxa dúbidas sobre a súa forma. Como convención, nesta obra os étimos do latín son citados coa forma do acusativo sen o *-M* final.

A continuación da explicación etimolóxica amósanse todos os topónimos que na parroquia comparten a mesma forma e dos cales proporcionaremos unha referencia que nos permita comezar a situarnos. Pode ser o nome do barrio ou lugar ao que pertence, ou simplemente o do conxunto de leiras, monte etc. en que está integrado e que resul-

ta máis coñecido. Recollemos os que dan nome a barrios e lugares, a terras (leiras, coutadas e poulas) e os que nomean distintos elementos da paisaxe e o patrimonio como presas, fontes, camiños etc., así como as formas compostas en que aparezan. Baixo cada un dos topónimos aparecerá unha descrición o máis exacta posible da súa localización, de acordo co espírito de facer deste libro unha ferramenta para explorar e coñecer a parroquia, a modo dunha particular guía de viaxes. De todos os xeitos, e a non ser que exista un accidente xeográfico de certa entidade, como un rego, que impón unha clara delimitación, os límites dos topónimos adoitan estar hoxe bastante difusos. Ademais, non podemos esquecer que sobre un mesmo lugar existen, poderíamos dicir, diferentes capas toponímicas. Teremos en primeiro lugar o nome da leira, coutada, ou fragmento de terreo onde nos atopemos, ademais do nome do conxunto de terras ao que pertence, do lugar, do barrio etc. No caso de que existan formas alternativas do topónimo, tamén as mencionamos, aínda que se traten noutra epígrafe do libro.

Para rematar, logo da localización, poderemos atopar referencias á antigüidade do topónimo na parroquia, á súa aparición en certos documentos, ou á existencia de lendas, ditos ou calquera tipo de información que puidésemos ter recollida en relación con el.

En todo caso, na parte final do libro dispomos dun índice de topónimos que nos permitirá buscar dun xeito rápido o que nos resulte de especial interese entre o total de máis de mil topónimos recollidos¹. Son os nomes correspondentes aos barrios e lugares da parroquia², aos montes e ríos, pero tamén os microtopónimos que nomean realidade moito máis pequenas, como conxuntos de leiras ou leiras individuais, coutadas, poulas, camiños, presas, lavadoiros e fontes ou mesmo casas.

En canto ás fontes empregadas, no traballo de recollida da toponimia de Bembrive utilizamos as seguintes fontes documentais escritas:

- 1 Dicimos recollidos e non existentes, posto que é evidente que aínda que se tentou que esta obra fose o máis exhaustiva posible, existen moitos máis microtopónimos na parroquia que non chegamos a rexistrar.
- 2 As parroquias estrutúranse en barrios que á súa vez se subdividen en lugares. Esta división tradicional, porén, tense perdido en beneficio da organización en base ás rúas. Deste xeito, practicamente ninguén lembra a extensión exacta de cada barrio nin os lugares que abrangúa e nin tan siquera está clara xa en moitos casos esta categoría.

- *Catastro de Ensenada*. Censo realizado a mediados do século XVIII en todo o territorio dominado pola coroa de Castela (en Bembrive entre finais de 1751 e 1752), co obxectivo de impor unha uniformidade fiscal. Aínda que o obxectivo non se cumpriu, o catastro si se completou, ao rexistrarse exhaustivamente todas as propiedades privadas e comunais que había en cada parroquia, tanto de habitantes laicos como de eclesiásticos. Aparece, polo tanto, unha relación de todas as veciñas e veciños³ con posesións e os nomes destas, así como o «lugar de habitación» onde residían, coincidente en moitos casos co que son os barrios ou lugares actuais. Hai que ter en conta este feito na lectura do libro, posto que cando nos referimos ás veciñas ou veciños que había nun determinado lugar son en realidade só as e os que dispuñan de propiedades. No catastro incluíase ademais un «interrogatorio xeral» de corenta preguntas en que se tomaba nota dos límites da parroquia, os cultivos existentes nela, as actividades económicas etc. Foi ordenado polo rei Fernando VI a proposta do seu ministro Zenón de Somodevilla y Bengoechea, marqués de La Ensenada, polo que o documento é coñecido por este nome.

Dos tomos manuscritos do catastro correspondentes á parroquia de Bembrive consérvanse dúas copias, unha no Arquivo de Simancas e outra no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

- *Libro de afanegados* de Bembrive de 1846. Os libros de afanegados son documentos sobre impostos e taxas pertencentes ao século dezanove, en que tamén se recolle o nome de cada propietario da parroquia e os seus bens. Neste caso, ao igual que no *Catastro de Ensenada*, aparecen as terras cos topónimos polos que eran coñecidas naquel momento.

Deste xeito, podemos coñecer en certa medida a relativa antigüidade dos topónimos aínda existentes ou as modificacións (tendo en conta as arbitrariedades ortográficas destes textos) e desaparicións sufridas ao longo do tempo.

3 Termos empregados nese catastro co significado de ‘cabeza de familia’.

Atópase tamén o *Libro de afanegados* de Bembrive, en concreto o do ano 1846, no mesmo arquivo de Pontevedra⁴.

- *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA). Corpus textual que se actualiza anualmente con documentación medieval relacionada con Galicia publicada en lingua latina desde o século VI ata o XV, ambos inclusive. Abrangue os textos recollidos nos cartularios e coleccións dos centros monásticos: Samos, Sobrado, Oseira, Celanova, Xubia, Lourenzá, Carboeiro, Caaveiro, Antealtares, San Martiño Pinario etc., así como documentación das sés catedralicias de Santiago, Mondoñedo, Lugo, Tui e Ourense e ordes militares.

É unha iniciativa do Centro Ramón Piñeiro e está dispoñible en internet no enderezo <http://corpus.cirp.es/codolga/>

- *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG). Trátase do corpus das obras e coleccións documentais redactadas en romance galego na época medieval. Xunto co **TILG** (*Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, dirixido por Antón Santamarina) forma o corpus histórico do Instituto da Lingua Galega. A súa base de datos tamén é accesible en internet: <http://ilg.usc.es/tmilg/>

Ademais tamén se consultou a documentación relativa á parroquia depositada nos seguintes arquivos (dispoñibles no momento da consulta): Arquivo do Museo da Deputación de Pontevedra, Arquivo Diocesano de Tui, Arquivo do Concello de Vigo. Así como, actas de plenos antigas da Entidade Local Menor de Bembrive e documentos do monte, ademais doutra documentación escrita que se detalla en cada caso. Tivemos acceso tamén a algunha partilla particular.

Non obstante, non podemos esquecer que a base sobre a que se asenta este traballo son as fontes orais. Inquirimos un total de dúascentas cincuenta veciñas e veciños da parroquia⁵ sobre os topónimos que coñecían na súa zona. Os resultados foron moi diversos pero permitiunos, por unha banda contrastar parte da información, ao tempo que rexistramos microtopónimos referentes a terreos moi pequenos

4 Neste caso contamos coa colaboración de Diego Pérez, veciño de Bembrive, con quen compartimos información durante a elaboración deste traballo e nos cedeu o baleirado que xa tiña feito deste documento.

5 Os seus nomes aparecen recollidos ao final do libro.

coñecidos só polas familias propietarias que doutro xeito sería imposible descubrir. E, ao mesmo tempo, localizamos informantes clave, que posteriormente entrevistabamos en maior profundidade, a maioría maiores de oitenta anos.

Malia que non é o sistema ideal, parte das entrevistas en profundidade foron estáticas e leváronse a acabo co apoio de cartografía nos seus domicilios. Porén, sempre que foi posible desprazámonos con estas persoas aos lugares sobre os que estabamos traballando. Aínda así, hai que ter en conta a limitación que representa o feito de que a paisaxe teña mudado radicalmente nalgunhas zonas da parroquia, fundamentalmente polo paso de novas vías de comunicación e a forestación do monte, así como polo abandono dos cultivos e a dificultade de acceder a moitas zonas.

Criterios para a grafía dos topónimos

Os topónimos, na fala, realízanse de acordo ás características propias que a lingua ten en cada territorio determinado. No caso de Bembrive, como, en xeral⁶, no resto de parroquias do Fragoso, serían, entre outras: a gheada (*figheira*), agás tras *-n* trabante que é substituída polo fonema /k/ (*ankazo*); seseo en todas as posicións (*crus*, *toutiso*); despalatalización case xeral dos *-x* (*sabreira*); presenza exclusiva da variante *-ouro* do sufixo *-oiro* (*lavadouro*) etc. Porén, á hora de escribilos debemos suxeitarnos a algún tipo de criterio, neste caso aos empregados pola Comisión Toponimia de Galicia para emitir os seus ditames, e que a continuación expomos:

1. Respetar o uso vivo actual na variante dialectal de cada lugar.
2. Cando o mesmo lugar ten dous nomes que son variantes fonéticas opcionais, óptase pola forma máis arcaica ou a coincidente co galego estándar, se é un apelativo do vocabulario común.
3. Non se reproduce na grafía dos topónimos a gheada; tampouco se reproduce o seseo a non ser nos topónimos opacos.
4. Cando a forma viva está deturpada por castelanismo a Comisión atense ás documentacións antigas, como ocorreu no caso da *Proba*.

6 Existen excepcións como, por exemplo, a ausencia de seseo explosivo ou total en Domaio e Zamáns.

5. Na ortografía, búscase a congruencia coas grafías históricas do galego común. Porén, nos casos en que a grafía dun topónimo, tal como se vén usando, adoptou unha forma arbitraria non coincidente coa histórica, respéctase se non ocorreu por castellanismo, como sucede no caso de *Brea* por *Vrea* (do latín VEREDA).
6. Cando para unha entidade de poboación xa non vive na fala actual máis que a súa denominación deturpada e non se achán documentos históricos sobre a variante lexítima, regaleguízase o nome conforme á forma correspondente do galego estándar. Porén, na microtoponimia se hai castellanismos arraigados adoitán deixarse.

Ademais disto:

- Respecto aos nomes compostos como *A Fonte Seca*, sempre que os elementos que os conforman sexan identificables, non afecte á pronunciación real e non exista tradición escrita que o contradiga, optamos por escribilos separados. Porén, se algunha das formas é opaca, escribímoslos xuntos.
- Cando existe para o mesmo topónimo a forma singular e plural (*A Castiñeira* / *As Castiñeiras*) optamos polo singular, posto que polo regular é a forma tradicional. A aparición do plural nestes casos débese a que cando nunha área coñecida por un topónimo hai varias propiedades, cada propietario acaba usando o nome en singular para a súa propiedade, supoñendo que ao conxunto lle corresponde a forma en plural. Fórmanse, polo tanto, plurais secundarios. Con todo, se no proceso de recollida non se documentou ningún caso de uso do singular, déixase o plural como forma actual do topónimo.

Méndez. Cando anos máis tarde se leva a cabo a conquista de Tui e os seus territorios, o rei Afonso Henriques de Portugal confirma esta doazón ao bispo tudense, naquela altura Xoán I. O *reguengo de Benevivere* estaba formado entón (1169) por uns 17 casais⁸.

Finalmente, en agosto de 1180 o rei Fernando II de León reafírmalle ao bispo de Tui, Don Beltrán, a doazón do couto de *Benevivere* e engade o termo de Beade, en terras de Fragoso.

Na Idade Moderna, a freguesía de «Santiago de Benbibre», tal como aparece no *Catastro de Ensenada*, segue a pertencer ao bispo e cabildo de Tui, aínda que baixo a xurisdición da vila de Bouzas. Contaba no ano de elaboración do antedito catastro (1751) con oito núcleos de poboación de máis de dez habitantes, e vinte de máis de cinco. En total, cincuenta e dous «lugares de habitación» con duascenas vinte e oito persoas adultas (propietarias) rexistradas. A súa principal actividade era a agrícola, e tiña como produtos destacados o trigo, centeo, millo, castañas e viño, ademais dos produtos de horta, e orxo en menor cantidade. En canto ao gando, contaba con bois, vacas, ovellas, carneiros, porcos, algunha cabra e cento cincuenta e seis colmeas. Había na parroquia algún xastre e carpinteiro, pero non existía máis actividade manufactureira cá a produción de fariña nos muíños. Trece en total, todos dunha roda.

Existían tamén tres batáns: «en el término y río de San Ciprian para abatanar las mantas burdas y del país y que competen a: Pasqual Gonzalez; Francisco Antonio Costas y Joseph Perez; Domingo Fernandez y Ismael de Abalde».

Entrando xa na Idade Contemporánea, no ano 1836 constitúense os tres concellos que acabarán formando o Vigo actual: Bouzas, Vigo e Lavadores. Dentro deste último, con capital na freguesía de Santa Cristina de Lavadores, quedará encadrada a parroquia de Bembrive, xunto a Beade, Cabral, Candeán, Valadares e Zamáns.

Case un século despois, en agosto de 1931, Bembrive constitúese en «pueblo agregado», dependente do concello de Lavadores, pero rexido pola súa propia Xunta Administrativa. Esta figura foi unha resposta á pe-

8 Entendíase por *casal* unha vivenda rústica e o conxunto de terras que podía traballar unha familia coa axuda dos seus criados. Polo tanto, que as propiedades do rei en Bembrive ascendesen a dezasete casais non significa que houbera dezasete vivendas necesariamente, senón que eran as terras que corresponderían ao traballo agrícola de dezasete familias

► Rego, O / Rega, A

O substantivo *rego*, moi frecuente na lingua común, ten o significado de ‘pequeno suco natural polo que corre a auga’, pero tamén se emprega para nomear a escavación longa e pouco fonda que se fai no terreo, ben para introducir a auga nos campos e regalos por inundación (*O millo enleirase para regalo; Entre leira e leira, un rego*), ou ben para sementar (*A verdura pódese botar a covas ou a regos*). O feminino *rega* como substantivo fai referencia á canle por onde baixa un rego de auga. A etimoloxía de *rego* é complicada, posto que parecen converxer nel os derivados do latín *RIGARE* ‘regar; facer fluír dirixindo’ e un termo de orixe prelatina, probablemente celta, **REKU*.

En toda Galicia son numerosos os topónimos da familia léxica de *rego* e en Bembrive temos un claro exemplo: **A Rega** (O San Cibrán), coutada situada á altura da coñecida como A Almenara (unha construción relacionada coa antiga condución de augas cara á cidade de Vigo). Está á man dereita do camiño da Capela, na curva en dirección a Beade logo de pasar a Capela do San Cibrán. É coñecida tamén como **A Coutada da Rega** e realmente atópase nunha vagoada pola que baixa un rego de auga. O topónimo *A Rega* aparece no Catastro de Ensenada como lugar de habitación do veciño Benito Costas, pero tamén como nome dunha propiedade de Antonio Míguez, residente na Fraga e con propiedades no San Cibrán.

Así mesmo, recollemos topónimos coa forma masculina como **O Rego** (Mandín) que identifica o curso de auga que baixa da Presa dos Estripeirales en dirección N–S para unirse á Regueira do Abade no Cocho Longo.

En Miraflores, **O Rego da Agua** atravesaba os Campos do Abade, posiblemente procedente da Presa dos Ameirales e pasaba por diante da casa situada na Subida a Miraflores á man dereita, fronte á entrada do camiño da Mina. Neste rego, había un lavadoiro formado por unhas simples pedras dispostas no río, que deu lugar ao topónimo (→) O Lavadouro.

E por último **O Rego da Agua** en Xestoso, nome específico dado a un rego empedrado (agora entubado) que baixaba de Esparramán polas Ferreiras ata A Presa das Figueiras. Empregábase para regar Os Campos da Regada. Aínda que O Rego da Agua (/O Regho da Aghua/ na fala)

vén das Crebadas formando O Río da Capela, que augas máis abaixo chaman O Río de Eifonso.

► Regueiriña, A

A terminación –iña do diminutivo, tan produtivo en galego, orixina o topónimo **A Regueiriña** que localizamos no Pouso, un terreo de monte ao redor do **Camiño da Regueiriña** (parte do camiño do Pouso, á man dereita, uns cen metros por debaixo da entrada dende a estrada das Plantas). Trátase dun pequeno val por onde discorre o rego que vai alimentar a presa do mesmo nome, **A Presa da Regueiriña** (presa terrena bastante grande). Para chegar a esta hai que baixar polo Camiño da Regueiriña e unha vez chegamos ao final do tramo asfaltado, tomar o sendeiro que sae á man esquerda. Coñécese tamén como **A Presa da Regueiriña** a presa de cemento situada no camiño do Pouso, xusto fronte á entrada para o camiño da Regueiriña, por riba da cal se atopan os depósitos da auga da comunidade do Pouso.

► Regueiriños

Ademais, tamén no Carballal, recollemos **Regueiriños**, diminutivo de *regueiro*, que á súa vez deriva de *rego* (ver. Rego, O / Rega, A). Corresponde a unha antiga casa labrega, con alpendres, canastro e terras de labor ao redor. Accédese dende a rúa do Carballal, entrando pola Fonte de Regueiriños, ou polo actualmente chamado Camiño do Cocho. Por detrás de Regueiriños temos xa O Roupeiro. Se atendemos ao *Libro de afanegados*, en que aparece unha propiedade denominada «Campo do Medio o Regueiriños», podemos pensar que este topónimo abarcaba antigamente unha superficie maior, abranguendo o que agora é O Campo do Medio. Situada na entrada que hai á man dereita na rúa do Carballal a uns noventa metros do seu inicio localizamos **A Fonte de Regueiriños** baixando á man esquerda, aproximadamente medio metro por debaixo do nivel da estrada actual. Un pouco máis adiante da entrada para esta, na man esquerda da rúa do Carballal en dirección a Cerdeiró, estaba **A Presa de Regueiriños**, que un desprendemento de terra atuú e inutilizou ata que se limpe de novo.

especialmente nos lugares onde non hai ou houbo ningún rego, e é que Rial fose o apelido dun antigo propietario. De feito, é un apelido relativamente común na zona e ten a súa orixe na entidade de poboación chamada *O Rial*, en Comesaña.

Na nosa parroquia recollemos dous **Rial**: un no Cacheno e que abrangue as terras situadas á man dereita entrando polo chamado Camiño dos Troncales, que parte do Cristo do Cacheno. Polos pés baixa un rego e hai unha presa que algún veciño nomea como A Presa da Raposa. E o outro baixando pola Pedrosa, a uns cen metros da estrada do Carballal, nunha entrada á man dereita atopamos **Os Campos de Rial**¹⁴, tamén identificados con este nome, leiras que se estenden á man esquerda ao longo desa entrada, ata testar coas Pereiras.

No *Catastro de Ensenada* aparecen ata sete propiedades coa denominación de «O Rial» (só nun caso sen artigo) ou os seus compostos «O Cocho do Rial» e «Campo do Rial». Tamén en numerosas ocasións aparece *O Rial* no *Libro de Afanegados*, unha delas como «Rial o Cachapazal» o que nos indicaría a pertenza deste «Rial» ao mesmo polígono de terras que coñecemos agora como O Cocho Pasal e que, polo tanto, faría referencia ao **Rial do Carballal**.

► Ribeira, A

De acordo con Piel (1947a: 338), o termo latino *RIPA* foi ampliado na maior parte do territorio románico co sufixo *-ARIA* obténdose o derivado *RIPARIA*, do que procede *ribeira* ‘franja de terra na marxe do mar ou dun río’.

A Ribeira ou **As Ribeiras** sitúanse estritamente por riba do final do Camiño da Ribeira, contra o río do Xalón. Porén, **A Ribeira** enténdese tamén como un lugar do barrio do Outeiro que abranguería estes terreos contra o río, agora arborados, pero estenderíase cara abaixo ata englobar tamén as casas que se atopan na parte máis alta do camiño da Ribeira, pertencentes ás Costas.

14 Nótese que neste caso a forma Rial aparece sen artigo, o que se contradí coa forma sinxela recollida e coa maioría dos casos que aparecen no *Catastro de Ensenada*.

En Paio **A Ribeira** son uns antigos poullos, agora non traballados, situados na marxe esquerda do río de Paio, aproximadamente á altura do Muíño de Paio de Abaixo.

Só aparece un topónimo *A Riveira* no *Catastro de Ensenada*, que figura cualificado como «monte común». Agora ben, no *Libro de afañados* hai xa numerosas propiedades rexistradas baixo este nome. Unha delas especifica «pasto da Ribeira» o que nos indica que xa antigamente este lugar se aproveitaba para alimentar o gando, e outras dúas proporcionan unha dobre denominación. Unha é a de «Ribeira o Jalon», que pon de relevo a proximidade antiga e o intercambio entre ambos os topónimos, e a outra, «castañal da Ribeira», que nos informa da pretérita presenza neste lugar de castiñeiros que deberon ter unha importancia tal que quedaron fixados na toponimia, posto que por debaixo da Ribeira, cara ao sueste temos tamén A Castiñeira. Aparece *A Ribeira*, igualmente como poulo, nun foro depositado no Arquivo de Tui de 1802, outorgado por José Costas a Pedro de Louriño, onde, entre as propiedades do primeiro temos: «Pieza de Poulo o Herbal de Ribeyra que limita por el norte con Río que pasa a donde llaman Novelos, a naciente con camino que ba al sitio que llaman Jalon sur y poniente con campo llamado Ribeyra. Pieza libre de Diezmo a Dios» (→ Capela do San Cibrán). Sitúanos, polo tanto, A Ribeira no cruzamento do camiño de Xalón co río do mesmo nome, ou Rego de Pontecela, dende onde se estendía cara ao sur e ao oeste, polo que posiblemente coincida co topónimo **A Ribeira** que pervive en Paio.

Na actualidade, no Outeiro a estrada que, por unha banda dende a parte de arriba da Fame, e por outra dende As Pedrás, sobe cara á Ribeira, denomínase **O Camiño da Ribeira**. Pero esta é unha nova denominación, xa que o ramal que entraba dende A Fame se chamaba *Camiño da Devesa*, posto que continuaba cara á Devesa polo tramo que si conserva ese nome, e o ramal que viña das Pedrás era o camiño da Costa ou das Costas, antigo camiño de carro. No punto onde remata o actual camiño da Ribeira temos un sendeiro á man esquerda que baixa ao río do Xalón e cruza por riba dun dos seus saltos.

► Río, O

A palabra *río* procede do latín *RIVUS* 'regueiro, canle', aínda que no século III *RIUS*, con absorción do -v- polo -u-, xa era a forma común



Fervenza no Río do Xalón por debaixo da Ribeira, na Costa

nimo sería anterior a 1846. Na Ponte de Abalde, **O Campo do Río** é un pequeno campiño que queda na esquina entre o camiño do Muxo, a rúa da Cavada e o río; os campos situados na outra beira do río, pertencentes xa a Beade, tamén reciben este nome. No Carballal, **Os Campos do Río** son as leiras que hai por debaixo da Fonte da Pedrosa e que abranguerían O Regueiro, **O Río da Antol e O Río Grande**.

A Fonte do Río é o nome das terras, recollido nas escrituras, do lugar onde se atopa O Lavadouro da Regada. Correspóndese co topónimo **O Río** (Xestoso) que rexistramos na recollida oral, malia que a zona onde se atopa o lavadoiro é coñecida tamén como A Regada Grande.

Baixando pola rúa de Recaré dende A Parrocha, lugar situado á man dereita xusto antes de cruzar a Avenida de Madrid, localízase **O Lugar dos do Río**. Neste caso, o topónimo procede do emprego de *río* como alcume de familia, á cal se lle adxudicou precisamente por vivir a carón dun curso de auga. A Presa da Pedrosa, tamén é coñecida como **A Presa do Río**.

► **Sorrego, O**

A partir da preposición *so-* derivada do latín *SUB* 'baixo, debaixo de' créanse topónimos que identifican terreos localizados por debaixo ou na parte baixa de, neste caso, un rego (→ Rego, O / Rega, A).

Así temos **O Sorrego** en Mourelle, terreos que se estenden dende aproximadamente o muíño do Sorrego, pola marxe dereita do río de Eifonso, ata a estrada que vai cara a Beade. Están separados polo leste do Cocho Pasal, pertencente xa ao Carballal, por un valado. Tamén son nomeados como **Os Poulos do Sorrego** posto que estaban destinados a esa función. No pasado, tal e como nos relatou unha veciña de noventa e un anos, na época da súa avoa, sementouse neles liño. A aparición do artigo no topónimo é un fenómeno recente, motivado pola perda de conciencia de *so-* como preposición. De feito, no *Catastro de Ensenada* atopamos o topónimo sen artigo (*Sorrego*). Tamén é recente, polo tanto, o plural secundario **Os Sorregos**, moi empregado na fala. Outro topónimo con esta forma derivada é **O Muíño do Sorrego** en Mourelle, muíño de cubo situado na marxe dereita do río de Eifonso, ben conservado externamente, uns cen metros augas arriba da ponte coa que a estrada de Bembrive salva o río pouco antes de chegar a Riomaio.

onde se cruza. **O Río do Xalón** é o nome que toma o rego de Pontecela ao seu paso polo Xalón e que uns metros máis arriba da Presa do Xalón, forma unha pequena pero fermosa ferverza. O topónimo aparece no *Catastro de Ensenada* coas formas «O Jalon» (con categoría de «lugar de habitación»), «Chalon», «Xalon» e «Jalon», grafía esta última coa que o atopamos no *Libro de afanegados* en que figura ademais as denominacións «jalon do regueiro», «a beiga en jalon» e «pumar en jalon», que nos dan conta dos antigos usos do terreo.

Os MANANCIAIS

Topónimos relacionados con nacementos de auga.

► Bibidouros, Os Mananciais dos

Alteración de *bebedouro* (*bebedoiro* na forma estándar). Deriva do latín *BIBITORIUM* ‘lugar onde abebera o gando’. A solución *-ouro* para o latín *-ORIUM* é propia de todo o territorio tudense e tamén de todo o portugués. Revisando o *Nomenclátor*, podemos atopar en Gondomar e Tui *O Rapadouro*, en Tomiño *O Rexidouro*, en Coruxo *Breadouro*, en Redondela *Pazo do Pousadouro*, etc.

Os Mananciais dos Bibidouros (O San Cibrán) é un topónimo que xa non está vivo na actualidade, pero resulta de sumo interese recollelo aquí, posto que este era o nome orixinal do que actualmente se coñecen como As Minas de Champinter, Champintel ou Champintiel (→ Champinter). Atopamos este topónimo no fragmento que a continuación reproducimos, extraído do informe realizado polo enxeñeiro Eduardo Cabello relativo ás obras para o abastecemento de augas da cidade de Vigo no ano 1914¹⁷:

Este aspecto ofrecen las laderas del cauce denominado «Coutada de Señoras» y las del en que ademas de sus aguas propias se vierten las de los dos manatales de Vividouros (llamados también de Charpentier; apellido de su anterior pro-

17 Resulta ser un informe moi crítico, que pon de manifesto numerosas irregularidades tanto no proceso de captación das augas nos mananciais de Bembrive como no seu transporte e conclúe, en relación á calidade da auga que estaba chegando á cidade de Vigo, que «las aguas que se suministran en la actualidad no son de manatales ni potables».

► Fonte, A

É o nome común, procedente do latín *FORTE*, que designa o lugar onde mana auga ou ben a construción feita para encanala. No latín clásico era unha palabra de xénero masculino que pasa, a partir do século IV, a xénero feminino, tal como a coñecemos na actualidade. Aparece tanto en solitario (A Fonte) como actuando como modificador (O Cocho da Fonte, Os Campos da Fonte) ou modificada por adxectivo (A Fonte Seca) ou complemento preposicional (A Fonte do Seixo).

A Fonte (A Bouzafría) é unha tira de terreo por riba da fonte e O Lavadouro da Bouzafría. Na Chan, co topónimo **A Fonte** identifícase unha leira onde está **A Fonte da Xabalouca**, ademais recollemos **O Cocho da Fonte**, tamén chamados **Os Campos da Fonte**, un conxunto de campos pequenos ao redor da fonte, por riba das Cunchadas, a carón da presa do Cocho da Fonte responsable, polo tanto, de darlles nome.

O Muíño do Cocho da Fonte foi recollido por un veciño de Paio da súa sogra, pertencente a unha familia moi arraigada no lugar, mais o nome é ignorado polo común da veciñanza, que o coñece como O Muíño de Paio de Arriba (→ Paio). Non puidemos localizar exactamente a leira que levaría o nome de **O Cocho da Fonte**, pero unha veciña si situaba este topónimo preto de Sospalleiros, que está poucos metros arriba do muíño. No *Catastro de Ensenada*, a primeira propiedade consignada de Lorenzo Gómez, veciño de Paio, e dedicada a horta, levaba xa este nome. Na actualidade está abandonado, cuberto pola vexetación e en perigo de derrubamento, aínda que as paredes se manteñen polo de agora en pé.

En Xestoso, no extremo sueste do Suco hai situada unha pequena presa, **A Presa do Cocho da Fonte**, que dá acceso tamén ao Suco. Nela verte as augas a coñecida como **A Fonte da Jesusa** (→ Jesusa). Nesta zona tamén recollemos **Os Campos da Fonte**, conxunto de leiras aos pés da Fonte da Monzona. Tanto o topónimo *O Cocho da Fonte* como *Campo da Fonte* aparecen no *Catastro de Ensenada*, posiblemente o primeiro correspondía ao de Xestoso.

se podería tratar doutro topónimo *Pozos* existente antigamente na parroquia, aínda que podería ser un intento por castelanizar o topónimo *O Pouso*. No *Libro de afanegados* aparece unha propiedade chamada «monte da Fraga o Pozos» e outra «pinal da Castiñeira o Pozos», que tampouco se corresponderían co topónimo que coñecemos na actualidade. Malia que o topónimo adoita empregarse desprovisto de artigo, o feito de que haxa algún falante que aínda o conserva e que apareza na documentación antiga indícanos que a forma correcta sería *Os Pozos*. Na actualidade non destaca a presenza de pozos nin *pochancos*²⁰ na zona, nin tampouco estamos ante unha vagoada, senón que os campos están situados nunha moi lixeira pendente de dirección norte–sur. Podería deberse o nome ao feito de ser un terreo con moita auga, condición que si se cumpre.

A AUGA NA TERRA

Tal como apuntabamos na introdución, agrupamos aquí os topónimos derivados de termos que se refiren á presenza de auga na terra.

► Barxa, A

Termo de orixe prerromana que fai referencia aos terreos situados nas marxes dun río que con frecuencia se inundan. Son terras fondas e húmidas, situadas nos tramos medio ou baixo de ríos e regos, onde a pendente xa escasa permite a existencia destas chairas facilmente asulagables. *Barxa* é en realidade unha variante fonética de *barcia* (e en portugués *várzea*, *várgea*), con orixe na raíz *WAR ‘auga’, polo que a grafía etimolóxica tanto do substantivo común como do topónimo sería *varxa* (con *v-*), como o seu sinónimo *varcia*. Con todo, a forte tradición da escrita do topónimo con *b-* fixo que a propia *Comisión de Toponimia de Galicia* acepte esta forma, de xeito que no *Nomenclátor*

20 *Pochanco* (e *pochanca*) é un vocábulo uso frecuente na parroquia, empregado para designar os pequenos depósitos de auga tanto creados de xeito intencionado como reservas, como é o caso que nos ocupa, como os formados pola acumulación natural de auga en fochancas do terreo. Malia que *pochanco* non está incluído no léxico normativo da *Real Academia Galega*, si o están outros vocábulos da mesma familia léxica como *pucharca*.

OROTOPÓNIMOS: A DESCRICIÓN DO RELEVO

Os orotopónimos son topónimos que se refiren á orografía do terreo. Son os que describen a presenza de elevacións, como *O Picouto* ou *O Outeiro*, pendentes como *As Costas*, chairas como *A Chan* ou depresións no terreo como *A Buraca* ou *A Cova*.

Adoitan aparecer na toponimia menor e, ao igual que os hidrotopónimos, por estaren relacionados con realidades moi evidentes e estables da paisaxe, son en moitos casos os topónimos que conservan elementos dos estratos lingüísticos máis antigos.

ELEVACIÓNS

► Cachola, A

Poderíamos estar ante o emprego metafórico do termo *cachola* ‘cabeza das persoas’ para nomear unha pequena elevación do terreo ou montículo que pola súa aparencia lembra esta parte do corpo humano, ou ben ante un diminutivo de *cacho* ou *cacha*. En ambos casos procedería do latín *casca* ‘fragmento’. Pero dado o uso de *Cacha* e *Cachada* como topónimos relativos a actividades agrícolas, e dado tamén o uso do diminutivo *-ola* (cf. *Granxola* en Tomiño), non podemos desbotar a posibilidade de que *Cachola* sexa unha *cacha* no monte.

Parte do lugar onde agora se atopa a última casa da subida á Mouteira, á man dereita, antes de xirar cara á Viña Grande é **A Cachola**. Topónimo que aparece en diferentes ocasións no *Libro de afanegados*, polo que, de tratarse do mesmo lugar, debía facer referencia no pasado a unha zona máis ampla. De feito, nunha das citas emprégase como equivalente á Mouteira: «castaños da cachola o mouteira».

► Corcovas, As

O termo *corcova*, ademais de ser a ‘curvatura convexa esaxerada das costas ou do peito producida por unha desviación da columna vertebral ou do esterno’ no dicionario de Eladio Rodríguez, atopamos outra definición algo máis ampla: ‘curvatura de calquera cousa ou vulto que dela sobresaie’ (Eladio Rodríguez: 1958–1961, en *DdD*, s.v.). Deste

habería que estudar o catastro en maior profundidade para poder aseguralo. Tres dos topónimos derivados de *coto* rexistrados en Bembrive: **O Coto da Chan** (→ A Chan), **O Coto** e **O Cotarel**, cunha distancia en liña recta entre os dous primeiros duns trescentos sesenta metros e uns trescentos entre o segundo e o terceiro, debuxan na paisaxe un triángulo case isósceles, aínda que na actualidade, coas Cunchadas e as Remesiñas cubertas de árbores, principalmente piñeiros, resulta imposible apreciarlo fóra dos planos.

► **Coto, O**

Coto designa igualmente unha prominencia no terreo; un monte ou outeiro ou o seu punto máis alto. É un termo prerromano, de raíz *cōtt-*, que pervive como apelativo na lingua común, pero tamén como topónimo. Como tal, abunda en todo o noroeste peninsular (coa forma *cueto* en Asturias e León) e a súa presenza chega a rexistrarse en Valladolid, Badaxoz ou Leiría. No Proxecto Toponimia de Galicia rexístranse máis de cincocentas entradas para o topónimo *Coto* ou os seus derivados, que dan nome fundamentalmente a terras e entidades de poboación.

Como a forma *coto* coincide coa castellanización de *couto* (<lat. CAUTU) hai lugares onde os topónimos *Coto* se transformaron en *Couto* erradamente, ao pensar que se estaba a regaleguizar un topónimo castellanizado.

Á beira da rúa da Chan (antigo camiño da Xabalouca), cortado lateralmente polo camiño das Casas Vellas antigo, localízase **O Coto**. É unha pequena elevación que ten unha altura máxima de douscentos corenta metros sobre o nivel do mar (snm).

► **Lombo, Os Campos do**

Do latín *LUMBU*, *lombo* é un exemplo dos casos existentes na orotoponimia, onde o nome dunha parte do corpo humano ou animal serve para designar, por analoxía, un accidente orográfico, como veremos igualmente co topónimo *Costa*. No caso que nos ocupa, o topónimo *Lombo* aludiría á presenza de pendentes suaves.

Son o conxunto de leiras que temos na marxe esquerda do río de Eifonso unha vez que pasamos o muíño de Abalde en dirección a Moledo. Pertencen, polo tanto, á parroquia de Beade, pero están moi pre-

sentos dentro do acervo toponímico da veciñanza de Bembrive, non só polo feito de que hai quen traballa alí terras, ou polo feito de estaren situados na estrema, senón pola súa visibilidade, xa que Os Campos do Lombo quedan na valgada aos pés da que discorre o río de Eifonso, polo que dende a beira de Bembrive son claramente visibles, apreciándose esa forma de lombeiro.

► Mouteira, A

Procede dunha raíz prerromana MOT- (para resultados *Modia* e formas con *-d-*), MOTT- (para *Mota* e variantes con *-t-*) co significado de 'montículo, prominencia'. A aparición do *-u-* de *Mouteira* pode explicarse como metátese dun iode: MOTIA > moita/mouta. *Mouteira* recóllese no *Diccionario da Real Academia Galega* como sinónimo de *mouta* para referirse a un grupo de plantas que teñen maior altura que as do seu redor. En Navia, unha palabra da mesma raíz, *moutillón*, é o termo empregado para designar os montes de area que se forman pola acción do vento nos areais, é dicir, as coñecidas comunmente como *dunas*.

A Mouteira (Segade) é un pequeno outeiro situado ao final da subida á Mouteira, nome que xa nos indica a situación elevada do punto de destino, e onde a antedita rúa conflúe coas da Viña Grande e Recaré. É o primeiro lugar do barrio de Segade, logo de pasar O Monte Calvario, que pertence aínda ao Mosteiro. Este topónimo aparece en tres ocasións no *Catastro de Ensenada* ligada aos lugares de Recaré, Reiriz e A Parrocha, polo que entendemos que se trata do mesmo topónimo que seguimos empregando na actualidade.

► Outeiriño, O Muíño do

A partir de *Outeiro* mediante o sufixo *-iño* créase o diminutivo *Outeiriño*.

Deste xeito recollemos **O Muíño do Outeiriño** (A Barxiña), pertencente xa a Beade, posto que está na marxe esquerda do río de Eifonso. Podemos velo, á man dereita, cando baixamos pola costa da Gándara, xusto antes de pasar a ponte cara a Bembrive. É un muíño de canle, cuberta no tramo final por catro laxes, e que se atopa, polo menos exteriormente, en bo estado de conservación. Dise del que era moi bo

para moer o centeo e que facía moi bo óleo²⁵. Hai quen lembra como a súa levada era empregada tamén para lavar as tripas do porco na época da matanza.

► Outeiro, O

Asúmese que procede de *ALTARIU*, derivado do latín *ALTU* ‘alto’, malia que non contamos con documentación medieval que certifique esta derivación. Indica a presenza dunha ‘pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión’ aínda que nalgúns lugares, como Saiáns, designa especificamente penedos ou rochas que sobresaen na paisaxe. É un topónimo moi habitual en Galicia, cunhas cincocentas localizacións rexistradas no *Nomenclátor*. Este puido dar orixe ao apelido toponímico *Outeiro* (e os seus derivados: *de Outeiro*, *do Outeiro*) que, malia ser tipicamente galego, aparece maioritariamente (95% dos casos) baixo a forma castellanizada *Otero*.

Barrio da parroquia de Bembrive que abrangue os lugares da Cruz, O Rapadouro, A Ribeira, As Pedrás e, segundo informantes, Mourelle e O Carballal, aínda que estes dous últimos terían categoría eles mesmos de barrio, cos seus respectivos lugares, de atendermos á opinión máis estendida. Sobre un mapa topográfico da parroquia apréciase con claridade a formación á que fai referencia o topónimo. A partir da vagoada do río da Ponte, ao norte, e o río dos Pelames, ao oeste, ascenden as ladeiras do Rapadouro e Os Pelames cara á Cruz para definir un outeiro que na actualidade resulta máis complicado distinguir pola presenza de árbores e construcións, pero que no pasado debeu destacar con claridade na paisaxe. Aparece profusamente no *Catastro de Ensenada*, tanto como nome de terras como lugar de habitación, son oito as casas que no ano 1752 figuran censadas no Outeiro. En canto á forma do topónimo, altermnase continuamente na fala entre a presenza e ausencia de artigo (*O Outeiro* / *Outeiro*), pero na documentación escrita antiga, a forma con artigo é claramente maioritaria.

Atopamos outra entidade de poboación denominada **O Outeiro**, núcleo de casas dispostas ao redor do camiño do Outeiro, situado á man dereita conforme subimos pola rúa da Cruz, que o núcleo central do barrio do mesmo nome.

66 ● 25 ‘Parte máis refinada da fariña’.

► Picouto, O

Sinónimo de *cotarelo*, un *picouto* ou *picoto* é un monte de pouca altura, aínda que podería facer referencia tamén á parte máis elevada e aguda dunha montaña ou incluso a unha rocha que sobresae no alto dun monte. *Picoto* é un derivado de PICO cun sufixo prerromano *-otto*. *Picouto* é unha variante de *Picoto* onde o sufixo se viu interferido polo adxectivo *outo* ('alto'). Procede da raíz prerromana PIC- 'punta', que alterna coa forma de sonora inicial BIC- que dá lugar a palabras como *bico*. Debido ao significado do termo, non é de estrañar que o pico situado máis arriba das Presas do Galleiro se chame **O Picouto**, e **A Chan do Picouto** á grande superficie chaira situada no alto deste.

► Serra, A

Unha *serra* é, en xeografía, unha sucesión de montañas. Recibe o nome pola analogía do perfil que debuxan na paisaxe a concatenación de picos e vales cos instrumentos empregados para cortar, fundamentalmente a madeira (aínda que tamén pedra ou outros materiais) chamados igualmente *serras*, do latín SERRA. Con todo, a súa aparición na toponimia podería estar tamén motivada pola presenza dun serradoiro de madeira, o apelido ou alcume dun propietario, ou proceder do verbo *cerrar*, xa que estamos nunha zona de seseo total. Existiría tamén a posibilidade, aínda que pouco probable, de tratarse dun hidrónimo prerromano, como no caso do río Ser en Cervantes, río da Serra (de Outes), etc.

No Outeiro, entrando polo camiño da Serra, **A Serra** son os campos que nos quedan á man esquerda, aos pés da Fandiña, que son as leiras que temos á dereita. Adóitase empregar o plural *As Serras* e nelas, antigamente, sementábase o trigo. Descoñecemos a motivación deste topónimo, posto que a día de hoxe non se ten coñecemento da presenza dunha serra no lugar, nin o relevo parece explicar a súa orixe. **O Camiño da Serra**, camiño de pé, parte da rúa da Cruz xusto fronte ao camiño do Rapadouro de Arriba e vai paralelo, uns sesenta metros por debaixo, ao camiño da Fandiña.

► Tombo, O

Do latín TUMULU ‘altura; prominencia’, un *tombo* é unha pequena elevación no terreo (E. Rivas Quintas: 2001, en *DdD*, s.v.) aínda que o significado máis coñecido é o de ‘volta sobre si mesmo que dá algo ou alguén, que anda ou está en movemento, ao caer’. Reciben tamén o nome de *tombo* os libros que teñen as igrexas, conventos, mosteiros, municipios e outras comunidades, coas copias dos seus privilexios e das escrituras das súas propiedades. A partir do orotopónimo, *Tombo* converteuse igualmente en apelido, aínda que moi pouco frecuente. Na actualidade, non son máis de cento cincuenta as persoas que o portan en Galicia, case a metade delas censadas en Vigo. Finalmente, non podemos esquecer a posibilidade de que a aparición dun topónimo coma este responda ao alcume ou apelido dun antigo propietario, como ocorre no caso de Bembrive.

Baixando polo camiño do Rebolón dende A Parrocha, **O Tombo** é unha coutada situada á man esquerda, por riba da presa do mesmo nome. Esta coutada pertencía ao Tombo, cura de San Pedro así chamado, propietario tamén, segundo os nosos informantes, doutros terreos na parroquia, na estrema con Lavadores. Era irmán de Federico Estévez, antigo mestre en Bembrive. Posiblemente os dous fosen fillos (ou en todo caso netos ou sobriños) do tamén mestre nacional Manuel Estévez Tombo, falecido en marzo de 1925 aos 78 anos de idade²⁶. Deste xeito, *Tombo* sería un apelido familiar que ao perderse quedou como alcume, cando menos, dalgúns dos descendentes. Este topónimo non aparece nos documentos antigos, o que reforza a teoría da súa orixe antroponímica relativamente recente. Entrando no mesmo camiño do Rebolón, pero dende A Viña Grande, temos a escasos cincuenta metros unha entrada á man dereita para unha vivenda, por riba da que estaba **A Presa do Tombo** (Recaré), que foi desfeita a finais da década de 1980.

► Toutizo, O

É un substantivo común en galego. Provéen dunha raíz prerromana TAUTT-, posiblemente a mesma que deu lugar ao vocábulo *touza* ‘bosque de árbores altas’ (en oposición a *bouza* ‘monte baixo’). Polo tanto,

26 Correo de Galicia, 20 de marzo de 1925, Vigo.

a raíz orixinal tiña unha connotación de prominencia ou elevación, que atopamos nunha das acepcións actuais de *toutizo*: ‘pequena elevación do terreo de pouca extensión’, que tamén pode facer referencia a un ‘terreo de mala calidade, cheo de pedras’ ou ‘terreo sen cultivar que bordea unha leira’. *Toutizo* ten tamén o significado metafórico de ‘parte superior e posterior da cabeza’ e o de ‘persoa que non serve para nada’ que é, posiblemente, o máis coñecido actualmente na zona, o que obriga a aceptar tamén a posibilidade de que o topónimo se orixinase a partir dun alcume de propietario.

Lugar do barrio de Baruxáns, aínda que nalgúns casos é considerado máis ben parte do lugar da Pedra, polo que lle dan o nome de **O Toutizo da Pedra**. Correspóndese co pequeno outeiro que podemos apreciar conforme subimos polo camiño nomeado do Toutizo dende Os Redondos cara á Pedra. Non aparece rexistrado no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados* da parroquia. **O Camiño do Toutizo** é a baixada da estrada de Bembrive á man dereita, uns metros máis adiante da entrada á parroquia dende a rotonda da estrada de Madrid, e que vai paralela á avenida de Madrid pola Torre e O Redondo, ata subir á rotonda do Toutizo, dende onde se pode seguir subindo cara á Pedra.

DESNIVEIS

► Barreira, A

Derivado de *barro* ou ben de *barra*, termos que é posible que compartan a mesma orixe, probablemente prerromana. Pode facer referencia este topónimo a unha zona rica en barro ou ben á presenza dun declive pronunciado no terreo; un *barranco*, acepción coa cal explica Navaza un topónimo idéntico na *Toponimia de Rebordechán*.

Situamos o topónimo dentro da propiedade dos Ferreiros (*O Lugar dos Ferreiros*), no lugar da Penseira, que nomea a zona onde se produce un importante desnivel no terreo. *A Barreira* figura xa no *Catastro de Ensenada* como propiedade de Agustín Costas, veciño do «Carvallal», e rexistrado entre o «Campo da Porta» e «Painseira» polo que é posible que coincida co topónimo actual.

no *Catastro de Ensenada* e no *Libro de afanegados* aparece sempre o singular *A Costa* e *A Costeira* (ademais de *A Costiña* que xa non rexis-tramos na actualidade). Así temos **O Camiño da Costa**, empregado en xeral en plural (**O Camiño das Costas**), nome que tiña o antigo camiño de carro que, vindo das Pedrás, subía á Costa, e que agora chaman *Camiño da Ribeira*.



Parrachón

► **Costal, O**

Vocábulo derivado de *costa* que fai referencia á vertente lateral dun monte. Denomina a ladeira noroeste, oeste e sur do monte situado entre A Chan e O San Cibrán, que ten o seu pico máis alto a trescentos cincuenta e cinco metros sobre o nivel do mar. O picouto atópase en dirección leste dende a intersección do Camiño da Bouzafría coa Rúa do San Cibrán. **O Costal** é, polo tanto, a ladeira de forte pendente (cun 30 % de desnivel) que cae sobre o lugar dos Portugueses, Os Chouzos, A Miragaia e As Cachadas do San Cibrán. É un dos lugares onde a xente do San Cibrán ía recoller carrascos, combustible de gran calidade em-

Mentres noutras zonas de Galicia existe unha diferenza entre as formas masculina e feminina (o chao/a chá), no galego occidental a distinción márcase unicamente co artigo e así atopamos, como ocorre no caso de Bembrive, *O Chan* (aquí no plural *Os Chans*) e *A Chan*, aínda que a toponimia oficial os fíxese desaparecer englobándoos baixo a denominación de *Chans*. Unha auténtica atrocidade, porque sen artigo non se sabe se *Chans* é masculino ou feminino. Esta imposición, así a todo, non é recente, posto que unha veciña do San Cibrán, de máis de oitenta anos de idade, lembra como xa cando ía á escola da Chan lles obrigaban a escribir *Chans*. É un orónimo transparente, que designa a presenza dun terreo sen desniveis, tanto na forma feminina como masculina, malia que no primeiro caso o significado é un pouco máis específico e refírese a un terreo sen desniveis, pero situado a certa altura, no cumio ou na ladeira dun monte.

A Chan é un barrio situado practicamente no centro xeográfico da parroquia. Considérase A do Soriano como o lugar onde comeza o barrio, que se estende cara ao leste ata extremar co de Xestoso, do que o separa o río da Regada ou da Candea. Ao sur limita co San Cibrán e As Remesiñas marcan a súa extrema por poñente co Carballal. O seu núcleo central recibe o mesmo nome e ocupa a chaira existente entre as Remesiñas, que quedan aos seus pés, e o cordón montañoso formado polo Crasto, as Millaradas e o Galleiro que a pecha polo sur. Enténdese que é precisamente esta chaira a que deu nome ao lugar e ao propio barrio.

Cunha altura de douscentos trinta e dous metros, **O Coto da Chan** é o alto que nos queda á man dereita cando ascendemos pola rúa chamada **A Subida a Chans**, logo de tomar a curva que rodea a dos Poréns e xusto antes de saír á rúa da Chan, fronte ao camiño da Candea.

Outros topónimos con *Chan* son **A Coutada da Chan** situada no final do camiño dos Ameales, nas Remesiñas. **A Escola da Chan**, antiga escola, que estaba situada na última casa que hai entrando polo Camiño da Candea dende a rúa da Chan. Foi escola mixta ata que as nenas foron enviadas á escola de Paio. **A Fonte da Chan**, nome co que era coñecida tamén A Fonte da (→) Xabalouca. **Os Chans**, lugar do barrio da Chan que comeza na curva da Xabalouca e se estende a un lado e outro da rúa do San Cibrán ata extremar con estoutro barrio no coñecido como **O Cruce dos Chans**. A chaira semicircular (aínda que cunha lixeira inclinación cara a poñente) que aparece á man dereita

dous casos estamos ante un orotopónimo que describe unha concavidade na paisaxe.

Ademais recollemos topónimos compostos en que Cova cumpre a función de modificador, como **O Cocho da Cova** (O San Cibrán), situado por debaixo da Casa de Augas, polo que este antigo cocho é na actualidade un terreo a monte. **O Camiño da Cova** (Mourelle) que parte á man dereita da estrada de Bembrive en dirección a Beade, uns douscentos cincuenta metros antes de cruzar o río de Eifonso. Se baixamos este camiño, xusto antes de que remate, tomamos a entrada que aparece á man dereita, e seguimos uns cento vinte metros en liña recta, primeiro pola pista asfaltada e logo por un camiño terreño atoparemos **A Presa da Cova** (Mourelle), que recolle a auga que baixa dende A Fonte da Raíña. O río de Eifonso ao seu paso pola Cova denomínase **O Río da Cova**.

O Muíño da Cova (Moledo – Beade), construción de dúas rodas situado na marxe dereita do Río da Cova, que marca a estrema de Bembrive con Beade e Sárdoma. Deste muíño parte tamén, en dirección oeste, o camiño que representa a liña divisoria entre estas dúas últimas parroquias e que se prolonga, logo de cruzar o camiño da Brea, no camiño de subida ás Relfas. No tramo inicial do camiño, pouco máis arriba do muíño, temos **A Fonte da Cova**³¹. Aínda que sobre o plano o muíño figure na banda de Bembrive, a veciñanza do barrio de Moledo considera este muíño parte da súa parroquia, non só pola localización, senón polo feito de que a maioría das quendas de moenda neste muíño de herdeiros correspondíalle á xente desa parroquia e outra parte ás xentes de Saa (Beade). Nas escrituras de propiedade aparece nomeado como «muíño de Xan Ribeiros» quen, se entende, debeu ser un dos seus primeiros propietarios. Non aparece ningún muíño con este nome no *Catastro de Ensenada*, pero si un chamado «de Moledo» que se podería corresponder con el (→ A Parroquia).

31 Hai casos en que os mananciais están profundos, por debaixo do nivel do chan, e é necesario cavar unha pequena cova para que poida ser aproveitado. Isto pode levar á aparición dun topónimo do tipo *A Fonte Cova* e pódese estender secundariamente o topónimo *Cova* ou *A Cova* ao lugar onde se atopa.

► Areeira, A

Procedentes do latín *ARENA*, nome dado á *area* empregada no circo (→ Xabre). Os topónimos formados a partir desta voz e os seus derivados son moi frecuentes na toponimia galega: *Arnela*, *Areas*, *Areosa* ou *Areeiro*. Como é evidente, adoitan designar terreos formados por partículas de materiais de tamaño reducido, pero maior que o limo e a arxila. *Areeira/ -o* deriva de *area* mediante o sufixo *-eira* ou *-eiro*. Ademais de estarmos nunha zona con abundante *area* no solo, estes topónimos poden facer referencia tamén ao lugar onde se extrae. Porén, non podemos esquecer que *areira* é un dos nomes comúns da planta rubideira *Hedera helix*, coñecida tamén como *hedra* ou *adreira*.

Terreos situados na marxe esquerda do río da Ponte, xusto na beira oposta ao edificio da SCDR Helios na súa cara leste. Posto que o río é a división natural entre os barrios do Mosteiro e O Outeiro, **A Areeira** pertencería xa a este último. Se pola estrada de Bembrive nos diriximos cara a Beade, **A Areeira de Abaixo** son os terreos que nos quedan á man dereita logo de cruzar o río da Ponte e **A Areeira de Arriba** os que temos á man esquerda, uns metros antes de chegar á rúa da Cruz.

Tanto no *Catastro de Ensenada* como no *Libro de afanegados* non aparece o topónimo *Areeira*, pero si «A Areira», ligado aos lugares de Mourelle e O Outeiro, polo que podíamos estar ante o mesmo lugar ao que nos estamos a referir. Neste caso, gaña forza a hipótese de que proceda do latín *HEDERARIA* (> *areira*) e, polo tanto, o topónimo estaría motivado pola abundancia de hedra. A duplicación do *-e-* sería posterior, debida á confusión co termo *area*. En calquera caso, o topónimo «A Areira» do *Catastro de Ensenada* tamén podería ser un erro gráfico por A Areeira.

► Areeiro, O (Segade)

Na fala disimílase o *-e-* e resulta a forma *O Arieiro*, a máis escoitada. Agora ben, na escrita aconséllase o uso de *O Areeiro* por ser á máis fiel á etimoloxía da palabra, da que neste caso non hai dúbida, procede do latín *ARENA*. Pode deberse, polo tanto, a súa presenza ao feito de estarmos nun terreo moi areento ou onde se extraía *area*.

Na parte máis alta da Parrocha, **O Areeiro** é o monte onde se construíu o hospital do Meixoeiro. O topónimo Meixoeiro corresponde en

Da **Mina do Areeiro** (O Areeiro) partía un rego de auga que baixaba cara ao Meixoeiro. Estaba no lugar que agora ocupa o CIFP Manuel Antonio, polo tanto, en terreos pertencentes a Lavadores.

► **Pedra, A / Pedras, As / Pedrás, As**

Procede do latín *PETRA* ‘rocha’. O substantivo *pedra* e os seus derivados teñen tamén unha gran presenza na toponimia galega. De feito, no *Nomenclátor de Galicia* figuran máis de cincocentas entidades de poboación que teñen o substantivo *pedra* ou un derivado seu no seu nome, sen contar as variantes con *pero-* ou *pera-*. No caso da toponimia menor, da que Bembrive é un exemplo, a súa riqueza tamén é destacable.

No barrio de Baruxáns, a forma do topónimo en singular e en plural designan terreos diferentes. **A Pedra** é o lugar que se estende dende a rotonda do Toutizo ata Segade, marcando a estrema con este barrio; e **As Pedras** son un pequeno terreo aos pés do lugar de Filomena a Camiñada, que corresponde á casa que está, á man dereita, entre as dúas curvas que describe a rúa de Xeme uns metros despois de partir do Cacheno.

O topónimo *A Pedra*, en singular, non aparece no *Catastro de Ensenada* pero si no *Libro de afanegados*, en que figura ademais como lugar de habitación de cando menos tres familias e que presumiblemente coincide, atendendo aos outros topónimos que o acompañan, co de Baruxáns.

A Cruz de Pedra, no San Cibrán, designa un terreo no monte, por riba da Pedra da Besta.

En Xestoso, recibe o nome de **A Regada das Pedras** a coutada situada por riba do grupo de casas de Esparramán. Trátase dun conxunto de leiras situadas a continuación, cara ao norte, das da Regada, por debaixo do lugar das casas que dan á rúa de Xestoso, aproximadamente entre os números 51 e 57 e que se estenden cara a abaixo, ao oeste, ata o valado que as separa do Xalón.

Pedrás ha de ser un plural de *pedral*, que corresponden ao latín *PETRALE*, colectivo de *PETRA* ‘pedra’. Co tempo, podemos presumir que se deixou de interpretar o *-ás* como plural de *-al* e iso levou a que se creasen novos morfemas de plural. Así apareceron formas como *Pedras* (ao igual que *Carballases* en Beade) ou outras en que se soldou o

AS PEDRAS CON NOME DE SEU

Para non crear unha entrada específica para cada un dos casos, recollemos baixo este epígrafe todos os nomes de pedras que conseguimos recoller na parroquia. Calquera pedra destacada na paisaxe, ben polo seu tamaño, a súa forma, a súa situación, etc., é susceptible de ser empregada como referencia para localizar unha posición, marcar unha estrema ou simplemente para orientarse, o que levará a que sexa nomeada para poder referirse a ela. Noutros casos o nome dásele simplemente porque é un lugar empregado para o xogo ou porque a súa forma esperta a imaxinación e créanse lendas asociadas a ela.

► Pedra Cabalaria, A (O San Cibrán)

O nome fai referencia á existencia dunha pedra *encabalgada*, montada enriba doutra. É un derivado de *cabalo* (lat. *CABALLU*). A terminación *-aria* pon de manifesto que *cabalaria* non é palabra patrimonial. Pode ser que esteamos ante a alteración dun antigo *A Pedra Cabalar*.

Existe unha discrepancia respecto á situación deste topónimo, aínda que sabemos que está no San Cibrán. Por unha banda, hai quen afirma que **A Pedra Cabalaria**, lugar que recorda por ter ido a cazar toxo, se atopa preto do Mercantil, na estrema con Cela, alí onde hai unhas pedras encabalgadas. Corresponderíase este lugar co que recollemos como O Coto da Madorra. Pero hai quen³⁴ a sitúa esta, nunha zona que vén dada pola presenza dun complexo pétreo formado por un gran penedo disposto enriba doutro (en realidade, unha antiga masa granítica única fendida transversalmente por efecto da erosión), na estrema con Beade, uns metros máis abaixo das antenas de telefonía. Dise que nesta pedra había unha caixa do correo onde a xente deixaba mensaxes. Por extensión, recibe o nome de A Pedra Cabalaria non só a propia pedra, senón a zona do monte onde se atopa situada. No *Catastro de Ensenada* «A Cavalaria» aparece catalogado como monte común.

34 Coincide ademais co topónimo *A Pedra Cabalaria* recollido na parroquia de Beade (*Toponimia de Beade*).

O xeito máis sinxelo de atopar **A Pedra da Besta** de Bembrive, no San Cibrán, é entrar pola pista da Fraga dende a estrada das Plantas, á altura do campo de fútbol, e percorrer uns novecentos metros por ela. Distinguirémola, sen dubida, á man esquerda, pouco antes de chegar á Coutada das Señoras, dende a que parte o desvío, á man dereita, para baixar ata As Valadiñas.



besta

► **Pedra da Moura, A**

Mouro podería proceder do latín MAURUS 'de cor escura', malia que hai autores como Benozzo que supoñen unha orixe céltica, co significado de 'morto' ou 'ser sobrenatural'. *Mouros* e *mouras* son, na mitoloxía popular, os poboadores prehistóricos da nosa terra, polo que é habitual que apareza o seu nome asociado a topónimos que denominan restos megalíticos ou outros vestixios arqueolóxicos, tal como afirma Navaza na *Toponimia de Catoira* (2007a: 81). Concíbense xeralmente como gardiáns de grandes tesouros, aos que resulta sempre imposible acceder. Na **Pedra da Moura** (A Pereiriña) na actualidade só

sempre sen artigo apunta á hipótese de que procede dun alcume ou, máis probablemente, dun apelido.

► Penedo do Ouro, O

Malia que a orixe do primeiro termo do topónimo está clara (→ Penedo) o segundo resulta máis complicado. Pode que faga referencia ao ouro (lat. *AURU*), pero sen máis información descoñecemos a motivación, ou se ten outra orixe. **O Penedo do Ouro** ou O Moxón do Ouro (O Areeiro), como tamén é chamado, aínda que *moxón* non é máis que a adaptación fonética do castelán *mojón*, pois en galego esperárase *mollón*, é descrito por persoas de certa idade como un gran penedo cunhas vetas brancas que se atopaba na zona que actualmente ocupa a residencia de maiores de Bembrive, en concreto na altura da rotonda anterior. Hai quen lembra como alí ían buscar de rapaces o chumbo dos cartuchos disparados na prácticas polos soldados da polvoreira para vendelo.

Porén hai quen coñece como O Penedo do Ouro unha grande anta duns dous metros de alto que se atopa dentro das instalacións do IES Carlos Casares (Instituto do Meixoeiro), no extremo sur do seu peche do perímetro. Este penedo marcaba a estrema coas veciñas parroquias de Cabral e Lavadores (actualmente situada na rotonda antedita) e, de feito, aparece nomeado xa no *Catastro de Ensenada* da primeira parroquia cando se dá conta dos seus límites: «y a la Fuente Obscura de la qual demarcando con santa Cristina prosigue al Moxón da Cova do Ouro y de este partiendo con santiago de Bembrive al marco nombrado Coto de Zerdeira y limitando con San Martin de Tameiga...». Polo tanto, a forma antiga do topónimo era «A Cova do Ouro». Este tipo de topónimos en que se fai referencia ao ouro adoitan estar relacionados con xacementos arqueolóxicos e as lendas asociadas a eles de tesouros e mouros ou mouras que os custodiaban. Podería darse tamén aquí o caso, posto que estamos moi preto do Castro do Areeiro.

► Penedo, O

Derivado do latín *PINNA* mediante o sufixo *ETU* > *-edo*, propio dos colectivos. En orixe *penedo* sería, polo tanto, un colectivo de penas, pero pasou a aplicarse a unha pena grande.

que descoñecemos a localización, e outra como «o penedo o a gandariña» que o sitúa polo tanto na Gandariña, correspondente á parte alta da actual *rúa Paz Pardo* e deste xeito, ao norte do colexio Montecastello, estremando con Seiróns e A Cardadeira, da Parrocha, localización coincidente coa proporcionada hoxe en día por unha informante.

► **Seixal, O / Seixiños**

A partir de *Seixo* (→ Seixo Branco, O) créase o abundancial *Seixal* e o diminutivo *Seixiños*, habituais na toponimia galega.

Entrando pola costa da Peteta dende A Ponte de Moledo, logo de pasar a entrada para a Fonte da Sidra, **O Seixal** ou **Seixiños** (a denominación varía segundo o informante) é o terreo coa última casa que nos queda en fronte, á man dereita (cara a poñente).

► **Seixo Branco, O**

O termo *seixo* procede do latín *SAXU* ‘rocha, pedra’. Como apelativo, continúa sendo un termo usual, co significado de ‘pedra dura de pequeno tamaño, que a erosión tornou lisa e arredondada’, ou ben ‘tipo de rocha xeralmente branca e moi dura’ posto que adquiriu tamén a función específica de designar a pedra de cuarzo.

Se seguimos o nacemento do río de Eifonso augas abaixo, unha vez cruzamos a pista da Fraga, **O Seixo Branco** (O San Cibrán) é a zona que nos queda a medio camiño antes de chegar ao punto onde a pista das Valadiñas describe o seu xiro de 180°. De feito, podemos chegar tamén ao Seixo Branco dun xeito máis cómodo, dende un dos ramais que en dirección sueste parten da devandita curva da pista. Malia que hai un veciño con coutadas na zona que nos daba conta da presenza dunha pedra grande de seixo branco, desaparecida uns anos atrás, outra veciña de similar idade non recordaba ningunha pedra singular na zona. O que si continúa existindo é unha gran cantidade de pequenos seixos brancos dispersos no chan desta ladeira que pertence á cunca alta do río de Eifonso. Aquí atópase un dos mananciais aproveitados pola comunidade de augas do San Cibrán. O topónimo *O Seixo Blanco* non aparece no *Catastro de Ensenada*, pero si no *Libro de afanegados*, que rexistra ademais a forma «Seijo Blanco».



Cristo Cacheno



► Cantón, O

Derivado de *canto* 'extremidade, lado' ou 'punta, esquina, saínte anguloso' que procede do latín *CANTUS* 'lamia; lámina de metal nunha roda' que Corominas (1980–1992, vol. I: 52) considera voz de orixe estranxeira no latín, quizais céltica. Nas cidades, o *cantón* é o lugar onde se reúnen as persoas para pasear, falar etc. Adoita ser unha beirarrúa ancha e resgardada por casas, situada nun punto céntrico (*DdD*). *Cantón* é tamén un apelido, aínda que de escasa presenza tanto en Vigo, onde só é compartido por unha ducia de persoas, como en xeral en toda Galicia (170).

Nas escrituras figura con este nome o terreo onde se atopan construídas as dúas últimas casas da marxe dereita do camiño do Toutizo, en Baruxáns. Pero non o principal, senón o ramal cego perpendicular a el e situado uns metros por debaixo da rotonda do Toutizo, á man esquerda, que discorre case paralelo á estrada de Bembrive. Ao sur e ao oeste O Cantón foi cortado polo trazado da avenida de Madrid. Non atopamos o topónimo no *Catastro de Ensenada* pero si no *Libro de afanegados*, como terreo de labradío.

No San Cibrán, **Os Cantóns** eran os campos situados na parte alta entre A Cachada e Os Cercados.

► Cordón, O

Un *cordón* é unha 'corda delgada, de material fino' polo que, por similitude, o topónimo *Cordón* se pode empregar para designar unha leira longa e estreita, aínda que podería facer referencia tamén á presenza dun *cordón* de viña (unha ringleira de vides fronte a outra, unidas cun emparrado). *Cordón* é un derivado de *corda*, voz patrimonial de orixe latina (*CHORDA*), que en latín era un préstamo do grego.

No Outeiro, subindo pola rúa da Cruz, ao pasar a entrada para o Camiño da Ribeira e a casa que fai esquina con el, temos un sendeiro á man esquerda. Entrando por el, a uns escasos vinte metros, poderemos observar á man dereita unha viña estreita e longa que non nos custará recoñecer como **O Cordón**.

► **Esquinas, As**

Na lingua común *esquina* é a ‘parte saínte ou entrante que forman dúas liñas ou superficies que se cortan’, polo que na toponimia fará referencia a un terreo que destaque por ter esta forma. Do gótico *SKINA*.

No Outeiro, subindo pola rúa da Cruz atopamos á man dereita en fronte do Lavadouro da Fame **O Camiño das Esquinas** que dá acceso ás **Esquinas**, campos que nos quedan á man dereita logo de pasar a única casa que hai na entrada, e que bordea por debaixo As Cerdeiras. Malia que *in situ* pode que non resulte tan evidente, sobre fotografía aérea apréciase claramente a forma case triangular (tres esquinas) deste polígono de terras.

Xusto por debaixo da Presa da Bouzafría, está **O Cocho das Tres Esquinas** (A Bouzafría), pequeno terreo (como o nome de *cocho* xa indica) de forma triangular. Topónimo totalmente transparente.

► **Fanada, A**

Fanada dise da persoa que perdeu un membro, polo que en sentido figurado podería aplicarse o termo a unha propiedade á que se lle quitou unha parte, polo que tería un significado equivalente ao de *cache-no*. Tamén poderíamos estar ante o uso de *Fanada* como alcume, e que *A Fanada* fose ‘A do Fanado’ ou ‘A da Fanada’.

Núcleo de leiras, cun grupo de vivendas ao sur e ao leste, enclavadas entre a antiga reitoral, a subida a Miraflores e as rúas Soaxeira e Mandín. É un topónimo que aparece xa no *Catastro de Ensenada* (1752), aínda que nunha única ocasión, como propiedade de Gabriel de Castro. Preto dun século despois a súa presenza supera a ducia de entradas no *Libro de afanegados* (1846), o que se puido deber ás divisións da propiedade dos Castro. Non obstante, polo menos un dos casos refírese a unha propiedade situada noutra localización que na actualidade xa non atopamos: «a Fanada en la Chan». **O Camiño da Fanada** é o camiño de pés que parte da intersección entre a subida a Miraflores e o camiño da Soaxeira, fronte ao camiño do Cocho do Muíño. Dá servizo ás leiras da Fanada, morrendo na propiedade que estrema na esquina suroeste coa antiga reitoral.

► **Franxa, A**

Non sabemos se é o substantivo común *franja* ‘lista, tira, banda longa e estreita’, paralelo do castelán *franja* e tomadas do francés *frange*, que en última instancia deriva do verbo latino *FRANGERE*. Pero o galego tamén ten na toponimia as formas *Franxa*, *Franxo* (este último tamén é apelido, coa forma «Franjo»), que non parecen ter relación co substantivo *franja* (pero quizais tamén remontan ao latín *FRANGERE*).

Coutadas situadas por riba da capela do San Cibrán, á altura das Crebadas. Tal como nos dicía unha informante: «(temos) dun lado as Crebadas e doutro as Franxas». Polo feito de ser varias coutadas baixo o mesmo topónimo adóitase empregar, como vemos nesta cita, o nome en plural **As Franxas**.

No *Catastro de Ensenada* aparece sempre (agás nunha das sete propiedades rexistradas) o singular *A Franxa*, ao igual que no *Libro de afanegados*. Este último documento trae ademais ata os nosos días unha gran cantidade de topónimos que se atopaban dentro da Franxa pero que xa non existen, ou non fomos quen de recoller, na actualidade: «coutada grande na franxa», «debesa en la franxa», «a devesa nova en la franxa», «campo grande en la franxa», «el abeleiral en la franxa», «souto vello en la franxa ou «rega da franxa». Resulta curioso tamén que topónimos como A Penirosa e Piñeirós, a día de hoxe entendidos como identificadores de localizacións independentes, se entendían daquela integrados na Franxa, polo que, nomeaban unha grande extensión: «pinal de Peneirosa o Piñeirós en la franxa», «Piñeirós en la franxa», aínda que no *Catastro de Ensenada*, cen anos antes, figuraban como independentes.

► **Gancho, O**

Refírese, posiblemente, á presenza dalgún gancho ‘instrumento de metal ou madeira rematado en curva por un ou polos dous extremos’ nesa zona, ou á forma do terreo no momento en que se nomeou así, hai máis de 250 anos, pois xa aparece en *Ensenada*.

As coutadas están ao redor do Pozo do Gancho, pódese chegar a elas continuando polo camiño de Esparramán, unha vez pasada a presa, ou ben subindo polo camiño do Pazo, tomando na bifurcación o ramal da esquerda e entrando polo sendeiro pegado ao peche da casa

Coñecido tamén como **O Muíño do Matías** (ou de Matías). Está na marxe esquerda do río de Eifonso, uns metros abaixo do Muíño da Portela, en terras de Beade. Baixando todo recto polo camiño da Cova (Mourelle), atopámolo fronte ás leiras do Cu da Viña. Podemos chegar a el cruzando o río pola pontella que hai nos Pereiros, aínda que o camiño de acceso baixa pola Gándara de Beade. Uns trescentos metros máis abaixo, na mesma banda esquerda do río (parroquia de Beade), temos os muíños de Dornelas e Acevedo, en estado de ruína, que nos quedan a medio camiño antes de chegar ao seguinte muíño de Bembrive que será O Muíño do Outeiro.

► **Novelos**

O termo *novelo* é un diminutivo plural de *novo*. O sufixo *-elo* (lat. *-ELLU*) indica que o topónimo é antigo, posiblemente anterior ao século XII, xa que no XIII era *-iño* a forma empregada para crear novos diminutivos. Debe proceder dun antigo topónimo *Campos Novelos*, *Eidos Novelos* ou algún semellante, onde se perdeu o substantivo inicial.

Novelos é o núcleo de vivendas e algunha leira que se distribúen ao longo da rúa do mesmo nome, dende o seu comezo ata **A Fonte de Novelos**, onde se entende que xa comeza Mandín. Considérase, en xeral, que é un dos lugares que pertencen ao Mosteiro. No *Catastro de Ensenada* aparece xa o topónimo Novelos, o que confirma a súa orixe anterior ao século XVIII. Era nome, en xeral, de leiras e contaba tan só con dúas vivendas, fronte ás doce que había en Mandín. **O Camiño de Novelos** sobe do Mosteiro e xira á man dereita, cara ao leste, para ir unirse á rúa de Mandín á altura da Reitoral. Se entramos nel dende Mandín, atópase a fonte a uns douscentos metros á man esquerda, por debaixo do nivel da estrada.

► **Oeste, Lugar do**

Punto cardinal por onde se pon o sol, o poñente. Préstamo relativamente recente, do francés *ouest*, procedente, á súa vez, do inglés antigo *west*.

Nas escrituras aparece como **Lugar do Oeste** (sen artigo, forma estraña na fala) o coñecido a día de hoxe como O Lugar da Grande,

O MONTE E O SEU APROVEITAMENTO

O vocábulo *monte* fai referencia a unha elevación importante do terreo, pero tamén se emprega para nomear os terreos cubertos de vexetación espontánea como toxos, fentos, silvas, arbustos etc., que pode estar ou non poboado de árbores.

O monte é unha peza clave no sistema agrario tradicional galego. Recóllese o estrume (toxos, carqueixas, fentos, herba etc.) co que se estra a corte para, xunto cos excrementos dos animais, formar o esterco.

O monte era empregado tamén para levar a pastar o gando³⁷, para recoller froitos, combustible (como as carrascas, garabullos e logo a pluma dos piñeiros), para obter madeira para múltiples construcións ou para abastecerse de plantas medicinais. Xunto a isto, o monte representa ademais unha riqueza en termos de «terras de reserva», empregadas para cultivar nas épocas en que a presión demográfica era tan forte que non chegaban as terras de cultivo habituais para garantir a mantenza de toda a poboación.

Este aproveitamento truncado de xeito importante polo «Plan Nacional de Repoblación Forestal» de mediados do século XIX agravárase no século XX, os incendios forestais comezan a ser un problema para os recursos forestais» (ibídem). Este proceso de expulsión dos usos tradicionais do monte en favor do monocultivo forestal, en Bembrive³⁸.

Este intensivo aproveitamento obrigou a ter que nomear tamén o monte e todos os seus recunchos. Porén, o abandono do seu uso fai que na actualidade se conserven moi poucos destes topónimos. En xeral, tan só os que indican a pertenza do monte a un determinado núcleo de poboación (*O Monte do San Cibrán, O Monte da Pedrosa* etc.)³⁹ ou

37 Na fala, as persoas de máis idade adoitan empregar a forma gado.

38 Na memoria da veciñanza de maior idade está claro o recordo de como o inicio das plantacións máis recentes, iniciadas aquí pola Entidade Menor, supuxeron o final dos aproveitamentos que ata ese momento ían facendo do monte. Unha memoria contrastable con documentos, como o acordo da sesión da Entidade do 08/06/1950 que decidía o seguinte: “Acórdase prohibir o pastoreo a toda clase de gando e o aproveitamento do esquilmo en toda parcela que fose sementada hai menos de tres anos” (traducido do castelán).

39 Nestes casos claramente *monte* non ten un sentido orográfico, senón que se refire á parte de monte, entendido como terreo poboado de mato, en ocasións arborado, que se considera que pertence a ese barrio.

TERREOS GAÑADOS AO MONTE PARA O CULTIVO

► Cachada, A / Cachadas, As

Participio do verbo *cachar*, procedente do latín *CASCULARE* ‘romper’. Fai referencia á *rotura* do monte, á eliminación da vexetación e preparado da terra para o seu cultivo.

No Calvario, hai unha pequena tira de terra que conserva este nome, situada na subida ao Monte do Calvario, á man esquerda, uns cincuenta metros máis adiante da entrada ao camiño da Garabulla.

A Cachada ou **As Cachadas**, no San Cibrán, son un exemplo de recuperación por parte do monte dos terreos que lle foran arrincados. Nos últimos tempos foran campos, distribuídos en socalcos; ata catorce tiña unha propiedade, pero na actualidade están cubertos de vexetación arbórea. Están situadas entre o camiño da Fonte Seca e o camiño do Medio. Se nos diriximos pola rúa do San Cibrán cara á capela, quedarannos á man esquerda, unha vez pasada a segunda subida á Miragaia. Propiedades co nome de *A Cachada* non aparecen no *Catastro de Ensenada*, pero si no *Libro de afanegados*, concretamente unha situada no San Cibrán, que entendemos que corresponde a esta que recollemos na actualidade. Aparece citada tamén *A Cachada* na Xesteira, pero neste caso si que non podemos seguir o seu rastro no presente, e unha «Cabadías de Abajo o Cachadas» que pon de relevo o equivalente destes dous termos. Posto que o uso de *Cavada* se rexistra, como veremos a continuación, no *Catastro de Ensenada* e o de *Cachada* non, pode deducirse que este último naceu seguramente a finais do século XVIII ou ao longo do XIX e, en consecuencia, os que conteñen *Cavada* son posiblemente anteriores.

► Cavada, A

Participio do verbo *cavar* ‘remover a terra facendo sucos ou profundar para abrir cavidades’. Do latín *CAVARE*.

Subindo pola Costa da Peteta dende A Ponte de Moledo, uns sesenta metros despois de pasar a entrada para a Fonte da Sidra, **A Cavada** (Baruxáns) son os terreos, actualmente incultos, que atopamos á man

► **Revolta, A**

En moitos casos o topónimo *Revolta* vén dado pola presenza dun camiño ou ben dun río que describen unha curva tan pronunciada (unha revolta) que acaba por marcar o nome do lugar. Pero, tal como recollía Eladio Rodríguez, *revolta* ten tamén a acepción de ‘terreno de monte onde se planta o trigo que se sementa na revolta; trigo da revolta’ (Eladio Rodríguez: 1958–1961, en *DdD*, s.v.), polo que outros topónimos poden ter esta orixe relacionada co aproveitamento do monte. Debemos aclarar que non só se aplicaría o termo ao trigo, senón que podemos ter *millo de revolta*, *nabos de revolta* etc. En definitiva, aquel cultivo que se plantase de segunda volta, logo de recollido o cultivo principal. Este modo intensivo de aproveitamento das terras gañadas ao monte, fronte ao modelo de barbeito, en que logo dunha colleita a terra se deixa descansar un tempo ata a colleita seguinte, é o que caracteriza as que serían chamadas terras de revolta ou terras da revolta (Navaza, 2007a: 52).

No documento dun foro do ano 1314, pertencente á colección diplomática de Santa María de Oseira, apréciase a diferenciación que se realizaba entre as terras de barbeito e de revolta en relación coa súa produtividade, ao esixir un pago menor para estas últimas: « [...] et terça de todo grao et de legumea et de nabal se for de barbeyto, et se for de **revolta** daredes quarta et terça de cebolas se as y over,[...] »⁴⁰.

Na actualidade o lugar chamado **A Revolta**, en Segade, abrangue o grupo de casas situadas por riba do **Camiño da Revolta**, o propio camiño e a franxa de terreo comprendida entre el e a Rúa de Recaré. O topónimo atopámolo tanto no *Catastro de Ensenada* coa forma *Rebolta* como no *Libro de afanegados*. **O Lavadouro da Revolta** estaba no final do actual **Camiño da Revolta**, onde había unha mina e unha fonte, situada agora uns cincuenta metros ao suroeste, contra o muro da primeira vivenda que queda na illa que forma a avenida de Madrid coa rúa de Recaré. Lembra un veciño como as mulleres do lugar que traballaban polo día na industria viñan lavar aquí de noite.

40 Romaní Martínez, Miguel (ed.), 1989, 1989, 1993. *La colección diplomática de Santa María de Oseira* (1025-1310). 3 vols. Santiago: Tórculo Edicións.

De xeito semellante ao que ocorre coa Senra, o topónimo *As Vesadas* aparece unhas poucas veces no *Catastro de Ensenada* (unha como «Campo das Besadas» e outra como «Besadas») pero ao redor de en vinte ocasións no *Libro de afanegados*. Vemos como nun período de case cen anos se incrementou notablemente o número de propiedades de revolta e especialmente senras e vesadas e, polo tanto, a cantidade de terra gañada ao monte para o cultivo fundamentalmente de cereal.

Así a todo, non é a do *Catastro de Ensenada* a primeira cita das *Vesadas* que atopamos, xa que figuran no testamento de Don Antonio Mendez de Gondar y Sotomayor (→ Recaré): «Esta viña nombrada das Besadas con todos sus arboles que tiene alrededor que parte de una parte con congostra que ba para el lugar de Mandin, y de la otra parte con viña que tiene el Capitan Pedro de Puga y entesta con campo que se dice dos pozos que es mio propio».

A TERRA CULTIVADA: AGROTOPÓNIMOS

Abrangue os topónimos que teñen a súa orixe en termos relacionados, dun ou outro xeito, coa actividade agrícola.

► Agreira, A

Posible derivado, aínda que estraño, de *agra*, forma colectiva que se refire a un conxunto de *agros*; terras de labor. A voz *agro* procede do latín *AGRU*. Mentres en moitas linguas románicas non sobreviviu a raíz *agr-* mais que en cultismos (por exemplo: *agricultura* ou *agrícola* no castelán), no noroeste peninsular mantívose plenamente viva. Ese proceso de substitución estámolo a vivir na actualidade cando, no noso contorno, a forma *agro* apenas é empregada xa, sendo suplantada, ao igual que outros termos como *leira* ou *veiga*, polo xenérico *campo*.

O pequeno conxunto de leiras ás que se accede polo lateral da casa antiga situada por riba da Fonte da Devesa é **A Agreira**. Estrema por poñente coa Serra. O topónimo *A Agreira* aparece no *Catastro de Ensenada*, aínda que como propiedade dunha veciña de Paio, polo que é moi posible que non coincida coa actual.

dereita do camiño dos Ameales e a situada do outro lado do camiño, fronte a elas. Estrema, polo tanto, ao leste coas Remesiñas, na parte alta ao sur coa Loria e ao norte co Campo Grande e na parte baixa ao sur e oeste co Cortiñelo e ao norte cos Ameales, dos cales forma parte.

▶ **Campo do Balón, O**

Do latín *CAMPU*, que referíase a terreos chans e abertos. Hoxe en día ten asimilado na fala común o significado de *agro* ou *leira*. Os topónimos que recollemos con este termo son todos compostos: núcleo (*campo*) e modificadores.

Deste xeito, temos **O Campo do Balón**, que recibe este nome porque era o campo de fútbol que empregaban os nenos da escola antiga da Chan para xogar, polo que é un topónimo moi recente, do século xx. En calquera caso, anterior á divulgación do termo *fútbol*, polo que se ve, pois os nenos non ían «xogar ao fútbol» alí, senón «xogar ao balón». Na actualidade está alí situado o merendeiro do Pouso, pertence ao monte do Galleiro.

O Campo Grande está no polígono de leiras situadas dentro dos Ameales por riba do camiño do mesmo nome (camiño Ameirais nos rótulos oficiais), entre a casa do comezo e a que atopamos uns cen metros máis adiante, que pertence xa ao Campiño. Queda por debaixo das Remesiñas, das que o separa un valado natural polo norte e por nascente.

Nos Chans temos tamén **O Campo Grande** conxunto de leiras, agora dedicadas maioritariamente a pasto para cabalos, que temos por debaixo da Rúa da Chan, xusto antes de chegar ao Lugar de Isabel (casa anterior á fonte da Xabalouca, en dirección dende O San Cibrán á Chan), dentro dos Chans de Abaixo. Recibe indistintamente o nome de O Campo Grande ou O Cocho Grande, o que amosa a certa equivalencia adquirida entre ambos termos. «O Campo Grande» aparece tanto no *Catastro de Ensenada* como no *Libro de afeñados*, malia que neste último se localizan algunhas propiedades así nomeadas na Franxa e na Fraga, onde xa non o recollemos na actualidade, dedicados a carballos ou «dehesa».

O Campo Grande de Segade, como o seu nome indica, era unha leira de certas dimensións, agora non cultivada, situada xusto na entrada do camiño dos Tisoureiros á man esquerda, e que se estende cara ao leste ata testar con eles.

Seguindo a mesma estrutura morfosintáctica documentamos: **O Campo do Medio**, último campo, normalmente sementado de millo na actualidade, situado ao final do camiño de subida ao Carballal (Camiño do Cocho), á man esquerda, antes de que o camiño describa unha curva de noventa graos para rodear o Lugar de Regueiriños. Esténdese cara ao norte por riba do Roupeiro. Este topónimo témolo en cinco ocasións no *Catastro de Ensenada*, aínda que non podemos asegurar que se corresponda co actual.

E tamén recollemos **O Campo Negro**, terreo actualmente a monte situado por debaixo da dos Portugueses, nos Chans. Non aparece ningún *Campo Negro* no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*, en que, pola contra, si figura unha propiedade chamada «Cepo Negro o Chans», topónimo que non recollemos na actualidade. Descoñecemos se fan referencia ao mesmo lugar.

► **Cancela, A**

Voz plenamente viva na fala que designa a porta, xeralmente de madeira, aínda que tamén de barrote, que pecha o acceso a unha propiedade. Deriva do latín tardío *CANCELLA*. Na entrada deste termo no seu dicionario, Eladio Rodríguez (1958) incluía un comentario etnográfico sobre as cancelas, a crenza de que antigamente se reunían as almas dos defuntos xunto a elas e por iso non se debían pechar con violencia, para non mancar os espíritos vidos do máis alá.

Documentamos dous lugares **A Cancela**: o primeiro un conxunto de leiras que, na rúa de Mandín, temos á man dereita conforme nos diriximos aos Freires, xusto antes do pequeno grupiño de casas situadas na curva onde entra o camiño de Novelos. Dende a Presa dos Estripeirales, localizada na súa cabeceira, baixa un rego que marca o límite da Cancela por poñente e a separa das devanditas casas. Este rego irá a unirse no estremo do Cocho Longo co Rego de Pontecela, logo de ter recollido as augas da Fonte de Novelos. E o segundo un terreo en Segade de Arriba ao que se accede pola mesma entrada que a un salón de peiteado alí situado.

Aparece en media ducia de ocasións «A Canzela» no *Catastro de Ensenada*, así como unha «Regada da Cancela», que entendemos que estaría dentro da Regada de Xestoso, aínda que alí non se conserva

● ● ● ● ● ● ● ● ● ● ● **A Terra**

este microtopónimo na actualidade. No *Libro de afanegados* figura xa grafado con -c- («A Cancela»).

▶ **Cercado, O**

Un *cercado* é un terreo rodeado ou pechado por unha *cerca*, un *valado* ou un *muro*. Aínda que *cercado* pode actuar directamente como sinónimo de *cerca* ‘construción feita con estacas ou outro material coa que se cerra unha propiedade’. Termo de orixe latina correspondente ao participio de *CIRCARE* ‘rodear’.

No San Cibrán designa o terreo situado entre o camiño da Fontese-ca, que lle pasa por riba, e o da Cal, que o fai por debaixo. Na actualidade hai dúas casetas construídas visibles dende O Ripanso. A segunda delas ten o topónimo gravado sobre azulexos na parede. Malia que hoxe en día é terreo a monte, os cercados eran campos cultivados onde se botaba sobre todo millo. O *Cercado* aparece xa no *Catastro de Ensenada*. Esta denominación altrénase actualmente na fala co plural secundario **Os Cercados**, que non o é no topónimo **A Presa dos Cercados**. Esta presa foi feita polas propietarias e propietarios que cultivaban as terras para regalar, coa auga que desviaban dende a regueira que baixa pola Fonte Seca.

▶ **Chantada, A**

Do latín *PLANTATA*, participio *PLANTARE* ‘plantar’. Un topónimo deste tipo fai referencia, probablemente, á existencia dunha plantación dun cultivo determinado. Pero *chantar* ten a acepción tamén de cravar un obxecto nunha superficie, por exemplo unha lousa ou un poste na terra para construír un valado ou marcar unha estrema, significado que quizais podería estar, excepcionalmente, detrás da orixe dalgún topónimo relacionado con *chantar*. En todo caso, igual que ocorría co caso de *Cercado*, podemos seguir considerándoo agrotopónimo por estar intimamente relacionado co agro.

Trátase dun pequeno terreo, agora a monte, encravado na pronunciada curva que describe o camiño da Mandada para volver á subida á Chan.

► Chouso, O

Aínda que alí onde aparece escrito (mapas, rueiro) faino coa grafía *Chouzo* e mesmo moitas e moitos informantes forzan a súa pronuncia con /z/, a forma correcta do topónimo, como do substantivo común do que procede, é *Chouso* posto que o –s–, non se debe ao seseo, senón á propia etimoloxía da palabra. *Chouso* e *chousa* derivan, respectivamente, do latín *CLAUSU* e *CLAUSA* ‘pechado, cerrado’ e designan terreos pechados por valos, sebes etc. Na nosa zona, do galego suroccidental, predominaría, segundo Navaza (2011: 200) a forma masculina, mentres noutras zonas de Galicia é máis habitual atopar o feminino *chousa*.

O Chouso son dous terreos contiguos con cadansúa casa situados na esquina entre o camiño da Regada, ao norte, e o da Chan por nacente; xusto antes de chegar, conforme subimos, á Ponte das Pereiras. Aparece no *Catastro de Ensenada* unha propiedade de Ana de Souto, veciña de Paio, nomeada «Chan do Chouso» que posiblemente se correspondería con esta.

Pouco máis adiante da entrada a Bembrive dende Beade (uns douscentos metros), onde a estrada comeza a debuxar unha curva de cento oitenta graos, **O Chouso** é o terreo de monte que temos a un lado e outro da estrada, antes de chegar a cruzar o río de Eifonso, aquí río de Mourelle. Deste xeito, á man dereita sitúase fronte aos Sorregos, do outro lado do río, e abrangue a faixa de monte que queda entre o curso de auga e un camiño do monte que lle pasa por riba, e á man esquerda esténdese cara o oeste, entre a estrada de Bembrive e o río, ata chegar ao núcleo das dúas primeiras casas que nos atopamos nesta man ao entrar na parroquia. **A Coutada do Chouso** está situada no sur do Chouso, aos pés dos Sorregos pero do outro lado do río e chega ata o camiño do monte.

O Chouso, situado por riba da rúa do San Cibrán, compóñeno antigos campos onde hoxe en día hai xa unha casa e un alpendre construídos, cultivo de vides e froiteiras e algunha leira a poulo. Esténdese cara ao leste ata **O Camiño do Chouso**, co que estrema tamén polo sur e testa ao norte–noroeste coas Cerqueiras. Este camiño parte do da Miragaia, rodea O Chouso e As Cerqueiras por nacente e leva á dos Portugueses, nos Chans.

Na estrema co concello de Mos e a parroquia de Cabral sitúase **O Chouso** (Xestoso), un monte de Bembrive. Ocupado, actualmente, en

parte pola construción dalgunha nave e a autoestrada do Atlántico, atópase ao final do camiño da Feira, onde tamén atopamos **A Coutada do Chouso**, e testa ao sur co Pé da Cerdeira.

No *Catastro de Ensenada* aparece o topónimo *Chouso*, escrito con *-s-* aínda que non en solitario, senón formando parte do sintagma topónimo «Chan do Chouso», que non rexistramos hoxe en día.

Decidimos non incluír aquí o caso de **Chousa**, por tratarse da forma feminina deste topónimo e por só poder confirmar a súa existencia grazas a un testamento do ano 1920, en que aparece unha propiedade denominada «Chousa, nombrado Fraga». Na actualidade o topónimo xa non foi recoñecido por ninguén e a persoa que conserva o testamento descoñece onde se atopa. En todo caso, o normal é que se empregase precedido de artigo na fala.

► **Cochelos, Os**

Aínda que *-iño* é o sufixo habitual de formación de diminutivos desde o século XIII, anteriormente empregábase *-elo* (< lat. *-ELLU*) co mesmo valor, polo que un topónimo con sufixo *-elo*, como o caso de *Cochelo*, é de orixe medieval.

Cando baixamos polo camiño da Cova temos que coller a entrada á man dereita que nos leva ata unha vivenda e seguir uns metros por un camiño de pés para atopar **Os Cochelos**. Dise que este é un nome recente posto pola dona dos terreos. O que non é novo é a presenza do topónimo na parroquia, xa que se rexistra no *Libro de afanegados* de 1846, aínda que correspondente a outra localización, posiblemente no Mosteiro, xa que aparece como Quintán do Cochelo.

► **Cochiño, O**

Tamén rexistramos dous lugares designados coa forma do sufixo moderno *-iño*: **O Cochiño**, terreo inculto por debaixo da primeira casa que temos á man dereita no camiño da Pedrosa; e o outro na Regada de Xestoso, un terreo por debaixo da Palancha, onde hai construída unha casa. Aparece no *Catastro de Ensenada* un «Cochiño da Pedrosa» que, moi probablemente, se podería corresponder co actual. Pero figura tamén un «O Cochiño» que nas dúas ocasións que é citado (unha delas en plural, «Os Cochiños») atopámolo xunto aos Pumares, polo que ta-

mén se podería tratar do segundo caso que presentamos (*O Cochiño de Xestoso*), xa que está situado fronte aos terreos así chamados.

► Cocho, O

Se nos remitimos aos significados recollidos para o substantivo *cocho* no dicionario da Real Academia da Lingua temos, ademais do de ‘porco’, os de ‘ubre da vaca’ e ‘lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais’. Pero dicionarios anteriores como o de Eladio Rodríguez (1958-1961), amósanos outro significado; o de anaco pequeno de terreo dedicado ao cultivo, que é o que, con toda probabilidade, se atopa detrás da maioría de topónimos compostos a partir deste vocábulo e que son tan abundantes non só en Bembrive, senón tamén nas parroquias do redor. De feito, o substantivo *cocho* está moi presente na toponimia de toda a Galicia suroccidental. A orixe do termo non está clara, aínda que Navaza (2007: 97) apunta unha posible procedencia prerromana para os casos en que *cocho* está relacionado con *agochar* ou *agachar*.

Topónimo moi rendible na nosa parroquia e do que recollemos numerosos lugares designados coa forma en singular. En Baruxáns, saíndo dende a rúa do Cacheno á avenida de Madrid, **O Cocho** é o terreo que temos á man esquerda, na esquina estre as dúas vías, onde hai unha casa construída e abrangue tamén a que está a continuación.

Se subimos cara ao Cacheno dende Moledo, uns setenta metros máis arriba da ponte sobre o Eifonso, temos **O Cocho** á man dereita, un gran terreo pechado con muro de pedra e postes, que abrangue terras de labor e o núcleo da casa e construcións anexas. Os seus propietarios contribuíron a manter vivo o topónimo gravándoo tamén no portal. Estrema ao oeste co Muíño Vello, ao sur co Pequeno e ao norte e leste coa estrada.

Seguindo recto polo camiño da Cova (Mourelle), unha vez que a estrada asfaltada xira á esquerda e continúa un camiño de terra, **O Cocho** é a leira que temos á man dereita. Testa por poñente co Cu da Viña e por nacente co camiño que vai ata As Coutadas.

Nas Figueiras é o terreo, onde se atopa a primeira casa que veremos á man esquerda baixando polo camiño dos Freires, logo de pasar A Presa das Figueiras.

Subindo polo camiño da Mandada e collendo o camiño terreño á man esquerda que atopamos uns metros máis arriba do camiño da Devesa, pegado ao peche dunha casa, o primeiro campo que temos á man esquerda é A Mandada e o seguinte, diante da curva do camiño, é **O Cocho**. Por debaixo están As Coutadas e aos seus pés o camiño da Devesa. Do outro lado do camiño, temos A Fonte da Devesa.

Entrando no camiño de Novelos dende Mandín, é o terreo que temos á man esquerda pechado cun muro, onde actualmente hai unha casa. Prolóngase cara ao sur abranguendo as leiras, unhas a poulo e outras plantadas con millo, que testan, aos pés, coa Regueira do Abade.

Porén tamén documentamos topónimos coa forma en plural como **Os Cochos** nas Cañoteiras, terreo onde se atopa a antiga Perrera⁴⁴ de Arriba, agora en ruínas que podemos ver subindo pola Costa das Cunchadas á man esquerda e que estrema ao sur co rego que alimenta A Presa Paradeira, uns douscentos trinta metros antes de chegar ao cruzamento co camiño da Bouzafría.

Pouco antes de chegar ao rego da Fonte do Seixo atopamos uns terreos, chamados tamén **Os Cochos**, agora cubertos de árbores, fundamentalmente piñeiros, que quedan na ladeira comprendida entre o camiño da Bouzafría e a costa das Cunchadas.

O vocábulo *cocho*, ademais forma parte de diferentes sintagmas que dan lugar ós topónimos compostos, como **O Cocho Longo** (*-lonko* na fala por efecto da gheada) é a leira alongada, cercada cun muro de pedra, que atopamos á man esquerda no camiño das Pedrás, uns poucos metros despois de entrar dende Novelos para dirixirnos cara ás Costas. Báixalle polo norte o rego que vén da Fonte de Novelos, polo sueste a Regueira do Abade, e ao oeste, dende o Parrachón, entra o Rego de Pontecela que discorre agora soterrado ata unirse aos anteriores do outro lado do camiño formando o río da Barxa. De feito, as terras fronte ao Cocho Longo son A Barxa. Por extensión chamábaselle tamén O Cocho Longo a este tramo do agora coñecido como *Camiño de Espedrás* que pasa por diante da leira. Lémbraño as veciñas como un camiño moi difícil de percorrer no inverno, sempre cheo de auga, o que se explica claramente pola súa situación.

44 Castelanismo por *canceira*.

Partindo da Pousa de Mourelle ao Carballal polo recentemente rotulado **Camiño do Cocho** (talvez debido a que no tramo inicial pasa a carón do Cocho do Pasal), coñecido pola veciñanza como a subida ao Carballal ou A Baixada a Mourelle (segundo se pertencese ao barrio de abaixo ou ao do alto), uns cento setenta e cinco metros máis arriba da Pousa, onde o camiño describe unha pronunciada curva, **O Cocho Pasal** é o polígono de terras que se estenden á nosa dereita cara ao sur, ata chegar case á Pedrosa. De feito, dende A Pedrosa accédese a eles, seguindo o camiño que entra pola das Pequenas e que pasa por debaixo do Campo de Rial. Ao oeste, un forte valado sepárao dos Sorregos, e polo tanto de Mourelle, ao leste, un moi lixeiro desnivel dá paso ás Pereiras, situadas por riba. Dentro do Cocho Pasal atopamos algunha leira co nome de **O Cocho**, como é o caso da que se atopa uns cincuenta metros ao sur da mencionada curva, contra os Sorregos. Tamén é **O Cocho** a leira alongada que veremos, entrando polo camiño mencionado dende a Pedrosa, e logo de percorrer uns cento oitenta metros, á man dereita, detrás dunha ringleira de árbores. *Pasal* é un derivado de *paso* (lat. *PASSU*) e designa o conxunto de pedras ou pasos (chamados *poldras* nalgunhas zonas) que se colocan no leito dun río para poder cruzalo. Pero no *Glosario de voces galegas de hoxe* de Constantino García (1985), *pasal* aparece tamén co significado de pequena escaleira rústica feita nun muro e empregada para acceder a un terreo⁴⁵. En todo caso, a forma *Cocho Pasal*, con ausencia dunha preposición que una os dous elementos é unha rareza non propia da toponimia tradicional galega. No *Catastro de Ensenada* non hai ningún *Cocho Pasal*, pero si figura o topónimo «Cachapasal» no *Libro de afanegados*. Esta forma fai dubidar sobre unha posible orixe relacionada con *cachar*, pero en todo caso é igualmente unha construción estraña.

O Cocho Pequeno, nos Chans de Abaixo, é un pequeno campión por debaixo do Lugar de Isabel (casa anterior á última que atopamos antes da fonte da Xabalouca, desprazándonos en dirección á Chan) que testa ao sur co Campo Grande.

O Cocho e os diferentes sintagmas dos que o vocábulo *cocho* forma parte, son, como vemos, topónimos moi abundantes na actualidade, pero fórono aínda máis no pasado. No *Catastro de Ensenada* aparece *O Cocho* (con e sen artigo) nun total de vinte e tres ocasións, seis máis

45 Na toponimia ese significado está presente, polo regular, co substantivo *Esqueiro*, *Escairo*.

dos a algún tipo de restrición. Na actualidade, aínda que como topónimo está vivo non ocorre o mesmo co seu uso como apelativo común, debido, por suposto, á desaparición da realidade que nomeaba.

Entrando polo camiño do Pereiro dende a rúa da Chan, logo de deixar as últimas vivendas das Casas Vellas á man dereita (uns cento sesenta e cinco metros abaixo), temos á man esquerda **A Devesa** (As Casas Vellas), terreos en parte a monte e con algunha froiteira plantada.

No Outeiro eran todos os campos que había dende A Fonte da Devesa ata O Parrachón ao norte, onde o Rego de Pontecela chega ao chamado camiño das Pedrás. Agora poucos están cultivados e nalgúns deles foron construídas vivendas.

A Devesa (Sárdoma) nomea o terreo de monte situado por riba da Fonte da Canexa. Por riba dela, o camiño que sobe dende a estrada de Bembrive pola das Marallas para dar acceso ás casas situadas por debaixo do campo de fútbol do colexio Montecastelo, marca o seu límite leste e tamén a estrema entre as parroquias de Bembrive e Sárdoma, á que polo tanto pertence A Devesa. No extremo suroeste desta, sobre o alpendre das casas do Lugar do Merrello temos **O Campo da Devesa**.

Tamén documentamos topónimos compostos con este vocábulo: **A Devesa Grande** (O Pouso), situada por riba do Cabazo, á que se entra polo camiño que baixa das Plantas a Esparramán, collendo á man esquerda. Chama a atención que das once propiedades nomeadas «A Devesa» no *Catastro de Ensenada* («A Devesa Cerrada», «Campo de la Devesa» e «Chan da Devesa»), moitas delas aparecen ligadas á zona de Novelos–Mandín–Freires, onde na actualidade xa non rexistramos o topónimo.

O Camiño da Devesa agora é a estrada que vai dende A Mina (dende o cruzamento co camiño da Mandada) ata o camiño da Ribeira, pero antigamente recibía ese nome o camiño que ía igualmente dende A Mina ata A Costa, polo tanto, continuaba sendo Camiño da Devesa parte do que agora é camiño da Ribeira (topónimo inexistente). Na marxe dereita deste camiño atopamos **A Fonte da Devesa**, uns cento cincuenta metros antes de chegar ao camiño da Mandada. Tamén é coñecida pola veciñanza do redor como A Fonte do Cano.

▶ **Devesiña, A**

Diminutivo de *devesa*, formado coa terminación moderna *-iña*. Son os terreos por debaixo, á man dereita, do comezo da Costa da Pedrosa, xusto ao pasar a última casa. Na actualidade ten árbores froiteiras. O topónimo **A Devesiña** témolo en tres ocasión no *Catastro de Ensenada* e tamén no *Libro de afanegados*, en que aparece como «Devesiña o Pedrosa».

▶ **Eido, O Campo do**

Do latín *ADITU*, participio de *ADIRE* ‘engadir, adicionar’. *Eido* quere dicir ‘engadido’ (á casa); en orixe eran as terras de cultivo próximas á casa.

Dirixíndonos por Xestoso cara ás Aradas, témolo á man dereita chegando á encrucillada das Figueiras, logo de pasar As Pedras das Penizas. O camiño que permitía acceder a eles dende a actual rúa de Xestoso, era **O Camiño do Campo do Eido**.

▶ **Eira, O Campo da**

A *eira* é o sitio chan, próximo á casa, onde se mallan os cereais. É vocábulo de orixe latina, derivado de *AREA* ‘superficie, lugar chairo’. Entrando dende a igrexa de Bembrive polo camiño dos Pumariños, **O Campo da Eira** (hai quen emprega o plural Os Campos da Eira) son o primeiro conxunto de leiras que temos á man esquerda, antes de chegar ao camiño que sae da mesma man e que baixa ao Muíño do Cruceiro. Ao outro lado do camiño temos xa Os Pumariños. Aos seus pés discorre o Río do Mosteiro.

En Segade **O Campo da Eira** é o lugar que ocupa a casa que ata hai pouco tempo albergou o bar Candeán, na cuña que forman o Camiño do Loureiro coa estrada de Recaré e as terras cara ao leste.

Os Campos da Eira no San Cibrán designan un polígono de terras por debaixo do bar Os Ramallos. Neste caso a forma en plural (xurdida secundariamente, como temos explicado, ao entender os falantes que para referirse a un conxunto de leiras que comparten o mesmo nome, por ser antigamente unha unidade, deben empregar o plural) parece maioritaria na fala, fronte ao suposto orixinal *O Campo da Eira*. A en-

trada estreita que parte da rúa do San Cibrán pegada á parede sur do bar Os Ramallos e desemboca nos Campos da Eira chámase **O Camiño dos Campos da Eira**.

O Chan da Eira en Xeme é un núcleo de casas e campos enmarcado polas rúas da Xesteira ao oeste e Xeme ao norte e leste. Unha lixeira pendente do terreo que vai caer sobre o camiño Carballeira marca o límite sur desta chaira. Malia que as veciñas do lugar empregan a forma con artigo, a forma máis estendida no conxunto da parroquia é a que prescinde del (Chan da Eira), ao igual que ocorre na documentación antiga como o *Catastro de Ensenada* e o *Libro de afanegados*, en que non aparece o artigo en ningún caso. Neste último documento atopamos unha propiedade co nome de «labradio de Chan da Eira o Xeme» o que nos indica a pertenza naquel momento destes terreos ao lugar de Xeme.

No Outeiro, subindo pola rúa da Cruz, sesenta metros despois da entrada para a Ribeira, temos un camiño á man esquerda. Entrando por el, a uns escasos vinte metros, se seguimos o sendeiro que á man dereita discorre baixo unha parra, iremos dar directamente á **Eira Vella**; conxunto de leiras que atoparemos de fronte e que se estenden de punta a punta, testando ao sur coa Serra.

► Enxido, O

Do latín EXITU, derivado do verbo EXIRE 'saír', *enxido* é a variante no galego tudense da forma máis común *eixido*, onde, de acordo con Sestay (2010: 88), ten o significado de 'terreo arrimado á casa dedicado a horta e froiteiras'. Esta mesma acepción foi a que recolleemos en Bembrive. O feito de que sexa un apelativo común na fala fai que atopemos numerosos *Enxidos* na parroquia. Reflectiremos aquí os que atopamos na recollida, pero en realidade cada casa que manteña viva a nosa lingua e o traballo da terra terá o seu *enxido*.

No Lameiro (Baruxáns) identifica o terreo situado fronte ao portal traseiro da casa que fai esquina entre a Estrada de Bembrive e o ramal que sobe ao Penedo e que dá acceso ao grupo de casas que quedan por debaixo do campo de fútbol do colexio Montecastelo.

Temos o topónimo **O Enxido** no Carballal, pertence ao Lugar das Pellas; nos Freires, é un terreo por detrás da casa á que leva a costa que temos fronte ao Lavadouro e A Fonte dos Freires; e en Segade, entrando

polo camiño do Lago, sitúa un terreo á man esquerda, fronte á última das casas que atopamos.

No Outeiro **O Enxido** é unha coutada por riba da Carrexona, cara ao leste, ou, para entendérmonos, contra a chamada Subida Chans (Camiño da Canuda). Precisamente á beira da estrada hai unha vivenda construída e permanece o resto arborizado, aínda que non foi así hai quizais uns sesenta anos, cando unha informante nos explica respecto ao terreo que «era *coutada* (A Coutada Grande), pero miña nai quitou os pinos para botar millo. Logo puxo froiteiras, por iso pasou a ser *enxido*». Temos **O Enxido de Abaixo** e **O Enxido de Arriba**. Correspondían á casa vella, xa *arruada*⁴⁶, situada no Camiño da Devesa, poucos metros máis arriba da confluencia co Camiño da Ribeira.

A forma *enxido* si aparece en documentación antiga, e temos como exemplo a seguinte cita correspondente a unha memoria de foros e pensións do ano 1577: «Que pagan en cada huun anno para senpre Gonzalvo de Savamill e Jacome Afonso de Vigo seys mrs. vellos por lo enxido que esta enna Rua das Trabancas ao longo das casas de Ynes Mourina sua sogra que foy de Gomes de Bertola clerigo VI r.»⁴⁷, aínda que non atopamos ningún exemplo no *Catastro de Ensenada* correspondente a Bembrive nin no posterior *Libro de afanegados*.

▶ **Escochaina**

Podería referirse á acción de *escochar* ‘quitar a palla da cana ao millo’, cun sufixo *-aina* relativamente insólito, pero presente en palabras como *solaina*, *andaina* etc.

Terreo de monte situado na veciña parroquia de Tameiga (Mos), parte del pertencente ao monte comunal⁴⁸. En concreto, unha parcela que figuraba co nome de «Olmos de Ariba o Escochaina». Unha das

46 Emprégase *arruada* como sinónimo de *derruída*; en ruínas. Cando menos na veciña parroquia de Sárdoma aplicábase tamén o verbo aos abortos provocados: «arruou un neno».

47 Comesaña Martínez, María Ángela (1995): *O tomo do Hospital e Ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

48 Segundo a orde de deslinde parcial do monte en man común de Tameiga publicada no DOG do 10 de xullo de 2009.

coutadas aquí situadas ten a dobre denominación de «Escochaina ou Pompeán».

► **Herdadiña, A**

Forma diminutiva de *herdade*, termo empregado para referirse á propiedade rústica de terreo cultivado pertencente a un único dono (lat. HEREDITATE, da familia do verbo HEREDARE ‘herdar’). *Herdade* é palabra viva no galego.

Entrando dende A Regada polo camiño da Candea, que discorre aos pés do Crasto, **A Herdadiña** son as terras de labor situadas ao fondo, onde o camiño cruza o río da Candea. Topónimo antigo que aparece xa no *Catastro de Ensenada*.

► **Horta, A**

Derivado do latín HORTUS ‘xardín’ (Corominas 1980–1992, vol. III: 420). Enténdese como *horta* o terreo, polo xeral de reducido tamaño e próximo á casa, dedicado ao cultivo de hortalizas que noutras áreas de Galicia recibe o nome de *porral*.

Entrando á rúa de Eifonso dende a Gándara (*Gandra* na fala) de Beade, **A Horta** é o terreo que atopamos á man esquerda uns cincuenta metros máis adiante do Lavadouro de Eifonso.

► **Leira, A**

Unha *leira* é unha terra de labradío. Pero ademais, en *leiras* divídanse as senras para repartir entre a veciñanza e son tamén as franxas de terreo que quedan entre os regos abertos nos campos de millo para facilitar o seu rego por inundación. Nos textos medievais en latín aparece como *larea* e Corominas propón a súa orixe no latín GLAREA. Esta hipótese é moi discutida, polo que se acepta agora que podería ser un celtismo procedente de PLAREA con perda do *p*- inicial. Semanticamente este celtismo *plarea* estaría emparentado co latín PLANUS ‘campo, no sentido de *terra plana*’.

A Leira son as terras que quedan no final das Casas Vellas, rodeadas ao norte polo camiño de pés que é prolongación do camiño antigo (agora asfaltado) das Casas Vellas, ao sur polo camiño do Pereiro que

unha semente máis gorda, tanto que, «se era boa, era como centeo» e en lugar de nos poullos, cultivábase nos campos. A medida que se recollía a herba dos poullos, formando *feixes* ou *molles* (aínda que tamén había quen a apañaba e ía botando no cesto en que logo a transportaba), *repelábase* para quitar a semente e garantir así o cultivo da seguinte tempada. Había ocasións en que a necesidade de alimentar o *gado* impedía deixar herba para semente. Nese caso, dependíase do mercado⁴⁹ para obter a semente ou ben dalgunha veciña ou veciño que puidese ter excedentes. Nas casas onde había esterco suficiente, algo pouco habitual xa que se destinaba preferentemente aos cultivos de millo e patacas, estercábanse tamén os poullos, sendo precisamente o inverno o momento en que se estendía o que se fora acumulando en *pilas*.

Na actualidade a acepción máis estendida de *poulo* é a de ‘terreo sen cultivar poboado por maleza, arbustos e pequenas árbores’. Fálase deste xeito de que un terreo «está a poulo», como sinónimo de «estar a monte» ou «a bravo». Este cambio na frecuencia do uso dun ou outro significado simplemente reflicte a modificación producida nos últimos tempos nos usos do solo.

Existen tamén na toponimia as formas feminina *Poula* ou a derivada *Pouleira*, que teñen maior presenza, por exemplo, na veciña parroquia de Beade. **O Poulo** pertence ás Barxas de Beade. Terreos situados na marxe esquerda do río de Eifonso, aquí río de Xeme, uns metros augas abaixo do muíño do mesmo nome. Hoxe en día xa non son poullos, senón que están integrados no bosque de ribeira. No Carballal son os terreos por riba da presa de Regueiriños, de feito, a entrada a eles está a carón da poza, polo lado da Lagoa. Eran poullos que logo pasaron a ser traballados e na actualidade albergan unha casa.

No punto onde o camiño de Xalón cruza o río do mesmo nome, uns metros augas abaixo do muíño de Paio de Abaixo estaba **O Poulo**, terreos que non están aproveitados na actualidade.

Situados por debaixo das Pugas, aos seus pés cara, poñente **O Poulo** son as terras, chairas e bañadas polos regos que baixan das Pugas, que atopamos á man dereita ao final do camiño que entra dende a subida a

49 Dúas informantes lembran Zamáns como o lugar onde se ía mercar a semente da «herba castellana». Unha delas lémbrao tamén como lugar de referencia para ir mercar a semente de xoio (*Lolium multiflorum*), outra das herbáceas cultivadas nos capos da parroquia, «A Farrapeira», que cre lembrar se atoparía en Pontearreas.

máis común no *Libro de afanegados*), o que confirma que *Paradeira* é unha forma secundaria.

► Soeido, O

De *so-*, preposición, do latín *SUB* ‘debaixo de’ e *eido*. A denominación dun terreo pola súa localización *baixo o eido* rematou fixándose como topónimo, aínda que o *eido* ao que facía referencia non se mantivo na toponimia.

No San Cibrán son as terras de labor, agora sen traballar, e viñas situadas no final do **Camiño do Soeido** á beira do río. Este camiño lévanos ó Soeido e localízase á man dereita na rúa do San Cibrán, uns oitenta metros máis adiante do camiño de Sospalleiros, en dirección á capela. Altérnase na fala coa forma *O Soeiro*, posiblemente por interferencia co apelido *Sueiro*.

Aparece no *Catastro de Ensenada* o topónimo «Sueido» e «El Campo de Sueido» e no *Libro de afanegados* «Sueido» e «labradío de Sueido», que moi posiblemente se corresponden co Soeido actual.

► Suco, O

Do latín *SULCU* ‘rego que abre o arado’. O *-l* no final de sílaba vocalizou en *-u* e ao confundirse co anterior acabou perdéndose, desaparición que non se deu no castelán *surco*, onde o *-l* rotou en *-r*. No *Nomenclátor de Galicia* non aparece este topónimo coa categoría de lugar nin como nome de entidades de poboación superiores. Porén, Rivas rexístrao como nome dun conxunto de predios antigamente cultivados na Moreira, Marín (Os Sucos) e no PTG podemos atopalo como nome de diferentes terras de labor, sobre todo nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Aínda que ‘fenda que se fai na terra co arado, legoña etc’ é un dos significados de *suco*, o máis empregado na nosa contorna é o de ‘pequena porción de terra dedicada ao cultivo de ervellas, fabas ou cultivos similares’, significado que aparece no apéndice ao dicionario de Eladio Rodríguez, recollido na veciña parroquia de Sárdoma.

En Xestoso, **O Suco** son un conxunto de leiras situadas aos pés (dirección sur) do Sobreiro, que nos quedan á man esquerda cando entramos polo camiño que leva á presa do Cocho da Fonte. No *Catastro de Ensenada* non aparece ningunha propiedade con este nome, pero si en

palabra que se conserva hoxe en día en éuscaro. De feito, as *veigas* son os terreos baixos, amplos e fértiles, situados xeralmente ás beiras dun río. *Veiga* é un elemento moi común na toponimia galega; máis de cento cincuenta núcleos de poboación lévano no seu nome.

A **Veiga** son os terreos no fondo de Paio, aos pés das Pitisas, por debaixo dos que pasa o camiño do Xalón, que vai dar ao río.

En Xestoso son as leiras que teñen por riba **A Presa da Veiga**. Adóitase empregar o plural secundario **As Veigas**. A esta presa terreña con dous canos que foi parcialmente desfeita a finais do ano 2013, chegamos subindo polo camiño do Paso; ao chegar á encrucillada tomamos o camiño á man dereita e xiramos de seguido á esquerda, entrando polo sendeiro que pasa entre O Outón e A Veiga.

► **Veiguiña, A**

Trátase do diminutivo de *veiga* e identifica os eidos por debaixo da Perrera de Abaixo, contra a Costa das Cunchadas. Por eles baixaba o rego que vén das Presas das Cunchadas. O feito de ser varias leiras fai que se empregue tamén o plural **As Veiguiñas**.

► **Xardín, O**

Segundo Navaza, que recolle este topónimo na súa fitotoponimia, o galego *xardín* sería unha voz tomada do francés *jardin* que á súa vez é diminutivo romance do francés antigo *jart* 'horto', procedente do frâncico *GARD 'sebe'. Polo tanto, na orixe do topónimo *Xardín* atópase en certos casos este significado de 'horto' e non o de 'terreo onde se cultivan árbores e plantas ornamentais' que manexamos na actualidade.

Trátase dun terreo de monte situado por riba da Casa de Augas, en dirección á Fraga. É topónimo moderno, xa que non aparece no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*, polo que é posible que non nacesse co significado orixinario, senón co moderno de *xardín*, ou ben que no momento en que se elaborou o catastro non fose propiedade privada.

FITOTOPÓNIMOS

Os fitotopónimos son os topónimos relacionados co mundo da botánica. Aluden, polo tanto, a nomes de plantas, árbores etc., de xeito



que un fitotopónimo pódenos estar indicando: que unha especie foi moi abundante nun determinado lugar, ou simplemente que nesa zona foi obxecto de aproveitamento polo ser humano cobrando especial relevancia, aínda que tamén pode facer referencia a certos tipos de formacións vexetais (por exemplo Bouza) ou mesmo a elementos de orixe vexetal como *galleiros* ou *garabullos*.

▶ **Abeleiral, O**

Do latín *ABELLANARIALE*, un *abeleiral* (ou abeledo) é un lugar poboado de *abeleiras*, nome común do *Corylus avellana*, arbusto que dá como froito a abelá.

Coutada situada pasada a Capela do San Cibrán cara a Beade, na primeira curva á man dereita.

▶ **Ameal, O / Ameales, Os**

Amieiro é o nome común en galego do *Alnus glutinosa*, árbore propia de lugares húmidos e integrante fundamental da vexetación de ribeira, de folia similar á abeleira pero con remate en forma de corazón en lugar de en punta. Ademais deste nome, que é o empregado no Val de Frago, recibe outros como o de *ameneiro* ou *abeneiro*. *Ameal* (que correspondería a un étimo *AMENALE* OU *AMINALE*) é un abundancial de *amieiro* e infórmanos de estarmos nun lugar poboado destas árbores, representando a forma *ameales* unha redundancia nesta connotación de plural.

No Carballal, identifica todas as terras de labor, a maioría delas aínda cultivadas na actualidade, situadas entre a rúa da Senra ao oeste e as coutadas da Remesiña ao leste. Ao sur estreman co Cortiñelo e por riba del coa Loria, e ao norte co camiño da Canuda. Pero tamén son **O Ameal** as leiras situadas por detrás da franxa de casas que temos á man dereita da rúa da Senra, aínda que se di que as propias vivendas pertencen ao Cortiñelo. Poderíamos pensar que todas as terras que se estendían aos pés da Remesiña, quizais ata chegar por poñente á Lagoa de Regueiriños nesta franxa entre o camiño da Canuda ao norte e A Senra ao sur fosen coñecidas como O Ameal, dentro do cal existían cortiñelos que se acabaron fixando como topónimo, polo que hoxe en día atopamos estes topónimos mesturados a modo de crebacabe-

zas. Con todo, no *Catastro de Ensenada* «O Cortiñelo» e «O Ameal» aparecen como topónimos xa consolidados cunha frecuencia similar e no *Libro de afanegados* en ningún caso se empregan como topónimos equivalentes, o que si ocorre no caso de «Ameal o Campiño».

En canto ás formas singular e plural emprégase en xeral, como xa temos explicado, a primeira para falar de cada unha das leiras en particular e o plural **Os Ameales** para referirse ao conxunto.

Vocábulo tamén moi produtivo na formación de topónimos compostos. A primeira das leiras que atopamos á man esquerda ao entrar na rúa da Senra dende o camiño da Canuda, co que estrema en toda a súa cara norte é **O Ameal Grande**. E ao outro lado da rúa da Senra temos **O Ameal Pequeno**, campo de millo onde remata o camiño de servizo que sae dende **O Lavadouro dos Ameales**, nome polo que algunha persoa coñece o tamén chamado (→) Lavadouro de Larín. Atópase, polo tanto, case aos pés da primeira das catro casas do Cortiñelo, xusto por riba do rego que baixa á presa de Regueiriños. **O Enxido dos Ameales** é o eixido pegado á cara de poñente da única casa que existe na marxe esquerda do camiño da Canuda fronte ao Ameal Grande. Aínda que moitas delas están xa secas, destaca a gran cantidade de árbores froiteiras que alberga.

Atopamos **A Presa dos Ameales**, pequena presa terreña, entrando polo **Camiño dos Ameales** (oficialmente nomeado *Camiño dos Amieirais*, nome non recoñecido como propio pola veciñanza, que emprega a forma *Ameales*) á man esquerda, a uns trinta metros do comezo, aos pés dunha figueira. Tamén hai quen lle chama *A Presa dos Ameales* á (→) *Presa de Larín*, xa que ademais a auga que a enche vén das terras situadas por riba dela pertencentes ao Ameal.

► Ameirales, Os

Outro derivado de *amieiro*, neste caso en –ALE con dobre sufixación –ARIU + –ALE é *ameiral*, que aquí aparece, ao igual que no caso anterior, cunha forma redundante de plural.

Baixando polo camiño de Peizás dende A Viña Grande, as terras de labor que temos ao chegar a baixo á man esquerda son **Os Ameirales**. Á dereita temos Os Campos do Julio, xa edificadas, e de fronte A Puga. Polos seus pés (ao sur) baixa un rego que vén da **Presa dos Ameirales** ou Presa de Peizás (→ Peizás) e vai á Presa da Puga.

Dentro das Amieiras, como é habitual, cada propiedade tiña o seu nome, e así temos por exemplo **A Amieira do Carreiro**, situada na altura da Fonte da Amieira, pegada á avenida, ou **A Amieira da Banés**⁵⁰, do outro lado. Unha vez máis temos a alternancia entre singular e plural para nomear cada leira individual ou o conxunto delas. Coida unha veciña que na escritura dunha terra pertencente ás Amieiras é *Amieirales* o topónimo que aparece escrito. Non resultaría estraño, posto que no *Libro de afanegados* xa aparece algunha propiedade chamada «Amieiral de Recaré», pero a realidade é que o topónimo *Amieira* é moito máis frecuente e non só neste documento, senón tamén no *Catastro de Ensenada*, en que figura case sempre asociado a veciñas e veciños de Baruxáns ou As Ferreiras, o que nos indica que moi probablemente se corresponden coas actuais.

O Camiño das Amieiras parte da Subida á Mouteira, xusto fronte á rúa de Mandín, pero en dirección oposta, cara a poñente, polos pés do Monte do Calvario. Antigamente ía ata O Lavadouro das Amieiras, pero a construción da avenida de Madrid fixo desaparecer esta conexión, quedando como camiño de acceso ao pequeno núcleo de vivendas que hai neste lugar. Hoxe en día, e dende hai uns vinte anos, na placa colocada no inicio do camiño lese *Camiño Cemieiras*, obviamente un erro que quizais pretendía corrixir o que, ao escoitar a pronuncia *das Amieiras* pensou que era seseo, ou quizais simplemente un problema de mala escrita. En todo caso, o grave é que antes de instalarse esta placa había outra co nome correcto. O cambio produciuse hai non moitos anos, despois de que un veciño do lugar fose realizar uns trámites ao concello e lle dixesen que o enderezo que el lles daba non figuraba nos planos, é dicir non había ningún camiño das Amieiras senón un Camiño das Cemieiras. Como el explicou que ese foi sempre o nome do camiño, e que mesmo había unha placa que o recollía, dende o concello decidiron naquel momento solucionar a incongruencia mudando a placa en lugar dos planos.

Á esquerda da avenida de Madrid (en dirección ao Porriño), temos que entrar polo sendeiro que sae á man dereita da rúa de Segade uns sesenta metros arriba do seu comezo e seguir ata atopar un rego para un pouco máis arriba localizar **O Lavadouro das Amieiras**, oculto en parte

50 Descoñecemos a orixe do alcume da propiedade presente neste topónimo. Podería tratarse quizais de *A Habanesa* con relaxación da vogal final (cf. Peniza/Penís).

pola vexetación. Situada a carón deste está **A Fonte das Amieiras**. Unha vez feita a avenida de Madrid, e grazas á iniciativa veciñal, encanáronse parte das augas que nacían nesa zona e leváronse á fonte de tres canos que está no lateral da avenida, no final do ramal da estrada de Bembrive que baixa dende a rotonda de Fionde cara ao norte e morre neste punto, uns metros máis abaixo da entrada ao colexio do Mosteiro. Agora é esta fonte a que aparece rexistrada oficialmente como Fonte das Amieiras. **A Presa das Amieiras** atopámola no punto onde o sendeiro que sae á man dereita da rúa de Segade chega ao rego. Dela regaban algunhas leiras da Amieira pero tamén Os Troncales. Había dúas presas máis coñecidas como das Amieiras, aínda que tamén hai quen as coñecía como (→) As Presas do Pachín. Estaban cara ao nordeste, do outro lado da avenida de Madrid. Hoxe en día están cubertas de vexetación, pero aínda se pode distinguir a súa presenza na paisaxe. Destas Presas da Amieira regaba A Amieira. No caso do nome do camiño, a fonte, o lavadoiro e as presas emprégase practicamente sempre o plural.

► **Bouzafría, A**

O substantivo común *bouza* designa, en xeral, un terreo inculto po-boado de mato. É un termo moi presente na toponimia galega e conta con máis de cen entradas no *Nomenclátor*, tanto da forma en solitario, como acompañada por un complemento preposicional ou simplemente adxectivada, como ocorre no caso de Bembrive, onde aparece modificada polo adxectivo *fría*. A palabra *bouza*, de orixe prerromana, ten presenza en todo o norte peninsular; fóra da área galego-portuguesa coa forma *boza* (en portugués *bouça*).

Trátase do lugar situado máis ao norte do barrio do San Cibrán; comeza onde As Pereiriñas testan co Carballal e esténdese ata o cruzamento dos Chans, onde entramos no Lugar do San Cibrán. Aos pés dos seus campos, por poñente, discorre o río de Eifonso ou río da Bouzafría. Cruzándoo, temos o monte da Bouzafría. En moitos casos prescínlese na fala do artigo, pero o feito de que haxa falantes que o empreguen e que apareza xa nalgúns dos topónimos que figuran no *Catastro de Ensenada*, indícanos que a forma correcta e tradicional é *A Bouzafría*⁵¹.

51 Aínda que é topónimo composto por dous elementos claramente recoñecibles, a tradición escrita lévanos a optar pola forma *A Bouzafría* (xunto).

Ao igual que en casos anteriores, son moi numerosos os topónimos compostos con este vocábulo coma **O Monte da Bouzafría**, coutadas situadas do outro lado do río da Bouzafría; **O Camiño da Bouzafría**, estrada que sobe de Cerdeiró ao San Cibrán. Antigamente hai quen coñecía o tramo que vai dos Carboeiros ata o lugar dos Caravillas como *Camiño da Fonte do Seixo*, mentres a veciñanza do San Cibrán se refería a ese tramo como A Parrovella («Vou pola Parrovella abaixo»), posto que son as leiras que quedan ao carón. **A Presa da Bouzafría**, con forma triangular, feita agora de cemento e ben conservada, que atopamos baixando pola Quiringosta, tomando á man dereita unha vez que chegamos á Loureira. Anexo a esta temos **O Lavadouro da Bouzafría**. No Río da Bouzafría (río de Eifonso), xusto por riba da ferverza aos pés da cal se atopa o Muíño do Buraco, temos **O Muíño da Bouzafría**, hoxe totalmente *arruado*, consérvase en pé tan só o inferno. Por riba deste muíño existían unhas pedras empregadas para cruzar o río, chamadas **A Ponte da Bouzafría**, que foron substituídas logo por unha lousa e unha ponte que levou unha enchente. De todos os xeitos, o paso sempre foi fácil posto que neste punto o río non levaba nin leva moita auga.

► Cabazo, O

Froito da *cabaza* ou *cabaceira*, planta da familia das cucurbitáceas á que pertencen tamén o cogombro, o melón ou a sandía. Procede do latín hispánico CALAPATIA, CALAPATIU. Son palabras de orixe descoñecida, prerromana (Corominas, vol. I: 745). O nome de *cabazo* ou *cabaceiro* emprégase tamén nalgúns lugares de Galicia, tal como recolle Eladio Rodríguez no *Diccionario enciclopédico gallego–castellano* (1958–1961, en *DdD*, s.v.) para referirse aos hórreos, coñecidos na nosa zona como *canastros*, especialmente os de pequeno tamaño e feitos de varas e estacas entretecidas e cubertos de palla, ou a unha ‘medida para líquidos, xeralmente para viños, que equivale a unha cántara, e se emprega en varias zonas produtoras de viño da provincia de Ourense’.

Terras de labor situadas ao nacente do lugar do Paso, en Xestoso. Subindo polo camiño do Paso tomamos a bifurcación á dereita e, andados uns quince metros, entramos polo camiño que aparece á nosa esquerda. Subindo por el temos á man dereita A Veiga e á esquerda, logo de pasar unha tiriña que é O Outón, **O Cabazo**. Limita polo norte cun pequeno desnivel polo que discorre outro camiño e ao noroeste

co que xa son as coutadas do Gancho. Ao final do sendeiro temos A Presa da Veiga. Xa no *Catastro de Ensenada* aparece este topónimo, que volveremos atopar profusamente no *Libro de afanegados*, ligado case sempre a propietarias e propietarios pertencentes a Xestoso, O Pouso ou A Regada. As coutadas por riba da Presa do Cabazo, onde na actualidade medran sobre todo as coñecidas na zona como acacias de pico, tamén son chamadas **O Cabazo**. Na esquina nordeste das leiras do Cabazo está **A Presa do Cabazo**, pequena presa terreña.

▶ **Canas, As**

Procedente do latín *CANNA*, o substantivo *cana* pode facer referencia a unha planta gramínea semellante ao carrizo (*Phragmites australis*) e que habita en lugares húmidos (*Arundo donax*) ou ben, de xeito xenérico, ao talo de calquera gramínea, que se caracteriza por ser oco, cilíndrico e ter nós. Debemos considerar que na toponimia moitos derivados de *cana* non teñen unha orixe fitonímica, senón que corresponden a outros campos semánticos da mesma familia léxica, pero alusivos maioritariamente aos conceptos de 'conduto' ou 'cilíndrico' que en moitos casos fan referencia a conducións de auga, podendo confluír con derivados de *CANALE*.

As Canas xa non pertence a Bembrive, pero incluímolo pola proximidade e por ser lugar de paso obrigado para dirixirse a Vigo, sobre todo para a veciñanza do Castelo. Hoxe en día está dentro dos límites de Lavadores, pero sempre se considerou parte de Sárdoma. É o núcleo de casas e terras ao redor do tramo final da chamada *rúa Paz Pardo*, por debaixo da avenida Alcalde de Lavadores, case ata a avenida de Madrid. A agora *rúa Paz Pardo*, denominábase antes **O Camiño das Canas** coñecida máis arriba como o camiño da Gandariña, prolongación da Baixada ao Castelo. Como recollemos noutros apartados, correspondería ao Camiño Real do Porriño a Vigo. Algunha veciña lembra o de chapacuña e dise que a partir das Canas o camiño continuaba polo Raviso de Sárdoma, San Roque, actual praza de España e baixaba por onde se sitúa a actual Casa do Concello e O Picacho ata o mar. Baixando polo camiño das Canas, a última casa á man dereita, antes de chegar á confluencia coa vía que vén dende o Alcampo cruzando por debaixo a avenida de Madrid, é **A Escola das Canas**, agora abandonada e cuberta

a súa fachada cunha viña. Como o seu nome indica, a vivenda albergou unha escola que estivo funcionando a mediados do século pasado.

► **Candea, A**

Provéen do latín CANDELA ‘lume’, derivado de CANDERE ‘arder’, polo que na toponimia faría referencia probablemente a lugares onde se recollía material para queimar ou alumear: garabullos, piñas e pluma dos piñeiros etc. *Candea*, ademais do obxecto de cera empregado para alumear é tamén o nome que se lle da á inflorescencia en forma de espiga do castiñeiro, bidueiro, millo etc.

Fracción de terra comprendida entre o río da Candea e O Monte do Crasto de Xestoso, aínda que fisicamente **A Candea** vén sendo en realidade o nome que toma a aba oeste do devandito monte. Abrangue terras de labor, situadas entre o río e o camiño do mesmo nome, dedicadas na actualidade fundamentalmente a pasto para cabalos, e por riba do camiño coutadas. Ao norte estrema co camiño da Regada e ao sur enténdese que remata onde se cruzan o camiño e o río da Candea. O topónimo *A Candea* aparece xa no *Catastro de Ensenada*. **O Camiño da Candea** parte do camiño da Regada e discorre paralelo ao río da Candea, aproximadamente uns 60 metros por riba del, ata o punto onde o cruza para, seguindo en dirección suroeste, saír ao Camiño do Monte (agora Camiño da Área de Lecer), por debaixo da escola da Chan (CEIP Chans). Hai outro tramo chamado **Camiño da Candea** que parte da rúa da Chan e leva, pasando por diante da antiga escola da Chan, ao **Lavadouro da Candea**. Enténdese que antigamente o camiño cruzaría o río para unirse co anterior. Este lavadoiro está situado na marxe esquerda do río da Candea e chégase a el entrando dende a rúa da Chan polo camiño da Candea. A escasos cinco metros augas abaixo do Lavadoiro da Candea, atopábase **A Metida da Candea**, o punto onde as augas do río *se partían*, desviábanse para unha zona ou outra da parroquia segundo corresponderan as quendas de rego. **O Río da Candea** é o nome que toma o curso fluvial que nace no Pouso como *Rego de Pontecela* ao seu paso pola Candea, onde bordea toda a cara oeste do Crasto e marca estrema entre os barrios de Xestoso, ao leste, e A Chan ao oeste.

▶ **Cañoteira, A**

Derivado do feminino *cañota* ‘parte do talo que queda pegada á raíz despois de cortar unha árbore’. É unha palabra de etimoloxía pouco clara. Postúlase que podería pertencer á familia léxica de *CANNA*. Neste caso, a presenza da nasal palatal –ñ–, documentada xa en atestacións medievais, como un texto notarial de 1486 en que se pode ler «a metade de erdade de Cobas, que chaman a Cañota, por este ano e non mays»⁵², explicaría-se a partir dun derivado con iode *cannea-* (**Canneotta*, **caniotta*). Non obstante, non se pode descartar outra orixe.

Campos dentro da masa arborada que cobre a ladeira que se estende aos pés do *Lugar dos Portugueses*, nos Chans. Se baixamos polo sendeiro que parte da rúa da Chan case fronte á pista de subida a unha das casas da dos Portugueses, chegaremos á leira coñecida como **A Cañoteira**, pegada ao rego que baixa pola antiga *Perrera de Arriba*, que queda case aos seus pés.

A Cañoteira son as leiras ao final do camiño de Esparramán, chegando á presa do mesmo nome. Aos seus pés están Os Campos do Eido. Dentro da Cañoteira temos **A Cañoteira Grande**, dez metros antes da presa ou **A Cañoteira Pequena**. **A Presa Cañoteira** é a primeira das presas que atoparemos no rego da Cañoteira, uns dez metros por riba da (→) Presa da Pradeira.

▶ **Canuda, O Camiño da**

Probablemente derivado de *cana* mediante o sufixo *-uda* (lat. *-UTA*), faría referencia, polo tanto, a un lugar onde abundaban estas plantas. Aínda que tamén podería tratarse do feminino de *canudo*, que se corresponde co castelán *canuto*, e designa un tubo ou conduto curto que se emprega, por exemplo, para canalizar a auga. **O Camiño da Canuda** sobe dende O Carballal cara á Chan, chamado agora *Subida Chans* e que, cando menos, debería ser subida á Chan. Este camiño foi ampliado no ano 1951 para enlazalo co camiño de Xestoso.

52 Ferro Couselo, X. (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros*. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI. 2 vols. Vigo: Galaxia. Documento notarial Vertolameu Peres «clérigo e notario en no dito couto e con términos sobreditos» Arnoia-Ou.



A *Canuda* é un topónimo que non figura no *Catastro de Ensenada* (1752), pero si aparece no ano 1846 no *Libro de afanegados* como nome de propiedades de tres veciños da Cruz. Foron rexistradas en concreto como «a Canuda o Carrexona», o que as sitúa no inicio do camiño, posto que *A Carrexona* é un topónimo que segue vivo e localizado nese lugar na actualidade.

► **Carballal, O**

Derivado de *carballo* mediante o sufixo *-al*, procedente do latín *-ALE*, común na formación de colectivos. Un *carballal* é, polo tanto, un lugar poboado de carballos. O carballo (*Quercus robur*) é sen dúbida a árbore máis emblemática de Galicia, onde non só a botánica senón a lingüística nos confirman que está presente dende hai moitos séculos. De feito, aínda que hai discusión sobre o estrato lingüístico exacto ao que pertence, *carballo* é, en todo caso, unha voz de orixe prerromana, que sobreviviu á denominación latina *ROBUR* que derivou, por exemplo, no castelán *roble*, e que no caso do galego se imporía para nomear outro dos carballos presentes na nosa terra; o *rebole* (tamén chamado carballo cerquiño).

Hoxe en día considerado maioritariamente barrio, malia que hai quen o segue a interpretar como parte do barrio do Outeiro. Localízase aproximadamente no centro físico da parroquia, lixeiramente desprazado ao oeste, e abrangue os lugares de Regueiriños, A Pedrosa, A Penseira e Cerdeiró. A mediados do século dezaioito era xa un núcleo destacado de poboación, contando con trece vivendas rexistradas no *Catastro da Ensenada*, tantas como o Mosteiro e só superados polo San Cibrán que contaba con quince.

► **Cardadeira, A**

Posiblemente, derivado do verbo *cardar* ‘peitear cun cepillo unha materia téxtil antes de fiala’. Quizais aplicado a lugares onde se realizaba a función de cardar a la ou a persoas dedicadas a esa actividade.

En Bembrive designa o terreo de monte situado entre o colexio «Las Acacias» e a avenida de Madrid onde atopamos dúas naves construídas (a situada máis ao norte pertencente xa á parroquia de Lavadores) e que ao sur testan coa Pomba. Non queda xa ningún rastro físico do que foi **A Casa da Cardadeira**, situada a uns oitenta metros en dirección suroes-

que antigamente sería un verdadeiro poulo, que hai por riba do **Lavadouro da Castiñeira**, en dirección á Viña Grande. Este lavadoiro mais **A Fonte da Castiñeira** están situados no final do **Camiño da Castiñeira**, polo que en liña recta se atopan a escasos sesenta metros por baixo do punto onde a rúa da Viña Grande chega a Recaré. De feito, hai un sendeiro para baixar ao lavadoiro dende a rúa de Recaré (por riba da fonte xa é Recaré), que entra entre dúas casas. Está en bo estado e cuberto, aínda que o muro de bloques que o rodea reduce a entrada de luz. **A Presa da Castiñeira** completa o conxunto, trátase dunha presa grande, rectangular e de cemento situada no desaugadoiro do Lavadoiro da Castiñeira.

En Xestoso a franxa de monte situada na estrema con Mos entre As Lagoas Altas ao norte e O Monte Alto ou O Monte da Pedra Aguda ao sur, por riba das coutadas do Pouso é **O Pozo Castiñeira**. Se circulamos pola estrada das Plantas cara á Universidade, uns metros antes de chegar á Regueiriña, onde se atopa a baixada cara ao Pouso e temos unha parada de autobús urbano, estaremos no Pozo Castiñeira, xa que o trazado da estrada, e sobre todo a autoestrada, ocuparon a maior parte da súa extensión e quedaron só algúns fragmentos de coutadas por debaixo da estrada. Neste pozo hai unha mina, que queda agora entre as dúas vías da autoestrada, aproveitada pola comunidade de augas de Xestoso. Parece ser que había un pozo por debaixo das Leiras, fronte a Casaldares ao que se lle chamaba tamén así, **Pozo Castiñeira**.

▶ **Castiñeiro, O**

É a forma habitual empregada para referirse á árbore produtora de castañas. Prové dunha forma romance *castañeiro* por palatalización da vogal pretónica en contacto coa nasal palatal (Navaza, 2006: 184).

Grupo dunhas catro leiras, a primeira cultivada con millo e viñas e as dúas seguintes con cadansúa vivenda construída, que hai por riba do camiño do Carballal, xusto antes de chegar ao camiño do Pereiro.

Baixando polo camiño do Pereiro, unha vez pasado o núcleo de vivendas das Casas Vellas e A Leira, o camiño describe unha curva que marca o extremo sur do **Castiñeiro**, composto polos terreos cultivados con viña que dan ao camiño e coutadas cara ao norte. Estrema ao oeste coa Loria e ao leste coa Leira e O Castañal. Enténdese, polo tanto, que esta debía ser unha zona antigamente rica en castiñeiros.

do en farmacia polas súas propiedades vasoconstritoras⁵³. Aínda que é posible que *Centieira* sexa a forma máis empregada hoxe en día, *Centeeira* continúa totalmente viva na fala da parroquia, sobre todo na das persoas de máis idade. É ademais a máis etimolóxica e a grafía con dous –ee– permite as dúas realizacións na fala (*Centeeira* / *Centieira*; por suposto, con seseo os dous casos), polo que é a aconsellada á hora de fixar o topónimo na escrita.

A Centeeira é unha terra de labor situada nos Troncales (Baruxáns) entre a pista de acceso a unha vivenda e o terreo situado por debaixo dela. Localízase uns oitenta metros máis abaixo da rotonda de Eifonso e cincuenta metros ao oeste da estrada do mesmo nome. Na actualidade seméntase millo. En Paio, entrando polo camiño do Xalón dende o da Regada, atopamos unha casa a uns cen metros á man esquerda situada no terreo coñecido como **A Centeeira**, onde a veciñanza lembra como non hai moitos anos se botaba centeo.

► **Cerdeiras, As**

Do latín (con base á súa vez no grego) CERESARIA. A *cerdeira* (*Prunus avium*) é a árbore que dá como froito a cereixa. O topónimo *Cerdeira* pode facer referencia a unha cerdeira en particular que destacase por algún motivo, ou ben ter un valor colectivo, aplicándose a un lugar onde abundan estas árbores froiteiras.

No lugar da Fame este topónimo designa un polígono de leiras situadas por debaixo do núcleo de casas do lugar do Outeiro. Ao leste e nordeste están circundadas pola rúa da Cruz, ao noroeste polo camiño das Esquinas e ao sur polo camiño das Cerdeiras. Dentro das Cerdeiras temos **As Cerdeiras Grandes**, **As Cerdeiras Pequenas** e posiblemente outros microtopónimos que xa non chegamos a recoller. **O Camiño das Cerdeiras** sobe pola rúa da Cruz, despois da curva, á man dereita; trátase da entrada asfaltada no seu tramo inicial para dar servizo a unha vivenda, e que continúa como camiño de pé que se une no final co camiño das Esquinas. Percorréndoo neste sentido, teremos á man dereita As Cerdeiras e á esquerda o lugar do Outeiro.

En Xestoso documentamos dous topónimos compostos con este vocábulo **O Pé da Cerdeira**, zona de monte onde na actualidade se atopa

53 Unha das substancias producidas polo caruncho é tamén precursora do LSD.

► Cerdeiró

Diminutivo feminino de *cerdeira* coa evolución do sufixo *-OLA* > *-oa* > *-ó*, típico do galego tudense e do portugués (*CERESARIOLA* > *cerdeiró*). Noutras áreas de Galicia o resultado sería *Cerdeiroa*, pois topónimos como *Figueiroa* ou *Pereiroa* teñen na nosa zona os resultados *Figueiró*, *Pereiró*.

Cerdeiró (realizado na fala con seseo) é o lugar do barrio do Carballal situado entre A Penseira e A Bouzafría (barrio do San Cibrán). Está a trescentos metros, aproximadamente, do **Camiño de Cerdeiró**⁵⁴, camiño da Bouzafría que separan a Fonte da Penseira das Pereiriñas, consideradas xa parte da Bouzafría. En dirección ao San Cibrán e pegado á estrada na man dereita, temos un complexo formado por **Lavadoiro, Fonte e Presa de Cerdeiró**, en que a auga que mana da fonte é aproveitada para encher o lavadoiro e a presa. A leiras por debaixo do Lavadoiro de Cerdeiró son **O Campo de Cerdeiró**.

Aparece no *Catastro de Ensenada* coas formas «Serdeiro», «Zerdeiro» e «Cerdeiros», e «Cerdeiro» en *afanegados*, en que figura non só como nome de propiedades senón xa como lugar de habitación.

► Cerqueira, A

Do latín *QUERQUARIA* ou *CERCARIA*, derivados de *QUERCUS* ‘carballo’. Fai referencia a un carballo en particular, o *Quercus Pyrenaica*, coñecido como *cerquiño*, pero tamén *cerqueiro*, *rebolo* ou *carballo mouro*. É unha especie de porte menor que o carballo común, máis resistente á seca, de cortiza gris escura (de aí o apelativo de *mouro*) e coas follas pilosas no envés, que lle proporcionan unha cor cincenta. Brota facilmente dende o tronco, polo que é fácil atopalo formando matas. Así a todo, non podemos desbotar a posibilidade de que conteña un derivado de *cerca* (do latín *CIRCA*), sobre todo tendo en conta a proximidade dos topónimos *Os Cercados* e *O Chouzo*, pero parece moi pouco probable.

Situadas entre a Bouzafría, Os Chans e O San Cibrán, a ambos lados da rúa do San Cibrán. Dende o punto de unión entre as rúas do San Cibrán e A Chan, en dirección ao San Cibrán, **A Cerqueira** ou **As Cer-**

54 A forma correcta sería *O Camiño de Cerdeiró* e non *Camiño Cerdeiros* como figura oficialmente.

virían dados pola presenza da árbore, mentres os primeiros farían referencia ás colmeas. En Bembrive rexistramos no veciño barrio de Xestoso o topónimo *O Sobreiro*, polo que poderíamos estar ante a mesma situación, aínda que o feito de que apareza o topónimo *Cortizo* en singular complica a interpretación, xa que os cortizos se instalaban en grupos, polo que un topónimo derivado da súa presenza cabería esperar en plural. Porén, sabemos que a actividade apícola non foi allea á parroquia de Bembrive. No *Catastro de Ensenada* cénsanse a mediados do século XVIII cento cincuenta e seis colmeas, cento seis delas instaladas precisamente no Monte do San Cibrán e pertencentes a un único propietario, Pasqual González, posuidor ademais dun «Cocho dos Cortizos» Estes indicios apuntalan a hipótese da orixe apícola e poderían levarnos mesmo a especular sobre a antiga localización nestas coutadas daquelas colmeas de mediados do século XVIII.

► Esparramán

É topónimo escuro. Quizais unha alteración de *Parramal* orixinada cando se fixo necesario crear un plural secundario, coma noutros topónimos da zona que antes eran en singular. Iso supón unha alteración de *Parramal* en *Parramán*, que non sería excepcional en Fragoso ao tratarse dunha palabra opaca para os falantes (algo semellante, non é insólito oír *Matamán* por *Matamá*). O *Es-* de *Esparramán* pode ser unha alteración dun artigo feminino plural *As*, coma o topónimo *Escobichas* e *Escubichas*, en Sabarís, que aparece así na documentación recente, pero que en CME se recollía como *Covichas* e *As Covichas*. Ante isto podemos dicir que *Parramal* é tamén topónimo escuro na súa morfoloxía, aínda que semella ser un derivado de *parra*.

En Xestoso, **Esparramán** ou **Os Campos de Esparramán** son as leiras que hai aos pés da presa do mesmo nome e que se estenden polo sur ata un pequeniño valado que os separa do Cabazo. **A Presa de Esparramán**, presa terreña de certa entidade e en bo estado, atopámola ao final do chamado **Camiño de Esparramán**. Este camiño en realidade era coñecido como o camiño do Lugar de Arriba, pero acabou collendo o nome do lugar a onde se dirixía, Camiño de Esparramán. Aínda que «Esparraman» aparece xa no *Catastro de Ensenada* (1752), no *Libro de Afanegados* (1846) atopamos a forma «Parramal».

► **Espiñeira, A**

Derivado por medio do sufixo –ARIA de SPINU ‘espiño’, nome empregado para designar diferentes especies arbóreas ou arbustivas como o *Crataegus monogyna* (espiño albar, estripo ou estipeiro) o *Prunus insititia* (variedade de abruñeiro) ou o *Prunus spinosa* (abruñeiro; arbusto cos froitos do cal se elabora o pacharán, bebida característica de Nafarroa).

Sector do monte do San Cibrán delimitado aproximadamente pola pista da Fraga ao leste, o camiño das Valadiñas ao oeste, A Pedreira ao norte e A Coutada das Señoras ao sur. Hoxe en día os piñeiros cobren esta ladeira, pero por sorte aínda podemos atopar entre eles algúns exemplares de *espiño*, algún deles de importante porte arbóreo, fundamentalmente nas marxes do camiño que baixa dende a pista da Fraga para saír á das Valadiñas, a carón do rego que baixa pola Pedreira. Neste caso referímonos ao *Crataegus monogyna*⁵⁵, rosácea empregada habitualmente como pé para enxertar sobre el árbores froiteiras da mesma familia, sobre todo pereiras. Pero ademais, do espiño pódense aproveitar os froitos, cos que se fai confeitura, as follas novas, que se consomen en ensalada, as flores en infusión, ou mesmo a madeira como combustible. O «Monte da Espiñeira» aparece xa no *Catastro de Ensenada*.

► **Estripeiral, O**

Abundancial de *estripeiro*. Indica a presenza destas árbores no lugar así nomeado.

Noméanse así (e co plural secundario **Os Estripeirales**) o conxunto de leiras, a maioría delas na actualidade a poulo, situado fronte á Cancela e por debaixo do Panxón. Dirixíndonos de Mandín cara aos Freires, uns noventa metros máis adiante da Volta do Popó (→ Popó), temos **O Estripeiral** á man esquerda, que se estende ata a curva pronunciada anterior á do Abade. O extremo norte márcalo o terreo do Panxón totalmente pechado e separado por un valado. Xusto fronte ao Estripeiral, no outro lado da estrada, situada na Cancela está **A Presa do**

55 Descoñecemos, iso si, se en orixe foron estes espiños os que motivaron o topónimo ou algunha das outras especies que comparten o mesmo nome común (como o *Prunus spinosa*, coñecido tamén, ademais de como *espiño* ou *espiñeiro*, como *abruñeiro*) e que hoxe en día parece que non están presentes.

Estripeiral, que recibía a auga dende A Puga pola rúa de Mandín e dende ela baixa o rego que ía unirse co que baixa de Reiriz. *O Estripeiral*, así como o topónimo *Estripeiro*, aparecen xa no *Catastro de Ensenada*.

► **Estripeiriño, O**

Diminutivo de *estripeiro*. É unha pequena zona do monte do San Cibrán situada ao suroeste da Espiñeira, por riba dos Lagos. As veciñas do San Cibrán, agora de case noventa anos, que levaban o gando a pastar a estes montes, lembran que daquela non había ningunha árbore na zona, era todo *monte baldío*, aproveitado como pasto para o gando.

► **Estripeiro, O**

Procede da sufixación, mediante a partícula -ARIU, da base latina STIRPE ‘tronco, raíz’. Débese o nome ao feito de seren empregadas as especies así denominadas como patrón (*tronco*) sobre o que enxertar diferentes especies de froiteiras. *Estripeiro* ou *estripo*, ademais do de *estripiño*, son outros dous nomes polos que se coñece o *Crataegus monogyna*, pero é tamén un dos nomes dados á pereira brava (*Pyrus cordata*).

Se dende o lugar de Paio baixamos polo camiño do Estripeiro ao río de Paio, **O Estripeiro**, coñecido tamén co nome de Sospalleiros (*Os Espalleiros* nas escrituras), son as terras de labor, aos pés do Peixebonito, que temos á man dereita, xusto antes de chegar á ponte. Estreman ao leste co río da Regada ou de Paio, ao norte co devandito Camiño do Estripeiro ao oeste cun camiño de servizo e ao sur con máis terras de labor das Pereiras. **O Camiño do Estripeiro** atopámolo á man dereita ao final do camiño de Paio, lixeiramente encaixado entre valados, e que nos leva á ponte sobre o río de Paio.

► **Fenal, O**

O latín FENU evolucionou en galego a unha voz patrimonial *feo* e a un cultismo *feno* que conservou o -n- intervocálico que se perdeu no primeiro caso. Este segundo termo é o que mantén o significado que xa tiña en latín de ‘herba segada e seca que serve de alimento ao gando’, mentres que *feo* se emprega, segundo recolle a *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega*, para nomear distintas especies de gramí-

neas (plantas co talo en forma de cilindro, normalmente oco, con follas longas e estreitas e flores dispostas en espigas que teñen gran seco) silvestres propias de lugares húmidos e/ou areentos como a *Ammophila arenaria*, *Deschampsia flexuosa* ou o *Holcus lanatus* ou a ciperácea *Carex paniculata*. *Fenal* é un colectivo de *fenos*.

O **Fenal** é a lingua de terra que se estende dende a rúa do San Cibrán, fronte á Presa do Ripanso, cara ao nordeste, ata testar co camiño do Soeido e a das Cacharelas. Por nacente un muro sepárao dos terreos e vivenda que dan á rúa do San Cibrán no tramo anterior ao Ripanso, e marca o seu límite por poñente un forte desnivel que dá paso ao Soeido. Por debaixo de Fenal había dúas presas, e por riba hai un carreiro que vai dar ao camiño do Soeido, que era antigamente o coñecido como «rego general», por onde ía a auga dende O Ripanso ata As Pereiriñas, pasando por riba da Presa da Bouzafría. Deste rego regaban tamén As Veigas do Muíño, Sospalleiros, A Loureira e Os Campos da Porta. Este topónimo aparece xa nunha ocasión no *Catastro de Ensenada*.

► Figueira, A / Figueiras, As

Do latín *FICARIA*, é o nome común do *Ficus carica*, árbore da familia das moráceas que ten por froito o figo (*FICU*). *Figueira*, *Figueiro*, *Figueirido* e outros derivados están moi presentes na toponimia galega; rexístranse máis de catrocentas entradas no Proxecto Toponimia de Galicia.

Trátase dun terreo particular que dá ao Camiño do Pereiro (subindo, uns cento cincuenta metros antes da Rúa da Chan), con vivenda que dá ao camiño das casas vellas antigo (baixando o camiño, primeira á man esquerda).

Nos Chans **As Figueiras** son unha pequena coutada dentro dos Chans de Abaixo, cara ao sueste das Presas das Cunchadas.

Nos Freires atopamos diferentes topónimos que levan este vocábulo. O núcleo de terras e vivendas rodeado ao norte e leste polo camiño dos Freires, ao oeste polo valado que as separa dos Lodeiros e ao sur esténdese uns metros máis alá do camiño das Figueiras, abrangendo o que era o lugar de *Tía Milia Bugarina*, onde na actualidade hai tres chalés novos. O camiño está asfaltado e parte do camiño dos Freires, pouco antes de unirse coa rúa de Xestoso, para dar acceso aos novos chalés das Figueiras. Polo tanto, **As Figueiras** son os campos que nos quedan á man dereita cando subimos polo Cardal dos Freires a Xestoso

e as casas e chalés que, despois da curva, seguimos atopando antes de saír á rúa de Xestoso. Aínda que se entende que As Ameixeiras, terras situadas cara ao norte, pertencen aos Freires, As Figueiras son consideradas pola súa veciñanza xa como parte de Xestoso. No extremo oeste das Figueiras, por riba dos Lodeiros, temos **As Figueiras Pequenas**, testando ao sur co Piñeiro; baixando polo camiño das Figueiras, son o terreo situado por debaixo da última entrada que atopamos á man dereita e a vivenda en que desemboca, coñecida como «A do Pajarillo». Nas Figueiras, por riba do Piñeiro, lembran veciñas de pouco máis de setenta anos como súas avoas botaban liño, que unha vez recollido levaban a empozar ás presas do Galleiro. Á **Presa das Figueiras**, feita hoxe en día de cemento, chegamos baixando polo camiño dos Freires, uns sesenta metros despois de deixar a rúa de Xestoso.

Os topónimos *A Figueira* e *As Figueiras* aparecen xa no *Catastro de Ensenada*. Debemos lembrar que, como corresponde á fala da zona onde nos atopamos, a súa realización é sempre con gheada (*A Figheira, As Figheiras, A Figheiriña*).

► Figueiriña, A

Diminutivo de *figueira*, co sufixo moderno *-iña*. Trátase dun pequeno terreo situado por detrás da primeira casa á man dereita (só estrutural) ao baixar polo camiño da Pedrosa uns cen metros. A súa realización é sempre con gheada *A Figheiriña*.

► Galleiro, O

Deriva do latín *GALLEU ‘rama’ que deu o galego *gallo*, que ten, entre outras, as acepcións de ‘cada unha das partes que saen do toro das árbores ou das demais bifurcacións, nas que nacen follas, flores e froitos’ ou ‘rama ou pau bifurcado’. Esa acepción fai que en certas ocasións o topónimo non teña un valor fitotoponímico, senón que fai referencia simplemente ao concepto de bifurcación, como *A Pena Gallada* en Quiroga, que é unha pedra fendida en dúas. Palacio entende que o topónimo *Galleira* e outros relacionados con el como *Galleiral* ou *Galleiros*, si serían fitotopónimos que farían referencia a lugares onde se recollía leña ou paus empregados como arxóns, xa que un *galleiro* é tamén unha ‘especie de arxón’ (Franco Grande, X. L.: 1972, en *DdD*, s.v.), chamados *espichos* na veciña parroquia de Sárdoma. Dentro do

concello de Vigo, aínda que xa na estrema con Nigrán, na parroquia de Saiáns, chámaseselles *galleiros* aos piñeiros que se ían cortar ao monte e unha vez secos chantábanse no lugar da casa para pendurar os polbos a secar das pólas que se deixaban sen cortar.

Trátase do Monte da Chan coñecido, por suposto, na fala como *O Ghalleiro* ou *O Monte do Ghalleiro*. Os seus límites non son recoñecidos xa con claridade, pero si podemos dicir que se entende por O Galleiro o lugar que ocupa a escola da Chan, continúa cara ao sur abrangendo A Carracha, sobe cara ao leste máis arriba das Presas do Galleiro, alá onde nacen as augas que baixan logo ata elas, e está dentro do **Monte do Galleiro** tamén o merendeiro do Pouso, onde os rapaces, que agora teñen xa máis de sesenta anos, ían xogar ao **Campo do Galleiro** coñecido por outras veciñas e veciños como O Campo do Balón (→*Campo*). Tamén forma parte do Galleiro a ladeira por debaixo da escola da Chan onde, pasando o núcleo de casas situadas na beira do camiño da Candea, á man esquerda, se localiza unha coutada que nas escrituras figura como «Picaraña»⁵⁶ o Galleiro». Descoñecemos cal dos significados de *galleiro* deu lugar ao topónimo deste monte, xa que nel se cumpre a premisa de ser un lugar onde se podería recoller leña e espichos, pero a dobre denominación mencionada anteriormente de «Picaraña o Galleiro» inclínanos a pensar que o motivo sería a existencia dunha galla pétrea, como a do monte do Galiñeiro, coñecida como *A Galla do Galiñeiro*. Seguramente é tamén un penedo singular o que lle deu nome ao monte da Picaraña, en Pontearreas.

Non podemos esquecer, aínda que é pouco probable que dese nome a un monte, a existencia dunha bifurcación que representa ademais o elemento máis destacable do monte do Galleiro: a da Fonte das Partillas. É unha pedra con forma de Y grego invertido, situada no leito do rego que baixa ás **Presas do Galleiro** (poucos metros por riba delas) e que servía para dividir as augas, dirixindo unha parte á presa do Galleiro de Arriba, que se empregaba para regar a zona noroeste da

56 Topónimo desaparecido xa do acervo toponímico da parroquia, que tampouco figuraba no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*. Debe de ser un derivado de PICCU, PICCA con dobre sufixación en *-aro* (cf. *cótar*, *gándara*) e *-año*.

Chan, ata Larín, e outra parte á presa do Galleiro (ou A Presa Galleira⁵⁷) de Abaixo, da que se regaban Os Chans e As Casas Vellas entre outros lugares. O seu nome, procedente do latín *PARTIRE* ‘dividir en partes’, ten un significado totalmente transparente por ser o lugar onde se *partían* as augas, expresión empregada habitualmente ao referirse a ela. Aínda que semella castelán polo sufixo *-illa*, o termo *partilla* é en realidade o correspondente ao castelán *partija*, propio do léxico dos testamentos e herdanzas, e emparentado co verbo *compartillar* ‘compartir’. A Fonte das Partillas é un dos elementos máis destacados do patrimonio material da parroquia pola presenza que aínda ten na memoria da súa veciñanza. Actualmente o xeito máis doado de acceder ás **Presas do Galleiro** é pola pista do Galleiro–Valadiñas dende a estrada da Área de Lecer polo curso do rego cara á Fonte das Partillas. Son dúas presas, **A Presa do Galleiro de Arriba** e **A Presa do Galleiro de Abaixo**, que como xa comentamos se alimentaban dos nacentes situados xusto por riba da Fonte das Partillas e do rego que baixa dende máis arriba, recollendo as augas que afloran na parte alta do Galleiro, onde na actualidade hai varios depósitos da comunidade de augas da Chan. Na actualidade, debido ao abandono do sistema de rego ligado ás presas, todas as augas que pasan por elas baixan pola Carracha e a Xabalouca para rematar alimentando as Presas das Cunchadas. A estas presas subían no pasado as anguías, peixes nourora habituais en todos os regos e pozas das parroquias do rural vigués, pero case imposibles de atopar hoxe en día. Debaixo das Presas do Galleiro, atravesada polo rego das augas que agora, libres, baixan delas está **A Coutada do Galleiro** (O Galleiro). **O Camiño do Galleiro** (O Galleiro) é a continuación do camiño das Casas Vellas (antigo) que sobe dende A Xabalouca (rúa da Chan) ata As Presas do Galleiro. Hai quen lle chama tamén camiño do Galleiro ao que foi nomeado camiño da Área de Lecer e que outras veciñas e veciños coñecían simplemente como o camiño do Monte.

57 Esta equivalencia entre as formas *A Presa do Galleiro* e *A Presa Galleira* é outro exemplo do emprego do feminino con valor adxectivo a partir dun nome masculino.

► **Garabulla, A**

Garabullo e *carabullo* son palabras de orixe prerromana relacionadas con *CARBA- ‘ramallada’ que teñen o significado de ‘pau pequeno e delgado empregado normalmente para acender o lume’, polo que un lugar así chamado debeu ser aquel onde era habitual ir buscalos, ou onde se atopaban os de mellor calidade.

A Garabulla correspóndese na actualidade co cemiterio da parroquia e coa zona arredor do camiño que lle dá acceso, posto que os terreos que se cederon para construílo figuraban con ese nome nas escrituras. Parte do cruzamento entre o camiño de Novelos e a rúa do Monte Calvario cara ao oeste, ata o cemiterio, chámase **O Camiño da Garabulla**, coñecido tamén como O Camiño das Ferreiras. Lembra unha veciña do lugar de avanzada idade como na Garabulla, no camiño que arrodeaba o cemiterio pola parte de abaixo (un camiño de carro, con viñas), apareceron tirados os corpos de *paseados* despois do levantamento do trinta e seis⁵⁸. As nenas e nenos da contorna colleron tanto medo a pasar por alí para ir á escola, que os mestres presentaron unha queixa ao respecto. Di que a partir de entón «leváronos a matar a Vincios».

Dise que o topónimo *A Garabulla* procede do alcume dunha muller que vivía neste lugar cando se construíu o cemiterio. Pero o topónimo «A Garabulla» aparece xa no *Catastro de Ensenada*, polo que o proceso foi o contrario; existía previamente o topónimo que pasou a ser alcume da muller que vivía alí. No *Libro de afanegados* aparece en moitas ocasións como «Garabulla o Ferreira», posto que se atopa dentro do lugar da Ferreira, no seu extremo nordeste. Naqueles tempos era unha devesa.

58 Estes feitos non só quedaron gravados na memoria da veciñanza. Algúns deles atópanse documentados no Segundo eses datos, o 15 de xaneiro de 1937 apareceron nos arredores do cemiterio de Bembrive os corpos de: Eugenio González Alonso, Domingo Fernández Pazos e Indalecio Oya Alonso.

Outros veciños de Bembrive foron fusilados noutros lugares; é o caso de Miguel Cuadrado Crespo (15/03/37); Juan Alonso Rodríguez (19/03/37); José Davila Uveira (5/10/36); Francisco Gómez Posada, Germán Gómez Posada e Cristino Romero Posada (15/12/41).

► Garambelos

Topónimo escuro. Podería equivaler ao topónimo *Garabelos* recollido por Nicandro Ares (2013: vol. II, 797) na toponimia de Monterroso e que considera da familia de *garabullo*. Tamén podería ser unha variante de *carambelos* ‘xeo que queda colgando nalgún sitio ao conxelarse a auga que cae ou ‘capa de xeo que se forma sobre unha superficie líquida cando vai moito frío’ (cf. a mesma variabilidade en *garabullo/ carabullo*), se é que se trata dun lugar frío.

En Segade, *Gharambelos*, na pronuncia, é o lugar onde está a primeira casa que temos á man esquerda do ramal sen saída da rúa de Recaré, fronte á Fonte de Recaré. Esténdese cara ao sur ata a avenida de Madrid, testando co Lagares. Aínda que etimoloxicamente é un termo moi antigo, de orixe prerromana, parece ser que o seu emprego como localizador na parroquia podería ser recente, xa que non aparece ningún topónimo *Garambelos* nin ningunha forma similar nin no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*.

► Garnacha, A

A *garnacha* é unha variedade de uva tinta (aínda que existe tamén unha variedade de *garnacha branca*, posible mutación a partir desta) e tamén o nome que recibe o viño elaborado con ela. Pódese entender que o nome da uva se estendeu ao propio lugar onde era cultivada e acabou fixado como topónimo. É un vocábulo que procede do italiano *vernaccia*, probablemente, segundo Corominas, do nome da vila de Vernazza, situada na comarca de Liguria, famosa polos seus viños (1980–1992, vol. III: 101).

Delimita este topónimo o polígono de leiras que se estenden dende A Fonte de Novelos cara ao sur, ata O Parrachón. Non aparece citada na documentación antiga.

► Laranxeiro, O

É o masculino correspondente a *laranxeira*, voz de orixe árabe que designa ao *Citrus aurantium*. O *n*- inicial do termo árabe NARÁNGA, do persa NÁRAG, disimilou nun /- no galego e no portugués, dando *laranxa*

► Lata, A

Malia que o de ‘folla de ferro cuberta dunha capa de estaño’ ou ‘pequeno recipiente feito con este material’ son os significados máis coñecidos na actualidade, o vocábulo *lata* ten moitos outros recollidos no propio dicionario da *Real Academia Galega*, entre eles o de ‘pau longo’, ‘cada un dos paus longos que suxeitan a palla ou a herba nun palleiro’ ou ‘estrutura que sostén unha parra’, que serían os que presumiblemente deixaron a súa pegada na toponimia. Unha *lata* é tamén no portugués de Trás-os-Montes un pequeno terreo de cultivo longo e estreito, acepción que tamén se atopa na toponimia galega e que é a que explica topónimos como o nome da aldea chamada *A Latiza*, en Rodeiro. Procede do latín vulgar *LATTA* ‘vara, pau longo’.

En Paio sitúase na marxe esquerda do río do Xalón, entre o río e o camiño do mesmo nome, xusto por riba do punto onde ambos se cruzan. Se entramos polo camiño de Xalón, quedáanos á man esquerda ao xirar o camiño, logo de pasar a única casa, sen rematar, que atopamos de fronte. Marca a transición entre As Veigas e a zona de moi fortes pendentes que é O Laranxeiro. Na actualidade é terreo na súa maioría a monte, no interior do cal se pode atopar algún campo de millo, aínda que ata hai pouco eran viñas. Emprégase tamén o plural **As Latas**.

Na Regada, **A Lata** é un terreo anteriormente de labradío en secaño, que na actualidade alberga unha vivenda. Subindo da ponte das Pereiras ao lavadouro da Regada (Xestoso), témola á man esquerda (terreo con casa), testando co camiño da Regada, ao outro lado do cal temos xa o extremo norte do Crasto de Xestoso.

Aparecen os topónimos «A Lata» e «Latagrande» como propiedade de veciños e veciñas de Baruxáns no *Catastro de Ensenada*, así como «A Lata» ligado a veciños da Regada e un «Cocho da Lata do Medio» propiedade dun veciño dos Chans.

► Liño, A Casa do

O liño é unha herbácea da familia das lináceas, de fermosas flores azuis, cultivada polo aproveitamento téxtil das fibras obtidas do seu talo, pero tamén polo contido oleoso das súas sementes. Estas sementes, coñecidas como *liñaza*, eran empregadas tamén con fins medicinais, aplicándoa en cataplasmas para curar a pulmonía. En Bembrive

ve sementouse moito liño, posto que temos referencias de veciñas e veciños que lembran a súa presenza nos Sorregos de Mourelle, nas Figueiras dos Freires, no Penedo do lugar do Cea, na rúa de Xestoso e nos Lagos da Pexega; na Lagoa por riba de Regueiriños, no Muíño de Paio, na Regada das Pedras, nos Casaldares e no Pumar, na Fraga ou no Ripanso.

Unha vez recollido, hai algunha persoa de avanzada idade que lembra como se *ripaba*, e logo de posto en remollo mallábase, *mazaba* e *espadelaba* (tarefa que facían as mulleres, indo unhas á casa das outras) e escarpeábase para logo fialo. Sabemos que fiadas tamén houbo en Bembrive, grazas ás historias que lles contaban as avoas ás netas e netos que hoxe en día teñen máis de oitenta anos. Un dos emprazamentos destas fiadas era o lugar dos Xusticias, no San Cibrán, entre a baixada da Bouzafría e a da Loureira, onde «facían festa a tecer de noite», tal como lembra unha informante.

Agora ben, curiosamente, a única pegada que deixou o liño na toponimia foi a dos numerosos topónimos *O Lago* existentes na parroquia, procedentes dos *lagos* ou *pozas* necesarios para o seu procesado, ou o devandito *Ripanso*, ademais da **Casa do Liño**. Con este nome coñécese o alboio pertencente a unha casa antiga situada na man deiteira da rúa de Segade, fronte ao Lago, onde a súa propietaria, de máis de noventa anos, lembra que se mallaba e se ripaba o liño. Tamén lle chamaban Os Mazadouros, en alusión, entendemos, ao mazado da planta. Agora o lugar é coñecido como A do Caraxo. No *Catastro de Ensenada* si que aparecía outro topónimo relacionado co liño: «Liñeiros», nome dun terreo propiedade de Francisco Antonio Costas, veciño do San Cibrán, e tamén no *Libro de afanegados*, en que figura «Casas Vellas o Liñares».

► Loureira, A

A *loureira* é unha especie relativamente fácil de confundir co loureiro pola similitude das súas follas. É o *Prunus laurocerasus*, pertencente ao mesmo xénero que as ameixas (*Prunus domestica*) ou o melocotón (*Prunus persica*), de froito comestible (chamado *lorbaga*, do latín LAURI BACA ‘baga do loureiro’), similar a unha cereixa pero de cor negra e disposta en acios, pero carabuña tóxica. Recibe tamén o nome de *loureiro real*. *Loureira* ou *loureiro* é tamén o nome dunha variedade de uva tinta

cultivada nas Rías Baixas e unha uva branca, dourada, común no Ribeiro, así como do viño que se fai con elas. Como dixemos no caso das Verdellas e a Garnacha, non é raro que algunhas viñas se denominasen pola variedade de uva cultivada. Con todo, non podemos esquecer que *loureira* podería ter un valor adxectivo e facer referencia á presenza de loureiros (*Fonte Loureira* = 'Fonte do Loureiro') ou que como corre noutros casos como *A Amieira*, *A Salgueira* etc. teña un valor colectivo e indique a abundancia deste arbusto. Esta é, quizais, a hipótese máis probable para a orixe do topónimo neste caso. En todo caso, o topónimo Loureira podería ser tamén un adxectivo derivado do nome dun propietario apelidado Loureiro.

Antigas terras de labor agora, agás algunha leira aínda traballada, maioritariamente a poulo. Baixando pola (->) Quiringosta dende a rúa do San Cibrán, a uns cento vinte metros, onde a pista asfaltada remata nunha vivenda, comeza cara a abaixo, á man dereita, **A Loureira**. Primeiro **A Loureira de Arriba** e, por debaixo dela, ata chegar ao río, **A Loureira de Abaixo** (tanto nestes casos como no do conxunto adoita empregarse o plural secundario **As Loureiras**). Existe entre elas un pequeno camiño de pés. No *Catastro de Ensenada* non aparece este topónimo, pero si «Fonte Loureira»⁵⁹, ligado sempre a propiedades no San Cibrán ou no Carballal. No *Libro de afanegados* aparece xa «A Loureira», «A Loureira de Abajo» e tamén «Cocho da Fonte Loureira» e o «Cocho da Loureira o Fonte». Na actualidade, coñécese o terreo situado por riba das Loureiras como A Fonte, por debaixo da cal hai dous Cochos (O Cocho Regueiro e O Cocho das Tres Esquinas) e estrema tamén coa Loureira, no lugar onde se atopa o Lavadouro da Bouzafría, alimentado pola auga dunha fonte. Por todo isto, é posible que esa antiga «Fonte Loureira» se corresponda coa zona ocupada na actualidade polas Loureiras e A Fonte. **O Camiño da Loureira**, estreito e encaixado, é unha prolongación da Quiringosta, que entre A Loureira de Arriba e As Teixugueiras baixa á Loureira de Abaixo. Toda a súa marxe esquerda está chea de loureiros, que reapareceron unha vez que se deixaron de traballar os campos, posto que antigamente, coas leiras aproveitadas ata o extremo e os valados limpos, non había rastro deles.

59 E tamén Fonte Loureiro, o que, de ser o mesmo lugar, reforzaría a hipótese do valor adxectivo de *Loureira*.

do quizais, e isto é unha especulación, pola presenza de maceiras de froito acaído para consumir asadas no forno. Tamén podería deberse á presenza dunha pedra que parecía unha *maseira* (unha pía) e cando se perdeu a conciencia dese significado pasaron a asociala a un forno. O que si aparece no *Catastro de Ensenada* é o nome do veciño dos Chans «Juan de Mazeira», polo que, quen sabe, se este apelido toponímico foi quizais a orixe do noso, acrescentado posteriormente co adxectivo *Forneira*, unha vez que se perdeu a noción da súa orixe.

A leira do Muíño Vello aos pés da que está aproximadamente O Cachafondo do Xan Ribeiro recibe o nome de **O Campo das Maceiras**. É un topónimo creado pola xeración actual de propietarios que, descoñecendo xa o nome orixinal do lugar, empregan esta denominación para referirse a esta propiedade onde teñen maceiras. É, polo tanto, un exemplo de creación de nova toponimia que suplanta a anterior, un proceso que se deu sempre ao longo do tempo e que explica, por exemplo, a superposición entre os topónimos O Cortiñelo e O Ameal que temos no Outeiro.

► Nabal Vello, O

Derivado do latín *NAPU* ‘nabo; *Brassica napus*’ co sufixo correspondente a *-ALE*. Un *nabal* era en orixe unha plantación de nabos, mais este significado orixinario alterouse nalgúns lugares nun máis xenérico de ‘leira dedicada a cultivo de hortalizas en xeral’ (Constantino García González: 1985, en *DdD*, s.v.).

Pertence ao **Nabal Vello** o chalé situado na curva anterior á Xabreira da Pascua, subindo polo camiño do Pouso e a partir de aí esténdese cara ao sur e leste polos campos, ata abranguer o par de casas que quedan por riba da Xabreira, posto que este é o nome que ten unha delas nas escrituras. Aínda que o cualificativo *vello* leva a pensar que existiron máis *nabales* posteriores na contorna dos que se buscaba diferencialo, non quedaron fixados na toponimia. Pero incluso nos documentos antigos, a única referencia que atopamos é un «Nabal Viejo» no *Libro de afanegados*, propiedade dun veciño da Regada, polo que probablemente se trate do mesmo ao que nos estamos a referir.

Só nunha ocasión escoitamos o termo *nabal* empregado como apelativo nas conversas mantidas en Bembrive, en concreto na frase «coa herba botábase tamén nabal», facendo referencia a que xunto coa her-

ba que se sementaba entre o millo, unha vez que este xa medrara, se botaban tamén nabizas. Deste xeito, comprobamos que en Bembrive o vocábulo mantiña o seu significado orixinal referente á planta do nabo, posto que, como sabemos, as nabizas son as súas follas tenras.

► **Nogueira, A**

Do latín vulgar *NUCARIA*, é a *Juglans regia*, árbore cultivada pola súa madeira e os seus froitos, as noces.

Terreo de labor situado no extremo oeste dos Troncales. Se ao chegar ao Cristo do Cacheno, vindo dende Moledo, collemos o camiño que temos xusto enfronte, entre dúas casas, temos á dereita O Rial e á esquerda, logo de pasadas as casas, e un pouco cara a arriba, **A Nogueira**.

Coa forma en plural, **As Nogueiras**, no Carballal noméase un terreo actualmente a monte situado fronte ao último núcleo de casas da rúa da Senra anterior ás Cunchadas.

Propiedades co nome de «A Nogueira» e «As Nogueiras» aparecen case nunha ducia de ocasións no *Catastro de Ensenada* en que, figura tamén un «Campo do Nogal», topónimo menos habitual e que xa non chegamos a recoller en Bembrive, aínda que podería tratarse quizais dunha tradución dun *Campo da Nogueira*.

► **Parrachón, O**

Parrachón é un derivado de *parrocha* e explicamos o paso de –o– a –a– por unha simple disimilación vocálica (a vogal pretónica abre para diferenciarse da tónica). Localízase este lugar ao final da recta do chamado *Camiño Espedrás*, entrando dende Novelos, atopamos O Rego de Pontecela e á súa esquerda, que vén sendo a beira dereita do rego, de fronte, augas arriba, O **Parrachón**, aínda que hai quen inclúe tamén na área de influencia do topónimo a beira dereita. Aínda que tamén recolleemos a forma *Parachón*, *Parrachón* é a dominante, e así aparecía xa no *Catastro de Ensenada* e no *Libro de afanegados*.



O Parrachón

► Parrocha, A

Parrocha, ademais de ser o nome da xouba nas costas do norte, ten a dobre acepción de 'videira; cepa silvestre', recollida por Sobreira Salgado, e 'casoupa feita para gardar ferramentas ou protexerse das inclemencias do tempo cando as terras de labor estaban lonxe da casa' (Franco Grande, X. L.: 1972, en *DdD*, s.v.). En relación coa primeira acepción, Navaza apela para reforzala (2006: 399) ao asturiano, lingua que conta co termo *parrucha*, co significado de 'terreno poblado de parres'.

Lugar do barrio de Segade situado no seu extremo noroeste, testando coa parroquia de Lavadores. Considérase o seu núcleo central a pequena praciña (a praza da Parrocha) onde se cruzan a rúa da Parrocha e a baixada ao Castelo, onde se celebran as súas sonadas festas. Esténdese cara ao sur ata unirse ao lugar de Recaré e cara ao leste ata o Areeiro. Na praza da Parrocha atópase, integrado do muro dunha propiedade, un devocionario do Sagrado Corazón de Xesús, que data dos

curva, a de Regueiriños, onde o topónimo abrangue tamén a vivenda que dá ao camiño, por riba da que se atopa o valado que marca o seu límite leste. Ao sur atópase O Rial e ao oeste O Cocho Pasal.

Na Regada, **As Pereiras** identifican leiras á man esquerda, subindo, do camiño da Regada, entre o camiño de Paio e A Ponte das Pereiras. A situada máis ou menos no centro do conxunto alberga unha vivenda no seu extremo sur, pero as restantes mantéñense como terras de labor aínda que maioritariamente non cultivadas. Testan ao oeste co camiño de Paio, ao norte coa das Pitisas e no extremo leste co río da Regada. **O Cocho da Pereira** é unha porción de terreo dentro das Pereiras, contra a estrada. O tramo do actual camiño da Regada que discorre por diante das Pereiras, aproximadamente entre o camiño de Paio e A Ponte das Pereiras denomínase **O Camiño das Pereiras**. Lembra unha veciña do Paso, de case noventa anos como, cando ela era pequena, a veciñanza do lugar se levantou contra o intento de «levar» a auga de Pontecela para Vigo, como xa se fixera coa auga dos nacentes do río de Eifonso. Ten especialmente presente a imaxe das veciñas e veciños armados con gadañas e forcadás subindo polo camiño das Pereriras para enfrontárense aos veciños que pretendían vender ese ben común e aos que viñan a apropiarse del. Neste caso o interese popular triunfou e a auga de Pontecela permaneceu na parroquia, onde era esencial para o rego de gran parte do seu territorio⁶². Tamén na Regada atopamos **A Ponte das Pereiras** antigo pontillón, agora ponte de cemento e formigón, feito para que o camiño da Regada puidese atravesar o río da Candea (ou da Regada). Coñecida tamén como A Ponte da Regada ou A Ponte da Chan, aínda que a da Ponte das Pereiras é a denominación máis estendida.

Os topónimos «As Pereiras» e «O Pereiro» aparecen xa profusamente no *Catastro de Ensenada*.

► **Pereiriña, A**

Diminutivo de pereira mediante o sufixo -iña, do que atopamos varios lugares así designados na toponimia de Bembrive.

62 Entendemos que esta lembranza está relacionada co escrito remitido con data do 27 de xullo do ano 1929 co que 39 veciños de Bembrive, xunto ao mestre Francisco Estévez e o párroco Claudino Quintero Vilas, se dirixen ao concello de Vigo para amosar a súa oposición a que se desviara máis auga de Bembrive para Vigo. Documento depositado no arquivo do Concello de Vigo.

► Piñeirós

Piñeirós procede do latín PINARIOLAS. O sufixo –OLA, que na evolución común do galego resulta en –oa, téndese a reducir a –ó na zona bra-careNSE, sobre todo no portugués e no galego tudense (–OLA>–oa>–ó).

No camiño da Capela, indo cara a Beade, á altura da entrada para o camiño do Campaneiro, temos á man dereita **Piñeirós**, terreo de monte onde destaca unha mancha de vexetación distinguible dende a distancia (por exemplo dende A Cruz), formada por unha ringleira de plátanos de sombra. Estas árbores ornamentais están plantadas por diante da caseta asociada ao depósito da antiga condución de augas de Bembrive a Vigo que se atopa neste lugar. No *Catastro de Ensenada* aparecen xa «Piñeiros» e «Piñeirós».

► Pomar, O / Pumar, O

Pomar (ou *pumar*, por realización do *o* átono como *u*) procede do latín tardío POMARE, variante de POMALE ‘verxel’ e ten o significado de ‘terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras’. En latín, o termo *pomu* tiña o significado xenérico de ‘froita’, aínda que máis tarde este quedou restrinxido, na forma do plural *poma*, á denominación dunha especie concreta, a mazá.

O Pomar é a leira situada por debaixo do núcleo de vivendas da Bouzafría. Subindo polo camiño da Bouzafría, antes da súa bifurcación (para A Chan ou O San Cibrán) temos á man dereita a entrada á segunda casa das Pereiriñas, da cal parte un camiño de pés á man esquerda. Seguindo uns cincuenta metros, teremos **O Pomar** á man esquerda.

No Pouso recollemos **O Pumar**, coutadas que se estenden a ambos lados do último tramo do camiño da Regueiriña, situadas entre a casa onde desemboca o camiño e A Presa da Regueiriña, chamada tamén **Os Pumares** ou **Os Pumariños**. **A Presa do Pumar** nomeada tamén **O Pozo do Pumariño**, xa que, de feito, máis que unha presa era realmente un pozo de reserva das augas que viñan da presa da Regueiriña e ían á da Veiga. Como se atopaba por riba das Leiras é coñecida tamén como A Presa das Leiras. Nesta había tamén unha fonte, **A Fonte do Pumar**, que non fomos quen de atopar.

Xusto fronte ao Lavadouro da Regada (ao outro lado da estrada) temos O Río facendo esquina e pegado a el, cara ao norte, **O Pumar**, terreo

O Ramallal son os campos situados por debaixo do Lavadouro e A Presa da Bouzafría, da que regan, e separados do río da Bouzafría polas Viñas Vellas. Ao sur, o camiño que baixa da presa sepáraos da Loureira, e ao norte outro pequeno valado dá paso aos Campos da Porta. Distínguese dentro deles **O Ramallal de Arriba** e **O Ramallal de Abaixo**. Ademais de terras de labor, algunhas delas traballadas aínda hoxe en día, sobre todo para a obtención de forraxe que podemos ver empacado a finais do verán, O Ramallal era o lugar de paso da veciñanza do San Cibrán para ir aos muíños da Bouzafría e O Buraco. Así nolo contaba unha veciña: «íase polo Ramallal e as Viñas Vellas e cruzábase nun pedo grande que levou a enchente. Era o Peirao». O mesmo camiño era empregado tamén para ir ás festas da veciña parroquia de Beade. Na actualidade, perdida posiblemente a noción de *ramallal* como colectivo, emprégase tamén o plural secundario **Os Ramallales**. «Ramallal» aparece no *Catatro de Ensenada* e o *Libro de afanegados*. Nese último caso xa figura con artigo e coa diferenciación entre «O Ramallal de Arriba» e «Ramallal de Abajo».

No San Cibrán, **Os Ramallos** localízanse no lugar onde está asentada a capela dedicada a San Cibrán, coñecida tamén como Capela dos Ramallos, a carballeira do seu redor, onde se celebran as festas do San Cibrán e a da sidra, e que é coñecida tamén como **A Carballeira dos Ramallos** e **A Fonte dos Ramallos** (no inventario municipal aparece como A Fonte da Capela) fronte a elas. Se tomamos a rúa do San Cibrán para dirixirnos cara a Beade, veremos a capela á man dereita e a fonte á esquerda, logo de deixar atrás o núcleo de vivendas do San Cibrán e xusto cando nos comezamos a introducir no monte. É este un nome moderno, motivado quizais pola presenza da ramallada da carballeira, que está a substituír o nome tradicional da Capela do San Cibrán.

► Rapadouro, O

O sufixo *-ouro* (*-oiro* noutras zonas de Galicia, fóra da área suroccidental) emprégase, unido ao verbo, para nomear os lugares onde se leva acabo a acción que ese verbo describe, polo que *o rapadouro* será o lugar onde se realiza a acción de *rapar* (cortar a rente). Segundo Navaza, que analiza no seu libro sobre a toponimia de Saiáns este nome presente tamén nesa parroquia costeira (2011: 181), faría referencia á corta e aproveitamento do monte baixo.

► Viña, O Campo da

Unha *viña* é un terreo plantado con vide (*Vitis vinifera*), aínda que tamén se emprega o termo para nomear a propia planta. A presenza deste nome na toponimia indícanos que cando se fixou o topónimo as terras que o levan estaban ocupadas por viñas, uso que en moitos casos aínda se conserva na actualidade. Procede do latín *VINEA*.

A maioría dos topónimos en que aparece este vocábulo son compostos. Recollemos **O Campo da Viña** (Baruxáns), situado por debaixo, cara ao oeste, das instalacións de Fenosa na avenida de Madrid.

En Mourelle o final do tramo asfaltado do camiño da Cova, seguimos cara adiante polo sendeiro. Deixaremos á man esquerda unha vivenda e fronte a ela, na dereita, O Cocho. Pois ben, pasado O Cocho, por debaixo do camiño que o separa del, temos **O Cu da Viña**, conxunto de catro ou cinco leiras por debaixo das que temos o Río de Eifonso, que as separa de Beade. Na actualidade coñécese como **A Viña Grande** a estrada que leva este nome e toda a zona que atravesa. Porén, ata a apertura da estrada, o topónimo correspondía ás coutadas da parte alta, situadas aproximadamente fronte a Miraflores e que na actualidade continúan sendo monte. Podemos aventurarnos a situar a data de aparición deste topónimo entre finais do século XVIII e primeiros anos do XIX, xa que non hai rastro del no *Catastro de Ensenada* (1752), pero si atopamos varias propiedades con este nome no *Libro de afanegados* (1846), algunhas delas categorizadas como toxeira ou piñeiral.

A forma de plural tamén é moi rendible toponimicamente, tanto soa como formando parte de sintagmas nominais. Deste xeito, temos **As Viñas**, terras situadas pola parte de abaixo da cafetería A Pedra, contra a avenida de Madrid.

As Viñas entrando polo camiño de Xalón dende o camiño dos Freires son as terras, maioritariamente con viña, que dende uns metros máis adiante teremos á man dereita, ata chegar ao Laranxeiro. Ao oeste testan coas Costas ou Costeiras de Arriba. A casa da entrada do camiño, e o terreo tamén con viña situado a continuación e separado por un camiño, poderían en realidade formar tamén parte delas. Ao outro lado do río de Xalón, cara a Paio, temos As Latas, polo que podemos pensar que nalgún momento puideron ter formado parte da mesma unidade territorial, se ben no *Catastro de Ensenada* xa aparecen os dous topónimos.

No *Catastro de Ensenada* non aparece o topónimo, pero si no *Libro de afanegados*. Porén, os dous casos que aparecen son «tojal de la Junqueira o Pereiro» e «tojal de Junqueira o Bruco» que non se corresponderían con ningún dos lugares en que actualmente se conserva o topónimo. Iso si, tanto no Bruco como nalgún dos terreos que coñecemos como Pereiro sería posible que houbo algún topónimo *Xunqueira* posto que hai minas ou nacementos de regos.

ZOOTOPÓNIMOS

Tamén os animais deixan a súa pegada no territorio non só a nivel físico, senón tamén lingüístico. Os zootopónimos son os topónimos que teñen relación co mundo animal.

► **Bruco**

Bruco recóllese en dicionarios antigos como o de Carré (*DdD* s.v.) como nome dun pequeno verme que destrúe o cereal, ou como sinónimo de *brugo*, nome dado a unha especie de pulgón. É raro que estes significados dean lugar a un topónimo, pero si é máis probable que orixinaran un alcume que quedou posteriormente fixado na toponimia como outros topónimos formados a partir do nome ou sobrenome do propietario. Parece unha palabra prerromana.

Coutada en Reiriz, á que se chega tomando a entrada que, á man dereita, temos dende a rúa da Viña Grande antes de chegar á Mina. Ao final do camiño, onde agora hai unha casa, é *O Bruco*. Malia que non hai referencias del no *Catastro de Ensenada*, si aparece no *Libro de afanegados* coa dobre denominación «Reyriz o Bruco», que nos indica que estamos ante o mesmo lugar, naquel entón ocupado por carballos.

► **Burro, O Muíño do**

Derivado regresivo de *BURRICO*, do latín tardío *BURRICUS* ‘cabalo pequeno’.

Está situado na Ponte de Moledo, á man dereita do comezo da costa da Peteta, na estrema coa veciña parroquia de Sárdoma. É un muíño de canle aparentemente en bo estado de conservación, pero que xa

► Coello, O

Do latín *CUNICULU*, posiblemente un celtismo incorporado ao latín. O topónimo podería deberse á abundancia dos mamíferos lepóridos aos que fai referencia no terreo que nomea, pero ao tratarse dun zoónimo en singular o máis probable, tamén neste caso, é que se deba ao alcume ou apelido dun antigo propietario. *Coello*, e as súas correspondencias noutras linguas, foron bastante usados como alcume na idade media, de aí a súa supervivencia como apelidos. Con frecuencia a motivación era o aspecto dos dentes da persoa a quen se lle aplicaba, que evocaban os incisivos deses animais.

Entrando polo camiño do Xalón dende Os Freires, entre as últimas casas construídas e o camiño que, polo sur, o separa das Viñas, temos o campo coñecido como **O Coello**. En Segade é o terreo que se atopa ao final do coñecido como camiño do Sablero, debaixo da casa da Pisca, onda O Magaza. Isto é, ao final da entrada que hai por riba do núcleo de casas que temos á man dereita, subindo pola rúa de Segade, uns corenta e cinco metros antes da entrada ao camiño dos Tisoureiros. Aquí había un Pochanco pequeno para uso exclusivo dese campo chamado **A Presa do Coello**.

► Coruxeira, A

Derivado de *curuxa*, termo de orixe controvertida, posiblemente prerromana, que dá nome á ave rapaz coñecida no eido científico como *Tyto alba*. Unha *curuxeira* é un lugar que está habitado por curuxas ou ben que podería potencialmente estalo e por iso se aplica a lugares elevados e rochosos, aínda que non haxa neles curuxas. Tampouco podemos descartar a posibilidade de que un topónimo *A Coruxeira* proceda do alcume dun antigo propietario, orixinario de Coruxo. De feito, o sufixo *-eiro* (ou *-eira*) é moi común na formación de xentilicios populares. Aínda que na fala escoitamos *A Curuxeira* ou, principalmente, *A Cruxeira*, con síncope da vogal, optamos na escrita pola forma *Coruxeira*, que permite todas as realizacións na fala e deixa aberta a porta ás diferentes orixes do topónimo.

Terreo situado na marxe esquerda da rúa do Cacheno partindo do cruceiro cara á avenida de Madrid, que queda xusto por debaixo do que era o lugar das señoritas de Benavides. No *Catastro de Ensenada*

gar ás Cunchadas. Estreman por poñente con esta rúa, ao sur co camiño do Pereiro, por nacente coa Loria e ao norte coa Seca e O Cortiñelo. Neste extremo hai unha casa, por agora a única construída na Falcoeira. Na fala realízase como *A Falcueira*, xa que das dúas vogais en contacto a primeira tende a pecharse para favorecer o ditongo, mais na escrita empregamos a forma máis conservadora (*A Falcoeira*) que permite a dobre lectura, ao igual que optamos pola forma singular fronte ao plural *As Falcueiras* que tamén se recolle na fala. No *Catastro de Ensenada* aparecen as dúas formas: «A Falcueira» e «Falcoeira», aínda que a primeira é tamén maioritaria.

► Furón, O

O *furón* (*Mustela putorius furo*) é unha subespecie do *tourón* (*Mustela putorius*) domesticada hai máis de dous mil anos para empregala na caza de coellos. O nome procede do latín tardío *FURONE*, derivado á súa vez de *FUR* ‘ladrón’. A forma alterada do nome do animal (cun –o– antes do –u–), que quedou gravada no topónimo, podería deberse á interferencia con *tourón*.

Coutada con piñeiros situada na marxe esquerda do río de Eifonso, aproximadamente fronte á Loureira e As Teixugueiras.

► Galiña, A Coutada da

Do latín *GALLINA*. É a ave de curral coñecida tamén como *churra*. Poderíamos estar ante o alcume dun antigo posuidor ou posuidora.

Coutada no Carballal que levou o camiño das Cunchadas, por riba da *Perrera de Abaixo*. Este topónimo conta con máis de século e medio de vida, posto que no *Libro de afanegados* figura xa en diferentes ocasións a «Coutada da Galiña», propiedade de veciños de Cerdeiró.

► Martaraño, O

No Dicionario da Real Academia da Lingua non atopamos *martaraño*, pero si *martaraña*, como nome común do mustélido *Martes foina*, chamada tamén *garduña*, *fuíña* ou *rabisaco*. Dicionarios antigos dinnos: «Marta, fuina, garduña ó gineta, animal bravo; le llaman martaraña á cualquiera de estos porque son muy parecidos» (*DdD* s.v.) e o *Catálo-*

mente rica na fauna típica dos nosos bosques e das zonas de transición coas terras de cultivo.



O Martaraño

► Mosquitos, O Coto dos

Diminutivo de *mosca*, do latín *MUSCA*. Aínda que estritamente os mosquitos son os insectos da familia dos culícidos, o termo pódese empregar en xeral para referirse a calquera díptero similar á mosca pero máis pequeno.

Identifícase con este nome no San Cibrán o coto ou alto, que hai na estrema coa parroquia de Cela (Mos) entre A Chan da Cruz, ao norte, e A estrada, ao sur. Para situármonos, pasamos por el cando nos diriximos pola Estrada das Plantas cara ao CUVI, uns trescentos cincuenta metros máis adiante do campo de fútbol das Plantas.

► Pomba, A

Do latín *PALUMBA*, as *pombas* son os colúmbidos domésticos que dabondo coñecemos. Na actualidade, non obstante, a voz propia na fala de Bembrive está a ser substituída, como noutras áreas, polo termo

Aparece no *Catastro de Ensenada* «O Pombal», aínda que posiblemente situado no Carballal, e no *Libro de afanegados* do 1846 atopamos «O Pombal en Miraflores».

► Raposa, A

En latín este mamífero carnívoro da familia dos cánidos era coñecido como *VULPES* (de aí o seu nome cinetífico, *Vulpes vulpes*), termo do que derivou *golpella* no galego antigo e *golpe*, que é a denominación que se mantén na área mindoniense. Na nosa zona empregamos o nome de *raposa*, procedente segundo Corominas (1980–1992: 783) dun antigo *rabosa*, derivado de *rabo* (lat. *RAPU*), eufemismo empregado para referirse ao animal («a de moito rabo») sen pronunciar o seu nome, que se consideraba un agoiro. A aparición do *-p-* actual de *raposa* parece deberse a unha interferencia con *rapina* (do latín *RAPIO* ‘depredar’). Aínda que atopamos tamén a acepción para raposa de ‘montón de terra queimada empregada para abonar’ (Filgueira Valverde, X. *et al.*: 1926, en *DdD*, s.v.), sabemos que, principalmente a forma masculina *Raposo* é un alcume habitual e tamén apelido, polo que *A Raposa* podería ser ‘A do Raposo’.

Lugar do barrio de Baruxáns conformado polo núcleo de casas situadas ao redor do camiño da Raposa ata o camiño do Muxo e as terras situadas por detrás delas, cara ao noroeste, encadradas entre o río de Eifonso e o rego da Raposa coñecidas como **Os Campos da Raposa**. Dentro da Raposa temos: **A Raposa de Arriba**, que como o seu nome indica, corresponde á parte alta da Raposa, entre A do Gralleiro (última casa do camiño do Muxo) e a do Xesteiriña (última casa do camiño da Raposa). E **A Raposa de Abaixo** (A Raposa), terras que se estenden por debaixo da Raposa de Arriba, salvando o valado, ata chegar ao río. Ademais, dentro dos Campos da Raposa cada leira ten o seu nome, de xeito que atopamos **A Raposa Grande**, **A Raposa Pequena**, **A Raposa do Merrecho** etc. **O Camiño da Raposa** parte á man dereita da rúa da Xesteira sesenta e cinco metros máis abaixo do seu cruzamento coa de Xeme. Antigamente coñecíase como o camiño da Raposa o sendeiro que vén do Muíño Vello atravesando A Raposa. A costa que hai que subir dende o Muíño de Riobó para seguir polo antigo camiño da Raposa recibe o nome de **A Costa da Raposa**. **O Rego da Raposa** na actualidade xorde na parte traseira da edificación situada na Fonte do Cacheno,

nome (entre outros) do anélido (clase *Hirudinea*), de cor escura, co corpo cilíndrico algo aplanado e provisto dunha ventosa en cada extremo, que vive na auga doce e se adhire á pel dos animais ou persoas para zugarlles o sangue.

As samesugas foron empregadas para realizar "sangrías" dende vello. O feito de seren imprescindibles para estes usos levounas a se atopar en perigo de extinción.

Á Sanxegueira (Baruxáns) éntrase dende a rúa do Cacheno á Castiñeira e son, cando menos, a leira que queda á man esquerda do camiño, aos pés de Agrovigo, a que está á man dereita fronte a ela, e a que, a continuación, cara ao noroeste, alberga na actualidade unha vivenda. Era *o campo de fóra do lugar* das señoritas de Benavides, onde había un pozo. A auga para regar viña da Amieira. Pouca xente sabe hoxe en día da existencia deste topónimo, polo que os terreos que nomea son recoñecidos maioritariamente como parte da Castiñeira.

A Fonte da Sanxegueira (Eifonso) está ao final do camiño que parte á man dereita da rúa Xeme uns centro trinta metros máis adiante do camiño da Carballeira, antes de chegar ao cruzamento coa rúa de Eifonso. A partir da fonte, o camiño bifúrcase. Un ramal cruza o río, que se atopa a escasos metros da fonte, cara á Barxina de Beade e o outro segue paralelo ao río pola marxe de Bembrive, pasando primeiro polo muíño de Eifonso e logo polo do Carriza para saír ao Lavadouro e á Ponte de Eifonso. No *Libro de afanegados* aparece sempre como «Sanxigueira» e no *Catastro de Ensenada* non hai *Sanxegueira* nin *Sanxigueira*, pero hai unha «Sejugueira». **A Sanxegueira** (Eifonso) son as terras de labor que se atopan ao redor da fonte do mesmo nome. Non aparece o topónimo no *Catastro de Ensenada*, pero si en numerosas ocasións no *Libro de afanegados* de 1846, aínda que sempre coa forma «Sanxigueira».

► Teixugos, Os

Do latín *TAXUCUS*, adoptado do xermánico **THAHSUS*. O teixugo (*Martes martes*) é un mamífero de pelo longo e espeso, agrisado no lombo, negro nas patas e no ventre, e abrancazado na cabeza, con dúas listas negras que van desde o fociño ata detrás das orellas. En boa parte de Galicia é coñecido como *porco teixo*.

Entrando polo chamado *Camiño dos Pumariños* (Baruxáns) que parte á man dereita da estrada de Bembrive uns oitenta metros máis arriba

da rotonda de Eifonso, **Os Teixugos** son as leiras que temos un pouco máis adiante á man dereita, ata chegar a un sendeiro a partir do cal comezan As Verdellas.

▶ **Teixugueiras, As**

Nome que se lles dá ás zonas onde abundan os teixugos ou aos lugares onde teñen os seus tobos (L. Carré Alvarellos: 1926–1931, en *DdD*, s.v.). No San Cibrán abranguen o polígono de leiras situado por debaixo dos Campos da Eira, entre a Loureira (ao norte) e Sospalleiros (ao sur). Polo oeste unha forte pendente dá paso ao Martaraño e, por debaixo temos O Río da Bouzafría. **O Camiño das Teixugueiras** (na das Beninas, ramal á man dereita do camiño de Sospalleiros,) baixa por elas no seu extremo norte.

▶ **Tobales da Capilla, Os**

Un *tobo*, *toba tobeira* ou *tobal* (termo usado en Bembrive) é o buraco que empregan certos animais como coellos, teixugos ou a raposa para refuxiarse ou vivir nel. Segundo Corominas (1980–1992, vol. V: 514) é un derivado de *toba*, que procedería do latín vulgar *TOFA, lat. TOFUS ‘toba, pedra caliza e porosa’. *Capilla* é un castelanismo por *capela*.

Coutada situada pola parte de arriba da Fonte da Capela do San Cibrán. Descoñecemos con que animal estaba relacionada exactamente a presenza destes tobos, pero a presenza próxima dos Touróns, ou máis abaixo As Teixugueiras e O Fourón dannos unha idea.

▶ **Toural, O**

Toural sería probablemente, segundo recolle Nicandro Ares ^(2012: vol. I: 540), un derivado de *touro*, procedente do latín TAURU, e tería o significado de ‘pasteiro ou estábulo de touros ou campo onde se realiza venda do gando’. Bascuas (2006, p. 220), logo de apostar inicialmente tamén por esta hipótese, deixa aberta a posibilidade de que nalgúns casos poidamos estar ante unha formación híbrida con bases prerromanas no orónimo *TAUR- / *TUR-.

É o grupiño de tres casas situadas nun alto, a carón do forno de Xeme. Se tomamos dende Eifonso a rúa de Xeme, atopamos o Toural



de fronte e rodeámolo polo sur ao facer a curva que describe a estrada. Pódese apreciar claramente que as casas quedan nun pequeniño alto respecto á estrada, pero hai que ter en conta que a diferenza de altura era moito máis pronunciada antigamente, cando tan só había un camiño polo que os carros pasaban con dificultade e que quedaba metido nun fondo; a un nivel moito máis baixo que a estrada actual. Polo tanto, a orixe oronímica do topónimo parece a máis plausible. Aparece no *Catastro de Ensenadae* tamén no *Libro de afanegados*, onde, nalgún dos casos figura como «viña de Eifonso o Toural».

► **Touróns, Os**

Procede do latín TAURONE, derivado de TAURU ‘touro’. O tourón (*Mustela putorius*) é un mamífero da familia dos mustélidos de corpo flexible, pelaxe parda cunha zona clara cerca dos ollos, orellas circulares situadas moi atrás e patas curtas, que emite un olor desagradable producido polas glándulas anais. Con todo, tamén se lle chama *tourón* ao teixugo e así aparece recollido no apéndice ao dicionario de Eladio Rodríguez, que casualmente dá conta do uso deste nome na veciña parroquia de Sárdoma. Un *tourón* pode ser tamén a ‘terra endurecida pola xiada’ (Carré Alvarellos, L.: 1926–1931, en *DdD*, s.v.) e autores como Bascuas (2006: 216) apuntan a unha orixe oronímica con base en *TAUR- / *TUR-, ou incluso outros, dos que Nicandro Ares (2013: vol. II, 1025) se fai eco, postulan que podería ser un derivado do nome persoal TAURON, -ONIS, posibilidade discutida tamén polo propio Bascuas. Pero o feito de termos tan próximos os topónimos do *Furón* e *Os Tobales* e que estamos nunha zona de monte onde a presenza do teixugo era habitual, fan que a acepción zootoponímica resulte, neste caso, a máis probable.

Coutada situada poucos metros por riba da Fonte da Capela do San Cibrán. Sóbese a ela polo camiño que atopamos á esquerda da fonte. A informante que nos deu conta dela descríbena como un lugar con moitas pedras e onde había moitas tobas.

O Espazo Habitado

Malia que "a casa", nun medio rural, pode ser considerada como a unidade básica de organización da poboación, entendida por suposto en sentido amplo, abrangendo o eixido, algunha pequena horta anexa á casa e dependencias auxiliares como as cortes e alpendres, é dicir, o que entendemos en Fragoso por *lugar*), o normal é que os asentamentos humanos da nosa contorna estean formados por varias casas que se agrupan formando unha aldea, ou ben o lugar⁶⁶ dunha aldea ou dun barrio cando se xuntan varios núcleos, que poden aparecer máis ou menos dispersos.

Calquera destas construcións e formas de asentamento, por algún motivo normalmente de relevancia, pode pasar nalgún momento a converterse nun referente espacial e, polo tanto, quedar fixado o seu nome como topónimo. Así ocorre por exemplo con *As Casas Vellas*, *Os Pardiñeiros* ou *O Campo da Vila*, ou con elementos moito máis antigos como *O Castelo* ou *O Crasto*.

Tamén as infraestruturas viarias, asociadas especialmente á aparición dos núcleos habitados, pero presentes tamén en forma de carreiros ou corredoiras nos espazos agrarios, poden dar lugar a topónimos como *A Estrada* ou *Os Carreiros*, e tamén os espazos comúns como *O Torreiro* ou *O Baile*.

A actividade económica ligada aos asentamentos humanos é outro factor xerador de topónimos, entre os que podemos atopar os derivados de oficios como *Os Carboeiros*, da presenza de certas infraestruturas

66 Velaquí outra das acepcións que o termo lugar ten entre nós, a de pequeno núcleo de poboación en que se dividen os barrios.

como *O Muíño* ou *O Folón* ou da existencia de lugares de explotación como *A Canteira*. A eles quixemos sumar os topónimos derivados de actividades económicas pasivas como as rendibles.

Dentro do espazo habitado, ou próximos a el, eríxense certos elementos, expresión de crenzas relixiosas como cruceiros ou calvarios, que poden converterse tamén en topónimos, así como outros vocábulos propios desta actividade humana. Son os coñecidos como haxiotopónimos.

Finalmente, e volvendo ao principio, as propias casas tamén teñen nome de seu. Xeralmente o apelido ou alcume da familia que as tivo como casa matriz. Estes nomes quixémolos recoller tamén neste libro, posto que hoxe en día son, xunto cos macrotopónimos, os topónimos máis coñecidos e empregados para situarse no espazo. Ademais, os alcumes ou alcuños, chamados en Bembrive xeralmente *apoios* (vulgarismo a partir do castelanismo *apodo*), son en si mesmos unha xoia lingüística que é necesario conservar. Ademais destes nomes de propietarias e propietarios máis modernos, procedentes de persoas ou familias aínda coñecidas na actualidade, poderemos atopar tamén neste apartado os topónimos que proceden de nomes de poseosres moito máis antigos. Algúns destes nomes son de orixe romana ou xermánica, que quedaron fixados nos nomes das terras que nalgún momento foron da súa propiedade e hoxe poden ser incluso barrios ou lugares, como *Segade* ou *Recaré*.

NÚCLEOS DE POBOACIÓN E LUGARES DE REUNIÓN

Temos neste apartado os topónimos procedentes dos nomes de núcleos de asentamento humano como *vila* ou dos espazos públicos de reunión existentes dentro deles, neste caso empregados para a festa e o baile, como son *O Torreiro* e *O Baile*.

► Baile, O

Derivado regresivo do verbo *bailar*, do latín tardío BALLARE.

Antigo salón de baile situado en Quintán, ao pé da marxe esquerda da estrada de Bembrive que baixa do Mosteiro cara a Eifonso. Era propiedade de Belarmino Abalde, que foi tamén presidente fundador da sociedade Cultural «Helios» de Bembrive no ano 1928, ademais de



●●●●●●●●●● O Espazo habitado

secretario da *Sociedad de Agricultores de Bembrive* no primeiro semestre de 1929. O salón, chamado Plus-Ultra⁶⁷, tiña unha superficie de cento doce metros cadrados, e ademais de bailes e unha escola, que tivo entre outros un mestre a quen os rapaces, moitos vidos da veciña Sárdoma, alcumaron *Paifús*, acolleu importantes actos culturais e políticos, como o mitin do primeiro de maio de 1936 organizado polo *Centro de Estudios Sociales y Científicos «La Libertad»*⁶⁸ de Bembrive. Tras o alzamento militar en xullo do 36 o local pasou a ser empregado polo exército; hai quen o lembra hai quen o lembra como *cuartelillo*. En todo caso, aínda lembran as veciñas a obriga de ter que ir alí entregar parte da súa colleita ou dos ovos das súas galiñas. Posteriormente *O Baile* recuperaríase o seu uso como tal, ata que hai uns sesenta anos pechou as portas. Na actualidade (co edificio modificado) é empregado como vivenda.

► Torreiro, O

Procede do latín *TERRARIO*, derivado de *TERRA*. A alteración da vogal da sílaba inicial (*terreiro* > *torreiro*) é común en toda a Galicia suroccidental, e puido deberse á interferencia de *torre*. Ten o significado de ‘espazo de terra amplo e despexado’, equivalente a praza, aínda que na nosa contorna especializouse o seu significado: terreo, xeralmente chan e desprovisto de árbores e herba, onde se celebraban as festas e bailes da parroquia, situado normalmente xunto á igrexa (García González, Constantino: 1985, en *DdD*, s.v.). A presenza na sílaba seguinte do ditongo *-ei-* fai que na fala se peche o *-o-* dando como resultado *Turreiro*, forma que escoitaremos con máis frecuencia.

O Torreiro (O Mosteiro) como topónimo denomina o espazo situado diante da igrexa parroquial, onde antigamente se celebraban as festas, especialmente as do patrón, que co tempo se trasladaron ao quedar pequeno o espazo.

67 EPG, 01/03/1931.

68 *La libertad* foi unha das moitas entidades que formaron parte do rico movemento social, político e cultural existente en Bembrive a principios do século xx, truncado polo golpe de estado do 36. No anexo III deste libro recolleemos algunhas delas.

Turreiro é palabra viva en Bembrive, polo que escoitaremos, por exemplo, falar do *Turreiro da Capela*, referíndose ao *Torreiro da Capela do San Cibrán*.

► Vila, O Campo da

Do latín VILLA, termo que nomeaba unha vivenda rural con explotación agrícola. No galego medieval, *vila* podía designar calquera núcleo de poboación, especialmente os que tiñan certa traza urbana, pero hoxe en día ten o significado máis específico de ‘entidade de poboación máis pequena cá cidade e meirande cá aldea, que adoita ter un núcleo urbano e ser o centro económico e administrativo dun concello ou dunha comarca’. Os topónimos *A Vila* deron lugar ao sobrenome e posterior apelido *Da Vila*, *Davila* ou *Vila*, un dos apelidos característicos do Val de Fragoso.

O Campo da Vila é o terreo de Mourelle onde se atopa a casa situada á man dereita na estrada de Bembrive (dirección Beade), fronte á subida ao Carballal (camiño do Cocho). Aparece xa o topónimo «o Campo da Vila» no *Libro de afanegados* de 1846 e moi probablemente facendo referencia ao mesmo terreo, posto que se trata da propiedade dun veciño de Mourelle (Juan Leirós) que conta ademais coa propiedade «O Canónigo», topónimo do lugar co que estrema O Campo da Vila polo sur.

CONSTRUCCIÓNS

Hai nomes correspondentes na actualidade a leiras, coutadas ou lugares que na súa orixe se referían á existencia dalgún tipo de construción, ben fosen vivendas, peches etc. En Bembrive, atopamos os que presentamos a continuación.

► Casas, Detrás das

O vocábulo *casa*, que fai referencia ás construcións empregadas habitualmente como vivenda humana, procede do latín CASA ‘cabana, chouza’. É moi habitual a súa presenza na toponimia, principalmente na toponimia menor, pero poucas veces aparece en solitario, pois o máis habitual é atopalo acompañado dalgún modificador, como ocorre no caso de Bembrive.

En **Detrás das Casas** o substantivo *casa* aparece antecedido pola locución preposicional *detrás de*, que indica ‘posición nun lugar posterior’. O adverbio *detrás* xurdiu da combinación das preposicións latinas *DE*, que indica relación de tempo, lugar etc. e *TRANS* ‘máis aló de’. Recibía este nome un lugar polo que pasaba o camiño do Xalón. Recorda a veciña que o citou, de case oitenta anos, que había alí unhas casas vellas que ela xa coñeceu sen xente.

No caso de **Riba da Casa** é a locución preposicional *riba de* a que modifica o substantivo *casa*, e indica unha localización espacial de superioridade respecto a ela. *Riba* ou *Arriba* proceden do latín *RIPA* ‘beira’. Atopamos **O Campo de Riba da Casa**, pechado con construcións, no final da entrada que parte da rúa de Eifonso, xusto fronte ao lavadoiro do mesmo nome, cara ao norte, paralela ao camiño dos Pelames. A orixe deste topónimo é máis que clara, xa que se refire ao campo que se atopaba por riba da antiga casa matriz da familia que así o nomeou.

Casas Vellas é un topónimo que aparece recollido no *Nomenclátor de Galicia* para catro lugares, tres da provincia de Lugo e un da de Pontevedra, en Lalín. Aquí o elemento que actúa como modificador de *casa* é o adxectivo *vella*, do latín vulgar *VECLA* (latín clásico *VECTULA*). Hai que ter en conta que o fonema intervocálico *-CL-* do latín non se mantivo nas linguas romances, derivando na velar xorda *-j-* no castelán e no *-ll-* en galego, como ocorre no caso de *OCULU* (do latín clásico *OCULU*) > *ollo*. Indica este topónimo que nalgún momento existiron no lugar así chamado unhas casas vellas de relevancia suficiente para que quedaran co tempo fixadas na toponimia do lugar. **As Casas Vellas** son un lugar da Chan formado por unha media ducia de vivendas dispostas ao redor do camiño das Casas Vellas. Sabemos que este topónimo existía xa no ano 1752, non só como nome de terras, senón tamén como lugar de habitación, o que nos indica que as casas a que fai referencia existiron hai máis de dous séculos e medio, posto que xa daquela eran vellas. Na actualidade hai dous camiños co nome de **O Camiño das Casas Vellas** na A Chan, porén, o antigo é o máis próximo ao camiño do Pereiro. Fronte a el, ao outro lado do camiño da Xabalouca, agora rúa da Chan, parte o camiño do Galleiro.

► **Pardiñeiras, As**

Trátase do feminino de *pardiñeiro* e con el noméanse, en Xestoso, unhas coutadas que se atopaban por riba do camiño de Esparramán, á altura da rotonda da que parte a estrada do Rebullón. Levounas a estrada das Plantas.

► **Pardiñeiro, O**

Procede do latín tardío PAR(I)ETINARIU, derivado de PAR(I)ETE ‘pared’ e na toponimia adoita indicar a presenza de restos de muros de edificacións antigas. De feito, un *pardiñeiro* é un ‘edificio en ruínas e deshabitado’. Igual que os topónimos anteriores, dá conta da existencia de zonas antigamente habitadas que no momento en que se acuña o topónimo xa non o están. No *Nomenclátor de Galicia* aparece tamén a forma *Pardieiro* (variante viva como palabra común na fala de áreas ourensás) e o feminino *Pardiñeira*, anteriormente recollido.

Na Fraga, **Os Pardiñeiros** identifica as coutadas situadas por riba das Casas Vellas da Fraga e dentro deste conxunto temos **O Pardiñeiro Pequeño**.

O mesmo topónimo en masculino plural localiza o polígono de terras situadas entre a Presa da Cova e o río de Mourelle, algunhas sementadas de millo e outras a poulo. O camiño de acceso aos Pardiñeiros vén dende Beade, polos muíños de Dornelas e Acevedo, situados xusto enfrente, na outra beira do río.

Os Pardiñeiros (A Regada) actualmente, núcleo de arbores que atopamos ao final do regato do Torto, quedan por detrás da última casa da man esquerda do Camiño da Regada (Xestoso), antes de chegar ao lavadoiro. Esténdense cara ao norte, ata a parte de diante da seguinte casa en liña recta. Por debaixo dos Pardiñeiros temos Os Campos da Regada.

O topónimo *Os Pardiñeiros*, sempre en plural e na metade dos casos con artigo, aparece xa no *Catastro de Ensenada*, incluso nun dos casos como lugar de habitación do veciño Antonio Pérez, probablemente referido aos Pardiñeiros da Regada.

► **Quintán**

Resultado na nosa zona do latín *QUINTANA*, derivado en última instancia do numeral *QUINTUS* ‘cinco’. Unha *quintá* era en orixe unha casa no campo. Logo pasou a designar un espazo aberto entre muros e casas.

Lugar do barrio do Mosteiro que abrangue o núcleo de casas e terras situadas na marxe esquerda da estrada de Bembrive, baixando, dende a entrada ao camiño dos Pelames, uns cen metros máis abaixo da praza do Mosteiro, ata a entrada ao camiño dos Pumariños, uns metros antes da rotonda de Eifonso. Estes camiños, que se conectan, delimitan a estrema leste sur e oeste do lugar, que queda así perfectamente encadrado. No *Catastro de Ensenada* aparece *Quintán*, *Quintana* (aínda que só nunha ocasión) e *Quintián* (forma que podería deberse a unha confusión co lugar de Quintián, en Beade).

TOPONIMIA MONUMENTAL PREHISTÓRICA E ANTIGA

Temos a continuación os topónimos que fan referencia a monumentos e asentamentos antigos ou mesmo prehistóricos.

► **Castelo, O**

De *CASTELLU*, diminutivo de *CASTRU*, e polo tanto refírese, ao igual que aquel, a un núcleo fortificado situado nunha elevación do terreo ou á propia elevación en que se podería ter asentado (Marqués 2004: 554).

Na Parrocha este topónimo corresponde á ladeira oeste do monte Areeiro e abrangue aproximadamente a superficie encadrada entre o muro do hospital do Meixoeiro ao leste, a avenida de Madrid ao oeste e ao norte, e a Baixada ao Castelo ao sur. Atópanse dentro do Castelo, polo tanto, o colexio Las Acacias, o Monte da Pomba e A Cardadeira. Precisamente no Monte da Pomba hai un xacemento arqueolóxico catalogado polo concello de Vigo co nome de Monte da Pomba. Nel acháronse fragmentos de ánfora, tégula e teselas depositados no museo municipal Quiñones de León. A súa dispersión no terreo, o tipo de localización e a topografía levaron aos autores do informe de catalogación realizado polo concello no ano 1994 a supoñer que podería ser un xacemento de tipo vila romana, aínda que concluíron que serían necesarios máis estudos para determinalo con exactitude. Considerábase naquel momento o



xacemento como «pouco alterado», aínda que fora afectado por algunha construción e ata unha escavación furtiva, así como pola apertura da estrada **A Baixada ao Castelo**. Esta estrada baixa dende o camiño do Areeiro, pasa pola praza da Parrocha e morre uns metros máis abaixo, no Castelo. É un tramo do antigo camiño Vigo-O Porriño que continuaba dende o Castelo pola Gandariña cara a Vigo (-> A Madorra). Na actualidade, o xacemento da Pomba non ten ningunha medida de protección e nin sequera se atopa sinalizado. Puideron ser as ruínas desta VILLA as que motivaron quizais na imaxinación da poboación a aparición do topónimo O Castelo, pero chama a atención o feito de que non apareza citado no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*.

Grazas a un documento de 1635, o testamento de D. Antonio Méndez (-> Recaré), sabemos que este lugar se atopaba cuberto de carballos e castiñeiros xa que se di:

Con más un pedazo de monte que ya fue cerrado en el lugar da Parrocha junto a otro pedazo de monte, que son plantados de árboles como robles y castaños, el cual dicho pedazo de monte parte con estrada real que va a la dicha villa del Porriño el cual se entiende hasta las piedras del Coto, que cae sobre la Gandariña y parte por otro lado con el monte de santa Cristina de Lavadores.

Polo tanto, fai referencia á franxa comprendida entre o camiño real coñecido agora como A Baixada ao Castelo e os montes de Lavadores, precisamente a zona ocupada pola Pomba e O Castelo, topónimos que, por outra banda, non se mencionan tampouco neste documento.

► **Crasto, O**

Procede do latín *CASTRU* 'campamento fortificado', substantivo empregado polos romanos para designar certos asentamentos de poboación da zona noroccidental de Hispania que na lingua celta ou celtibérica recibían o nome de *briga* e que na toponimia galaica prerromana se expresa mediante un segundo elemento *-bre* de topónimos compostos como *Alcabre, Sillobre, Añobre, Castrove* etc. Na fala, por metátese do *-r-* aparece como forma popular *crasto*.

O Crasto (Xestoso) é o monte enclavado entre o río da Candeia, ao leste, a rúa da Regada ao norte e o camiño do Pouso que seccionou parte da súa aba, ao oeste. Na actualidade observamos tan só a existencia dun pequeno monte cuberto de vexetación arbórea, fundamentalmente piñeiros nas coutadas das marxes, pero con certa diversidade de

especies autóctonas no interior. Porén, a veciñanza lembra como non hai moitos anos, cando os seus propietarios explotaban as coutadas e a vexetación estaba cortada, se podían apreciar os muros de pedra que constituían as murallas defensivas do castro que hai séculos albergou. No catálogo de elementos protexidos, incluído no documento do PXOM de Vigo 'xa se consideraba malo o seu estado de conservación, e suxeríase a limpeza e acondicionamento do castro e da súa contorna'.

No mesmo documento considerábase o seu estado de conservación «malo» e suxeríase como «melloras a realizar» a limpeza e acondicionamento do castro e a súa contorna.

O Crasto divídese, por alturas, no **Crasto de Arriba**, **O Crasto do Medio** e **O Crasto de Abaixo**. Ademais, temos outros topónimos como **O Crasto Alto**, coutadas situadas na parte alta do Castro, ou **O Crasto da Mina**.

Na mitoloxía galega os castros, así como algunhas rochas e penedos, considéranse lugares habitados polas mouras, tanto na súa forma humana como de serpe, e así ocorre tamén no Crasto de Xestoso, onde se di que había unha cobra que cantaba na mina. Tamén existe a lenda que di que ao ler un libro ás doce da noite se abría unha pedra grande que había no Crasto e saía unha cóbrega.

«O Castro» aparece no *Catastro de Ensenada* como nome de terras pero tamén como o lugar de habitación da veciña María Pérez, que non dispuña de ningunha outra propiedade. Faise moito fincapé, principalmente por parte da veciñanza máis próxima, en diferenciar este castro, nomeado *O Crasto*, do coñecido como *O Castro* de Vigo, como sinal de identidade. Posto que ademais esta forma está recoñecida no *Nomenclátor de Galicia*, en que aparecen dous lugares chamados *O Crasto* nas Neves, a forma aconsellada para este topónimo é *O Crasto*.

► **Madorra, O Coto de**

Madorra, *medorra*, *medoña* ou *modorra* (nunha das súas acepcións) son sinónimos de *mámoa* 'sepulcro prehistórico da época megalítica, formado por un dolmen ou anta⁶⁹ cuberto por un montículo de terra de planta circular, de arredor de cinco metros de altura'. O termo está

69 Habitualmente *arca* (do latín *ARCA* 'recipiente') en todo o noroeste peninsular (Navaza, 2011: 190).

emparentado co latín *META* ‘elevación’ e probablemente (de acordo con numerosos autores)⁷⁰ cunha raíz preexistente de orixe prerromana de significado semellante, que quedou fixada nas formas *mouta* e *mota*. No *Nomenclátor de Galicia* aparecen seis lugares co topónimo *A Madorra* e sete con *A Medorra*.

O Coto da Madorra ou **da Medorra**, posto que debido á fraxilidade da vogal protónica se vacila entre as dúas formas na fala, é un outeiro que sobrepasa os cincocentos metros de altura (snm). Pertence xa a Cela, pero está moi próximo ao punto en que converxen esta parroquia do concello de Mos coas de Bembrive e Zamáns. De feito, o monte comunal de Bembrive que estrema neste punto recibe este mesmo nome. No punto máis alto do Coto da Madorra hai un conxunto de pedras encabalgadas debaixo do cal atopamos o marco número 48 do monte de Bembrive, que no plano de deslinde do «monte de San Ciprian, NUM 563 de UP», de 1958, se nomea como «Piedra Cabalaria». Isto leva a confusión entre este lugar e a zona de monte coñecida como *A Pedra Cabalaria* que se sitúa aproximadamente a un quilómetro en dirección noroeste, na estrema con Beade (→ As pedras con nome de seu). Porén, o máis destacado é a presenza da madorra que lle dá nome ao lugar e que se atopa a uns poucos metros ao sur das devanditas pedras encabalgadas, dentro dun terreo acoutado cun aramado. Alí podemos observar unha pequena elevación no terreo que delata a súa presenza e, no seu centro, unha depresión similar ao cráter dun volcán que se corresponde co cono de violación⁷¹. Aínda que non hai constancia explícita entre a veciñanza de que este lugar poida corresponder a un xacemento arqueolóxico, si que hai quen di que «alí había pedras dos mouros», o que vén sendo un indicio da súa existencia, dada a habitual

70 En Marqués (2004: 559) pódese atopar unha recompilación das diferentes teorías existentes ao respecto.

71 No ano 1906 o clérigo Pedro Vázquez de Orxás, criado nas Indias, obtivo unha Real Cédula de Felipe III para abrir as sepulturas antigas e extraer delas as riquezas que puidese atopar, pagándolle á coroa o canon correspondente. O licenciado divulgou a súa concesión por feiras e romarías, chegando a desatar unha especie de febre do ouro que levou a que gran parte das mámoas coñecidas fosen violadas (unhas 3000 segundo a súa propia denuncia) (*Fábregas*, 2003). Normalmente abríase un buraco pola parte superior para, a través del, explorar o seu interior. A forma de pequeno cráter que provoca esta abertura é coñecida como «cono de violación».

relación que se establece na mitoloxía popular entre mouros e vestixios arqueolóxicos.

Aparecen no *Catastro de Ensenada* dúas propiedades a nome de Juan Estévez chamadas «Madorra» e unha «Madorra» a nome de Marta Alonso. Así mesmo atopamos en Afanegados tres «Viña de Madorras». Porén, descoñecemos se corresponden co Coto da Madorra actual ou denominaban outra existente na parroquia. Na actualidade, a mámoa do Coto da Madorra quedaría encadrada na zona en que no catálogo de xacementos arqueolóxicos da Xunta se sitúa o complexo chamado das Pereiras, con tres mámoas catalogadas.⁷²

Ao Coto da Madorra chega polo nordés un camiño empregado antigamente, tal e como nos contaba un veciño, polos carrexóns e estraperlistas. Tendo en conta o feito de que para estas tarefas se adoitaban empregar en moitas ocasións camiños de longo percorrido xa previamente existentes e que nos atopamos nun punto moi destacado pola presenza dunha madorra é posible que esteamos quizais ante un camiño da antiga rede viaria medieval, algo que en todo caso requiriría dun estudo máis profundo. No libro *Los caminos medievales de Galicia* (1988) da historiadora Elisa Ferreira aparecen tres camiños principais que pasarían pola parroquia de Bembrive: o camiño Tui-Vigo por Ribadelouro para o que aparece o seguinte percorrido na parroquia:

[...] y de alí [Herbille] a Zamanes, de donde salía una calzada, probablemente romana, que iba por el lugar de Zidanes (*Civitas*) al antiguo monasterio de Cela y al «porto» de Nespereira («Inés Pereira» en los documentos). De allí seguía bordeando el monte de «Pedra Cavalaria», por el casal da Presa de Beade hasta el lugar de Estrada, donde bifurcaba:[...].

O camiño O Porriño-Vigo: «Sanguiñeda, Piñeiro, Ansar, Piedraúcha, Alto de S. Colmado, Bembrive, puente de Gandariña- y St^a Cristina de Lavadores». E, finalmente, o camiño Tui-Redondela, do cal se di: «También de allí [Cans] salía un camino hacia Vigo por el Alto de San Colmado, cerca de Cela y Bembrive, y que a su vez tenía una desviación hacia Bayona por Zamanes y Vincios».

72 Tamén se nomearon como *Mámoas das Pereiras* as existentes ao redor do campo de fútbol das Plantas.



calizar e chamar a quen estaba nas terras situadas por debaixo del: na Buraca, no Redondo ou na Fontaiña, ou Os Campos da Viña da veciña Sárdoma. Era o lugar elixido tamén para facer as cornetadas⁷³, ao asegurar que así fosen escoitadas en moitos metros ao redor. Nesta zona tamén localizamos **A Presa da Torre**, no Lameiro, aproximadamente aos pés do lugar que hai un pouco máis adiante, en dirección a Lavadores, da Fonte da Leiteira.

En ausencia dun estudo histórico máis profundo que nos permitise descubrir a existencia dalgunha torre neste lugar, a orixe oronímica parece a máis plausible. *A Torre* aparece xa recollida como topónimo tanto no *Libro de afanegados* como no *Catastro de Ensenada*, mentres que a forma *O Alto da Torre* non figura en ningún deles. No caso de que, tal como apuntamos, a orixe deste topónimo fose a oronímica, a

73 No blog *Toponimia de Vigo* (toponimiavigo.blogaliza.org) Beatriz Varandas publicou un artigo sobre as cornetadas no que se explica en que consistían (no fragmento que reproducimos a continuación), ademais de recoller algunhas coplas das cornetadas que se facían en Zamáns: «As coñecidas *cornetadas**, noutras zonas de Galicia reciben o nome de *cencerradas*, *cincerradas*, *cinzarradas* (todos castelanismos) ou *chocalladas*, *trangalladas* etc.- eran un costume moi estendido polas parroquias rurais galegas hai apenas uns anos».

*A *Enciclopedia Galega Universal* define a *cornetada* como:

Burla dirixida ós viúvos na noite do seu casamento cando volven casar. Prolóngase durante varias noites, nas que se entoan unha serie de coplas satíricas. Adoitaban acompañarse de sons de chocallos, tixolas, cacharos vellos ou calquera instrumento improvisado. O esquema resultaba ser sempre o mesmo; a primeira copla era invariable: *Quen casou? / Bata cagada. / E con quen? / Con Mexa na Cama. / Arriba coa chocallada*. A seguinte esfrofa recollía os alcumes e o momento no que se coñeceu a parella, acompañada doutras nas que se resaltaban defectos físicos ou morais da parella. En determinados lugares, os mozos que ían casar a outras parroquias ou que non respectaban os costumes antigos do lugar, tamén eran obxectos da chocallada. Unha vez que esta remataba, adoitaba celebrarse un baile o domingo pola tarde coñecido como *fiesta dos mozos*.

Un dos instrumentos máis típicos que se empregaba para facer ruído e acompañar as coplas eran os *cornos* e de aí o nome de *cornetadas*. Pero estas non eran só un xeito de divertirse senón que agochaban detrás unha dura crítica social, que se dirixía a todos os que ousaban transgredir a asentada moral tradicional.

redundancia que representa a forma *O Alto⁷⁴ da Torre* explicaríase polo feito da terse perdido no tempo a acepción metafórica de torre como lugar elevado engadíndoselle máis tarde o primeiro elemento «alto de» como descritor do lugar. Nun dos topónimos «A Torre» que figuran no *Libro de afanegados*, en concreto o que corresponde á propiedade de «Juan Fernandez herrero del Carballal», atopamos a seguinte cita: «labradio y viña del sitio da Torre o Lameiro, en donde se halla colocado encima del vallado el mojon divisorio con Sárdoma». Aínda que na actualidade a estrema continúa pasando na actualidade pola Torre, descoñecemos onde se pode atopar o marco que se menciona.

En todo caso, a menos de cincocentos metros en liña recta cara ao oeste, xa en Sárdoma, hai un muíño, movido polas augas do río de Eifonso nomeado **O Muíño da Torre**. Está situado no punto en que o río é cruzado pola estrada do Lameiro, que vai dende a avenida de Madrid cara a Moledo. Parte desta estrada, en concreto o tramo que ía dende a altura da (->) Fontaiña ata Moledo era coñecida como O Camiño da Torre. Isto suxire que houbo un tempo en que o topónimo *A Torre* abrangueu unha importante extensión, posiblemente dende o alto que actualmente nomea, estendéndose aba abaixo ata o río de Eifonso, onde está o muíño da Torre.

Situadas ao redor da Presa da Puga, **A Torre** comprende as terras de labor non traballadas na actualidade, ás que se accedía polo camiño dos Freires de Abaixo.

TOPÓNIMOS VIARIOS

Topónimos procedentes do nome de elementos do sistema viarios, estradas, carreiros, cruzamentos ou incluso das posibles zonas de descanso existentes nos percorridos dos camiños de forte pendente ou referencias para a orientación.

74 O substantivo *alto* procede do latín *ALTU*. Porén, é unha forma de aparición tardía, polo que os topónimos nos que está presente deberon crearse, segundo Navaza (2011: 166), en datas posteriores á Idade Media. A forma patrimonial derivada de *ALTU* é *outo*, presente en topónimos como *Montouto*.

► **Carreiro, O**

Un *carreiro* é un sendeiro, un camiño estreito que se fai ao andar por el, que só serve para pasar a pé. Por isto, en contraposición aos camiños de carro, os carreiros son con maior frecuencia chamados camiños de pés. Aínda que pareza contradictorio, *carreiro* é en realidade un derivado de *carro*. Foi o feminino *carreira*, do latín (*via*) carraria, o termo que conservou, entre outros, o significado de ‘camiño de carros’ en moitas zonas de Galicia, por exemplo en Trabada, Lugo (Marqués: 2004, p. 924).

Se entramos pola rúa de Mandín dende a da Mouteira, uns douscentos cincuenta metros máis adiante, xusto ao pasar a curva coñecida como A Volta do Popó, **Os Carreiros** son as leiras que temos á man esquerda, fronte ao Polón e por debaixo da Soaxeira. A etimoloxía popular atribúe este nome ao feito de que ata hai non moitos anos, o que agora é a rúa de Mandín eran carreiros (bastante malos de transitar) levando a pensar que este topónimo podería ser de recente creación. Pero en realidade o topónimo ten como mínimo máis de dous séculos de vida posto que aparece xa recollido no *Catastro de Ensenada*. Iso si, a forma que atopamos é sempre o singular «O Carreiro», polo que esta sería a forma acaída para o topónimo, aínda que hoxe en día na fala a forma maioritaria é o plural secundario **Os Carreiros**.

► **Corredoura, A**

Corredoura é a variante no galego suroccidental (co sufixo *-oura*, como *vasoura*) de *corredoira* ‘camiño de carros’. Xurdiu na alta Idade Media como *curratoria*, palabra derivada do verbo latino *CURRERE* ‘correr’.

Entrando dende a igrexa de Bembrive polo camiño dos Pumariños, **A Corredoura** ou As Corredouras son as leiras que nos quedan á man dereita, ata chegar ao camiño dos Pelames que baixa dende O Mosteiro. A forma en singular aparece xa en dúas ocasións no *Catastro de Ensenada*.



A Corredoura

► Cruz, A

Cruz é unha palabra de orixe latina (CRUX, CRUCIS) que na toponimia pode aludir á presenza dun cruzamento de camiños⁷⁵ ou á existencia dun cruceiro. Porén, ambas acepcións están moi relacionadas, posto que as encrucilladas eran precisamente os lugares onde habitualmente se situaban os cruceiros. Deste xeito, é complicado saber, cando estamos ante un topónimo coa forma *A Cruz*, cal dos dous motivos foi o que propiciou a súa orixe. A realización na fala é en todos os casos *A Crus*, co seseo final propio do galego occidental.

Estamos ante un núcleo de vivendas situadas ao redor do cruzamento do camiño das Cavadiñas (agora subida á Cruz) coa rúa da Cruz. É considerado un dos lugares do barrio do Outeiro. Na actualidade, atopamos no devandito cruzamento, situado á man dereita conforme subimos dende o Outeiro, un cruceiro formado por unha cruz de pedra lisa. Se nos poñemos diante del, pero dándolle as costas, podemos ver, formando parte do muro da casa que nos queda enfronte, a cruz antiga que existía neste lugar. No *Catastro de Ensenada* aparece só

75 O valor de cruz como 'encrucillada viaria' está sendo substituído polo castelanismo cruce.

unha propiedade chamada «A Cruz» e outra «A Cruz de Larín», que é tamén o «lugar de habitación» do veciño Benito de Parada, mentres Larín, ademais de figurar profusamente como nome de terreos, é o lugar de habitación de ata nove familias de Bembrive. Isto lévanos a pensar que, aínda que na actualidade *Larín* quedou restrinxido a unha serie de terras de labor e o topónimo A Cruz é máis coñecido ao darlle nome a todo un lugar, na época de elaboración do *Catastro de Ensenada* (1752), a situación debía ser a contraria, é dicir, Larín era o núcleo máis importante, do cal a Cruz formaba parte. Isto mudaría só uns cen anos despois, posto que no *Libro de afanegados* de 1846 A Cruz é xa lugar de habitación que contaba con 15 veciños, polo tanto, un dos máis populosos da parroquia, mentres Larín (na maioría dos casos referido como «Lameiro o Larín») atopámolo só como nome de terras pertencentes a veciñas e veciños da Cruz. **O Camiño da Cruz** é o camiño que partía da intersección co camiño das Cavadiñas, cara ao Carballal. Agora forma parte da **Rúa da Cruz** (rúa Cruz na forma oficial, sen preposición). Ao pasar a encrucillada e dirixirnos cara ao Carballal á man dereita, por debaixo do nivel da estrada, nas Leiras, temos **A Fonte da Cruz do Outeiro**.

Recibe o nome de **A Cruz de Ferro** o terreo de monte, pertencente xa ao concello de Mos, que queda aproximadamente fronte á entrada principal do edificio do Círculo Mercantil.

No San Cibrán, **A Chan da Cruz** é a zona de monte situada na estrema coa parroquia das Pereiras, pertencente ao concello de Mos, onde se atopa o campo de fútbol de Bembrive, coñecido como campo de fútbol das Plantas. Esténdese cara ao oeste ata o comezo da pista da Fraga e estrema co Coto dos Mosquitos polo sueste e coa Pedreira polo suroeste. Procede o nome da gran chan que había no lugar onde se situou o campo de fútbol, aínda que descoñecemos a motivación para o modificador *da Cruz*. No ano 1948 (15 de novembro) acordouse nun pleno da Entidade ceder tres hectáreas «en el monte conocido por Chan da Cruz» para couto escolar «unido a la anterior repoblación esta la extrema con Tameiga». O coto ampliárase tan só tres anos despois, por petición do mestre-director da escola de Bembrive.

A plantación realizada polo alumnado neste couto sucesivamente ampliado, deu lugar ao nacemento do novo topónimo *As Plantas* que dá nome agora ao campo de fútbol situado nesta zona e á estrada que pasa por ela. De feito, así nos situaba unha veciña o lugar da Chan da



Cruz: «onde campo de fútbol das Plantas. Chámase campo das Plantas porque os nenos da escola da Chan foron plantar alí moito».

A Volta da Cruz (A Gandariña-O Castelo) coincide co lugar onde a avenida de Madrid cortou o antigo camiño real que viña do Porriño e ía pola Gandariña cara a Vigo (→ A Madorra). O tramo que quedou na parte de Bembrive é o que recibe agora o nome de baixada ao Castelo e o de Lavadores, na Gandariña, é agora a rúa Paz Pardo. Unha *volta* é unha curva nun camiño. Etimoloxicamente é o participio feminino do verbo *volver* (lat. *VOLVERE*) e na toponimia dá lugar tamén a topónimos viarios. Neste punto, relatábanos un veciño: «víanse a relleira das rodas de carro no camiño real».

► **Cruceiro, O**

Derivado de *cruz* mediante o sufixo *-eiro*. Un *cruceiro* é unha 'cruz grande de pedra, lisa ou con figuras esculpidas, sobre unha longa columna asentada nunha plataforma, que adoitaban poñerse nas encrucilladas, mais tamén á beira dos camiños, nos límites das parroquias e nos adros das igrexas', pero tamén pode facer referencia á existencia dunha encrucillada de camiños, como ocorría no caso da Cruz.

É o punto onde se produce o cruzamento entre a rúa que sobe do Mosteiro ao Monte do Calvario e a que vai cara a Novelos. Antigamente había sete cruceiros ao longo desta subida, o meirande deles era precisamente o que estaba no Cruceiro. Máis arriba estaban as tres cruces do Monte Calvario. Aínda que estas aínda se conservan, as outras sete xa desapareceron, menos unha, que podemos atopar na beira da estrada, pegada ao muro dunha casa, uns pouco máis arriba do camiño da Garabulla.

► **Encrucillada, A**

É o lugar onde se produce un cruzamento de camiños. *Encrucillada* é un derivado de *cruz* que procede do latín medieval *INCRUCELIATA*.

No Outeiro, **A Encrucillada** é o cruzamento da rúa da Cruz co camiño da Ribeira (antes Camiño da Devesa). Nas encrucilladas como esta paraban sempre as comitivas que acompañaban os defuntos ao enterro para botar un responso.

● ● ● ● ● ● ● ● ● ● **O Espazo habitado**

Tamén recibe este nome o cruzamento de camiños que temos diante do Lavadouro da Regada, en Xestoso.

► **Estrada, A**

Do latín (VIA) STRATA ‘camiño empedrado’. Este topónimo indícanos a existencia dun antigo camiño empedrado ou lousado (en ocasións continuación dunha estrada romana), polo tanto de certa relevancia, manifestada tamén polo feito de que serviu como referencia no seu momento para nomear os terreos situados ao seu carón.

Grande extensión de monte situada entre O Coto dos Mosquitos ao norte e O Poulo Verde ao sur, por riba da Espiñeira (O San Cibrán). Estrema por nacente coa veciña parroquia mosense de Cela. Corresponde aproximadamente na actualidade, a toda a franxa de monte que temos entre os viveiros Adoa e o Círculo Mercantil, cara ao oeste. Lembran as veciñas máis vellas a presenza dunha lagoa na Estrada, coñecida así, como A Lagoa, pero sobre todo o aramado que protexía as conducións da auga que ía para Vigo. A lagoa, situada na parte alta da regueira que baixa logo á Pedreira, aínda existe hoxe en día, poucos metros por debaixo da estrada das Plantas, entrando fronte a "Viveiros Adoa".

En Xestoso, **A Estrada** alberga o núcleo de casas situadas na coñecida como a rotonda do Memorial, entre a estrada das Plantas e o camiño da Viña Grande. Dende aquí, esténdese cara ao sur abranguendo as coutadas que atopamos ata chegar ao Monte Vello e linda ao oeste co Lugar do Cea. Entendemos que a orixe deste topónimo a debemos buscar no antigo camiño que baixaba polo coñecido actualmente como camiño da Feira cara á Parrocha, pasando, polo tanto, polo extremo sueste da Estrada e que entendemos se correspondía co camiño real medieval O Porriño-Vigo (→ *A Madorra*). Non aparece *A Estrada* no *Catastro de Ensenada*, pero si no *Libro de afanegados*, no que rexistramos unha propiedade co nome de «Aradas o Estrada». Do lugar de Cea partía **O Camiño da Estrada**, que saía á Viña Grande polo lugar da Tía Otília, aproximadamente á altura da rotonda do "Vigo Memorial".

► **Guieiro, O**

Procede de GUIDARIU e este do verbo latino GUIDARE ‘guiar’, polo que se aplicará a lugares empregados para guiarse, ben porque se sobe a

eles para situarse ou por tomalos como referencia na paisaxe. En todo caso serán lugares ben visibles. Tamén podería tratarse dunha alteración do topónimo *O Agueiro* (lat. AQUILARIO), que correspondería non só a un lugar onde abunden as aguias, senón ao que presente as características que o possibiliten.

Recibe este nome o curuto que vemos entrando pola rúa da Chandende A Regada, á man esquerda. O topónimo, con e sen artigo («O Guieiro», «Guieiro») aparece en máis de media ducia de ocasións no *Catastro de Ensenada* e en máis do dobre no *Libro de afanegados*, coa categoría nalgunha delas de «dehesa». Figuran tamén as dobres denominacións «guieiro o payo» e «guieiro o candea», ambos topónimos presentes na actualidade na súa contorna, pero tamén a de «guieiro o pleito». Ese topónimo «Pleito», que en *afanegados* atopamos tamén como «souto do pleito» ou, maioritariamente, «coutada do pleito» non o rexistramos a día de hoxe en ningún punto da parroquia o que faría referencia ao feito de que nalgún momento o terreo así nomeado estivo sometido a un *preito* ‘disputa xudicial’ que o tivo por obxecto.

► Paso, O

En zonas de seseo como é o noso caso confúndense os topónimos *O Pazo* con *O Paso*, polo que non é posible diferencialos na fala. No primeiro caso atopariámonos ante un termo procedente do latín PALATIUM, nome que se lles daba ás vivendas que había no Monte Palatino de Roma. Posto que moitas delas, no período republicano, pertencían a cidadáns podentes, asociouse a idea de vivenda grande e luxosa ao seu significado. En galego *pazo* designa unha casa principal. A aparición dun topónimo *Pazo* pódese deber, polo tanto, á existencia dunha antiga vivenda de certa relevancia (non necesariamente nobre) ou á presenza no lugar dunha familia alcumada ou apelidada así. No segundo caso, o *paso* (lat. PASSUS) referiríase a un ‘lugar para pasar estreito e difícil’. Normalmente aplícase a un *paso* entre montañas, ou ao *paso* dun río, pero pódese empregar noutros casos en que o acceso tamén sexa complicado, aínda que non haxa un obstáculo deste tipo. Ante a dúbida mantemos o topónimo como *O Paso*, xa que permite as dúas realizacións. Optar por *Pazo* implicaría alterar a forma do topónimo no caso de que a correcta fose *Paso*.

● ● ● ● ● ● ● ● ● ● **O Espazo habitado**

Lugar do barrio de Xestoso situado no pequeno alto a onde nos leva **O Camiño do Paso** (na actualidade *Camiño do Pazo*). Unha das casas máis antigas do lugar, posiblemente a que máis, é a coñecida como A das do Paso. Está situada no alto e era unha casa con eira e cinco portais (segundo lembra unha das súas antigas ocupantes) para saír a cada un dos camiños que antigamente a rodeaban, algúns máis ben congostras, tal como quedou gravado na toponimia da zona (→ A Quiringosta). En especial, o camiño que seguía cara a Xestoso, que agora remata nunha vivenda, estreitábase moito ao pasar polo lateral da casa do *Paso*, tanto que apenas entraba un carro. Quizais este paso tan complicado puido orixinar o topónimo considerando que fose *O Paso*. Por outra banda, no *Catastro de Ensanada* aparece unha veciña de Xestoso chamada Apelonia do Pazo, pero tamén figura xa «O Pazo» ou «o Paço» como topónimo que nomea tanto terras de labor e coutadas como o lugar de habitación de Isabel da Barja, Lourenzo Gómez e Rafael Campos.

► **Porta, O Campo da**

Topónimo viario, do latín *PORTA*. Pódese referir á entrada a un lugar, ou a un paso.

É o conxunto de terras que temos fronte á Presa da Parrovella de Arriba (ou da Fonte do Seixo) cara ao suroeste. Están rodeadas, polo tanto, polo camiño e as casas da Bouzafría ao leste, o carreiro que baixa ata O Muíño da Bouzafría polo noroeste e o valado que os separa do Ramallal ao sur. As situadas na parte alta, contra o camiño da Bouzafría, onde hai un par de casas construídas e onde se atopa A Pedra da Moura, son coñecidas como As Pereiriñas. Na fala emprégase maioritariamente o plural secundario **Os Campos da Porta**. Neste caso o nome puido estar motivado polo feito de ser os campos polos que había que pasar (rodeándoos) para acceder ao río e á Ponte e Muíño da Bouzafría.

Para chegar á **A Presa do Campo da Porta**, presa terreña, rodeada de vexetación, situada no Carballal, hai que baixar por un carreiro que sae do camiño de Cerdeiró, no seu comezo, case fronte ao camiño das Cunchadas, deixando á man dereita a casa coñecida como A do Galo. Andando uns cen metros, pasando pola parte de atrás da Pereiriña e A Roleira chegaremos ata a presa, e se continuamos o camiño uns poucos metros máis estaremos na Fonte da Pedrosa. Están alimentadas polas augas do rego de Pontecela. Aos pés desta temos **O Campo da Porta**,



leiras aínda traballadas. Neste caso a motivación do topónimo non resulta tan evidente, a non ser, quizais, que fixese referencia a que daban entrada á Presa da Pedrosa.

► Portela, O Muíño da

Diminutivo de *porta* mediante o sufixo *-ela* (< lat. *-ELLA*), o que leva a pensar que poderíamos estar ante un topónimo de orixe medieval (a partir do século XIII o sufixo empregado para formar diminutivos foi *-iña/o*), aínda que en Bembrive non atopamos este topónimo no *Catastro de Ensenada*. O substantivo *portela* pódese referir a un paso estreito entre montañas, que non sería o caso que nos ocupa, pero tamén a unha porta rústica, parecida a unha cancela, ou simplemente a unha ‘pequena abertura que se fai nun valado ou parede para que poida pasar o gando, o carro, a maquinaria ou as persoas’.

Localizamos en Mourelle **O Muíño da Portela**, muíño de cubo na marxe esquerda do río de Eifonso, situado a medio camiño, augas abaixo, do Muíño de Migueliño e Blanco e do Muíño Novo ou de Matías. Do outro lado do río, entre O Muíño da Portela e O Muíño de Matías temos as leiras dos Pereiros da Cova.

► Pousa, A

Procede do latín *PAUSA*, relacionado co verbo *PAUSARE* ‘repousar, descansar’. O termo *pousa* ‘lugar onde se pode descansar’ interprétase que podería ter un valor oronímico, para indicar a presenza dunha zona máis ou menos chaira no medio dunha pendente pronunciada que permite descansar e tomar folgos para continuar a subida. Este concepto de ‘lugar de descanso’ levaría posteriormente a que o nome de *pousa* se aplíquesse ás hospedaxes situadas en lugares de paso.

A Pousa (Mourelle) nomea o relanzo existente entre o camiño da Cova e a subida ao Carballal. Era o lugar empregado hai anos pola rapazada da contorna como punto de encontro onde xogar, ao que acudían tamén as rapazas e rapaces da Pouleira de Beade. Tal como nos dicía unha veciña da Cova de setenta e oito anos, «faciamos ghalli-

fa⁷⁶ entre todos. Xogabamos os domingos ás escondidas, á pita, á *rueda* etc». É un topónimo vivo na actualidade, e así a veciñanza continúa indo «coller o autobús á Pousa», en referencia á parada do autobús urbano que hai alí. A etimoloxía popular explica que o nome da Pousa lle quedou a este lugar porque «había un penedo e había alguén que pousaba alí cousas». Pero a orografía explica perfectamente a súa orixe.

► **Pouso, O**

Forma masculina derivada tamén de PAUSARE que ten o mesmo significado orográfico de terreo chan, ou cando menos de menor inclinación, no medio dunha pendente.

En Xestoso corresponde á zona encadrada entre o rego de Pontecela ou río da Candea ao oeste, cara ao norte O Crasto, A Lagoa polo leste, e a seguir a ladeira do Picouto e O Galleiro ao sur. É, polo tanto, a zona máis chaira, rodeada polas mencionadas pendentes, onde se asentan as casas que podemos ver na marxe esquerda do camiño do Pouso cando subimos dende O Crasto, así como as terras situadas do outro lado da estrada, fronte a elas, onde se atopa o Muíño do Pouso. Por extensión, tamén se consideran parte do Pouso a ladeira do Picouto, zona de monte encaixada entre o camiño do Pouso e A estrada das Plantas que se coñece como O Monte do Pouso, ou O Campo do Galleiro, onde se atopa o merendeiro do Pouso, e que forma parte xa da ladeira do Galleiro. O Pouso contaba no ano 1846 con 11 cabezas de familia, os mesmos que Mourelle e Cerdeiró, aínda que apenas un século antes era tan só o nome de terreos pertencentes a veciños do Carballal, O Paso e A Regada.

O Camiño do Pouso empregábase antigamente para ir ao Porriño atravesando o monte. Parte da Regada de Xestoso e sobe polo Pouso, dá a volta na curva onde se atopa co chamado camiño da Área de Lecer, e segue subindo para saír á estrada das Plantas na altura da Regueiriña. Se subimos dende A Regada polo camiño do Pouso, atoparemos á man dereita uns 150 metros antes de chegar ao cruzamento co chamado camiño da Área do Lecer **O Muíño do Pouso**. Muíño de herdeiros actualmente abandonado e desmantelado, pero que conserva

76 'Alboroto, jaleo, ruido de niños jugando. Juerga, diversión' (Carré Alvarellas, L.: 1926-1931, en *DdD*, s.v.).

en bo estado as paredes, a canle elevada e un fermoso cubo redondo formado por aros enteiros de pedra superpostos, tipoloxía compartida só cos muíño das Crebadas e do Outeiro. Atópase na marxe dereita do rego de Pontecela. **A Presa do Pouso** situábase antigamente por riba do Muíño do Pouso. Podería tratarse do que algunha informante coñecía como Os Lagos do Pouso e outras como As Presas do Covelo, pero non podemos aseguralo.



Muíño do Pouso

Nota ao pé: Detalle da canle elevada e o cubo do Muíño do Pouso.

► **Quiringosta, A**

Na zona tudense o estándar *congostra* sofre unha metátese do *-r-* para dar *crongosta*, que posteriormente se transforma en *quiringosta*. Unha vez máis, a transformación do *-g-* tras nasal en *-k-* propia das zonas de gheada, leva á aparición da forma *quirincosta*. *Congostra*, e polo tanto *quirincosta* e *quiringosta*, están relacionados co adxectivo latino *ANGUSTUS* ‘estreito, angosto’ e designan os camiños fondos e estreitos, normalmente encaixados entre valos.

Camiño do San Cibrán que ten a denominación oficial de Camiño das Cerdeiras, nome do cal a veciñanza descoñece a procedencia, posto que nin se lle chamou nunca así nin existe ese topónimo no lugar polo que discorre. **A Quiringosta** ou **A Quirincosta** (posto que na fala adoita realizarse así) é o camiño de acceso á Loureira. Parte da rúa do San Cibrán, un pouco antes do bar Ramallos, e baixa entre os Campos da Eira, á esquerda, e As Cerqueiras á dereita. Podemos pensar que foi precisamente unha mala interpretación deste topónimo o que quizais deu orixe ao nome de camiño das Cerdeiras. Non obstante, isto e só unha especulación e, en todo caso, o nome correcto é A Quiringosta.

No remate, á man esquerda, do camiño do Paso, Xestoso, localizamos **As Quiringostas**. Terreo con vivenda, pechado cun portal en que os seus propietarios teñen gravado o topónimo, tal como figura nas escrituras. O nome orixinouse, probablemente, por estar antigamente este lugar rodeado ao leste por un camiño, continuación do Paso, que se desdobrava cara ao nordeste para ir a Esparramán e cara ao oeste, baixando pola súa cabeceira, para saír ao Camiño de Xestoso, fronte ao lugar das Ferreiras, e todos eles eran camiños angostos, *quiringostas*. No *Catastro de Ensenada* aparece unha propiedade, moi probablemente situada en Xestoso, denominada «As Quiringostas», propiedade de Estevan Nuñez.

ACTIVIDADE ECONÓMICA

As actividades económicas poden deixar a súa pegada no territorio, sexa en forma das construcións feitas para albergalas, ou como as modificacións na paisaxe que provocou a súa existencia. Porén, tamén deixan a súa marca no patrimonio inmaterial e en particular na toponimia, de xeito que nalgúns casos é esta a única vía que nos informa da súa pasada existencia.

Presentamos baixo este epígrafe, polo tanto, os topónimos que nos falan de oficios (*A Ferreira, Os Carboeiros*) ou instalacións industriais máis ou menos incipientes (*O Folón, O Muíño Vello*), así como de actividades extractivas (*A Canteira*). Pero incluímos tamén os que aluden aos posuidores do capital (*A coutada das Señoras, A Devesa do Rei*)⁷⁷.

77 Outros topónimos da parroquia derivados de nomes que fan referencia a actividades rentistas como *Conde* ou *Marqués* introducímolos no apartado de *propietarios modernos* por tratarse claramente de alcumes.

► Canteira, A

Deriva de *canto* ‘pedra pequena, particularmente a que a erosión tornou lisa e arredondada’, vocábulo de orixe incerta, probablemente céltica de acordo con Corominas (1980-1992, s.v. *canto*3). As canteiras, ao tempo que modifican radicalmente a paisaxe física do lugar onde se asentan, mudan tamén a paisaxe toponímica, posto que as montañas, grandes ou pequenas, que fan desaparecer, levan con elas os nomes aferrados á súa orografía. Deste xeito, é habitual que os lugares onde se leva a cabo esta actividade pasen a ser coñecidos logo dun tempo como *A Canteira* e se borren da memoria colectiva os topónimos anteriores.

Canteira de pequenas dimensión que estivo situada na parte alta do extremo norte da Costeira de Arriba (Os Freires). Subindo polo camiño dos Freires, estaba á man dereita, aos pés do chalé que agora atopamos antes de chegar ao camiño do Xalón.

En Mourelle, **A Canteira** estaba situada por debaixo, cara ao nacente, do actual pavillón de deportes de Bembrive. Accedíase a ela polo coñecido como camiño da Canteira. No pleno da Entidade Local do 15 de xuño de 1945 aprobouse cobrar pola extracción de pedra desta canteira «situada en el monte comunal del lugar de Mourelle». Catro anos despois, o prezo por cada carro de pedra extraído era de dúas pesetas (acta do 2/06/1949). **O Camiño da Canteira**, que parte da Estrada de Bembrive, daba acceso á nomeada canteira. Vindo de Riomao, atopámolo xusto ao pasar a primeira casa que veremos á man dereita ao entrar en Bembrive, uns douscentos metros antes de chegar á ponte sobre o río de Eifonso.

Sepultada pola autoestrada do Atlántico, case no lugar en que é cruzada á altura pola estrada do Rebullón, pouco máis ao nordeste da actual SCRD Xestas, localizamos **A Canteira do Jo** (Xestoso). Descoñecemos se *Jo* era nome (Job) ou, máis probablemente, alcume, en referencia ao *santo Job*; ou se era un hipocorístico ou un alcume doutra orixe distinta que descoñecemos. Hai quen a coñece como *A Canteira do Bica*, porque parece ser que foi un home de Valadares, alumado *O Bica*, o último en explotala. O camiño asfaltado que atopamos á man esquerda e que sobe ata a SCRD Xestas, é **O Camiño da Canteira**. Este camiño chegaba antigamente á Canteira do *Jo* (e seguía cara ao norte para unirse co camiño da Feira) de aí o nome polo que

é coñecido por algúns veciños e veciñas. Lembra aínda algún deles a dificultade que tiñan os camións, daquela de gasóxeno, para baixar cargados de pedra por este camiño que era no seu tramo máis baixo unha «lousada».

► **Carboeiros, Os**

Carboeiro procede do latín *CARBONARIU*, ben do seu valor de adxectivo (referente ao carbón) ben do substantivo (oficio de carboeiro ou o lugar onde se producía carbón vexetal)⁷⁸. *Carboeira* deriva de *CARBONARIA*, que facía referencia ao lugar onde se facía, almacenaba ou vendía o carbón. Nos dous casos a raíz última atopámola no latín *CARBO*, *-ONIS* ‘carbón’. Podemos pensar, polo tanto, que un topónimo deste tipo puido estar motivado pola presenza dalgunha das actividades relacionadas co carbón, ou ben por ser o lugar onde habitaban, ou propiedade dalgunha familia que as tivese como oficio e fosen acumulados así. Hai preto de trinta lugares recollidos no *Nomenclátor de Galicia* co nome de *Carboeiro* ou *Carboeira*, con e sen artigo, aínda que a forma *O Carboeiro* é a maioritaria.

Núcleo de vivendas e terreos situados por debaixo do camiño de Cerdeiró, rodeadas ao norte e por poñente polo camiño dos Carboeiros. No *Catastro de Ensenada* a forma maioritaria do topónimo é «Os Carboeiros», aínda que tamén aparece a forma en singular («Carboeiro») e en feminino («A Carboeira»). Deducimos, pois, que posiblemente foi o masculino singular a forma orixinal e que o plural xurdiu, como tantos outros, secundariamente e o feminino con valor adxectivo (A Carboeira = ‘A do(s) Carboeiro(s)’). Na actualidade a forma **Os Carboeiros** continúa a ser maioritaria para nomear este lugar, aínda que temos que destacar que tamén recollemos **A Carboeira** e **As Carboeiras** entre persoas de avanzada idade e veciñas do lugar. Ademais recollemos **O Camiño dos Carboeiros**, camiño na actualidade asfaltado e con ancho suficiente para a circulación de vehículos, pero aínda sen nomear na

78 Considerando que estamos a carón do Lugar dos Ferreiros, existiría a posibilidade tamén de que un topónimo *Os Carboeiros* correspondese ao lugar onde se verquían os restos do carbón usado na fragua. Porén, esta hipótese precisaría que se cumpran unha serie de premisas que non sabemos se se deron ou non.

cartografía municipal. Parte á man dereita do camiño de Cerdeiró, un pouco máis adiante da Fonte da Penceira, en dirección ao San Cibrán. Como apuntaremos na entrada referente ao Lugar dos Ferreiros, o nome do camiño aparece xa nunha escritura antiga como «Congostra dos Carboeiros». A transformación física de *congostra* ‘camiño de carros estreito e profundo’ a *camiño*, levou a que se mudase tamén o topónimo viario, agora coñecido pola veciñanza, mesmo pola de maior idade, como camiño dos Carboeiros.



Carboeiros

► Carrexona, A

Alcume de oficio, feminino de *carrexón* ‘persoa que se dedica a transportar cargas’.

Situada no Carballal, comprende unha cuña de terreo, cunha casa e terras de labor, que queda por riba do punto en que se bifurca a subida á Chan e dá orixe ao camiño da Mandada. Abrangue tamén as dúas casas, cos seus respectivos lugares, situadas ao oeste da primeira, na outra beira do camiño da Mandada. Nestas terras cultivouse a comezos do século pasado tabaco. Unha vez apañado, levábase ao secadoiro da familia propietaria, situado a escasos metros da leira, na vivenda que se atopa entre a rúa do Carballal e a propia subida á Chan. Na planta alta desta construción, que na actualidade alberga unha vivenda (cunha tenda no piso inferior), colgábanse as plantas ata que estiveran suficientemente secas para ser vendidas. A *Carrexona* aparece no *Catastro*

de *Ensenada* como «A Carejona», e no *Libro de afanegados* xa coa gráfica actual, aínda que coas dobres denominacións «Larin o Carrexona», «A Carrexona o Mandada» e «A Canuda o Carexona» que concretan a súa localización.

► **Estada, A**

Recóllese, entre outros, no dicionario de Carré Alvarellos o termo *estada* (lat. STATA) co significado de armazón de madeira empregado como soporte para serrar troncos'. Por extensión, segundo Navaza (2007a: 138), chamaríasele tamén así ao lugar onde se realizaba esa operación.

É o pequeno relanzo que atopamos subindo polo camiño do Pouso ao chegar á altura do muíño do José María.

► **Feira, O Camiño**

Topónimo xurdido pola metátese do latín FERIA 'días festivos'.

É o camiño cortado por nacente pola autoestrada do Atlántico que parte da estrada das Plantas, uns metros máis adiante, en dirección ao CUVI, da rotonda onde esta converge coa rúa da Viña Grande. Antigamente este camiño chegaba á feira de Puxeiros, de aí o seu nome. Viña dende A Parrocha por dous ramais, un pola rúa chamada A Baixada ao Castelo e outro paralelo pola Viña Grande. Dende A Parrocha seguía pola Gandariña e o camiño das Canas cara a Vigo, atravesando pola Raposeira e O Rabiso (O Ravisno nos rótulos viarios) de Sárdoma. Precisamente o tramo que atravesaba a veciña parroquia lémbromo os informantes cuberto de chapacuña, mentres que en Bembrive era de terra. Correspóndese case con toda seguridade co camiño medieval Vigo-O Porriño, que atravesaba Bembrive entre o alto de San Cosme e A Gandariña (-> A Madorra).

► **Ferreira, As**

Do latín FERRU 'ferro'. O feminino procede do latín FERRARIA, adxectivo. É un topónimo relativamente frecuente en Galicia; rexístranse vinte e sete lugares no *Nomenclátor* coa forma simple A Ferreira, tres deles en Vigo (en Teis e Navia, ademais de Bembrive). Pero o número case se

triplica se consideramos as formas compostas e o masculino. É posible que a presenza do topónimo poida explicarse pola existencia de poseedores portadores do alcume ou apelido relativo ao oficio de traballar o ferro ou outros metais. *Ferreiro* é, de feito, un apelido relativamente frecuente en Galicia, como tamén o é Ferreira (de orixe neste caso toponímico e que duplica en presenza en Vigo á forma masculina), aínda que neste caso poderíamos estar tamén ante un feminino con valor adxectivo (*A Ferreira* = *A do Ferreiro* ou *A de Ferreiro*). Sen esquecer a hipótese, seguramente menos probable, de que a forma feminina se debese á presenza de ferro no terreo ou dunha ferrería.

As Ferreiras son un lugar do barrio do Mosteiro enclavado no pequeno outeiro que se eleva fronte a Quintán, por riba da estrada de Bembrive, ata testar ao norte coas Paias e ao leste co lugar do Mosteiro. Na aba oeste temos *A do Vieira*, e aos seus pés, Fionde. No ano 1752, *A Ferreira* era un núcleo de poboación que contaba con cinco casas de familia e numerosas terras de labor, xa que no *Catastro de Ensenada* se rexistran unhas cincuenta propiedades con este nome. Nesta documentación conséntase que a forma correcta é o singular *A Ferreira*, pero na actualidade emprégase sempre o plural secundario «*As Ferreiras*» (e así se recolle no *Nomenclátor de Galicia*, aínda que erroneamente sen artigo), polo que é a forma que deixamos. **O Camiño das Ferreiras** sobe ás Ferreiras dende a estrada de Bembrive. Antes recibía este nome o actual camiño da Garabulla, posto que é tamén unha vía de acceso ao lugar.

En Xestoso o topónimo corresponde a un lugar, entendido como o conxunto da casa familiar e os terreos circundantes, situado na rúa de Xestoso, por riba da Presa das Figueiras. Por el baixaba o chamado Rego da Agua que viña de Esparramán.

► Ferreiro, Os Campos do

Procede do masculino de *FERRARIU*, nome de oficio, derivado de *FERRU* ‘ferro’.

Trátase dun terreo, agora sen cultivar, por debaixo da casa que atopamos de fronte ao entrar no camiño do Xalón dende o cruzamento entre a chamada Subida a Chans e o camiño da Regada.

Coa mesma acepción de *lugar* que no caso das Ferreiras de Xestoso, atopamos **O Lugar dos Ferreiros**, no Carballal, subindo polo camiño de Cerdeiró á man dereita, pouco despois de pasar a Fonte da

Penceira; estendéndose cara ao sur ata o coñecido como camiño dos Carboeiros. Nas escrituras da casa, construída no ano 1840 por Francisco Fernández Louriño, atopamos unha descrición da localización: «lugar de habitación des de la reguera que pasa del Río Caudal a la Congostra dos Carboeiros». Entendemos que a mencionada regueira é o curso que baixa ao río da Pedrosa ou río de Eifonso dende a Fonte da Penceira, e que en vista da orografía podería proceder, augas arriba, da Fonte da Xabalouca e en último termo da Fonte das Partillas, logo de baixar polas Presas do Galleiro. O lugar conta coa súa eira, canastro, e antigamente cunha forxa onde traballaba un ferreiro, antepasado dos actuais moradores, que se considera que deixou o seu oficio gravado na toponimia do lugar. En todo caso, non podemos esquecer que no *Catastro de Ensenada* (1752), xunto a seis ou sete mestres de xastrería e un aprendiz, catorce ou quince mestres carpinteiros, un tecedor e catro costureiras, recollíase xa a presenza na parroquia dun mestre ferreiro.

► Ferranxa, A

Non parece haber dúbida de que é o feminino dun substantivo común derivado de *ferro*, pero non sabemos cal puido ser a motivación. Podería tratarse de ‘A do Ferrancho’, caso en que estaríamos ante un alcume, aplicado posiblemente a alguén que se dedicase á recollida ou aproveitamento de *ferranchos* ou *ferragachos* ‘anacos ou pezas de ferro pequenas e sen ningunha utilidade’, ou ben que se trate do nome dun lugar onde se acumulaban estes ferros.

Último terreo na man dereita do camiño de Paio. Testa ao norte co sendeiro que baixa ao río, que o separa da última casa do lugar.

► Folón, O

Procede do latín FULLONE, de FULLO /-ONIS ‘batán’. Os *folóns* ou *batáns* eran as máquinas empregadas antigamente para a transformación dos tecidos fabricados nos teares, de trama moi aberta, en panos máis tupidos. Consistían esencialmente en dous mazos unidos a unha roda hidráulica, de xeito que cando a forza da auga movía a roda, os mazos golpeaban o tecido para compactalo. Esta estrutura adoitaba atoparse no interior dunha construción similar aos muíños fariñeiros.

Polas respostas á pregunta dezasete do interrogatorio do *Catastro de Ensenada* sabemos que había tres batáns na parroquia de Bembrive: «tres batanes en el término y río de San Ciprian para abatanar las mantas burdas y del país y que competen a: Pasqual Gonzalez; Francisco Antonio Costas y Joseph Perez; Domingo Fernandez y Ismael de Abalde», aínda que na actualidade xa non se conserva rastro físico coñecido de ningún deles.

No San Cibrán recolleemos dous lugares con este topónimo. O primeiro un terreo situado entre As Veigas do Muíño e o río, que na actualidade xa non se destina a poulo, pero o uso quedou fixado tamén no topónimo, de xeito que a informante que nos nomeou este lugar emprega tanto o nome de **O Folón** como **Os Poulos do Folón** para referirse a el. O segundo lugar designa unhas coutadas situadas xusto en fronte dos Poulos do Folón, do outro lado do río do San Cibrán, aos pés da Coutada da Rega. Aínda que, como dicíamos, da estrutura dos folóns xa non queda rastro, grazas á toponimia podemos presupoñer que neste lugar se debía localizar cando menos un deles. Ademais, permanece na memoria da informante, de preto de noventa anos, o recordo de contar a súa avoa como naquela época se facían seráns no Folón. É bastante probable pensar que daquela aínda se conservaba o folón en funcionamento, xa que non se deixaron de empregar ata finais do século dezanove. No *Catastro de Ensenada* atopamos xa *Folón* como topónimo, en concreto a forma «Folon de Arriva» unha propiedade de Domingo Fernández, dono dun dos batáns rexistrados no propio catastro. Figuran igualmente no *Libro de afanegados* «O Folon», «Dehesa de Folon» e un «Cocho do Folon». Pero aparece tamén unha propiedade coa denominación «O Folon o Carboeiros». Os Carboeiros que coñecemos na actualidade encóntranse aproximadamente un quilómetro augas abaixo do Folón do San Cibrán, moi preto da Pedrosa, na mesma localización que por aquel entón debían ter, xa que no mesmo *Libro de afanegados* aparece en dúas ocasións a denominación «Carboeiros o Pedrosa». Isto fainos pensar que o máis probable é que houbera outro Folón (topónimo) na zona dos Carboeiros que se perdeu co paso do tempo e que quizais respondería á presenza doutro dos batáns con que contou a parroquia.

► **Leiteira, A Fonte da**

Leiteira corresponde ao latín *LACTARIA*, pero entendemos que o topónimo ha de ser un derivado de *leite* (lat. *LACTE*), polo que xa nacería en galego.

Esta fonte localízase no Lameiro, por debaixo da estrada de Bembribe no tramo que vai dende a rotonda da Pedra cara a Lavadores, nunha baixada que atoparemos uns cento noventa metros máis adiante, case fronte á subida á escola Rosalía de Castro. Á marxe de que na actualidade xa non é potable, a auga desta fonte nunca foi moi apreciada, xa que se consideraba «moi pesada». **A Leiteira** é un topónimo restrinxido á fonte, posto que leiras do redor son coñecidas como O Lameiro. Tampouco antigamente debeu nomear propiedades, xa que non aparece no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanagados*. O feito de estar precedido de preposición mais artigo (*da Leiteira*) lévanos a pensar que procede do nome do oficio dunha antiga propietaria, ou de ser lugar onde ían as leiteiras por algunha razón (quizais a *bautizar* o leite). Aínda que tamén é posible que un orixinario *Fonte Leiteira*⁷⁹ acabase reinterpretándose como *Fonte da Leiteira* e que a particular condición «pesada» das súas augas teña relación co nome.

► **Mandada, A**

Podería ser un participio do verbo *mandar* (derivado de *man*) que tería o mesmo significado que *manda* 'doazón feita a alguén mediante testamento'.

No Outeiro, **A Mandada** é a ladeira que se estende aos pés do restaurante Soriano cara a poñente, ata o camiño da Devesa. Abrangue as coutadas situadas por debaixo do restaurante e fronte á Fonte da Devesa, e as leiras que quedan entre elas, algunha dela xa edificada, fronte á Fonte e Presa da Mina. Non aparece no *Catastro de Ensenada*, pero si en máis de media ducia de ocasións no *Libro de afanagados*, onde algunhas das entradas figuran cunha dobre denominación, a de «Mandada o Larín» ou «A Carrexona o Mandada», ambos topónimos (Larín e A Carrexona) existentes na actualidade e situados, quizais, como ve-

79 Neste caso 'leiteira' sería adxectivo, referíndose quizais a que a auga tivese o aspecto de leite

remos no caso de Larín, cunha extensión máis reducida que no pasado, ao suroeste da Mandada.

► Muíño Vello, O

Do latín *MOLINU*, emparentado co verbo *MOLERE* ‘moer; desfacer un corpo en anacos moi pequenos’. Ao igual que ocurría co Folón, estamos ante outra actividade económica dependente da auga (en concreto da forza do seu movemento) que deixou a súa pegada na toponimia de Bembrive. Estamos ante un vocábulo de gran rendemento na formación de topónimos constituídos por sintagmas nominais.

O Muíño Vello en Baruxáns son os campos, aproximadamente unha ducia, situados na marxe dereita do río da Cova ou río de Moledo (río de Eifonso). Se entramos polo camiño que parte do Lavadouro de Moledo (situado na ponte do mesmo nome, ao entrar na veciña parroquia de Sárdoma), **Os Muíños Vellos** (como son chamados tamén) son os campos que nos quedan á man dereita, entre o citado camiño e o río. Esténdense cara ao sur ata chegar á **Presa do Muíño Vello**. Esta, e o valado de dirección nordeste-suroeste que parte dela, marcan a división entre Os Muíños Vellos e A Raposa. Dentro do Muíño Vello temos, entre outros, **O Muíño Vello de Arriba**, último campo, en forma de cuña, que atopamos á dereita do camiño antes de chegar á **Presa do Muíño Vello**. Queda encaixado entre o camiño e o rego da Raposa, que marca a súa estrema pola banda de poñente. Esta presa terreña localízase no punto en que o camiño, que dá acceso dende a Ponte de Moledo aos campos do Muíño Vello, atópase co rego que baixa dende o Cacheno para desembocar, uns metros abaixo, no río da Cova. Tamén é coñecida por outras persoas como A Presa de Baruxáns ou como A Presa da Raposa, en todo caso, das súas augas regaban todas as leiras do Muíño Vello. O outro topónimo que recollemos é **O Muíño Vello Pequeno**, veiga situada fronte ao Muíño da Cova. Ambos os dous microtopónimos aparecen nunha escritura. É posible que o muíño que deixou a súa pegada deste xeito na toponimia fose o chamado actualmente O Muíño da Cova, situado no punto medio do Muíño Vello (aínda que do outro lado do río) e que sería anterior a algún dos muíños situados augas arriba (O Muíño do Riobó, de 1855) ou abaixo (O Muíño do Burro).

No *Catastro de Ensenada* aparece o microtopónimo *O Muíño Vello* como «O Moíño Vello».



O Muíño Vello

No Mosteiro, **O Campo do Muíño** abrangue as leiras, a un lado e outro, do sendeiro que vai do camiño dos Pumariños ao Muíño do Coruxeiro. Pertencen, polo tanto, as da marxe dereita aos Pumariños e as da marxe esquerda aos Campos da Eira.

O Cocho do Muíño (Eifonso) identifica por unha banda a leira situada fronte á Fonte da Sanxegueira do outro lado do río, detrás do Muíño de Eifonso, aínda que xa pertence á parroquia de Beade. E por outra banda un pequeno anaco de terra situado por riba do Campo do Río, aproximadamente na esquina que forman o camiño dos Palames, subindo dende Eifonso, co río do Outeiro, que reaparece á man dereita. Con este nome figuraba xa nunhas escrituras de 1890.

En Miraflores documentamos varios microtopónimos con *muíño*. **O Cocho do Muíño**, terras situadas por debaixo do camiño do Cocho do Muíño (por riba do cal temos O Pombal), entre a chamada subida a Miraflores e o punto, uns cen metros ao leste, onde se produce a confluencia entre o rego que vén da Presa da Puga e o que baixa dende O Chapello, a partir desa confluencia fórmas o **Rego do Cocho do Muíño**, que baixa dende o extremo leste do Cocho do Muíño cara ao suroeste,

a Novelos e que uns metros máis abaixo, ao outro lado da estrada, toma o nome de A Regueira do Abade. Eran terras de labor, pero hoxe en día a maior parte da superficie está ocupada polos tres chalés que temos fronte á **Presa do Cocho do Muíño**. Esta presa, está situada na entrada, á man esquerda, do **Camiño do Cocho do Muíño**. Este camiño parte da subida a Miraflores, á man dereita, chisco máis arriba do cruzamento co camiño da Soaxeira.

As terras agora sen traballar pertencentes ao Martaraño, situadas por debaixo das Teixugueiras, contra o río, son **Os Cochos do Muíño** no San Cibrán. Non hai hoxe en día ningún muíño neste lugar e o máis próximo, o de Bouzafría, está uns trescentos metros augas abaixo. **Os Poulos do Muíño** son os antigos poulos que había por debaixo da capela do San Cibrán, por onde vai a traída de augas e por onde aínda na actualidade baixa gran cantidade de auga. Tendo en conta este topónimo e o veciño Os Cochos do Muíño cabe pensar que neste lugar debía estar situado un dos tres muíños que aparecen citados no *Catastro de Ensenada* augas arriba do da Bouzafría.

Baixando polo camiño de Sospalleiros, unha vez que chegamos á bifurcación, temos á man dereita o camiño que leva ás Teixugeiras, de fronte aos Sospalleiros e á esquerda **A Veiga do Muíño** e, nun anaco contra o río, O Soeido. Na actualidade estas veigas, terreos por definición moi fértiles, están maioritariamente sen cultivar. Non existe nin se ten memoria de ningún muíño neste lugar, pero podería tratarse dalgún dos que mencionamos nos Poulos do Muíño. Tamén estamos a carón do Folón, polo que existe tamén a posibilidade de que se referise ao batán que debeu haber aquí en tempos. Tanto neste caso como no anterior emprégase tamén o plural **As Veigas do Muíño**.

En Abalde recollemos **A Veiga do Muíño**, leiras na marxe esquerda do río de Eifonso, do Muíño de Abalde cara ao Muxo, pertencentes, polo tanto, á parroquia de Beade, aínda que hai quen considera que as situadas en fronte, na marxe de Bembrive, tamén teñen ese nome. E **A Ponte das Veigas do Muíño**, chamada así tamén a coñecida como *A Ponte de Abalde* (→ Abalde).

E por último, atopamos **A Coutada do Muíño**, coutada por riba da caseta das augas que hai antes da Ferrolana. Quizais facía referencia ao veciño Muíño da Pedrosa.

► **Pelames, Os**

Do latín PELLAMINE, termo que deu en galego as formas *pelamio* e *pelame*, que significan ‘lugar onde se somerxían as peles para curtidas’. PELLAMINE DERIVA DE PELLE ‘pel’, e con ese significado están presentes na toponimia. Realizado normalmente na fala como *Os Palames*, por disimilación vocálica, por atracción do -a- da sílaba tónica.

Terreo de forte pendente, agora a monte e cuberto de eucaliptos, situado por debaixo da estrada de Bembrive e atravesado polo camiño dos Pelames (baixada aos Pelames). Corresponde á parte máis baixa da aba nordeste do monte que dá nome ao barrio do Outeiro. Na actualidade non se coñecen restos dun curtidoiro neste lugar, aínda que sabemos que, de ter existido, a súa desaparición non sería recente, posto que a mediados do século XVIII xa non se rexistraba esta actividade no *Catastro de Ensenada*, pero si aparecía «Os Pelames» como topónimo; en dez ocasións como nome de propiedades e nun caso como «lugar de habitación». Isto indícanos que, de existir tal curtidoiro, debeuno ser antes de 1752 e ter transcorrido o tempo suficiente como para que nesas alturas xa estivese firmemente fixado na toponimia. En principio, non sería de todo improbable que fose así, posto que pelames ou pelamios (*pelameo*) son xa usuais na Idade Media (en lugares como Allariz o curtido foi introducido polos xudeus no século XII). En principio, o enclave nomeado *Os Pelames*, situado entre dous ríos, sería moi propicio para a súa presenza.

O Camiño dos Pelames aparece nos rótulos viarios como Baixada aos Palames e descende dende a estrada de Bembrive cara a Eifonso, para rematar na curva onde se cruza co Rego de Pontecela que uns metros máis abaixo se unirá co Eifonso. O que na actualidade se denomina camiño Palames, que sería a prolongación do anterior ata a confluencia da rúa de Eifonso coa Costa da Gándara, sería en realidade O Camiño de Eifonso. O río de Eifonso ao seu paso polos Pelames toma o nome de **O Río dos Pelames**.

► **Raiña, A**

Raiña (<REGINA) é a forma feminina de *rei*, malia que nalgúns casos na toponimia pode corresponder a un diminutivo de raia (< lat. RADIA), que fai referencia a unha estrema. Descoñecemos neste caso a moti-



vación do topónimo. Certo é que se atopa na estrema entre os barrios de Mourelle e O Outeiro, nese caso o seu étimo sería o diminutivo de *RADIA*, pero tamén é posible que proceda de *REGINA* e a súa aparición se debese ao nome ou alcume dunha antiga propietaria, sen que teña relación ningunha coa realeza.

Lugar do barrio de Mourelle correspondente á franxa de terreos e vivendas, en forte pendente, que queda por riba da Estrada de Bembrive dende o camiño das Cavadiñas (Subida á Cruz) ata A Pousa (inicio do camiño do Cocho). Aparece xa como «lugar de habitación» (da veciña Dominga Costas) no *Catastro de Ensenada*, ademais de como nome de varias propiedades. Na pronunciada curva que describe **O Camiño da Raíña** uns cincuenta metros despois de ter entrado dende a estrada de Bembrive localizamos **A Fonte da Raíña** e xusto antes desta **A Presa da Raíña**, de tamaño pequeno, está situada entre a marxe dereita do camiño e o muro dunha propiedade que a rodea. A Suaviña rega da súa auga. **Os Campos da Raíña** son as terras, agora maioritariamente a poulo, por riba da Fonte da Raíña.

En Cerdeiró atopamos unha pequena presa terreña que se atopa a medio camiño entre A Presa de Cerdeiró e A Presa da Parrovella de Abaixo, na man dereita, subindo, do camiño da Bouzafría, chamada **O Pozo da Raíña**. Como xa temos visto noutros topónimos como O Pozo do Gancho, o termo pozo aplícase aquí a unha escavación feita no terreo, máis ou menos redondeada, co obxectivo non de buscar auga senón simplemente de retela. É unha pequena presa, que en moitos casos se emprega como auxiliar doutra de maior entidade.

► **Rei, A Devesa do**

Rei procede do latín *REGE* ‘xefe soberano’.

Terreo de monte comunal situado en Mourelle na estrema con Beade, na zona onde se atopa o pavillón de deportes de Bembrive e que se estende ladeira abaixo do outro lado do camiño da Capela, cara ao río. O mapa do monte de Bembrive do ano 1958 sitúaa, de feito, entre a Estrada Bembrive-Beade (ao norte) e A Pedra do Sal (ao sur). As devesas reais teñen a súa orixe nas disposicións do rei Felipe II emitidas na década 1560-70 co obxectivo de favorecer a construción naval. Para este fin, establecíase para certos territorios do noroeste peninsular (en Gali-

cia a partir do ano 1563), a creación dunha franxa de dúas leguas (uns once quilómetros) en torno ás costas e ríos navegables que debían ser repoboadas con carballos, ou freixos no seu defecto, que terían como único fin o emprego da súa madeira na construción de navíos. Só de xeito secundario se permitía o seu aproveitamento para a edificación de vivendas na costa, coa finalidade de asentar poboación que actuaría como liña de defensa ante posibles invasións. Estas franxas apropiadas pola Coroa eran espazos do comunal ou dos propios concellos. Deste xeito, a figura das devesas reais contou coa oposición popular, non só pola usurpación do seu terreo comunal, senón por verse tamén a poboación na obriga de contribuír coa plantación de novos pés nestas devesas, ou por ter que afrontar multas colectivas se faltaba algún carballo delas. Séculos despois, durante a desamortización, algunhas pasaron a mans privadas, mentres outras se recuperaron como terreos comunais (Morgade, 2003). Esta historia quedou plasmada na toponimia, como vemos na actualidade ao atopar, en case todas as parroquias do noso arredor, unha *Devesa Real*, *Devesa do Rei*, *Carballeira do Rei* etc.

No *Catastro de Ensenada*, á cuestión número corenta do interrogatorio xeral, que pregunta sobre as propiedades do rei na parroquia, deuse a seguinte resposta: «La real dehesa que llaman de Mourelle, sembradura de 50 ferrados que limita a L. y N. con río y P. y S. con monte común. Otro pedazo de terreno en la misma situación que sirve de vivero para repoblar y mantener dicha Real Dehesa, de un ferrado de cavida». Polo tanto, sabemos que naquel momento a Devesa do Rei tiña o seu extremo norte no punto en que o regueiro das Bombas de Beade se unía ao río de Eifonso e que este marcaba o seu límite leste, ademais contaba cunha superficie algo maior de dúas hectáreas⁸⁰ e media. Faise referencia ao mesmo lugar co topónimo 'Devesa de Mourelle', recollido en 1785 e en 1792. Na do ano 1839 (a última visita da que hai rexistro no Arquivo da Deputación de Pontevedra), cando xa non se consideran *devesas reais*, senón *nacionais*, aparece un topónimo novo que, lamentablemente non se le con claridade: «Visitamos la dehesa nacional que se dice y cómpre aclaración Limita del norte y naciente con monte poblado de castaños y robles, sur con el pinar que se dice de Piedra da Sal y ponente con monte valdio... El vivero contiguo

80 En concreto, 2,7 ha, tomando como referencia a equivalencia media de 1 ferrado=541m² en Vigo.



a la Dehesa, ... se halla cerrado sobre si». É un topónimo estraño na súa construción, que podería corresponder quizais a unha *Cachada da Villa* (por *Cachada da Vila*), pero en todo caso non atopamos ningún topónimo similar na actualidade nese lugar, xa que a partir das indicacións que se dan, sabemos que a devesa segue tendo a mesma localización que anteriormente e coincidente co topónimo actual.

Dende 1839 a explotación das devesas decae, tal e como se constata nesta de Bembrive.

A **Devesa do Rei** é coñecida tamén co nome de **O Pinal do Rei**, denominación que entendemos será relativamente recente, froito da fusión do topónimo antigo coa designación dos novos usos do terreo, ocupado actualmente, e talvez dende as repoboacións de principios do século xx, por piñeiros no canto de carballos. Aínda que hoxe en día dentro da extensión de monte coñecida como Devesa ou Pinal do Rei non conseguimos rescatar ningún microtopónimo, si temos constancia da súa existencia nun pasado recente. É o caso de **Regueiriño do Rei** que unha nota aparecida en *El Pueblo Gallego*, o 20 de xaneiro de 1932, nos sitúa con claridade. Na nova publicada no xornal dábase conta da celebración, o domingo precedente, dunha xunta xeral da Sociedad Repobladora Forestal en que se acordaba demarcar unha parcela de monte para situar un «campo escolar» dedicado á festa da árbore, de cuxo coidado se encargaría os nenos das escolas da parroquia baixo a supervisión do mestre D. Federico Estévez Estévez. Este terreo, parte do cal se establecía que estaría reservado para o xogo dos rapaces, dicíase que se situaba: «en la parte del monte titulada Regueiriño d'o Rei, lindando con la carretera en los límites de la parroquia de Beade».

En Segade, **O Paso do Rei** é un sendeiro de acceso á Fonte do Lago ou da Chadiza dende arriba, dende o camiño do Loureiro. Malia que este topónimo foi referido por dúas persoas que viven preto da fonte, veciñas e veciños do lugar de maior idade non o empregaron nin escoitaron nunca. Descoñecemos a súa orixe.

► Ripanso, O

Contén probablemente o substantivo *ripanzo*, do verbo *ripar*, palabra de orixe xermánica. O *ripanzo* ou *ripo* é, tal como recolle o dicionario da Real Academia, o instrumento semellante a un peite cos dentes de ferro ou de madeira, que se chanta na terra ou se encaixa nunha mesa

ou banco, sobre o que se pasa o liño para quitarlle a baga (a cápsula que contén a liñaza). Resulta estraño pensar que o nome desta ferramenta motivase a aparición dun topónimo, a non ser por algún feito anecdótico. Sería igualmente probable, tendo en conta ademais que hai un rego na zona, que proceda dun nome previo formado por *Río* máis outro elemento que podería ser *Penso* (por *penzo* ‘inclinado, torcido’) interferido polo substantivo común *ripanzo* (*O Río Penso* → *O Ripanso*).

Zona situada por riba da rúa do San Cibrán, cara ao monte, entre o punto en que describe a forte curva uns cento cincuenta metros antes da capela e o comezo do camiño das Valadiñas. De acordo co testemuño dunha veciña, que coñeceu o cultivo do liño na súa infancia, ata hai poucos anos pés asilvestrados desta planta florecían aquí, no Ripanso. En 1752, no *Catastro de Ensenada*, rexístrase só unha propiedade co nome «O Ripanso», pertencente a un veciño do San Cibrán. Case un século despois, *O Ripanso* daba nome xa a máis dunha ducia de terreos, malia que a maior parte deles continuaban pertencendo a veciñas e veciños do barrio do San Cibrán. **As Presas do Ripanso** son dúas. A primeira, terreña e practicamente desaparecida, recollía as augas da Fonte Seca, e estaba situada sobre a curva maior que a rúa do San Cibrán debuxa aos pés do camiño das Valadiñas. A outra, agora reconstruída con cemento, está precisamente na subida deste camiño e estaba conectada coas Presas das Crebadas. Deste xeito, cando había moita auga, pechábase A Presa no Ripanso e gardábase a auga nas Crebadas.

► **Señora, A Coutada das**

Do latín SENIOR, -ORIS ‘o máis vello’ comparativo de SENEX ‘vello’ (Marqués, 2004: 629). *Señora* é un título de cortesía empregado para referirse a unha muller descoñecida ou de certa idade, e é tamén o título outorgado a unha persoa de categoría social elevada, posuidora de certas propiedades e/ou con persoas ao seu servizo.

No San Cibrán, **A Coutada das Señoras** atópase na pista da Fraga, uns metros máis adiante (en dirección a Beade) da Pedra da Besta, xusto no punto en que á man dereita sae outra pista que nos leva á Casa de Augas e ás Crebadas. Temos, por debaixo da pista **A Coutada das Señoras de Abaixo** e por riba **A Coutada das Señoras de Arriba**. Estrema ao leste coa franxa de monte comunal que se atopa por debaixo do Mercantil, ao norte coa Espiñeira e ao sur coa Coutada dos Chans. Des-



coñecemos a que señoras pode facer referencia o topónimo, pero o que si sabemos é que xa aparece no *Libro de afanegados* (aínda que non figuraba un século antes no *Catastro de Ensenada*), coa forma «Coutada das Buceiras o Señoras» e «Tojal de Buceiras o Coutada das Señoras». Atopamos tamén unha referencia á Coutada das Señoras no informe de Eduardo Cabello relativo ás obras de abastecemento de auga para Vigo (→Bibidouros).

► Tisoureiros, Os

Podería tratarse da alteración dun alcume de posesor *Tesoureiro* que faría referencia ao seu oficio de reparar, vender ou facer tesoiras, que nesta zona sería *tesouras* dado o resultado do sufixo *-ORIA* que vimos, entre outros, en *corredoura*. *Tesouras* é tamén en portugués e *tesoiras* na maior parte do galego. Do latín *TONSORIAS*.

En Segade, entrando polo camiño dos Tisoureiros logo de pasar as casas, son os antigos campos, agora terreos a poulo e con arbustos, que temos á man dereita ata chegar ao rego que os separa das Amieiras, á man esquerda ata testar, separados por un pequeno valado de pedras, cos Lagares e de fronte, ata o outro lado da avenida de Madrid, que os seccionou case pola metade. **O Camiño dos Tisoureiros** é o camiño que parte da rúa de Segade á man dereita pouco antes de chegar ao lavadoiro. Por el accédese aos Tisoureiros e tamén aos Lagares, collendo á esquerda logo de andados uns cincuenta metros. Hoxe en día remata cortado pola avenida de Madrid, pero antigamente continuaba ata saír na Castiñeira, no camiño que agora está cortado tamén pola avenida e que aparece rotulado como camiño das Amieiras. Entrando aos Tisoureiros dende A Castiñeira, máis adiante do lugar onde remata o invernadoiro que atopamos agora pegado ao camiño, estaba **A Presa dos Tisoureiros**. Desta regaban só Os Tisoureiros. Non aparece no *Catastro de Ensenada* (1752), pero si no *Libro de Afanegados* (1846), aínda que en singular: «Tisoureiro». Na actualidade só se emprega a forma en plural e con artigo.

HAXIOTOPÓNIMOS

Son topónimos formados a partir de vocábulos relacionados co mundo do sagrado e a relixión.

► **Abade, A do**

Abade pódese referir ao superior dun convento, ou ser simplemente o párroco dunha igrexa, sinónimo de *crego* ou *cura*. Procede do latín *ABBATE* e, en último termo do hebreo *ABBA* ‘pai’. A súa presenza na toponimia delata probablemente a pertenza dos terreos así nomeados a un membro da igrexa, porque *Abade* tamén podería ser alcume ou apelido.

Trátase das terras de labor entre o núcleo de casas que, uns cento vinte metros antes de chegar ao Cristo, temos á man dereita da rúa do Cacheno, e o rego da Raposa, que baixa aos seus pés.

En Mandín, Os Freires, recollemos varios topónimos con este termo como **O Campo do Abade**, polígono de terras, parte delas cultivadas e cun pequeno invernadoiro, situadas fronte á Reitoral, delimitadas por toda a banda de nacente pola regueira do Abade. A súa situación explica claramente a orixe do topónimo como relativo ao párroco da freguesía. **A Fonte do Abade** e **O Lavadouro do Abade** que se atopan á man dereita da rúa de Mandín, corenta metros antes de chegar ao cruzamento co camiño dos Freires e a subida a Miraflores. O rego que baixa dende estes recibe o nome tamén de **A Regueira do Abade** e discorre pola liña de inflexión que divide o cordón formado polas Costeiras, As Costas e o Parrachón, da chaira onde atopamos Os Campos do Abade, O Cocho, A Barxa, A Garnacha e O Cocho Longo. Precisamente rodea por nacente este último terreo para ir unirse co rego que baixa dos Estripeirales e, unha vez xuntas as súas augas, sumadas ao río do Xalón forman o río da Barxa. Por último temos **A Presa do Abade**, xa desaparecida, que estaba diante da última casa da rúa de Mandín, que fai esquina coa Subida a Miraflores.

Os Campos do Abade, chamados tamén Os Campos do Cura (o que confirma que abade está presente neste caso no topónimo co significado de ‘cura párroco’), son as leiras a un lado e outro do camiño de Peizás que parte da subida a Miraflores fronte ao camiño da Mina.

O terro onde se atopa o colexio Las Acacias e a nave fronte a el, no Castelo, recibe o nome do **O Pinal do Abade**. Aínda que o último propietario foi Urbano, veciño de Bembrive que, xunto a outros, chegou a instalar un serradoiro en Xestoso, o topónimo indica que no seu momento estes terreos foron propiedade da igrexa. De feito o terreo onde se atopa a nave coñécese tamén como **A Finca do Cura**. Lembramos

que *finca* é un castelanismo por *leira* ou *terreo* e a forma correcta en galego do colectivo *pinal* sería *piñeiral*.

A **Soaxeira do Abade** é unha leira de gran superficie, pechada e separada polo sur dos Estripeirales por un muro de pedra. Está situada no extremo leste da (->) Soaxeira, malia que se accede a ela dende un camiño que parte da segunda curva da rúa de Mandín. Este terreo é tamén coñecido como O Panxón.

► **Bispo, O**

Do latín EPISCOPI, procedente á súa vez do grego. O *bispo* é o crego que, na Igrexa Católica é responsable do goberno e da dirección espiritual dunha diocese. No noso caso faría referencia, posiblemente, ao bispo de Tui. Bispo tamén pode ser alcume ou apelido, aínda que a cartografía dos apelidos de Galicia só rexistra a súa presenza no concello de Vilagarcía de Arousa. Dezaseis lugares hai en Galicia co termo *bispo* no seu nome como *O Bispo*, en Sober (Lugo) ou *Sobrado do Bispo* en Barbadás (Ourense) e ata unha parroquia: *O Bispo*, en Monterroso (Lugo).

O Bispo, na Parrocha, é unha pequena leira a seguir da segunda casa que, entrando polo incorrectamente chamado camiño Ceiróns dende a rúa da Parrocha, temos á man esquerda.

Tamén recollemos **O Bispo** para identificar uns campos en Recaré. Baixando polo camiño do Rebolón dende a estrada Baixada ao Castelo atopamos, paralelo por debaixo á primeira casa que a uns cen metros hai á man dereita, **O Bispo Pequeno** e uns cento cincuenta metros máis abaixo, pouco antes de saír á Viña Grande, temos **O Bispo Grande** entrando polo camiño que á man esquerda nos leva a unha vivenda, está xusto antes de chegar á casa, á man esquerda.

Nos dous casos a forma recollida foi *O Obispo*, co substantivo na súa forma castelá. Non aparece este topónimo no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*, polo que entendemos que podería ser un topónimo recente para nomear propiedades nalgún momento ligadas á igrexa, aínda que non podemos desbotar a posibilidade de que fose un alcuño ou apelido. En todo caso estas terras foron propiedade no seu momento de don Claudino, o abade que viviu na reitoral dos Freires.

► **Campaneiro, O Camiño do**

O *campaneiro* é o home que se dedica a tocar as campás, normalmente nunha igrexa, ou ben que as fabrica. Derivado de *campana* (castelanismos por *campá*), do latín *CAMPANA*, en alusión á *Campania*, rexión italiana onde a tradición di que se tería usado tal instrumento por primeira vez.

No San Cibrán, **O Camiño do Campaneiro** subía dende Piñeirós á casa do Campaneiro e agora recibe este nome a estrada asfaltada que nos atopamos á man esquerda no camiño da Capela cando nos diriximos dende a capela do San Cibrán cara a Beade. Sobee monte arriba, debuxando o seu trazado dúas pronunciadas curvas, ata cruzar a autoestrada AG-57, a partir de onde podemos tomar a pista da Fraga á esquerda, ou seguir polo camiño do Campaneiro ata *A do Campaneiro*, en Beade. *Campaneiro* era o alcume do antigo propietario da vivenda (Carrasco e Navaza, 2014: 58), probablemente por ter desenvolvido ese oficio.

► **Canónigo, O**

Forma castelá de *cóengo* 'clérigo que ten un determinado cargo eclesiástico dentro do corpo ou comunidade dunha catedral ou colexiata'. Do latín *CANONĪCUS* 'clérigo', que era o que vivía segundo os *cánones* (< lat. *CANONE* 'norma'). Na *Toponimia de Beade* dáse conta da aparición en documentos do século XVII e XVIII dun apelido ou sobrenome *Canónigo* na parroquia e explícase que posiblemente se lle aplicase á persoa encargada dos intereses do cabido de Tui en Beade. É probable que esta mesma familia tivese propiedades en Bembrive.

Na estrada de Bembrive en dirección a Beade, uns cen metros despois de pasar a baixada para a Cova, temos á man dereita o terreo, onde hoxe en día hai unha vivenda que ten por nome **O Canónigo**. Este topónimo non figura no *Catastro de Ensenada*, pero si no *Libro de afeñados* de 1846, como nome de propiedades de veciños de Mourelle.

► **Crego, O**

Crego é un sinónimo de *cura* ou *sacerdote* 'persoa que recibiu as ordes relixiosas necesarias para celebrar a misa'. O termo é un semicultismo, do latín tardío *clericus* 'membro do clero'. O seu uso como

topónimo pode estar motivado polo feito de que as terras así nomeadas fosen propiedade dun cura, ou ben dunha persoa alcumada ou apelidada *Crego*. No *Nomenclátor de Galicia* aparecen sete lugares co termo *crego* no seu nome, aínda que nunca en solitario: *Chan do Crego* (Padrenda, Ou), *Vilar dos Cregos* (Guntín, Lu) ou *A Graña do Crego* (Monfero, A Cor).

No Lameiro recibe este nome unha leira que está na parte alta do camiño que sobe dende a estrada de Bembrive, pola das Marallas, e remata na parte de abaixo das pistas deportivas do colexio Montecastelo. En concreto, **O Crego** son os terreos que, subindo a costa, atopamos de fronte cando o camiño xira á esquerda. O nome podería estar explicado polo feito de que este terreo, e todo o lenzo que continúa cara abaixo, ata chegar ao camiño do Lameiro, e no que está situado a casa de que depende, foron antigamente propiedade dun crego, tío das coñecidas señoritas de (->) Benavides.

► **Cura, A Finca do**

O *cura* é o sacerdote encargado dos fregueses dunha determinada parroquia ou freguesía. O termo procede do latín *cura* ‘coidado’, palabra que segue viva no catalán con ese significado. Ao igual que no caso anterior, pode que as terras así chamadas fosen realmente propiedade dun cura ou ben dunha persoa alcumada así.

Trátase dun terreo en Reiriz, cara ao Rebolón.

► **Freires, Os**

Procede do occitano *FRAIRE* ‘irmán’ e este á súa vez do latín *FRA-TRE*, ten o significado de ‘membro dunha orde relixiosa’. É un préstamo medieval do occitano que concorre co seu sinónimo *frade* (tamén do latín *FRATRE*), a forma patrimonial galega. Atendendo ás formas simples e compostas, son dez en total os lugares en Galicia rexistrados no *Nomenclátor* que levan o termo *freire* en singular ou plural no seu nome. A presenza deste topónimo non ten por que indicarnos unha relación coa igrexa, posto que *Freire* é tamén un apelido característico de Galicia e doutras áreas do norte peninsular.

Os Freires, considerado maioritariamente como barrio, aínda que de reducida extensión, abrangue o territorio comprendido na baixada



de Xestoso a Mandín. No *Catastro de Ensenada* era considerado xa lugar de habitación, contando con seis cabezas de familia, o mesmo número que Mandín. Ademais, aquí recollemos os microtopónimos: **Os Freires de Arriba**, franxa de terro que queda por debaixo do actual camiño da Puga de Arriba, estendéndose cara ao noreste ata A Puga. Este topónimo aparece xa no *Libro de afanegados* da parroquia, aínda que como nome de propiedade. O lugar de habitación, ao igual que no *Catastro de Ensenada* era «Os Freires», escrito maioritariamente deste xeito, con artigo. Isto leva a pensar que neste caso a orixe máis probable do topónimo foi o apelido dun antigo propietario. E **Os Freires de Abaixo**, franxa paralela por debaixo dos Freires de Arriba. Un pequeno valado marca o seu límite por poñente, por debaixo do que atopamos unha ringleira de tres vivendas.

A estrada que sobe dende Mandín ata Xestoso recibe o nome de **O Camiño dos Freires**. Antigamente era un camiño fondo, de lousas, por onde baixaban todos os enterros que viñan de Xestoso, A Regada ou o Lugar de Arriba e que se paraban a botar o responso no cruzamento co camiño das Figueiras, uns metros por riba da presa do mesmo nome, coñecido como A Encrucillada de Tía Milia Bugarina, por estar diante do seu lugar. **O Camiño dos Freires Arriba** é o nome que sempre tivo o camiño rotulado agora como Camiño da Puga de Arriba que une o Camiño dos Freires coa Rúa de Xestoso case á altura das Aradas e que vai paralelo ao **Camiño dos Freires de Abaixo** un pouco máis arriba. Este último tamén está agora sinalizado como camiño da Puga e parte do camiño dos Freires, un par de metros por riba do lavadoiro, para ir ata A Presa da Puga. Subindo polo camiño dos Freires, uns cento cincuenta metros despois de ter deixado a rúa de Mandín, atopamos **A Fonte dos Freires** á man esquerda, pegada ao muro do terreo en que está a casa que fai esquina co actual camiño da Puga. Por debaixo da fonte, entre a estrada e a devandita casa, temos este pequeno lavadoiro, **O Lavadoiro de Freires**, aínda empregado hoxe en día. O tamaño actual, antigamente era máis grande, que permite apenas lavar a unha única persoa, debeuse á ampliación da estrada. As mulleres do lugar facían uso tamén dun pequeno lavadoiro existente dentro do lugar de tía Milia Bugarina.

► Mosteiro, O

Do latín *MONASTERIU*. Na súa orixe un *mosteiro* era o habitáculo onde vivía un único monxe, mentres o vocábulo *cenobio* era o que designaba o lugar onde vivían en comunidade. Co paso do tempo esta diferenciación perdeu e *mosterio* adquiriu o significado de ‘convento ou vivenda colectiva de monxes’ que coñecemos na actualidade. A presenza deste termo na toponimia non sempre está motivada pola existencia física dun mosteiro nese lugar, senón que pode deberse simplemente a que as terras así chamadas fosen propiedade dalgún mosteiro máis ou menos próximo, neste caso probablemente o de Santa María de Melón, que ao longo de toda a idade media tivo numerosas posesións nas terras de Fragoso e dereitos sobre estas. Como topónimo podería ser relativamente recente, xa que segundo Santamarina (2008: 945) é complicado atopar casos na Idade Media onde *MONASTERIU* apareza xa fixado na toponimia.

O Mosteiro é o barrio que representa o centro, non físico, pero si neurálxico da parroquia. Nel atópanse tres dos elementos centrais na súa vida política, sociocultural e relixiosa: a Entidade Local, a SCDR Helios e a igrexa parroquial. Hai xa referencias ao «casal do Mosteiro» en dous documentos dos anos 1548 e 1558 conservados no Arquivo do Museo de Pontevedra. O primeiro deles, do 24 de abril de 1548, é o foro outorgado por don Juan de Sanmillán, obispo de Tui, a favor de Pedro Dominguez «de Mosteiro» e ao seu irmán Álvaro Martín, «del Casal del Mosteiro» de Santiago de Bembrive⁸¹ «con unas casas altas con sus pardiñeiros, heredades y mas de el correspondiente en pension». O segundo, é a escritura da venda realizada por Constanza de Mosteiro a favor de Pedro Fernández Méndez e a súa muller María Pérez⁸² «de toda la parte e quiñon que le corresponde del Lugar y Casal de Mosteiro en Bembrive y todo lo a el correspondiente: foral del obispo de Tuy». No ano 1752 *O Mosteiro* tiña xa trece cabezas de familia, polo que era un dos núcleos máis poboados da parroquia xunto ao Carballal e O San Cibrán. Como recolleemos no capítulo «A Parroquia», Ávila y La Cueva, no libro *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado* (1852), refírese á antiga existencia dun mosteiro en Bembrive,

81 Notario Fernán Nieto. A-Xeral 89-2. Rex: 2516.

82 A-Xeral 89-4. Rex: 2516.

pero non ofrece ningunha fonte que fundamente a súa afirmación, polo que sería necesario comprobar este dato para confirmar se realmente o houbo. Ou ben Ávila y la Cueva chegou a esa conclusión baseándose na existencia do topónimo, que se podería explicar perfectamente pola pertenza dos terreos así nomeados a un mosterio, posiblemente o de Melón, ou outro con posesión na parroquia.

No anexo II do libro incluímos unha canción recollida a unha veciña da parroquia de máis de noventa anos, por boca da súa filla, en que se fai referencia ao Mosteiro.



Entidade

Edificio da Entidade Local Menor de Bembrive. Na súa orixe albergou a Sociedad de Agricultores de Bembrive. Na fronte do edificio, na parte máis alta, está esculpido o ano de construción (1923) e o lema da sociedade «La unión hace la fuerza». Durante os días do golpe de estado de 1936 foron destruídos algúns elementos orixinais da fachada. Na páxina da SCDR Helios (www.cchelios.com) aparece recollido o testemuño dun veciño que viviu os feitos.

► Reitoral, A

De latín *RECTORE* (> reitor) ‘condutor, director’, procedente de *REGERE* ‘dirixir’. A *reitoral* é a ‘dependencia ou conxunto de dependencias onde o reitor dunha parroquia ten as oficinas e, xeralmente, a residencia’.

A **Reitoral** é unha gran casa de pedra, na actualidade abandonada e en estado semirruinoso, que albergou a antiga casa reitoral da parroquia e terreos ao seu redor. Atópase na man esquerda da rúa de Mandín, case chegando aos Freires. De feito é coñecida tamén como A Reitoral dos Freires. Na fala escóitase *A Retoral*.

► San Cibrán, O

De Cibrán, do nome persoal latino *CIPRIANUS*, que en orixe era o xentilicio dos nativos da illa de Chipre.

Trinta lugares figuran no *Nomenclátor de Galicia* co nome de Cibrán no seu topónimo (*Cibrao* no galego central e oriental) e todos, menos catro, aparecen precedidos do adxectivo *santo*, abreviado neste caso en *san* por comezar o nome por consoante. Son polo menos corenta as parroquias galegas que teñen san Cibrán como advocación, ás que habería que sumar numerosas ermidas e capelas. Segundo Piel, a divulgación deste nome débese probablemente ao culto a san Cibrán de Cartago, bispo e mártir que viviu no século III, único santo africano realmente popular ata a Idade Media entre os fieis da península. Na nosa terra é ademais un santo característico da cristianización de antigos asentamentos castrexos (Navaza 2007: 136). Con outro san Cibrán, neste caso o de Antioquía, relaciónase a orixe do *Cipriánillo* ou *Libro de San Ciprián*, do que Eladio Rodríguez dá esta definición «libro de magia en el cual se comprenden las artes diabólicas necesarias para la busca y hallazgo de los tesoros que los *encantos* tienen guardados en castros, furnas y mámoas» (Eladio Rodríguez: 1958-1961, en *DdD*, s.v.) e que está presente tamén no acervo de lendas coas que conta a parroquia de Bembrive e que recolleemos no anexo II deste libro.

Estamos ante o barrio máis meridional da parroquia de Bembrive. Comeza no lugar da Bouzafría e esténdese cara ao sur ata testar coa veciña parroquia de Zamáns nos terreos actualmente ocupados polas instalacións deportivas da Universidade de Vigo. Nesta fronte sur prodúcese unha dobre extrema, ao leste a de Bembrive e Zamáns

con Cela, parroquia de Mos, e ao oeste as dúas devanditas parroquias con Beade. Ademais **O San Cibrán** é tamén o nome do lugar central do barrio; núcleo de vivendas que atopamos logo de pasar o lugar de Bouzafría en dirección aos Ramallos. O San Cibrán (escrito no *Catastro de Ensenada* maioritariamente «San Ziprian», aínda que tamén «San Ciprian», «San Zipran», «San Zibran» e a forma actual «San Cibran») foi a mediados do século dezaioito o «lugar de habitación» máis poado da parroquia, con quince casas rexistradas nel. Malia que, tanto no antedito *Catastro da Ensenda* como no *Libro de afanegados*, onde aparecen máis de corenta propiedades en «San Ciprian», o topónimo figura sempre escrito sen artigo, na actualidade, aínda que conviven as dúas, a forma con artigo é a máis empregada, principalmente pola veciñanza do lugar. **Os Poulos do San Cibrán** estaban por debaixo da capela, no terreo fondo e húmido que queda entre o río de Eifonso, que baixa pola marxe de nacente da ermida, e o afluente que baixa por poñente. **A Capela do San Cibrán**, de tamaño pequeno, está situada no alto, por riba do lugar do San Cibrán, na estrada da capela cara a Beade. A construción que contemplamos na actualidade é recente, xa que data de principios da década de 1960. Non obstante, existen citas moi anteriores referentes a esta capela, como a que atopamos no foro realizado por Juan Fernández, mareante e veciño da vila de Bouzas, a favor de Juan do Outeiro, labrador, veciño de Santiago de Bembrive, polo «Campo y Cocho que esta junto a la ermita del Señor San Ciprian sito en la feligresia de Santiago de Bembrive» do 30 de novembro do ano 1632 (Museo de Pontevedra Arquivo Arias Teixeira 5-46 SRº125-20).

Máis dun século despois atopamos tamén a seguinte referencia noutro foro depositado no Arquivo Diocesano de Tui (1802) en que aparecen ademais varios topónimos, como "Campo de Lodeiro".

Campo nombrado Castiñeyra (labradio y tojal) cerrado sobre si, su pension [...].

Campo nombrado da Remesiña cerrado sobre si con camino que pasa a la iglesia de esta feligresia y otras partes [...].

Dehesa d ela buraca tambien cerrada sobre si con camino que pasa a la iglesia de esta feligresia y otras partes [...].

Molino nuevo en el sitio de las Quebradas.

Souto de castaños da Terbinza en el mone valdio.

Viña nombrada cortiñelo cerrada sobre si.

O proceso de remodelación da capela foi realmente curioso, xa que se comezou a construír o edificio actual dentro do antigo, e existen fotos na parroquia en que se pode apreciar este efecto «matrioska» cunha capela dentro doutra. A fundación da capela orixinal é explicada na parroquia cunha lenda que recolleemos no anexo II do libro.

Ademais no lugar do San Cibrán localizamos **O Lavadouro do San Cibrán**, na esquina entre a estrada principal e a baixada ao Camiño do Soeido. Se baixamos do lavadoiro, temos **A Fonte do San Cibrán** á man dereita.

O Río do San Cibrán (Bembrive) é o nome que toma o río coñecido na actualidade como O Río de Eifonso no seu nacemento, pero que antigamente se empregaba para referirse a todo o río (→ O Río de Eifonso).

► **San Xan, O**

Na fala realízase como *San San*. Enténdese que estamos ante un antigo *San Xan* onde se produciu unha despalatalización do x- inicial do segundo elemento, *Xan*, hipocorístico do nome persoal masculino *Xoán*.

Entre O Outeiro e A Chan, **O San Xan** é o conxunto de leiras, distribuídas en dúas alturas, que hai por riba do camiño da Devesa, dende a altura da fonte do mesmo nome ata o camiño da Costa (agora Camiño da Ribeira). Por nacente testan coa Castiñeira. Dentro do San Xan, o terreo con vivenda situado na altura superior máis ao norte, contra o Camiño da Ribeira, é **O San Xan Grande**.

► **Santa, A Fonte**

Forma feminina correspondente ao adxectivo latino *SANCTU* ‘sagrado, virtuoso’.

Era unha fonte que nacía no valado situado na man esquerda da rúa do San Cibrán, xusto ao pasar o camiño da Cal en dirección á capela. Ao ampliar a estrada, a fonte canalizouse e deixouse dentro do terreo pechado que se atopa no outro lado da estrada. Era estacionaria, xa que só tiña auga no inverno. Dise que nunha ocasión un home que estaba moi enfermo, a piques de morrer, pediulle á súa familia que lle foran buscar auga a aquela fonte, que tiña sede e quería beber. Leváronlle a

auga e o home sandou. Este é o motivo, segundo a etimoloxía popular, de que a fonte fose chamada así. É un exemplo máis das fontes *santas* existentes en Galicia en que o nome fai alusión ás propiedades salutíferas atribuídas ás súas augas.

En Recaré, **A da Santa** abrangue as leiras, coñecidas tamén como **O Campo da Santa**, que había á esquerda do ramal cortado da rúa de Recaré, pasando a primeira casa cara á avenida de Madrid. Neste caso, o nome débese ao alcuño aplicado ironicamente á súa propietaria.

POSESORES ANTIGOS

Topónimos que proceden do nome dos antigos posuidores da terra.

► **Abalde, O Muíño de**

A etimoloxía deste topónimo foi estudada por Gonzalo Navaza para tratala no libro dentro desta mesma colección, *Toponimia do Val de Fragoso*, 3. Beade (para máis detalle consultar as páxinas 14-16), polo que nos limitamos a recoller aquí un fragmento dos seus apuntamentos ao respecto:

O topónimo Abalde procede dun nome de posesor medieval Abaldus ou Avaldus. É un nome de orixe xermánica, que deriva dunha raíz bald- que significaba 'ousado, atrevido, valente'. Abaldus semella unha simple variante.

Esta construción está situada no final da rúa da Xesteira, á man esquerda, logo de pasar a entrada ao camiño do Muxo. Atópase polo tanto xusto antes da Ponte de Abalde, na marxe dereita do río do mesmo nome. É un muíño de canle cuberta que se atopa externamente en bo estado. Aparece no *Catastro de Ensenada* de 1752 dentro da relación de muíños existentes na parroquia: «otro que llaman de Abalde (pertencente) a Balthasar de Leiros y otros consortes».

Recentemente foi sinalizado, de xeito incorrecto, como Muíño de Balde. A única denominación empregada para referirse non só ao muíño, senón ao propio barrio de Beade, tanto pola veciñanza de Bembrive como pola do veciño barrio de Moledo, é Abalde. O Río de Eifonso neste punto de fronteira entre Beade e Bembrive toma o nome de **O Río de Abalde** e a ponte que permite cruzar dende Bembrive ao veciño barrio de Abalde de Beade o de **A Ponte de Abalde**.

► Barbón, O

Poderíamos estar ante un hidrónimo prerromano, pero resulta raro que se conservase nunha única propiedade rústica e non estea presente no *Catastro de Ensenada*, polo que o máis probable é que se trate dun apelido, algún nome persoal alterado, ou ben un alcume. Neste caso quizais podería tratarse dun derivado de *barba*, a menos que sexa formado a partir do nome de García Barbón, quizais a comezos do século xx, cando dicir en Vigo ese nome era dicir «home moi rico».

No Outeiro, **O Barbón** é a segunda leira que temos á man esquerda baixando polo camiño da Devesa, logo de pasar a fonte do mesmo nome. Aos seus pés atópase A Presa da Cerdeira. De feito, son as correntes subterráneas que flúen por debaixo do Barbón as que en parte a alimentan, xunto coas augas que veñen da Agreira. Non figura no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*.

► Casaldares

Procedente dun antigo *Casal de Ares*. Un *casal* (do latín *CASALE*, derivado de *casa*) era, na Idade Media, unha propiedade rural constituída pola casa familiar, as cortes e demais dependencias anexas e as terras de labor. Posteriormente, o concepto ampliouse para tomar o significado de pequeno grupo de casas dentro dunha aldea. O nome do propietario do casal aquí nomeado, *Ares*, é unha variante de *ARIAS* e *AIRAS*, un nome persoal, característico do noroeste peninsular, de orixe un tanto problemática, pero ben coñecido dende a Idade Media. Boullón recolle na súa *Antroponimia Medieval Galega* como posibles orixes do nome o tema prelatino *ARA* 'val' da raíz **AR-* 'auga', ou ben o hebreo *ARIEH* 'león'.

Son as veigas que se estenden aos pés do monte do Crasto de Xestoso pola banda de nacente; á man esquerda, ao entrarmos no camiño do Pouso dende A Regada. Aínda que hoxe en día hai xa algunha casa construída e poucas das terras están traballadas, antigamente era zona de cultivo, especialmente de liño, por ser este lugar, tal como nos dicía unha veciña, de terras húmidas ou *lagoeirás*. Unha vez recollido, ese liño levábase ao río do Pouso para empozalo. O feito de que non perviva ningún antigo núcleo de poboación neste Casaldares, abre a posibilidade de que se tratase da propiedade dunha persoa apelidada ou alcumada así por proceder doutro dos *Casaldares* existentes en Galicia.

●●●●●●●●●●●●●●●● O Espazo habitado

Para referirse ás terras do lugar tamén se recorre ao plural secundario **Os Casaldares**. No *Catastro de Ensenada* aparece xa coa forma actual «Casaldares».

Case uns douscentos máis adiante do Lavadouro da Regada, temos unha entrada á man esquerda dende o camiño do Pouso onde se atopa **A Presa de Casaldares**. Dende ela, cando o sistema tradicional de rego estaba aínda en uso, baixaba a auga pola Palanxa para regar campos nas Figueiras, no Piñeiro e dúas leiras na Regada.



Casaldares

▶ Cataliña, A

Forma popular recente, creada a partir de variante castelá *Catalina*, do nome *Catarina*. A súa orixe estaría no grego EKATERINE, que podería derivarse en último termo, de acordo co *Diccionario dos nomes galegos*, de EKATOS, atributo de Apolo, ou de EKATE, a deusa de ultratumba, malia que no mundo cristián occidental o nome adóitase relacionar co adxectivo grego KATHARÓS 'puro'. Hai varios lugares rexistrados en

Galicia onde este nome quedou fixado como topónimo. Por exemplo, o lugar chamado *A Cataliña* na parroquia de Vilacova, Salvaterra; *Santa Cataliña* na parroquia de Tal, Muros; ou *Santa Cataliña de Armada* en Santa Comba. Santa Catarina (de Alexandría) asóciase coa sabedoría e considérase patroa, entre outras, das persoas dedicadas á filosofía e ao estudo. Porén, a súa existencia histórica está cuestionada, xa que se pensa que podería tratarse dunha creación da Igrexa Católica para cristianizar a filósofa, matemática e astrónoma Hipatia de Alexandría.

Na rúa do Carballal, un pouco antes de chegar ao camiño da Pedrosa, temos unha entrada á man dereita que dá acceso a varias casas. A última delas está no lugar coñecido como **A Cataliña**. Non figura no *Catastro de Ensenada*, pero no *Libro de afanegados* de 1846 xa atopamos máis dunha propiedade co nome de «campo de Catalina en el Carballal».

► Eifonso

Este topónimo aparece estudado por Carrasco e Navaza referida obra *Toponimia do Val de Fragoso, 3: Beade*. Alí apúntase que a súa orixe pode estar nunha alteración fonética dun antigo *Muíño de Afonso* que resultou en *Muíño de Eifonso* ao relaxarse o hiato *-de-a* en ditongo *-dei-*. *Eifonso*, alteración de *Afonso* nese contexto, é o patronímico do nome persoal de orixe xermánica Adefonsus. A partir do muíño entenderíase o nome ao río e ás terras de arredor; e segundo o propio Navaza (comunicación persoal), a finais do século XVII aínda se usaba *Afonso* na fala de Fragoso, polo que a alteración de *de Afonso* en *de Eifonso* debeu de producirse cando *Alonso* xa fixera desaparecer os *Afonso* da fala e da conciencia dos falantes. *Alonso* era a forma correspondente castelá desde finais da Idade Media ata o século XIX, en que o fillo de Isabel II puxo de moda en España a forma afrancesada *Alfonso* (*Alphonse*, paralela da castelá medieval *Alfonso* antes de pasar a *Alonso* na mesma época en que *farina* pasou a *harina* nesa lingua). Nas historias de España publicadas antes de Alfonso XII, os reis medievais españois chámanse en castelán Alonso (Alonso el Sabio etc.). Por esa razón os *Afonso* tan abundantes na antiga diocese de Tui (parte portuguesa incluída) son agora *Alonso* na parte galega (hoxe en día a forma castelanizada *Alonso* é característica da onomástica familiar de Vigo

e arredores). Neste caso a forma do apelido patronímico coincide coa do nome por razóns fonéticas; fronte ao patronímico habitual co sufixo -ez (Rodríguez), os nomes persoais que tiñan unha sibilante na última sílaba non engadían sufixo, por iso hoxe o común é García, Lourenzo ou Alonso e non o seu equivalente rematado en -ez.

Trátase dun pequeno barrio de Bembrive enclavado entre os barrios de Xeme, O Mosteiro, Outeiro e ao sur e oeste o río do mesmo nome, que o separa da veciña parroquia de Beade. No *Catastro de Ensenada* era xa considerado *lugar de habitación*, con seis casas, a metade, ou menos, que outros como Xestoso, Baruxáns ou O San Cibrán. A grafía do topónimo, aínda que moi vacilante no *Catastro de Ensenada*, onde atopamos as variantes «Hifonso», «Heifonso», «Ifonso», «Yfonso» e «Eyfonso» (o que pon de relevo que a alteración xa se producira antes do século XVIII), aparece estabilizada no ano 1846, no *Libro de afanegados*, na actual forma *Eifonso*.

O Río de Eifonso é o principal afluente do río Lagares que ten practicamente todo o seu percorrido na parroquia de Bembrive, dende o seu nacemento na Xunqueira, ata cruzar a Ponte de Moledo. A partir dese punto entra na parroquia de Sárdoma onde, aproximadamente un quilómetro máis adiante, desembocará no Río Lagares, antigamente coñecido como o río Sárdoma. O río de Eifonso que, como todos, vai tomando numerosos nomes ao longo do seu percorrido (o río do San Cibrán, da Pedrosa, de Mourelle, dos Pelames, de Xeme, de Abalde, da Cova na estrema con Beade e Sárdoma, e a partir da entrada nesta parroquia o río de Moledo e o río do Pontillón), é coñecido en xeral, hoxe en día polo nome que toma ao seu paso polo barrio de Eifonso. Antigamente, a denominación máis empregada era o río do San Cibrán, que é a que atopamos no *Catastro de Ensenada* das parroquias de Bembrive e Beade na localización dos seus muíños (→ A Parroquia).

O Camiño de Eifonso (actualmente forma parte da rúa que se nomeou como camiño dos Pelames) baixa dende a curva dos Pelames ata **A Ponte de Eifonso**, ponte que cruza o río de Eifonso e marca a estrema entre Bembrive e Beade. A ela chega a rúa de Eifonso dende Bembrive, onde parte a rúa da Costa da Gándara cara a Beade. Nesta sitúase **O Lavadouro de Eifonso**, un dos poucos da parroquia, e en xeral do rural vigués, que continúa a ser empregado dun xeito habitual pola veciñanza

da zona e mesmo doutras parroquias como a de Sárdoma.⁸³ O campo fronte ao lavadoiro, á man esquerda, cun peche de postes é **O Campo de Eifonso**. Se baixamos dende A Ponte de Eifonso ao lavadoiro do mesmo nome e continuamos polo sendeiro que vai paralelo ao río, atoparemos un primeiro muíño á man esquerda que é o Muíño do Carriza. **O Muíño de Eifonso** está uns douscentos metros máis adiante, xusto no punto onde hai un paso para cruzar o río á outra beira, pertencente xa a Beade e onde temos, á man dereita, A Fonte da Sanxegueira. Este muíño, actualmente en ruínas, conta con, cando menos, máis de dous séculos e medio de vida, posto que aparece censado xa no *Catastro de Ensenada*: «otro nombrando de Ifonso a Juan estevez Jacinto Alonso francisco Gomez y otros». Daquela, moía todo o ano.

► Fandiña, A

O apelido *Fandiño* está presente en oitenta concellos de Galicia, a maioría pertencentes á provincia da Coruña. Procede do nome de orixe xermánica *FANDINUS ‘soldado a pé’. En Bembrive atopamos *A Fandiña*, probablemente forma feminina do adxectivo equivalente a ‘A de Fandiño’.

É o conxunto de leiras, unha media ducia, que temos entre o camiño da Serra, ao norte, e o camiño da Fandiña ao sur, no Outeiro. Con todo, aínda que esta é a interpretación máis estendida, tamén hai quen inclúe na Fandiña os terreos situados ao outro lado deste último camiño. Malia se empregar o plural **As Fandiñas**, a forma singular é maioritaria. Non aparece no *Catastro de Ensenada* pero si o fai xa en máis de media ducia de ocasións e coa forma actual (*A Fandiña*) no *Libro de afanegados*, como propiedades na súa maior parte de veciñas e veciños da Cruz, o que nos confirma que coincide coa Fandiña actual. **O Camiño da Fandiña** parte da rúa da Cruz, subindo á man esquerda, uns noventa metros antes de chegar á encrucillada.

83 Esta parroquia non conserva ningún dos seus lavadoiros en uso, a pesar de contar co que posiblemente sexa o maior lavadoiro de Vigo, o do Pontillón, con capacidade para medio cento de persoas.

► **Filaboa, A**

Resultado normal en galego do nome persoal que no latín medieval aparece como FFLIABONA, isto é 'filla boa'.

Baixando dende o Carballal a Mourelle polo camiño na actualidade rotulado como do Cocho, temos unha entrada á man dereita que rodea Regueiriños por debaixo e nos leva ao Roupeiro. Pois ben, a segunda das vivendas que atopamos á man esquerda desta entrada, de recente construción, ocupa o lugar coñecido como A Filaboa, topónimo do que non temos referencia histórica.

► **Fionde**

É un topónimo de orixe e significado descoñecidos, que non ten paralelo na toponimia de Galicia, polo menos na das entidades de poboación, nin doutras áreas. Podería pensarse nun apelido ou sobrenome de propietario. Existe un apelido *Fiondi* italiano e un *Feond* inglés, pero non parece moi verosímil que arraigasen na toponimia de Bembrive apelidos tan exóticos. No Catastro de Ensenada aparece como «Fiunde» (nomeando propiedades) e no libro de *afanegados* xa se rexistra coa forma actual.

En Baruxáns identifica unha depresión situada aos pés da aba noroeste do outeiro da Ferreira, encaixada na actualidade entre a avenida de Madrid ao norte e a estrada de Bembrive ao sur. Inclúe un núcleo de casas rodeadas polo camiño de Fionde, e, cara ao oeste, unha gran zona verde húmida de interesante valor ecolóxico. Non está moi clara entre a veciñanza de Bembrive, incluso a de máis idade, a categoría de Fionde, aínda que se tende a considerar como un lugar do barrio de Baruxáns. En concreto, o que estrema neste punto co do Mosteiro, que comezaría a partir da Ferreira cara ao oeste. **O Camiño de Fionde** é un camiño asfaltado e de forte pendente que sobe dende o núcleo de Fionde á rotonda de Eifonso. Ao baixar polo camiño de Fionde dende Eifonso, xusto ao tomar a curva que describe cara a poñente, atopamos o conxunto formado pola **Fonte** e **O Lavadouro de Fionde**, por debaixo do nivel que o camiño ten na actualidade.

► Larín

O topónimo *Larín* podería proceder dos antropónimos latinos de orixe etrusca LARIN(I)US ou LALLINUS. Isto apunta Piel no seu estudo sobre nomes de poseores latino-cristiáns na toponimia asturo-galega-portuguesa, onde, xunto a *Lariño* ou *Larim* estuda o propio topónimo *Larín*, do que refire tres localizacións en Galicia, dúas delas na provincia da Coruña (A Laracha e Trazo) e unha en Láncara, Lugo. O *Nomenclátor de Galicia* dá conta ademais da parroquia de Larín, en Arteixo. De todos os xeitos, non podemos desbotar a posibilidade de que a súa aparición se debese á presenza dun antigo poseor procedente doutro dos lugares chamados Larín ou que tivese ese apelido. Aínda que actualmente na Cartografía de apelidos de Galicia non aparece o apelido Larín, si o rexistra o INE en Cantabria e León. *Larín* é unha variante de *Lalín* por alternancia entre consoantes líquidas *-l-* e *-r-*, fenómeno habitual especialmente cando, como neste caso, coinciden dúas na mesma palabra.

No Carballal son os campos situados á man dereita unha vez que comezamos a subir polo antigo camiño da Canuda (agora subida á Chan). Limitan ao sur co rego que baixaba ata a Presa de Regueiriños e ao leste cun pequeno valado que dá paso en altura ao Cortiñelo. Como ocorre en moitos outros casos, na fala predomina o uso do plural **Os Laríns**. **Larín** consérvase tamén como nome dun campo situado ao outro lado da rúa do Carballal. Este feito, xunto á profusa aparición no *Catastro de Ensenada* (máis de trinta propiedades que figuran con este nome), leva a pensar que Larín puido ter no pasado unha extensión moito maior á actual, abrangendo como mínimo os dous núcleos nomeados, separados agora pola rúa do Carballal, e que se estenden ata A Cruz (→ A Cruz). **O Lavadouro de Larín** está situado na entrada do camiño da Senra, por riba do Cortiñelo. Hai quen o coñece como O Lavadouro dos Ameales ou O Lavadouro do Cortiñelo. A carón do lavadoiro está **A Presa de Larín**, feita hoxe en día de cemento, aínda que sen uso, e que tamén é coñecida como A Presa dos Ameales.

► Mandín

É nome de orixe dubidosa; poderíase tratar dun nome xermánico emparentado coa raíz Manþ- ‘alegrase’ ou ter raíz latina, AMANDINUS, derivado de AMANDUS, formado sobre o verbo latino AMARE (Boullón

1999: 295). *Amandus* era, segundo Piel (1947b: 167), un nome cristián frecuente na Galia.

Considerado como un lugar do barrio dos Freires, abrangue as vivendas e as leiras situadas ao longo da rúa de Mandín ata a Fonte de Novelos. **Mandín** era xa lugar de habitación no ano 1752, cando contaba con seis vivendas rexistradas, tal como se recolle no *Catastro de Ensenada*. A comezos do século dezasete, no ano 1609, Luis Sarmiento de Valladares, que sería titular do marquesado de Valladares⁸⁴, posuía certos bens en Mandín que, xunto a outros en Beirán e Roupeiro (Matamá) e Viloura (Castrelos), foron vendidos por orde xudicial para facer fronte ao non pagamento da pensión alimenticia que debía ás súas tías Inés e María Sarmiento, monxas profesas no mosteiro de Santa Clara de Pontevedra⁸⁵.

Baixando uns cincuenta metros polo camiño de Novelos dende a rúa de Mandín, **O Mandín** son os campos plantados de viña e millo que nos quedan á man dereita cando comezamos a tomar a curva, e que se estenden ata un pouco antes do rego que baixa á Fonte de Novelos. No *Libro de afanegados* aparecen propiedades cos nomes de «Balados o Mandin» e «Polon o Mandín» o que indica a pertenza destes terreos de Pozos e Valados a Mandín, que mantiña a categoría de «lugar de habitación» cun censo de sete vivendas. Aparece tamén «Mandin o Lameiro», pero o de *Lameiro* é un topónimo que xa non recolleemos na actualidade nesta zona.

► **Maremigués, A**

Topónimo que procede do nome dunha antiga posesora chamada María Míguez ou dun posesor Amaro⁸⁶ Míguez. Míguez, patronímico

84 Castelanización ou grafía latinizante de *Valadares*, forma correcta do topónimo, que corresponde ao plural de *valadar*, un abundancial do substantivo *valado*, que provén do latín VALLATU, palabra derivada de VALLU 'estacada, cerca feita de paus' (AGON: Asociación Galega de Onomástica).

85 PARES, AHN Sección Nobreza, 77, «Archivo de los Marqueses de Mos».

86 *Amaro* é un nome tradicional galego. As reformas do santoral realizadas a partir do Concilio de Trento, feitas dende o castelán, non o identificaron e asignáronlle a equivalencia de *Mauro*. Isto explica, por exemplo, a confusión entre a advocación a Santo Amaro (forma tradicional) ou San Mauro na veciña parroquia de Matamá; mais son dous Santos distintos.

de Miguel (Miguel+ez > Migueez > Miguez), é un apelido compartido por máis de once mil persoas en Galicia, aínda que transformado practicamente de xeito xeral en *Míguez* por analoxía con outros apelidos patronímicos rematados en -ez que teñen o -i- tónico como *Domínguez*, *Rodríguez* etc. No noso topónimo o apelido conserva o acento na última sílaba, que é a forma histórica e etimolóxica.

Pronunciado por suposto con gheada, *A Maremighés*, é unha leira situada aos pés das Pereiras, no polígono de terras do Cocho Pasal, poucos metros cara ao sur do camiño do Cocho que sobe dende Mourelle ao Carballal. De feito, accédese a el dende a entrada que parte á man dereita do camiño, xusto por riba da curva que describe case na metade do seu trazado. No *Catastro de Ensenada* aparecen seis veciños e unha veciña, Antonia, co apelido *Míguez*, en Bembrive. Si que atopamos unha María Miguez no *Libro de afanegados*, malia que o feito de ser veciña de Beade e ter unha única posesión en Bembrive «encima das eiras en la fraga» parece descartala como a motivadora do topónimo.

► Mourelle

Procede do xenitivo MAURELLI do antropónimo latino MAURELLUS, diminutivo de MAURUS ‘mouro, moreno’, segundo expón Nicandro Ares na toponimia de Taboada, aínda que Bascuas apunta tamén a posibilidade de que derive de MAURILII, xenitivo de MAURILIUS (Bascuas 2006: 343).

Lugar do barrio de Outeiro que abrangue o núcleo de casas dispostas a un lado e outro do primeiro tramo da Subida ao Carballal, a subaldea da Cova e terreos de monte cara ao sur. Ao leste, o valado que separa O Sorrego do Cocho, marca a súa estrema co Carballal. Na pronuncia é habitual escoitar a realización como *Mourella*. Se o etimolóxico era *Mourelle*, os falantes que comezaron a dicir *Mourella* interpretaban que *Mourella* era un vulgarismo que relaxaba o -a final (cf. *Cidadella* é hoxe *Cidadelle* en Chapela). Sen atestacións antigas non podemos saber se o orixinal era *Mourelle* ou *Mourella*. Se o orixinal fose *Mourella*, o étimo non sería un nome persoal senón un diminutivo MAURICULA, do adxectivo feminino MAURA ‘moura, de cor escura’. Na escrita, especialmente no *Catastro de Ensenada*, aparece sempre como «Mourelle».

A Baixada a Mourelle é o camiño coñecido tamén como Subida ao Carballal que actualmente ten o nome oficial do Camiño do Cocho. O río do San Cibrán ou río de Eifonso ao seu paso por Mourelle recibe o nome de **O Río de Mourelle**.

► **Paio**

Nome persoal característico da área tudense. Procede do latín PELAGIUS, derivado do grego ΠÉLAGOS ‘mar’. *Paio* foi o nome dun santo tudense martirizado en Córdoba no 925 cando contaba con só catorce anos de idade. A máxima expansión do culto á súa figura deuse nos séculos X e XI, o que se reflectiu na expansión das advocacións e a proliferación deste nome na toponimia. No *Nomenclátor de Galicia* aparece o lugar de Paio de Bembrive xunto a outros como os pertencentes a Oza ou Sobrado (A Coruña). Con todo, é a forma haxiotoponímica *San Paio* a máis frecuente, con máis de trinta lugares así chamados en Galicia, entre eles o barrio de Lavadores.

Lugar do barrio da Chan situado ao norte do camiño da Regada dende o seu inicio ata a Ponte das Pereiras, e delimitado por nacente polo rego de Pontecela, aquí **O Río de Paio**. Ata a construción do lavadoiro novo da Regada que coñecemos na actualidade, as veciñas da zona viñan lavar ao río de Paio, onde había unha fochanca e unha gran pedra que facía de lavadoiro. Se non, ían á Candeia ou ao propio lavadoiro antigo da Regada que consistían no mesmo sistema. **Os Muíños de Paio**, na actualidade son dous muíños, ambos de herdeiros. O Muíño de **Paio de Arriba**, situado na marxe esquerda do río de Paio, atopámolo un pouco máis abaixo do punto onde o camiño de Paio cruza o río. Era un muíño de canle, pero na actualidade está en estado ruinoso, só quedan en pé as paredes invadidas pola vexetación. Uns cincuenta metros máis abaixo, na mesma marxe do río e aos pés dunha pequena ferverza, está **O Muíño de Paio de Abaixo**, ao que se accedía polo camiño do Xalón, seguindo recto en lugar de xirar cara ao Laranxeiro. Segundo o monográfico publicado na *Voz do Meco*⁸⁷, sabemos que é un fermoso muíño de cubo, pero no momento en que

87 *A Voz do Meco*, publicación da SCDR Helios de Bembrive, incluíu no número de setembro de 2000 e anteriores, un traballo de catalogación de todos os muíños da parroquia.

o visitamos a vexetación cubría tamén o seu exterior. Estes muíños, tal como nos comunicou un veciño, eran coñecidos tamén como O Muíño do Cocho da Fonte (o situado augas arriba) e O Muíño Vello pola súa sogra, muller de avanzada idade nativa do lugar, denominación que nos informa de cal deles é o muíño máis antigo e, polo tanto, o que aparecía xa documentado no catastro de 1752.

A mediados do século XVIII *Paio* era un dos oito núcleos máis poboados de Bembrive ao contar con dez familias rexistradas. Pero ademais atopábanse neste lugar numerosas terras de labor (hai trece propiedades con este nome no *Catastro de Ensenada*), unha parte de monte comunal e un muíño.

► Paías, As

Plural do adxectivo feminino *Paia* (As Paías = ‘As de Paio’ ou ‘As do Paio’).

Zona do Mosteiro situada aos pés da Garabulla, entre A Amieira ao norte e O Monte Calvario ao nordeste, As Ferreiras ao oeste e a propia Garabulla ao sur. Ás Paías pertencen ás casas da man esquerda (entrando dende O Calvario) do mal chamado camiño Cemieiras e, cara ao oeste, as da confluencia entre o final do camiño da Garabulla e o comezo do das Ferreiras, así como as coutadas que hai entre elas. Porén, a casa máis coñecida e que calquera veciña ou veciño identifica coa localización do topónimo, era A Casa da Meliña (→ As casas e lugares). Hai quen distingue entre **As Paías Grandes** ao oeste e **As Paías Pequenas Pequenas**, ao leste. Na fala escoitamos tanto *As Paías* como *As Pallas*. Posiblemente, ao facerse escura a forma *Paías* substituíse polo plural de *palla*, palabra presente na lingua común. Aparece no *Catastro de Ensenada* unha propiedade chamada A Paia que é posible, aínda que non podemos aseguralo, que se corresponda co topónimo actual. O que si parece coincidir son as denominadas «Payas» no *Libro de afanegados*, que aparecen nalgún caso como «Payas de Arriba o Pozos».

► Pompeán

De POMPEIANI, xenitivo de *Pompeianus*, nome masculino derivado, segundo Boullón (1999: 377) de *Pompeius*, nome dunha gens romana



O Camiño da Puga é un sendeiro que parte do camiño dos Freires, un pouco máis arriba do lavadoiro á man esquerda e dá acceso ás leiras e á presa da Puga. Era, e segue a ser, coñecido pola veciñanza como *Camiño dos Freires de Abaixo*. Ó final deste atopamos **A Presa da Puga** no rego que baixa da presa dos Ameirales e que recolle as augas das regueiras do Cea e do Martínez. Paralelo, un metros por riba, ao anterior pasa **O Camiño da Puga de Arriba**, tamén coñecido como *Camiño dos Freires de Arriba*, que dá acceso a algunhas vivendas, polo que está asfaltado no seu inicio.

► Recaré

Do xenitivo *RECARED* dun nome de posesor *Recaredus*, de orixe xermánica, composto por *REC-*, raíz moi prolífica na formación de nomes, pero de etimoloxía non moi clara, que podería estar relacionada co gótico *RIQUIS* ‘escuridade’ ou *WRIKAN* ‘perseguir’, e *-REDUS* ‘consello’, de acordo con Piel e Kremer (HGBN:§219). A forma agardada sería en realidade *Recarei*, pero secundariamente obtense *Recaré* por redución do ditongo, que non é fenómeno estraño na fala desta zona onde é común a alteración dos ditongos decrecentes *-ei-* da conxugación verbal (*non sen por non sei, levén por levei, farén por farei* etc.). No *Nomeclátor de Galicia* só figura con esta forma o lugar de Bembrive, e aparecen os restantes lugares coa forma *Recarei*, seis en total, mais un *Recareo* en Curtis (A Coruña) e na mesma provincia *Recarea*, en Mazaricos.

Lugar do barrio de Segade que se estende dende A Mouteira ata A Parrocha, abranguendo os terreos e casas situados tanto á esquerda da rúa de Recaré como á dereita, e as coutadas por riba delas. Aparece o topónimo con esta grafía xa no ano 1846 no *Libro de afanegados*, ben como «dehesa de Recaré» ou «bosque de Recaré». Porén, na documentación anterior (no *Catastro de Ensenada*), figura como *Recarei* e *Recarey*, aínda que podía tratarse dunha corrección do propio Catastro e en xeral da lingua escrita, segundo o modelo doutros *Recarei* da nosa xeografía. Probablemente no século XVIII xa se dicía *Recaré*, pero tíñase por vulgarismo. Sabemos, grazas a un documento do ano 1756, depositado no *Arquivo Diocesano de Tui*, que en Recaré houbo unha capela: «capellanía de N^a S^a de la Soledad sita [...] en el lugar de Recarey», fundada por don Antonio Méndez de Gondar y Sotomayor «caballero de Santiago y familiar do Santo Oficio» e da que quedou como opos-

to⁸⁸ «D. Juan Felipe de Rivera y Quiroga de la feligresía de Lavadores». Xunto a este documento atópase un testamento do antedito Don Antonio Méndez, do ano 1635, cunha relación das súas posesións e que a continuación reproducimos un fragmento por conter varios topónimos, e ao que temos feito referencia en diferentes apartados deste libro:

D. Antonio Mendez de Sotomayor [...] vecino de la feligresia de S. Pedro de Sárdoma [...], quiero, por mi voluntad que, —Esta viña nombrada das Besadas con todos sus arboles que tiene alrededor que parte de una parte con congostra, que ba para el lugar de Mandin, y de otra parte con viña que tiene el Capitán Pedro de Puga y entesta con campo que se dice dos pozos que es mio propio.

Campo dos pozos que parte con dicha viña y entesta con campo de [...].

... y asi mismo las parras viña y rezios⁸⁹ con sus arboles y eira y el cocho dos naranjos⁹⁰ que está junto a dicha parra.

Con mas el Pumar y parra [...] que está junto a dicho lugar con todos los castaños que están sobre la fuente que se dice do Inferno [...]

Con más un pedazo de monte que ya fue cerrado en el lugar de Parrocha junto a otro pedazo de monte [...] parte con estrada real que va a la dicha villa de Porriño, el cual se extiende hasta las piedras del Coto que cae sobre la Gandariña y parte por otro lado con el monte de Santa Cristina de Lavadores [...]

[...] obligación de una misa semanaria que ha decir, mientras viva, en mi capilla de nuestra señora de la Soledad que tengo en dicha feligresía de Bembrive. Con mas un pedazo de monte que ya fue cerrado en el lugar da Parrocha junto a otro pedazo de monte, que son plnatados de árboles como robles y castaños el cual dicho pedazo de monte parte con estrada real que va a la dicha villa del Porriño el cual se estiende hasta las piedras del Coto, que cae sobre la Gandariña y parte por otro lado con el monte de Santa Cristina de Lavadores [...] para que todos los dichos bienes anden juntos e incorporados sin que en ningun tiempo, caso ni manera se puedan dividir, vender ni enajenar y los llebe, goze por todos los dias de su vida el Lizdo Pasqual Lorenzo clerigo Presvitero vezino de la feligresia de San Estevan de Beade a quien desde aora nombro capellan de ella con carga, pension, y obligacion de una misa semanaria que ha decir mientras viva en mi capilla de ntra señora de la soledad, que tengo en dicha feligresia de Bembrive por las animas de mis Padres y mas mis obligaciones. La qual dicha capilla está junto a mi casa y granja de Recareiz [...].

88 Á morte do fundador dunha capela abríase un período para opositar á cobertura da súa vacante, en xeral entre os seus familiares, e coñecíase como *oposto* o candidato que a gañaba.

89 Refírese ao *resío* 'anaco de terreo que queda por fóra dun muro ao cerrar a propiedade, pero que pertence a ela'.

90 Topónimo non rexistrado na actualidade.

► Reiriz

Nome que procede do xenitivo RAGIRICI, do antropónimo de orixe xermánica que en latín ten a forma *Ragiricus* e *Reirigo* en galego (Piel e Kremer, 1976: §213/7).

Son as coutadas de Segade, ocupadas agora por piñeiros, que quedan por debaixo da Viña Grande, aproximadamente dende A Mouteira, por poñente, ata A Buraca, por nacente. Polo sur testan coa Soaxeira e O Pereiro. Abrangue tamén as casas situadas no extremo suroeste, ao redor do camiño de Reiriz. No *Catastro de Ensenada* aparece tamén a forma «Reiris», pero a maioritaria (máis dunha ducia de propiedades así chamadas) é *Reiriz*. Realízase con seseo (Reirís), como corresponde á fala de Bembrive. **O Camiño de Reiriz** de acceso, un ramal a casas e o outro aos campos e coutadas de Reiriz, que parte da rúa Subida á Mouteira á man dereita, uns douscentos metros máis arriba do camiño da Soaxeira.

► Rorigo, O

Na obra de Piel e Kremer xa citada, *Hispano-gotisches Namenbuch*, recóllese *Rorigo* como un dos moitos resultados, ao igual que *Rodrigo*, do nome de orixe xermánica RUDERICUS, un dos dez nomes masculinos, segundo Boullón (1999: 394), máis frecuentes na Alta Idade Media en Galicia. Esta mesma autora analiza o nome RUDERICUS como un composto formado pola partícula *HRÔPS ‘vitoria, gloria’, do gótico, e a terminación -RICUS, do xermánico *RIKAZ ‘poderoso’. O uso tan estendido do nome *Rorigo* ou *Rodrigo* no pasado explica que o seu patronímico, *Rodríguez*, sexa hoxe en día o apelido máis frecuente en Galicia.

Lugar de Xestoso entre Aguafría ou A Pexega, ao norleste, e os lugares do Martínez e O Cea, ao oeste. É a ladeira que queda por riba do camiño do Monte Vello ata a estrada das Plantas. A maioría do terreo é monte, pero hai tamén algunhas casas, entre as estradas de Xestoso e das Plantas. Non aparece *O Rorigo* no *Catastro de Ensenada*, pero no *Libro de afanegados* si hai varias propiedades co nome de «Rorijo» e «Rorijo o Aradas», dedicadas a devesa, toxeira e castiñeiros. Esta última denominación indícanos que *O Rorigo* se estendía naquela época ata abranguer As Aradas e, polo tanto, tamén os lugares coñecidos agora como A do Cea e A do Martínez. **A Regueira do Rorigo** é un rego que na actualidade

xorde por debaixo da autoestrada do Atlántico, discorre por debaixo do Pé da Cerdeira cara a Aguafría e separa esta do Rorigo, onde movía **O Muíño do Rorigo**. Este témolo a medio camiño, á man dereita entrando polo camiño do Monte Vello cara á estrada das Plantas. Agora xa non moe, pero mantense en pé, aínda que co tellado e parte das paredes revestidas de cemento. Ata a construción do local do que dispón na actualidade, foi empregado pola comunidade de augas de Xestoso. Pola parte de arriba do muíño había antigamente unhas pedras no rego que servían de lavadoiro, coñecido como **O Lavadoiro do Rorigo**.

► **Roupeiro, O**

De RAUPARIUS, nome persoal relativamente común na alta idade media en territorio galego. De feito, temos outros topónimos *O Roupeiro* en Beade, en Matamá ou no Areal de Vigo. *O Nomenclátor de Galicia* recolle catro entidades de poboación chamadas *O Roupeiro*, nas provincias de Ourense e Pontevedra.

Son as terras que temos por debaixo de Regueiriños, ata estremar por poñente co Mañoso e A Raíña. Se baixamos dende o Carballal cara a Mourelle polo chamado *Camiño do Cocho* e tomamos o primeiro desvío á man dereita que rodea Regueiriños por poñente, *O Roupeiro* son o conxunto de leiras, algunhas delas cultivadas con millo, situadas por debaixo das casas que temos á man esquerda e os campos que se estenden cara ao norte. A pequena leira entre a última das casas e o camiño (que describe aquí unha curva de noventa graos) é **O Roupeiro Pequeno**, por debaixo del está **O Roupeiro Longo** e do outro lado do camiño, cunha casa e piscinas, **O Roupeiro Redondo**, que testa ao leste co Campo do Medio. O topónimo aparece xa escrito con e sen artigo, no *Catastro de Ensenada*. Ao perderse no tempo o significado orixinario do topónimo, xurdiu na etimoloxía popular unha explicación alternativa baseada na súa coincidencia co derivado de *roupa*, de xeito que se explica que este topónimo provén do uso destes terreos como lugar onde a roupa se puña ao clareo.

► **Salvador**

Nome persoal do latín SALVATORE, un dos nomes de Cristo. Posiblemente, nome do propietario do terreo coñecido así.



No Mosteiro é o terreo onde está a casa situada ao oeste do cemiterio, ao outro lado do ramal do camiño da Garabulla que en lugar de seguir recto cara á Ferreira rodea o camposanto.

► Santiago, A

A *Santiago* é 'A de Santiago', ao igual que *A Fandiña* era 'A de Fandiño'. Estamos ante outro exemplo de adxectivo formado a partir de nome persoal.

Terreo do Outeiro, na esquina entre a rúa Cruz e o camiño da Serra, onde hai unha vivenda recentemente construída.

► Segade

A pesar da semellanza, non ten relación o *Segade* que dá nome ao barrio de Bembrive e a outros dez lugares máis en Galicia, co topónimo *Las Segadas* de Oviedo ou *Los Segados* de Murcia, derivados de *segar* e este do latín *SECARE* 'cortar'. No topónimo de Bembrive estamos ante o resultado do xenitivo dun nome persoal *Sagatus*, amplamente documentado con esta forma no latín medieval en Galicia. A partícula inicial *Seg-* é unha derivación do gótico *SAG-* 'compañeiro', relacionado co latín *socius* (Piel e Kremer 1976: §233). Aínda que a forma orixinal era *Sagatus*, chama a atención que non só no caso de Bembrive, senón en todos os lugares de Galicia que comparten o topónimo, tivo lugar unha disimilación da vogal inicial para resultar nos *Segade* actuais.

Barrio que ocupa o extremo suroccidental da parroquia, de grande extensión, pero dividido polo trazado da avenida de Madrid que en gran medida illou os lugares de Segade e O Lago do resto do barrio; da Parrocha, Recaré, O Areeiro, Reiriz ou A Mouteira. Dentro de Segade, a parte máis alta, ao redor do lavadouro, é coñecida como **Segade de Arriba** ou, dentro do barrio, como **O Lugar de Arriba**. No ano 1752 o lugar de Segade contaba con sete núcleos familiares e dezasete eran xa as propiedades que levaban este nome, número que se duplicará un século despois, como vemos no *Libro de afanegados*. Un dos topónimos que alí aparece, «a plateira en segade», está desaparecido, parece ser, na actualidade. Situado no alto da **Rúa de Segade**, no punto de onde parte, cara a poñente, o camiño do Loureiro, temos **O Lavadouro de**



Os Urdimales

► **Viola, O Camiño**

Aínda que a orixe deste topónimo é dubidosa, podería entenderse que vén do latín VIOLA (nome de flor), que pasou a ser usado como antroponímico. Ou tamén ter orixe no portugués viola, instrumento musical (por mor dalgún habitante das terras veciñas que así fose acumado).

Chamábaselle así ao primeiro tramo do que agora oficialmente se coñece como Camiño de Sospalleiros pola presenza da **Fonte da Viola**. Nacemento de auga que había no San Cibrán, comezando a baixar polo camiño de Sospalleiros, á man dereita, nun valado. Era unha fonte intermitente, que rompía a manar coas chuvias, pero acababa por secar no verán. Aínda que a súa auga se empregaba para beber non era moi apreciada.

► **Xacomia, A**

Probablemente terra propiedade de Xácome (*A de Xácome = A Xacomia*). *Xácome* é nome persoal masculino, variante de *Xacobe* (a orixe remota deste nome estaría no nome do patriarca bíblico Xacob),

●●●●●●●●●● **O Espazo habitado**

ou tamén apelido.

Tira de terra por detrás da Santiaga, na man esquerda ao comezo do Camiño da Serra, no Outeiro.

► **Xan Pinto, O**

Xan, hipocorístico de Xoán, é un nome de orixe hebrea que chegou a nós dende o latín IOHANNES. O apelido *Pinto* ten orixe nun sobrenome formado co participio PICTU do verbo latino *pingo* ‘pintar’. Na actualidade atopamos as formas *Pinto* e *Pintos*, concentrada esta principalmente na provincia de Pontevedra. É, polo tanto, o nome dun antigo posesor das terras agora así coñecidas.

O uso do plural, a despalatalización do x- e a unión dos dous elementos leva a que a forma que se escoite máis a miúdo na fala sexa *Os Sampintos*.

É o lugar onde está a última casa do camiño do Lago (Segade) á man dereita, a uns setenta metros da entrada, e os campos de millo que atopamos a seguir. Hai quen considera tamén parte do *Xan Pinto* as terras situadas enfronte, ao outro lado do camiño. Descoñecemos quen era e en que época viviu este *Xan Pinto*, pero o feito de non aparecer este topónimo, nin tampouco o nome, no *Catastro de Ensenada* e no *Libro de afanegados* lévanos a pensar que pode ser relativamente recente, cando menos posterior a 1846.

► **Xan Ribeiro, O Cachafondo do**

Topónimo composto polo nome e apelido dun posesor. O apelido *Ribeiro* é un hidrotopónimo que procede do latín RIPARIU, derivado de RIPA ‘beira’. *Xan*, como vimos de ver, é un hipocorístico de Xoán.

Trátase dun cachafundo (→ A Auga) que se formaba no río de Eifonso no punto onde se desviaba a auga para a levada do Muíño da Cova. Entre este cachafundo e o muíño acabou formándose unha illa completamente cuberta de vexetación que, a pesar do seu tamaño e singularidade, parece que non tiña un nome específico. O nome foi tomado do posesor do coñecido actualmente como o muíño da Cova pero que, lembremos, nas escrituras figura como «muíño de Xan Ribeiros».

► Xeme

O topónimo *Xeme* procede moi probablemente do xenitivo dun nome persoal de orixe latina GEMINUS ‘xemelgo’ ou GEMIUS. No *CODOLGA* (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*) non se rexistra o uso de GEMINUS como nome persoal, e só aparece un GEMIELLUS que propiamente é un diminutivo de GEMIUS. Noutros repertorios onomásticos figuran GEMINUS e GEMIUS como usuais en Hispania, así que o feito de que non se ateste ese nome persoal a partir do século VI obriga a pensar que a orixe do topónimo é romana. Na documentación medieval galega rexistrase outro topónimo idéntico, coa forma *Geme*, preto de Noia (*TMILGA*).

Lugar da parroquia de Bembrive situado entre A Xesteira e Eifonso. No século XVI pertencía ao casal de Eifonso, pero na actualidade adóitase adscribir ao barrio de Baruxáns. Polo sur o río de Eifonso sepárao de Beade. *Xeme* aparece xa no *Catastro de Ensenada* como lugar de habitación con sete vivendas. **O Muíño de Xeme** atopámolo no final da costa do camiño da Carballeira, que baixa da **Rúa de Xeme** ata o río do mesmo nome. Aínda que hai quen se refire a el como o cubo de Xeme, é este un muíño de canle, malia que, iso si, de canle cuberta. Unhas grandes lousas de pedra tapan o tramo final da canle feita no mesmo material, ata chegar á parede do muíño. Figura este muíño entre os relacionados no *Catastro de Ensenada* co nome de «Jeme o Lama», pertencente a «Sebastian de Balde, Fco Rodriguez, Martin de Pousada y más consortes». Subindo polo camiño da Carballeira, collemos a rúa de Xeme á man esquerda, en dirección ao Cacheno. Uns cincuenta metros máis adiante, pasando unha casa, temos á dereita un camiño entrando polo cal atoparemos **A Presa de Xeme** á man dereita. É relativamente longa, uns corenta metros, pero moi estreita. **O Río de Xeme** é o nome que toma o río de Eifonso ao pasar por este lugar.

POSESORES MODERNOS

Ao igual que antano, na actualidade continuamos utilizando o nome das persoas, os seus apelidos, ou, en maior medida, os alcumes ou *apoios*, para nomear o lugar que ocupan as súas casas ou as terras da súa propiedade e empregalos así como referencias para situarnos no territorio. No topónimo pode aparecer de xeito explícito a propie-

dade, sexa casa ou lugar, campo ou coutada (*A Casa das Cabaleiras, Os Campos dos Alonsos, A Coutada do Riobó*) ou elemento ao que se dá nome como presas ou costas (*A Presa do Ledo, A Costa da Peteta*), pero en moitos casos esa fórmula substantivo + preposición + nome persoal simplifícase, quedado reducido o topónimo á preposición mais o nome persoal (*A do Barbas*), ou mesmo ao nome, apelido ou apoio en solitario (*A Goa do Monte, Salvador*). Dividimos estes topónimos en dous grandes grupos. En primeiro lugar, os nomes de poseores que nomean terras de labor, coutadas, lagoas, fontes, camiños ou calquera outro referente no espazo e, a continuación, agrupamos os topónimos referentes ás casas ou lugares procedentes igualmente de nomes propios ou alcuños.

OS NOMES DAS TERRAS, FONTES E OUTROS

► Barato, A Coutada do

Posiblemente alcume dun poseor, malia que descoñecemos a motivación do seu uso. Podería facer referencia á *barata*, nome que recibe a cascuda en portugués, ou ao adxectivo *barato/-a* ‘de pouco prezo’; se cadra usaba moito *barato* cando falaba, ou era un *falabarto*... Tamén podería ser que chamasen Barato a alguén apelidado *Barata*, presente nalgúns concellos de Lugo e Ourense, aínda que en Portugal é máis común. O adxectivo *barato* naceu unido á idea de ‘chanchullo’, como un derivado de *baratar* ‘negociar’, antigo verbo de orixe incerta, probablemente prerromana ou acaso céltica, común a todos os romances hispánicos, gálicos e itálicos. No século XVII o verbo quedou anticuado pero seguiron vivos os seus derivados, como o propio *barato* ou o feminino *barata*, que ademais da acepción comercial ten a de ‘fraude’, ‘confusión, barullo’ (Corominas, 1980-1992, vol. I: 501).

Hoxe en día cuberta de eucaliptos, é unha das coutadas de Recaré, situada por detrás do Lugar da Checa.

► Bica, A do

Bica é un substantivo que ten diferentes significados. Quizais o máis coñecido é o de ‘pan baixo que se cocía á porta do forno ou na lareira,

adoito de fariña milla e sen fermento’ ou o de ‘torta de fariña, ovos, azucre, manteiga e outros ingredientes’, típica dalgunhas zonas de Ourense. Pero *bica* é tamén o ‘gancho de metal acabado en ángulo agudo, que se sostén por un fío ou tanza e no que se pon un engado para pescar’ ou o cano ou tubo longo e estreito por onde sae a auga das fontes, o viño do lagar etc. (Carré Alvarellos, L.: 1926-1931, en *DdD*, s.v.). En Bembrive e arredores, *bica* é tamén o nome que reciben os pequenos ratos caseiros presentes a miúdo en muíños e canastros. Descoñecemos cal das acepcións puido orixinar o alcume que deu lugar aos seguintes topónimos.

Lugar que se atopaba no que agora é a avenida de Madrid, ocupando a superficie que aproximadamente hoxe en día queda debaixo da pasarela peonil que cruza de Fionde cara á Pedra. *O Bica*, ou *O Bicas*, xa que recollemos as dúas denominacións, era o alcume do home que tiña aquí unha serra, **A Serra do Bica**, que ardeu hai uns corenta anos. As instalacións desapareceron completamente ao construír a avenida de Madrid. Cóntase que este Bica, que viñera de Padrón, tiña moi mala sorte cos seus negocios e o lume. Logo de arderlle esta serra montou outra en Portas, que tamén acabou ardendo, pero nesa ocasión no incendio morreron a muller mais el. Con este alcume (*O Bica*) atopamos un veciño de Bembrive (José Benito Seijo), aínda que natural de Tamei-ga (Mos). A subida que vai cara á Pedra, ao norte do lugar é **A Costa do Bica**. Desaparecida hoxe, **A Fonte do Bica** atopábase no lugar do Bica, aos pés da actual pasarela.

En todos os casos emprégase o alcume tanto en singular como en plural, por exemplo: **A do Bicas**.

► **Buche, O**

Posiblemente formado a partir do apelido catalán *Buch*, presente hoxe en día nos concellos da Coruña, con catorce persoas que o portan, e en Vigo, nove. Nesta cidade temos constancia da súa presenza cando menos no século XIX, na persoa de Ramón Buch, un dos promotores do xornal *La Oliva*. En todo caso, *buche* é tamén a forma castelá de *boche*, termo de orixe incerta que se refire ao estómago dos animais ou á dilatación do esófago das aves, que forma unha especie de bolsa onde abrandan o alimento. Calquera destas acepcións puido dar lugar a un topónimo de xeito directo ou a través dun alcume, aínda que descoñecemos con que motivación.

O Buche é o terreo a monte por riba da casa construída no final do camiño da Regueiriña, no Pouso, e **A do Buche** o campo por debaixo do restaurante Soriano, na Mandada. Neste último caso *O Buche* era o alcume dun home da Fame, propietario do terreo.

► **Bufas, As**

Parece tratarse dun alcume, que podería estar relacionado co mamífero mariño coñecido tamén como *boto* ou *arroaz*, ou co verbo *bufar* ‘expulsar aire polo nariz, polo fociño ou pola boca con forza e facendo ruído’ ou ‘botar bufos; peidos sen ruído’. Parece menos probable que teña que ver co *bufo* (ave nocturna máis grande que o moucho) ou co sapo, que se coñece no eido científico como *Bufo bufo*.

As Bufas «Atópase por riba dos lagos do Muíño do Pouso. A continuación viñan As Partillas e logo O Galleiro», explicación dada pola única informante coñecedora deste topónimo. Dicíanos ademais que nas Bufas había unha mina da que partía unha regueira profunda, onde nunha ocasión caeu un becerro que custou gran esforzo quitar. Baseándonos a estas indicacións, o rego podería ser, quizais, o que dende O Campo do Galleiro (onde se atopa o merendoiro do Pouso) baixa á Fonte das Partillas. No *Libro de afanegados* atopamos o topónimo en singular, como «coutada da bufa».

► **Cabaleira, O Campo da Casa da**

Probablemente estamos ante un novo caso de flexión de xénero a partir do apelido do propietario: *A Cabaleira* por A de Cabaleiro. *Cabaleiro* (<lat. CABALLARUS ‘aquele que pode ir á guerra portando cabalo’) é apelido moi común na área tudense, aínda que boa parte dos portadores lévano na actualidade castelanizado na forma *Caballero*. A partir do século XI tivo moito uso en cadeas onomásticas por referencia á condición social do seu posesor. Aínda que tampouco se pode desbotar a hipótese de que sexa un alcume dun tratante de cabalos. Con todo, tamén podería ocorrer que *cabaleira* faga referencia á existencia no lugar, no momento en que se acuñou o topónimo, de pedras superpostas (pedras cabaleiras ou cabalarias), como acontece en moitos outros topónimos derivados de *cabalo* ou *cabalar*.

O Campo da Casa da Cabaleira pertence á **Casa da Cabaleira**, situada xusto enfronte. Atópase na marxe esquerda da rúa de Novelos en dirección ás Pedrás, xusto ao acabar de pasar o centro de saúde. Sabemos, grazas ao *Libro de afanegados*, que na parroquia estaba presente o apelido Cabaleiro xa a mediados do século XIX. Eran en concreto dous veciños e un deles, Silvestre Cabaleiro, con propiedades, entre outras, chamadas «Leiras» ou «Regadiña», que na actualidade se atopan moi próximas á da Cabaleira. Este vivía en Mandín, o que nos leva a pensar que podía pertencer xa, ou incluso ser o iniciador, da familia que deu nome ao lugar.

► Cabral, O Campo de

Cabral, do latín CABRALE é un colectivo de *cabra* e refírese á presenza ou abundancia deste animal no lugar. Nos máis antigos faría referencia probablemente ás cabras bravas. O topónimo *Cabral* é único na xeografía galega e portuguesa (non se coñece outro topónimo igual) polo que todas as persoas apelidadas Cabral procederían, en orixe, da parroquia viguesa situada na estrema con Bembrive. Entre elas podería atoparse Pedro Álvares Cabral, considerado descubridor do Brasil.

Trátase dunha tira de terra de labor paralela ao camiño da Miraflores na súa marxe esquerda, que comeza logo de pasar o núcleo de casas do inicio do camiño. O topónimo fai referencia á procedencia dos propietarios da terra, veciños de Cabral.

► Calderón, O Cocho

Apelido de probable orixe castelá. En galego sería *Caldeirón*, derivado de *caldeiro/-a*, do latín CALDARIU, -A 'lugar onde se quenta un líquido'.

Na dos Portugueses, **O Cocho Calderón** é unha leira por debaixo da Maceira Forneira, ao norte do Campo das Cebolas e anterior ao Lugar dos Menores.

A Serra do Calderón, antiga serra situada un pouco máis arriba do Muíño das Crebadas, da que na actualidade só queda rastro na memoria dalgunha veciña de avanzada idade. Era propiedade dun home apelidado ou alcumado *Calderón*.

► **Carriza, Muíño do**

No eido da botánica os vocábulos *carrizo/-a* empréganse para facer referencia a moi diferentes especies. Segundo Sarmiento, *carrizo* é tamén o nome dado na zona de Setados (As Neves) á queiruga. Segundo Navaza, a etimoloxía máis aceptada para o termo sería a proposta por Sarmiento, que apunta ao latín *CAREX*, *-ICIS*, malia que o propio autor salienta que as formas toponímicas fan pensar na existencia de dúas raíces: *CARRIC-* e *CARRAC-*, ou de interferencias entre os temas do *carrasco* e o *carrizo*. Pero *Carriza*, en feminino, é o termo empregado con maior frecuencia para referirse ao *Troglodytes troglodytes*, paxariño diminuto e gordecho. Fan un niño esférico cun burato por onde asoman a cabeza e deixan o cu dentro, de aí esa expresión que se di de alguén que é inexperto en algo: 'aínda non lle viu o cu á carriza'. É moi común o uso de *Carrizo* como alcume, naturalmente a partir do nome da ave e seguramente aplicado a persoas pequenas e redondas, como o paxaro.

O Muíño do Carriza está na marxe dereita do río de Eifonso, a menos de cincuenta metros, augas abaixo, do lavadoiro do mesmo nome. Isto leva a que algunhas persoas o confundan co Muíño de Eifonso, que está en realidade un par de centos de metros máis adiante, á altura da Fonte da Sanxegueira.

► **Chanique, O Campo dos**

Alcume que podería ter a súa orixe na alteración do apelido de orixe navarra *Echenique*, con aférese da vogal inicial. Na actualidade son menos de vinte as persoas rexistradas co apelido *Echenique* en Galicia.

Hoxe en día é o pequeno anaco de terra, en Baruxáns, situado ao final do núcleo de casas do Toutizo, por detrás do Cantón, contra a avenida de Madrid que, de feito, levou parte del.

► **Champinter, As Minas de**

Champinter, *Champintel* ou *Champintiel* é a forma popular en que derivou en Bembrive o apelido francés *Charpentier*, do latín *CARPENTARIUS*, probable celtismo en latín, que tiña orixinariamente o significado de 'construtor de carros'. Na actualidade *charpentier* ten na lingua común o significado de 'carpinteiro'.



Son os antigamente nomeados (->) Mananciais de Vividouros, aínda que todo o mundo os coñece na actualidade polo vocábulo francés, apelido de quen foi o seu propietario a principios do século xx. Vacíllase coas formas **As Minas de Champintel** ou **As Minas de Champintiel**.

► **Chapello, O**

Alcume. Podería estar relacionado con *chaparro* ‘de pouca estatura’ e con *chapa*, vocábulo de orixe incerta, posiblemente prerromana, que supón un étimo *klappa.

Son as terras, antigamente de labor, onde están actualmente os chales que atopamos no final do camiño de Peizás que parte da Viña Grande, fronte ás coutadas de Peizás. A continuación, cara ao oeste, temos o terreo coñecido por algúns veciños como O Campo do Julio, co que posiblemente se solapa en parte.

A Presa do Chapello estaba na Pedreira, por riba da pista das Valadiñas, alimentada polas augas do rego que baixa da lagoa que hai na Estrada. Circulando pola pista das Valadiñas en dirección á Casa de Augas, uns douscentos cincuenta metros despois de deixar a ponte pola que cruzamos a autoestrada do Val Miñor, témola á man esquerda.

► **Chirigota, A**

Podería tratarse dun alcume ou topónimo anecdótico. Parece o substantivo común *chirigota*, propio do castelán andaluz *chirigota* ‘burla’, para a que se ten proposto unha orixe no portugués *girigoto*, *geringoto*, ‘listo, esperto’ pero que é un termo de orixe incerta. Que se documente xa no *Libro de Afanegados* en 1846 e non en *Ensenada* concorda con esa posible orixe andaluza. Que se ateste en 1846 fai máis interesante o topónimo, pois antes do século xx non debía de ser un termo moi usado en español, fóra talvez do occidente de Andalucía, pois a Real Academia Española incorporouno ao dicionario en 1895.

Tomando a estrada de Bembrive dende a rotonda do Toutizo (ou da Pedra) cara ao Lameiro, está A Chirigota no seu comezo á man dereita, cara ao alto. Deste xeito, quedan na Chirigota a casa que fai esquina coa entrada que temos a cincuenta metros, a seguinte que atopamos ao subir, e que amosa o nome do lugar nunha placa de azulexos na porta, e a terceira vivenda na mesma man que queda por riba delas.



► **Chuquete, O Lugar do**

Posible diminutivo de *Chuco*, hipocorístico relativamente recente do nome Francisco. Apareceu, ao igual que outros como *Fran*, *Chisco*, *Franco*, *Paco* ou *Quico* no século xx. Anteriormente, nos séculos xvii-xix o apelativo cariñoso documentado para Francisco era *Farruco* (ou a forma abreviada *Fuco*), segundo recolle Boullón no seu traballo sobre os hipocorísticos en Galicia. A mesma autora apunta como posible orixe da forma *Chuco* a metátese a partir de *-ucho*, a través de *Franciscucho* (*Francisco* > *Franciscucho* > *Francischuco* > *Chuco*), ou a partir de *Paco* > *Pacucho* > *Pachuco*, *Chuco*. Hai que destacar que *-ucha/-ucho* (< lat. *-USCO* + *ULU*) é un sufixo moi empregado na formación de hipocorísticos na nosa lingua.

Lugar onde estivo a escola antiga da Chan. Non obstante, persoas de máis idade consideran que A do Chuquete é contra a estrada (a rúa da Chan), mentres o lugar onde estaba a escola era A de Xan Domínguez.

► **Conde, A Finca do**

Do latín *COMITE* ‘compañeiro’. No Baixo Imperio denominábanse así aos nobres que vivían no pazo imperial e acompañaban o soberano nas súas expedicións, e que pasa a converterse co tempo no nome dun grao da xerarquía feudal (Marqués, 2004: 625). Na actualidade un *conde* é un nobre de rango inmediatamente inferior ao de *marqués*. *Conde* fíxouse co tempo como apelido, especialmente frecuente en concellos como Allariz e Catoira, e que en Vigo comparten unhas dúas mil persoas. Moitas veces era aplicado ás persoas que vivían nas terras dun conde. Tamén é empregado en ocasións como alcume con certa carga de ironía. *Finca* é un castelanismo por *terreo* ou *leira*.

No Rapadoiro é o terreo onde actualmente hai construída unha casa; a que atopamos de fronte entrando polo Camiño dos Rapadouros de Abaixo. *Conde* está presente tamén no topónimo A dos Condes, que recollemos no apartado «Os nomes das casas».

► **Consuelito, O Lugar da**

Diminutivo castelán de *Consuelo*, forma castelá dun nome de muller procedente dunha advocación mariana (*Nuestra Señora del Consuelo*). Do latín CONSOLU ‘consolo; alivio dunha pena ou dor’.

Baixando polo camiño das Casas Vellas novo, logo de pasar a casa que temos á man dereita, está, rodeado polo propio camiño, un pequeno terreo plantado de horta coñecido como **O Lugar da Consuelito**. Malia que o topónimo se aplica agora só a este terreo, tivo que abranguer no seu momento tamén a casa antiga situada por riba, posto que, lembremos, noméase como lugar o conxunto da casa e as terras de labor do arredor.

► **Cristino, O Muíño do**

Podería ser nome masculino, do latín CHRISTINUS, derivado de *Christus*, ou ben alcume, xa que co nome de *crístinos* eran coñecidos, a partir da década de 1830, os partidarios de M.^a Cristina de Borbón fronte aos carlistas [no enfrontamento sucesorio entre a raíña rexente (que buscaba a coroación da súa filla, Isabel II) e o seu cuñado Carlos M.^a Isidro de Borbón (irmán de Fernando VII) e que deu lugar á primeira guerra carlista].

Situado case na altura da curva dos Pelames, uns douscentos metros máis abaixo do Muíño do Cruxeiro, na marxe esquerda do Rego de Pontecela. Era un muíño de dúas rodas, de cubo, e segundo o traballo de Félix Caride, o meirande da parroquia, cunhas medidas interiores de 6,5 x 3,2 m². Na actualidade só quedan en pé as paredes e apenas un anaco de tellado.

► **Demo, O Monte do**

Do latín tardío DAEMONU, é un dos termos empregados para referirse ao ser imaxinario que popularmente se identifica co mal, como tamén *diabo*, *demoño*, *diantre* ou *diaño*. Por esta razón *Demo* é un alcume asignado ás persoas que teñen maldade, malia que hai casos en que simplemente se aplica a unha persoa divertida, inquieta ou travesa, xeralmente cando son nenas ou nenos (*Demo de rapaz!*). En certos casos a existencia de topónimos como, por exemplo, *A Costa do Demo* pode

estar motivada pola complicada orografía do terreo e non pola presenza dun propietario con ese alcume na zona.

Zona de monte actualmente con eucaliptos da Parrocha, situada entre o colexio Las Acacias e o hospital do Meixoeiro, que, de feito, o ocupou en gran parte. Neste caso sabemos que o topónimo procede dun alcume. O home así chamado, non por simple falcatruero, senón por malo, apropiouse (a mediados do século pasado) desta parte de monte comunal, ocupada logo polo hospital, polo que pasou a ser coñecido como *O Monte do Demo*. Era considerado tan mala persoa que ata se dicía del que tiña un carro tirado por un carneiro, ao igual ca o auténtico demo. A este lugar, o antigo alumnado das escolas Nieto lembra vir buscar musgo para o belén do colexio. O penedo de grandes dimensións que había no monte do Demo e que foi dinamitado cando se construíu o hospital recibía o nome de **O Penedo do Demo**. Hai quen o nomea O Penedo de Suán, aínda que sen coñecer a motivación de tal denominación. Podería tratarse do adxectivo *soán* (coma o vento soán), que significa que está orientado ao sur (*solano* en castelán), ou ben dunha forma despalatalizada de Xan. Esta hipótese ten en contra o feito de que todos os *Xoán* presentes na toponimia da contorna sempre se recollen coa forma hipocorística *Xan*.

► **Dios, O Pinal do**

Dios é un castelanismo introducido no galego a partir do Renacemento (Rivas: 1988 en *DdD*, s.v.). A forma tradicional galega é *Deus*. Nomea o 'ser supremo e eterno, creador do mundo e dotado de perfección absoluta segundo as relixións monoteístas'. Foi empregado como apelido administrativo, imposto en casos de filiación descoñecida. Hoxe en día en Galicia a máis frecuente é a forma castelanizada *Dios* ou *de Dios* (4000 persoas) fronte a *Deus* (900). Pero o termo en sentido figurado emprégase tamén para referirse a unha persoa pola que se sente unha profunda atracción, un culto apaixonado. Deste xeito, pode pasar a ser usado como alcume, tamén cun sentido irónico.

No San Cibrán é a coutada, plantada de piñeiros no seu momento, situada despois da Coutada das Señorras e da dos Chans, por debaixo da Xunqueira. [Indo pola pista da Fraga cara a Beade, uns douscentos cincuenta metros máis adiante do cruzamento (na Coutada das Señorras) coa pista que enlaza co camiño das Valadiñas, sae á man esquerda un



camiño que vai dar a el]. O seu propietario, por ser home moi relixioso, foi alcumado *O Dios*.

► Domingos, A Mina de

Nome cristián de inspiración mística, do latín *DOMINICUS* ‘o que pertence ao Señor’ (Piel 1947b: 284), derivado de *DOMINUS* ‘señor’. Os nomes persoais nos romances hispanos as formas que atopamos no léxico actual son normalmente continuacións do acusativo (*DOMINICUM*), pero hai excepcións como *Domingos*, que procede do nominativo *DOMINICUS* (*San Domingos de Bonaval*, *San Domingos de Pontevedra*) e *CAROLUS* > *Carlos*, *MARCUS* > *Marcos*. En galego *Domingos* é a forma común do nome, mentres que en castelán esa forma con *-s* final, que tamén foi común nesa lingua durante séculos, deixou de usarse ao longo da segunda metade do *XIX*. O patronímico deste nome é o apelido *Domínguez*, relativamente frecuente en Galicia, aínda que tamén existe a propia forma *Domingos* como apelido, pero presente só na actualidade nos concellos da Mezquita e A Guarda.

Trátase dunha mina de auga que había no Lugar de Arriba ou Segade de Arriba, fronte ao actual taller Segade. Na fala, *A Mina de Dominkos*. Non sabemos se *Domingos* era o apelido ou ben o nome (aínda que sería o máis probable) do posesor que deu lugar ao topónimo. O que si sabemos é que o nome *Domingo* (escrito sen o *-s* final, o que non significa que popularmente non fosen coñecidos como *Domingos*, que sería o esperable) foi moi frecuente en Bembrive no pasado. A mediados do século dezaioito, no momento en que se fixo o *Catastro de Ensenada* (1752), un doce por cento dos veciños propietarios de Bembrive tiñan ese nome, porcentaxe que só baixara un punto cen anos despois, como podemos comprobar grazas ao *Libro de afanegados*. Curiosamente esta forte presenza non era compartida polo feminino do nome, xa que no *Catastro de Ensenada* figuran tan só seis veciñas cabezas de familia chamadas *Dominga* e ningunha no *Libro de afanegados*. Se atendemos ao conxunto da península, *Domingo(s)* e *Dominga(s)* foron moi comúns como antropónimos entre os séculos *XVI* e *XVIII*, a época de máximo poder dos *Dominicos*, o que non é casual, pois promoveron o culto do seu fundador, Santo Domingo de Guzmán.

► **Espantademos**

Posible alcume. Está formado polos termos espantar ‘facer escapar’ e demos, plural de demo ‘ser imaxinario que representa o mal’.

Subindo pola rúa do San Cibrán cara á capela, *Espantademos* é o nome do terreo con vivenda que temos á man dereita xusto na curva da que parte o camiño das Valadiñas. Queda polo tanto encaixado entre a estrada e o rego que o rodea polos pés e que baixa dende A Fonte Seca para ir unirse ao río de Eifonso por debaixo da capela. Este nome, segundo información do seu propietario, figuraría en escrituras do ano 1800, aínda que o topónimo non aparece rexistrado no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*. Tampouco é coñecido pola veciñanza da zona.

► **Federico, O Pinal de Don**

Considerado castelanismo por *Frederico*, forma galega. Segundo o *Diccionario dos Nomes Galegos*, *Frederico* procede do xermánico FRITHURIK, composto por FRITHU, que tiña o significado orixinal de ‘protección, seguridade’ ou ‘posesión cercada e defendida’ e posteriormente o de ‘paz’, e RÎK ‘poderoso’, polo que o conxunto tería o significado de ‘que domina pola paz’ ou ‘que domina a súa posesión’.

Coutada situada no monte do San Cibrán, a escasos metros ao suroeste do punto onde o Camiño das Valadiñas describe un pechado u, por riba da Casa das Augas. Aproximadamente neste punto únense as augas procedentes das concas da Xunqueira e da Coutada das Señoras formando o río de Eifonso. Vai acompañado o nome propio que deu lugar a este topónimo dun *don* que nos informa dunha posición social elevada. En efecto, o antigo propietario destes terreos dise que foi o mestre escolar don Federico Estévez. No ano 1951, e ante a súa petición, a Entidade Local cedulle a estes organismos o terreo solicitado «en dicho paraje, barrio de San Cipriano de la extensión de 5ha 51a 44ca⁹¹». Don Federico tiña dous irmáns curas, un en Soutomaior e outro na veciña parroquia de Sárdoma, coñecido como *O Tombo*, alcume que deixou tamén pegada na parroquia (→ O Tombo).

91 acta da sesión da ELMB 06/12/1951

O Espazo habitado

Coutada que atopamos ao final do Camiño do Rebolón, por detrás do Lugar da Checa, en Recaré.

► Guillermo, Os Campos do Tío

Nome persoal de orixe xermánica (WILLIELMUS). A forma preferente para o seu uso no galego é *Guillermo*.

Son as terras, agora de monte, comprendidas entre o sendeiro do Eifonso e o propio río que se estenden, aproximadamente, dende o comezo da ruta por riba da estrada de Bembrive, ata o muíño do Sorrego. Están, polo tanto, dentro do Chouso.

► Inocencia, O Poulo da Tía

Antropónimo feminino, do latín INNOCENTIA ‘libre de culpa’. Poulo que había na Fraga, na actualidade a monte.

► José María, O Campo do

Nome composto de varón, castelanizado. *José*, *Xosé* en galego, chegado a nós a través do latín IOSEPH, procede do hebreo YOSEPH, derivado de YASAPH ‘engadir’ (Boullón, 1999: 277). Antes do século XVII apenas era empregado, xa que o culto a san Xosé é posterior ao Concilio de Trento, pero de acordo con Navaza (2007a: §53.4) este nome converteuse, xunto con Manuel, no nome masculino máis frecuente nos séculos XIX e XX⁹².

Entrando polo camiño da Candeia, que leva ao lavadoiro do mesmo nome, dende a rúa da Chan, é o campo que temos á man esquerda logo de pasar o do Cacholeiro. Un pequeno valado, que obriga ao camiño a debuxar unha lixeira curva, marca o seu extremo polo leste.

92 En Bembrive, en 1752, había xa nove homes rexistrados no *Catastro de Ensenada* con este nome («Joseph») máis unha muller («Maria Josepha»), que pasarían a 12 homes e 8 mulleres un século máis tarde no *Libro de afanegados*. *María*, un dos nomes femininos máis habituais na península dende o século X, procede tamén do hebreo MARYAM, chegado a nós a través do grego MARIÁM ou MARÍA e o latín MARIA (ib.: 297), divulgado polo culto da virxe.

No Pouso temos **O Muíño do José María**, un muíño privado situado na marxe dereita do Rego de Pontecela ou río da Candeia, uns centos metros máis abaixo do Muíño do Pouso. As paredes, de cachotería, parecen estar en bo estado, aínda que a vexetación que o cobre impide observalas na súa totalidade, ocultando tamén o tellado. Na lumieira da porta unha inscrición infórmanos da súa data de construción e propietario: «AÑO Ð 1891P Ð JMP». Un dos relatos existentes sobre as casas vellas da Fraga di que foi un José María o seu último habitante, a quen lle morreu a muller no parto e entón marchou co seu fillo ou filla para Xestoso. *Os José Marías* é un alcume de familia vixente na actualidade en Bembrive.

► **Juanito, A Lagoa de**

Diminutivo do nome masculino castelán Juan, en galego *Xoán*, *Xan*, que procede do latín IOHANNES.

Lagoa que había polo camiño da Feira, na estrema con Cabral. Era en realidade unha poza dende a que baixaba a auga ao Muíño do Rorigo, pero só ata o san Bieito. A partir desa data correspondíalle a auga a Cabral.

► **Jesusa, A Fonte da**

Nome castelán de muller, forma feminina correspondente a Xesús (< lat. IESUS), nome persoal de orixe hebrea.

Nome que se lle daba ao nacente da auga que se recollía na Presa do Cocho da Fonte. Agora aparece rotulada como Fonte de Xestoso de Arriba. A veciñanza do Lugar de Arriba, para evitar ir dar a volta polo Lugar de Abaixo cada vez que tiñan que ir buscar auga, baixaba directamente polo lugar da Jesusa e así quedoulle o nome á fonte.



Jesusa

Nota ao pé: Fonte da Jesusa e Presa do Cocho da Fonte fóra de uso. Ao fondo, as casas do Lugar de Arriba.

► **Julio, O do**

É un nome castelán, procedente do latín *IULIUS*, probable adaptación, de acordo con Boullón (1999: 278), de **IOULIOS* ‘de Xúpiter’. En galego, *Xulio* (a diferenza do nome do mes, que deu *xullo*).

Nomeado tamén como **O Campo do Julio** ou **Os Campos do Julio**. Entrando polo Rego da Auga desde a Subida a Miraflores, son as terras situadas uns cento cincuenta metros máis adiante, pasando os Campos do Abade, á man dereita. Son antigas terras de labor en que na actualidade hai dúas vivendas de recente construción.

► **Ledo, A do**

É un apelido especialmente frecuente no concello lucense de Chantada e nos do seu arredor, e en Vigo o número das persoas que o

posúen son case trescentas. A súa orixe está no adxectivo latino LAETUS 'alegre'.

A do Ledo, ou **O Lugar do Ledo**, queda na esquina entre a estrada de Bembrive e o inicio da rúa de Segade. Hai na actualidade unha casa con terreo. Ao final da entrada que hai a carón do Lavadouro de Segade, tocando co que agora é a avenida de Madrid, estaba **A Casa Vella do Ledo**, que os veciños máis maiores do lugar, de máis de oitenta anos, recordaron sempre en ruínas e que na actualidade xa non existe. O lugar debíase estender cara ao noreste, xa que nesa dirección atopamos, a máis de cen metros, **A Presa do Ledo**. Situada no principio do actual ramal cego da rúa de Recaré que remata, sen saída, contra a avenida de Madrid, dela regaba a Santa, Tisoueiros e a casa fronte á do Galo. **A Fonte do Ledo**, agora coñecida como A Fonte de Recaré, estaba aos pés da Revolta e trasladouse a onde estaba a citada presa.

Na parroquia de Bembrive temos constancia da presenza do apelido *Ledo* cando menos dende mediados do século XIX, posto que no *Libro de afanegados* o atopamos na persoa de «Domingo Antonio Ledo», «María Antonia Ledo» e «Benito Alonso Ledo», veciños das Casas Vellas e Jacinta Ledo, do San Cibrán.

► Mañoso, O

Alcume derivado de *maña* 'disposición para facer ben e con facilidade unha cousa', termo que podería proceder (Corominas, 1980-1992, vol. III: 831) do latín vulgar *MANU 'habilidade manual', derivado á súa vez de MANUS 'man'.

En Mourelle son os terreos en pendente que quedan por riba da estrada de Bembrive, entre o comezo do camiño do Cocho e A Raíña. Aínda que na actualidade hai numerosas vivendas construídas, ata non hai moitos anos eran coutadas de monte. Malia que poderíamos pensar que é un topónimo moderno, *O Mañoso* aparece xa no *Libro de afanegados*: «coutada do Mañoso», «castañal en Mañoso», «debesa de Mañoso en Mourelle» ou simplemente «Mañoso».

► Mariña, A

Do latín MARINA. Nome persoal moi común na Idade Media e con moitas advocacións en toda Galicia, entre elas a da veciña parroquia de Cabral.

Terreo de monte fronte á capela do San Cibrán, dende o rexistro de augas que poderemos ver subindo polo sendeiro do Eifonso, ata As Crebadas. Non é este un topónimo recente; aparece no *Catastro de Ensenada* nunha ocasión, numerosas veces no *Libro de afanegados*, que nos indica ademais que naquel momento tiña carácter de coutada, con piñeiros e carballos, e que a súa extensión debía de ser importante xa que albergaba outros topónimos, como o Estripeiro, no seu interior: «o Estripeiro en la coutada da Mariña».

► **Marqués, A Costa do**

Do occitano antigo MARQUÉS ‘xefe dun territorio fronteirizo’ (Boullón 1999: 301), na actualidade é un título nobiliario de rango inmediatamente inferior ao de duque e superior ao de conde. É empregado como alcume dende antigo e na actualidade é tamén apelido, malia que o número de persoas que o posúen non chega ás seiscentas en toda Galicia; é máis frecuente en concellos da provincia de Lugo como A Pontenova, Trabada ou Friol. Algúns apelidos *Marqués* actuais son alteración dun patronímico *Marques* (*Márquez*) orixinario.

É o nome polo que é popularmente coñecido o tramo da rúa da Parrocha que vai de Recaré ata a entrada de Seiróns. Dise que o nome procede do alcume (*O Marqués*) dun home que viviu neste lugar.

► **Martínez, A Regueira do**

Forma castelá do apelido patronímico de *Martiño*, nome de orixe latina (MARTINUS) derivado de MARS, -TIS ‘de Marte’. A forma galega tradicional deste patronímico é *Martiz* ou *Martins*.

En Xestoso é o rego que baixa do lugar do Martínez cara a Peizás, uníndose á Regueira do Cea. No *Catastro de Ensenada* aparecen dous veciños apelidados Martínez no ano 1752 en Bembrive, aínda que ningún deles ten propiedades próximas á regueira que nos ocupa como para ser os responsables de terlle dado nome, como tampouco os cinco veciños e veciñas rexistrados case cen anos máis tarde no *Libro de afanegados*. Curiosamente, o que si atopamos no *Catastro de Ensenada* son dúas propiedades, as dúas pertencentes a Benito Alonso, de Larín, chamadas *Martin* e *San Martín*, topónimos que xa non rexistramos no presente.



► Marzo, O Serradoiro do

Pódese tratar dun apelido, coincidente co nome do mes (ao igual que Xaneiro, Nadal, Abril, Maio, etc. Aplicábase no bautismo a persoas de filiación descoñecida por referencia ao mes de nacemento) ou ben un sobrenome, formado co derivado regresivo de *Marcelo* ou *Marcelino*.

Antigo serradoiro, en Xeme, pertencente aos do Marzo, familia veciña do Cacheno, onde na actualidade hai un almacén de madeiras.

► Médicos, O Campo dos

Topónimo procedente do latín *MEDICU* e que identifica unha tira de terreo con casa pertencente á Soaxeira e situada fronte á presa do mesmo nome. Entrando pola Soaxeira dende a Mouteira, a uns douscentos trinta metros á man dereita. Cando o terreo foi mercado polas propietarios actuais foino baixo este nome, aínda que os seus últimos propietarios xa non pertencían á profesión á que fai referencia o topónimo. Polo tanto, non podemos saber se se trata dun topónimo referente á profesión do propietario ou dun alcume con outra motivación.

► Menores, O Lugar dos

Plural de *menor*, do latín *MINORE* 'máis pequeno'. Podería ser antiga propiedade dos franciscanos ou franciscanas menores (os dicionarios recollen para *menor* o significado de 'relixioso da orde de san Francisco'), como ocorre noutros casos *La Menora* o *Las Menoras* da toponimia peninsular, segundo apuntan Navaza e Carrasco ao discutir o topónimo *A de Menora* na *Toponimia de Beade* (p. 99), pero non podemos descartar calquera outra motivación para a orixe deste topónimo.

Trátase dunha tira de terreo, actualmente a monte, nos Chans, anterior á única casa que temos á man dereita antes de chagar á Xabalouca.

► Mica, O Cocho da

Feminino de *mico*, unhas das denominacións do gato en galego. Empregado como sobrenome.

No Carballal é un campo pequeno, con viña, situado polo camiño dos Ameales arriba, pasando as casas, cara á Remesiña.

► Monas, A *Finca* do

O substantivo *mona*, *mono* ‘simio’ é palabra común ao galego, portugués e castelán, de orixe descoñecida. A presenza deste termo na toponimia de Bembrive é debida ao seu emprego como sobrenome persoal.

É o lugar de Barruxáns correspondente á segunda casa do ramal cego que parte da rúa do Cacheno, fronte a Agrovigo, e vai morrer sobre a avenida de Madrid. Aquí estivo, entre finais do século dezanove e principios do vinte, **A Escola do Monas**. Parece ser que neste caso o alcume foi posto a un rapaz que adoitaba empregar o insulto *mona*, polo que lle quedou *O Monas*. Aos pés desta leira atópase **A Presa do Monas**, tamén coñecida como a Presa dos Troncales, que regaba, ata hai poucos anos, A Castiñeira. A carón desta había outra presa pequena, de perpiaño, sen nome específico.

A Taberna do Monas era unha taberna que había no Mosteiro, na da Sabela Vella, primeira casa á man dereita baixando cara á igrexa.

► Montevideo, O

Montevideo é a capital da *República Oriental del Uruguay*, presenza deste topónimo nas nosas terras debe proceder do alcume dado a un antigo propietario orixinario dese país ou, máis probablemente, a un emigrado retornado.

É o conxunto de leiras dispostas en dirección norte-sur sobre as Manguelas, que temos na man dereita da rúa Xeme logo de pasar o sendeiro que baixa á Sanxegueira, ata a chegada á rúa Eifonso.

► Monzona, A Fonte da

Podería tratarse do alcume aplicado a unha persoa procedente do Monção portugués (aínda hoxe, na fala local os vellos din *Monçom*, e non *Monção* como ensinan na escola, e na banda norte (galega) do Miño chámanlle *Monzón*) ou calquera dos Monzón existentes na península, ou do apelido xerado por eses topónimos. Na fala *A Monsona*, con seseo.

Antiga fonte, agora sepultada pola maleza, que contaba cun pequeno conuco de pedra. Antes de chegar á Presa de Esparramán, indo polo camiño do mesmo nome, temos un sendeiro á man dereita⁹³. Se o seguimos chegaremos ao punto onde estaba a antiga fonte, marcado aínda por unha pequena concavidade no terreo e unha pedra chantada a carón. Ao oeste temos Os Campos da Fonte e ao leste o muro de bloques dun peche que dá ao camiño Esparramán, fronte ao número trece. No *Libro de afanegados*, no apartado das propiedades en Bembrive de forasteiros, aparece a «Cañoteira o Monzona», de «Beatris González», veciña de Tameiga. Tendo en conta que un pouco máis adiante da presa, cara ao sur, as leiras que nos atopamos son coñecidas polo nome de *A Cañoteira*, podemos ter a práctica certeza de estarmos ante o mesmo topónimo, que tería polo tanto máis dun século e medio de vida.

► Muxo, O

Alcume relacionado co nome do peixe coñecido tamén como *muxe*.

En Baruxáns é o núcleo de casas ao final do camiño do Muxo e terras por debaixo del, onde se atopan os muíños do mesmo nome. De feito, hai quen considera que o topónimo *O Muxo* fai referencia unicamente aos muíños. Non aparece *O Muxo* como topónimo no *Catastro de Ensenada*, pero si no *Libro de afanegados*, onde designa unha propiedade anexa ao muíño: «cocho del molino del muxo». **O Camiño do Muxo** é un camiño asfaltado pero sen saída que parte do final da rúa da Xesteira, uns escasos vinte metros antes de chegar á Ponte de Abalde, cara a poñente, para dar acceso ás casas do Muxo, onde morre. Xa antigamente se lle chamaba así, posto que ía aos muíños do Muxo. As terras que se atopan por debaixo do Camiño do Muxo, antes de chegar aos muíños, no meandro que aquí describe o río de Eifonso, son **Os Campos do Muxo**. O conxunto de tres muíños que se atopan na marxe dereita do río de Eifonso, ao final do camiño do Muxo recibe o nome de **Os Muíños do Muxo**. O primeiro é un muíño de herdeiros, rehabilitado no último ano. A auga chégalle por unha levada que, correndo paralela ao camiño do Muxo, trae a auga directamente dende o Muíño

93 Non era este o camiño de acceso á fonte, senón o que baixaba tamén dende o camiño Esparramán, pero uns metros máis atrás (a uns 90 ou 100 antes da presa). Porén, é máis fácil de localizar hoxe en día.

de Abalde. Á súa vez, dende o inferno deste muíño, coñecido simplemente como **O Muíño do Muxo**, a auga diríxese por un corto rego cuberto por lousas á canle do seguinte muíño, situado a escasos metros e máis preto do río, que nos chamará a atención polo seu maior tamaño e polo feito de posuír dúas portas. Isto débese a que en realidade non é un muíño senón dous, anexos dentro da mesma construción. A roda da parte de arriba, que ten a súa porta de entrada case enfrontada ao Muíño do Muxo, é coñecida como O Muíño de Fufú, O Roxo, debido ao alcume do que foi o seu propietario, mentres o da parte de abaixo, con entrada cara ao norte, que dá ao camiño que baixa ao río, é o Muíño dos Pieira ou Patiños. Este muíño dobre tampouco está en uso, e aínda que se conserva en bo estado a súa estrutura exterior, está en gran parte cuberto pola vexetación. No *Catastro de Ensenada* non se fai referencia a ningún Muíño do Muxo, pero si no *Libro de afanegados*, polo que podemos datar a súa aparición entre os anos 1752 e 1846. Quedaría saber a cal dos dous facía referencia, aínda que podemos presumir que sería O Muíño do Muxo de arriba, dunha soa roda. **A Ponte do Muxo** sobre o río vello está situada por debaixo deste muíño, que permite cruzar aos Campos do Lombo de Beade.

► **Nicolás, A Finca de Don**

Nome masculino de orixe grega formado polas raíces ΝΙΚΗ ‘vitoria’ e ΛΑΟΣ ‘pobo’.

Corresponde aos terreos onde foi construído o colexio Montecastello, no Penedo. No seu interior había antigamente unha presa onde se ían bañar a rapazada do arredor.

En Bembrive-Tameiga recollemos **O Pinal de Don Nicolás**, coutada situada por riba do Monte Alto, cara a Pompeán (Tameiga).

► **Pachín, O**

Alcume común. Hai casos en que poderíamos estar ante un diminutivo de Pacho, un dos hipocorísticos de Francisco, pero non sempre é así, como ocorre no caso de Enrique Pérez Díaz, *Pachín*, ex-futbolista da década dos sesenta que xogou, entre outros, no Real Madrid, no Betis ou no Osasuna.

Antigas terras de labor, agora sen traballar, que se atopan no leste dos Tisoureiros (Segade). Cando nos diriximos cara ao Porriño pola avenida de Madrid, son as terras que nos quedan á man dereita no tramo final do pronunciado u que a estrada describe pouco antes da saída de Segade-Recaré.

As Presas do Pachín atopábanse no Pachín, empregadas como tantas outras non só para o rego, senón para bañarse os rapaces do lugar. Na actualidade, abandonado o seu uso, convertéronse nunha reserva para a avifauna, como parrulos ou a garza real.

► **Panxón, O**

Aquí seguramente aparece como sobrenome do propietario, que sería procedente de Panxón. Na documentación medieval aparece como *Pandoine*, *Pangion*, *Panjón*. É topónimo escuro. Podería ter relación co adxectivo *pando* (do lat. *PANDUS*), que ten uso na toponimia do norte peninsular con valor orográfico, con frecuencia para designar un paso que une dous vales, polo que quizais o nome de Panxón lle vén do camiño que comunica o areal de Panxón co de Patos, ou sexa, o istmo da península de Monteferro.

É o nome que lle daba a familia antigamente propietaria á leira tamén coñecida como A Soaxeira do Abade, aínda que un veciño de avanzada idade nomeouna igualmente deste xeito. Non aparece no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*.

► **Patana, A Coutada da**

Feminino de *patán*, usado como sobrenome. *Patán* figura no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez co significado de 'aldeán rústico', común co castelán. É un derivado de *pata* 'perna'.

É unha das coutadas de Recaré á que se accede entrando pola pista que parte da Baixada ao Castelo, uns cento cincuenta metros máis arriba da praza da Parrocha.

► **Patiños, O Muíño dos**

Apelido no cal, segundo Navaza (2007a: 81), conflúen un nome latino de orixe etrusca *PATINIUS* e o diminutivo de *pato* empregado como

● ● ● ● ● ● ● ● ● ● **O Espazo habitado**

alcume na Idade Media. A forma actual *Patiño* atopámola xa en documentos do século XIII: «Pedro Afonso, Arzipreste, Fernando Leiro, Juan Patiño, hestebo Martin, Clerigo, Fernando Dominguez, Juan» (González, 1988: 511).

Do conxunto de muíños do Muxo, hai quen coñece por este nome a parte de abaixo do que está máis próximo ao río, que na actualidade é de herdeiros. Pero Fufú O Roxo, que foi propietario do da parte de arriba, parece ser que ademais de Pieira era tamén Patiño, o que crea algunha confusión. Non figura o apelido *Patiño* no *Catastro de Ensenada* nin *Libro de afanegados*, aínda que foi precisamente un Patiño quen mandou facer o cruceiro do Cristo do Cacheno (→*Cacheno*), segundo reza a inscrición que se atopa no seu pé: «MANDO FAZ / ER FRCO ANO/ FRS PATIÑO/ AÑO D 1782».

► **Pavero, O Campo do**

Alcume procedente do adxectivo *pavero*, que ten o significado de ‘bromista, burlón, gracioso, que chancea’ (Carré Alvarellas, L.: 1933, en *DdD*, s.v.). É un castelanismos, derivado de *pavo* (lat. *PAVUS*).

Entrando desde o camiño dos Freires no camiño dos Freires de Abaixo (agora camiño da Puga), temos **A Fonte do Pavero** a uns corenta e cinco metros, á man dereita. Os campos situados por riba desta son **O Campo do Pavero**.

► **Peixebonito, A do**

Procede dun composto do substantivo *peixe*, termo de orixe latina (*PISCIS*) e o adxectivo, tamén de orixe latina *bonito*, que procedería dun diminutivo de *bo* (*BONUS*). Descoñecemos a motivación que deu lugar a este alcume. Debeu ser unha característica da fala, quizais chamarlle *peixe-bonito* ao peixe que todo o mundo coñecía como *bonito* a secas.

Terreos na man dereita do camiño do Estripeiro, que baixa dende o final do lugar de Paio ao río do mesmo nome.

En Xestoso **A Coutada do Peixebonito** localízase no Camiño do Monte Vello, por debaixo do parque feito no Rorigo.



► Pesete, O

Alcume, quizais formado a partir de *peseta*, moeda española.

Atópase nas Crebadas, por riba da Mariña. A maioría da súa superficie foi ocupada polo trazado da autoestrada AG-57 (Puxeiros-Val Miñor). É coñecida tamén como **A Coutada do Pesete**. É un topónimo que aparece xa no *Libro de afanegados* (1846) onde podemos atopar propiedades rexistradas como «O Pesete», «Tojal do Pesete o Quebradas», «dehesa do pesete o quebradas» ou «cañaberal do pesete» o que, ademais de axudarnos a localizar o topónimo nos permite coñecer o tipo de vexetación que había aquí naquel entón. No *Catastro de Ensenada* hai unha propiedade co nome de «A Coutada de Piselte» que quizais podería facer referencia ao mesmo propietario.

► Peteta, A Costa da

Forma feminina dun alcume que podería estar relacionado con *Pete-te*. Parece creado a partir do francés *petit* ‘pequeno’, aínda que tamén podería ser unha alteración de *Pepete*, alcume formado a partir do hipocorístico *Pepe*.

Estritamente é o camiño que sobe por diante do grupo de casas que están por riba da Fonte da Sidra, pero na actualidade é o nome da rúa completa da que este tramo forma parte e que vai dende a Ponte de Moledo, pasando polo Muíño do Burro e a Fonte da Sidra, para ir saír, paralela ao río de Eifonso ou de Moledo, á estrada do Lameiro, á altura do Muíño da Torre. A Costa da Peteta marca a estrema de Bembrive coa parroquia de Sárdoma dende a Ponte de Moledo ata a Buraca, por debaixo da subestación eléctrica da avenida de Madrid. A *Peteta* era o alcume da muller que vivía nunha das casas do núcleo citado. Dise que o camiño tomou ese nome porque foi ela quen se encargou de abrir nun primeiro momento ese tramo. O alcume *Petete* aparece xa no *Libro de afanegados* de 1846 a carón do nome de José Benito Abalde, veciño de Baruxáns.

► Piedá, O Muíño da Señora

Forma correspondente a *Piedade*, nome de muller. Procede do latín *PIETATE* ‘sentimento que leva a aceptar e cumprir todos os deberes cos

deuses, os pais, familiares, amizades etc.’, pero o seu uso como nome persoal débese a unha advocación mariana.

Muíño de maquía situado no Mosteiro e propiedade dunha muller chamada Piedade (*Piedá* na fala) coñecido tamén como O Muíño do Venancio por ser o nome de seu xenro e continuador do oficio. Localizámolo na marxe esquerda do río da Ponte (rego de Pontecela), fronte ao Lavadouro do Mosteiro, dentro do lugar, a poucos metros da casa familiar. No seu traballo sobre os muíños da parroquia, Félix Caride dinos que por estar retirado o muíño uns seis metros do leito do río e ir cuberta a levada de saída ata chegar a el, o inferno ten unha profundidade non vista no resto dos muíños da parroquia.

► **A dos Pigorros**

Alcume de propietario que posiblemente contén o substantivo común castelán *pigorro*, propio de Salamanca, e aplicado ao rapaz que facía as tarefas auxiliares do campo, como levar a comida e auga aos maiores ou facer os recados. Tamén se emprega polo tanto como sinónimo de *veno*.

Coutada situada a pouco máis de cen metros subindo polo camiño do Rebolón (*Recaré*), á man dereita. Na fala realízase con gheada: *A dos Pighorros*.

► **Popó, A Volta do**

Estamos ante o alcume dun propietario do que podemos coñecer a motivación, grazas a un informante de oitenta anos que nos transmitiu o que lle explicaba súa avoa. Contaba que cando os mozos e mozas ían ás festas, ao mirar tocar un conxunto divertíanse xogando a dicir que instrumento lles gustaría tocar a cadaquén. Un deles sempre dicía que el quería tocar aquel que facía «po-po-po», entendemos que en alusión ao trombón ou similar, e de aí lle quedou *O Popó*, sobrenome que se foi transmitindo no tempo.

É a curva pronunciada que hai na rúa de Mandín, a escasos douscentos metros da entrada dende O Monte do Calvario. O nome vén dado por estar a curva diante da do Popó, malia que a casa matriz da familia así alcumada se atopa nos Pumariños.



► Portugueses, Os

Plural do xentilicio *portugués* 'nativo ou habitante de Portugal'.

É hoxe en día unha parte do lugar dos Chans, no barrio da Chan. A súa orixe parece atoparse na chegada dunha parella de portugueses, Rosa e Antonio, el de oficio canteiro, que se asentaron neste lugar, hai xa cando menos setenta anos. O núcleo fundado foi medrando coas vivendas dos seus descendentes.

► Rebolón, O Camiño do

Posible derivado de *Rebolo*, alcume aplicado ás persoas grosas e polo xeral baixas. Na lingua común un *rebolo* é un pau curto e cilíndrico empregado para certos usos, como rasar medidas retirando o cugulo ou para lanzar ás pólas dunha árbore para facer caer a froita. Pero o *rebolo* é tamén un tipo de carballo, o carballo cerquiño (*Quercus pyrenaica*).

Parte da Viña Grande (Recaré), uns cincuenta metros por arriba da Mouteira, á man esquerda. Trátase dun camiño asfaltado ata a última das casas ás que dá servizo, a partir da cal continúa como camiño de terra, entre as coutadas, para saír á Parrocha. Entrando por este camiño, a unhas decenas de metros, á man dereita está **A Presa do Rebolón**.

Na Raposa temos **O Lugar do Rebolón** (→ Os nomes das casas e lugares).

► Renca, Os Campos da

Feminino de *renco* ou *rengo* 'coxo', termo de orixe xermánica.

Terras de labor, agora maioritariamente a poulo, na entrada da rúa de Recaré dende a Mouteira, á man esquerda.

► Ribeirán, O

Ribeirán é o xentilicio (formado co sufixo correspondente a -ANU) que se aplica a alguén procedente dun lugar chamado *Ribeiro* ou *Ribeira*, ou ben procedente da *Ribeira* ou do *Ribeiro*.

En Baruxáns son os terreos ocupados polo trazado da avenida de Madrid. Atópase, vindo dende O Porriño, uns metros máis adiante da saída 666. Na fala, adóitase realizar como *O Rebeirán*.

► **Riobó, A Coutada do**

Do latín medieval *RIIUS BONUS* 'río bo'. Hai só sete lugares recollidos no Nomenclátor portadores deste topónimo en Galicia, pero esta cifra increméntase notablemente se atendemos tamén ás formas relacionadas como Ribón, Reibón, Reiboo etc., e aos topónimos menores. Como apelido, *Riobó* non ten unha frecuencia especialmente elevada no conxunto de Galicia, pero si nos concellos de Moaña (1,2 %) e Bueu (0,8 %), con 435 e 199 persoas censadas, que xunto ás 309 de Vigo representan o 70 % do total das persoas así apeladas no noso territorio. A variante *Rioboo*, coa grafía arcaizante da secuencia vocálica final é característica da provincia da Coruña.

► **Riobó**

En Recaré, subindo polo camiño do Rebolón está a uns cincuenta metros, á man dereita, aos pés do campo do Pepe de Josefa, atopamos **A Coutada do Riobó**.

Situado a uns cen metros augas abaixo dos muíños do Muxo, na marxe dereita do río de Eifonso encontramos **O Muíño do Riobó**, en Baruxáns. Son en realidade dous muíños independentes que comparten o mesmo edificio, que presenta unha curiosa forma trapezoidal. Unha parede interior divide as dúas rodas ás que se accede por cadansúa porta. O tellado orixinal foi substituído por unha placa de cemento ou similar e a parede é de cachotería. Estruturalmente atópase en bo estado, malia que o avance da vexetación pon de manifesto o seu abandono. O primeiro dos muíños, o que nos atopamos vindo polo camiño dende o Muxo, ou baixando dende a Raposa, ten na lumieira da porta a inscrición «año 1855» e no seu interior, ao que dá paso unha porta de madeira aberta, xa só queda o pé. O segundo, que ao contrario que este carece de pousadoiro, ten a porta de chapa pechada, polo que non é posible observar o interior. En realidade estes dous muíños eran propiedade, segundo as informacións recollidas, da familia dos Pieiras⁹⁴,

94 O termo *pieira*, que aquí funciona como alcume, atopámolo nos dicionarios antigos como denominación dunha enfermidade dos pés, ou tamén dos pezuños das vacas e incluso como o nome da gorida dos lobos. Porén, Martín Sarmiento (*DdD* s.v.) recollíao como insulto empregado en Pontevedra como sinónimo de *bruxa* ou *meiga*.

unha roda dun irmán e outra doutro. Pero un home apelidado ou alcumado *Riobó* mercou o muíño de abaixo e deste xeito o muíño pasou a ser coñecido maioritariamente por ese nome. En todo caso, no traballo sobre os muíños da parroquia de Félix Caride dise que a roda de arriba era da familia dos (->) Patiños (presente tamén nos Muíños do Muxo) e a de abaixo dos Fernández Iglesias.

► Rouco, O Cocho do

Do latín *RAUCUS* ‘de voz rouca; áspera e pouco clara’. Consérvanse numerosos exemplos do seu emprego na onomástica medieval galega: Na actualidade é un apelido con gran presenza nos concellos lucenses de Vilalba (onde se concentra o maior número de censados que o portan) e Palas de Rei. En Vigo e arredores os portadores deste apelido superan os setecentos.

Pequeno anaco de terra a poulo na Regada. Dirixíndonos dende a Regada cara a Xestoso pola estrada do mesmo nome, hai un camiño á man esquerda corenta metros despois de pasar a subida ao Paso. Entrando por ese camiño, á man dereita, por debaixo das casas que dan á estrada, está **O Cocho do Rouco**.

► Roxo, O Muíño do

Aínda que *roxo* deriva do latín *RUSSEU* ‘vermello’, en galego non conserva ese significado, senón que *roxo* é un sinónimo de *loiro*; emprégase para designar aquel cabelo que é da cor do ouro ou algo máis escuro. Para facer referencia a aquel pelo que se asemella ao encarnado emprégase o termo *rubio*, aplicado tamén á cor da pel.

Trátase dun muíño de maquí, situado en Baruxáns e propiedade dun home alcumado Fufú O Roxo, polo que o muíño é tamén coñecido como O Muíño do Fufú. Ademais, posto que este home era da familia dos Pieiras, hai quen o coñece como O Muíño dos Pieiras, malia que estes tamén foron propietarios do muíño situado augas abaixo, mercado (unha das rodas) polo Riobó, polo que acabou sendo coñecido maioritariamente por ese nome. Descoñecemos a orixe do sobrenome *Fufú*.

► **Salado, A Pradeira do**

Piel, nas súas *Notas de toponimia galega* fai referencia aos «vários ríos chamados Salado, e, em português Sado» que conterían o elemento prelatino *SAL-* ‘auga, río’ frecuente en hidrónimos da península. Porén, non podemos desbotar a posibilidade de que a presenza dun topónimo *Salado* se deba a un castelanismo, orixinado polo adxectivo *salgado*, que faría referencia a un terreo ou unha auga con alto contido en sales, ou ben a un alcume do propietario que aludise a un carácter gracioso ou chistoso (Eladio Rodríguez: 1958-1961, en *DdD*, s.v.). *Salado* é tamén un apelido, extremadamente raro en Galicia. De feito, só existen dez casos rexistrados, todos eles en Vigo aínda que existe a posibilidade de que sexa unha castelanización do apelido *Salgado*, que si é moito máis frecuente, especialmente no sur de Ourense.

Son dúas coutadas situadas por debaixo da Costa das Cunchadas (O Carballal). A primeira, á man dereita conforme subimos, uns metros máis arriba da Presa Paradeira e a seguinte na parte alta do rego da Fonte do Seixo, uns cen metros máis arriba, antes de chegar á encrucillada da Bouzafría. En realidade, nas escrituras aparece como Paradeira O Salado. *Paradeira* é unha anaptixe de *Pradeira*, topónimo polo que se coñece esta zona de ladeira acoutada. En canto a *Salado*, malia que é certo que a coutada superior é atravesada por un rego (o rego da Fonte do Seixo), o máis probable é que neste caso se deba a un apelido ou alcume de propietario, posto que o lugar situado por riba dela é coñecido como **A do Salado** ou simplemente **O Salado** e sabemos que no Pouso aínda está presente este nome de familia. Non aparece ademais nos documentos antigos o topónimo *Salado*, mentres si o fai «A Pradeira» ou «Pradeiras» tanto no *Catastro de Ensenada* como no *Libro de afanegados*.

► **Sidra, A Fonte da**

Atopámonos probablemente ante un feminino do hipocorístico *Sidro* ou *Cidro*, *Sidre* ou *Cidre*, do nome persoal *Isidro*. *A Sidra* = ‘A de Sidro ou A de Sidre’. Posto que estamos en zona de seseo e non dispoñemos de documentos antigos onde apareza recollido este topónimo tamén se podería pensar que se trata en realidade do topónimo **A Fonte**

da Cidra. Cidra pode referirse a unha especie de cabaza de aspecto raiado en cores branca e verde, empregada para facer o doce coñecido como cabelo de anxo, aínda na nosa cultura apenas era coñecida esta planta medio século atrás. Ou posibilidade é que se referirse ao froito da *cidreira*⁹⁵ (*Citrus medica*), arbusto similar ao limoeiro ou á laranxeira e que se considera o primeiro cítrico coñecido en Europa. Estas *cidras* empréganse normalmente en repostería (a pel) ou con fins medicinais. Pero esta hipótese fitonímica parece pouco probable. En xeral, os topónimos deste tema léxico son derivados en *-eira* ou en *-al* (ou o plural deste en *Cidrás*), polo que a ausencia do sufixo parece raro.

En Baruxáns, A Fonte da Sidra atópase case na estrema coa parroquia de Sárdoma. Entrando pola Costa da Peteta dende A Ponte de Moledo, temos un sendeiro a uns oitenta metros á man dereita que nos leva a ela. É unha fonte moi apreciada, pola lixeireza da súa auga. No *Libro de afanegados* de 1846 aparece un veciño chamado Ysidro Moreira, de Baruxáns, que ten como propiedades «O Pequeno», moi próximo á «Fonte da Sidra» e «A Coutada da Marabilla», que é un dos terreos que, cara ao sur, se atopa por riba dela. Podería tratarse, aínda que non ten por que, do propietario que deu lugar ao topónimo.

► Torto, O Rego do

Do latín *tortus* 'torcido'. Tratándose dun hidrónimo poderíamos pensar nunha referencia ás curvas do seu curso, pero a preposición que antecede a *Torto* fainos pensar que se trata dun alcume, posiblemente orixinado nas acepcións de *torto* como 'falto dun ollo' ou 'eivado'.

Rego que baixaba dende a presa e o lavadouro da Regada entre o Pumar e A Palancha. Isto é, uns vinte metros máis adiante do lavadoiro, cara ao oeste.

► Tuna, A Fonte da

Tuno e *tunante* son denominación que se aplican á persoa que 'anda dun sitio para outro e que comete pequenos furtos ou grandes e engana con habilidade' ou 'que é un pouco desvergonzado e traste e que comete pequenas falcatruadas', ademais, como substantivo, é o

95 *Cidreira* é tamén o nome común da pranta *Melissa officinalis*.

nome polo que se coñece o membro dunha tuna. Asíse que *tuno* facía en orixe referencia a Túnez, ao igual que, por exemplo, xitano o fai a Exipto (*exiptano*). Pode ser que se empregase inicialmente como alcume, por unha motivación que descoñecemos, ou ben que fose orixinalmente o hipocorístico dun nome persoal, por exemplo Saturno, que quedou logo como nome de familia.

Nome polo que era coñecida tamén a Fonte da Monzona, xa que A Tuna tiña campos nesa zona.

► **Urbano, A Coutada do**

Urbano é un nome persoal de varón que ten a súa orixe no latín URBANU ‘relativo á urbe, á cidade//cortés, educado//gracioso, enxeñoso’, pero é tamén apelido, malia que pouco frecuente na nosa terra. De feito, na *Cartografía de apelidos de Galicia* aparecen tan só dezasete casos en Vigo.

Na actualidade é o aparcadoiro de terra empregado polo tanatorio situado en Bembrive na extrema con Cabral. Atopámolo de fronte, un pouco cara á esquerda, ao subir pola rúa da Viña Grande e chegarmos á rotonda en que desemboca a estrada das Plantas. *Urbano* é neste caso nome propio. O veciño ao que fai referencia, propietario desta antiga coutada, érao tamén do serradoiro situado a pouco máis de cen metros cara ao norte, xa en Cabral, nos terreos por detrás de onde agora hai instalada unha gasoleira. Era coñecido como **O Serradoiro do Urbano**. Nesta coutada atopábase **A Presa do Urbano** xa desaparecida, pola parte de arriba do que agora é o antedito aparcadoiro, na extrema coas instalacións da CLH. Alí ían lavarse os soldados do veciño Polvorín, polo que é coñecida tamén como A Presa dos Soldados.

► **Vella, O Campo da**

Do latín VETULA, adxectivo que expresa idade avanzada respecto á considerada normal. Na toponimia pode aparecer acompañando a un substantivo (*As Casas Vellas, A Eira Vella*) ou en solitario (*O Campo da Vella*) se o substantivo inicial (revolta, cachada, chousa etc.) está elidido, polo que é imposible nese caso saber a que fai referencia. Así, podería ter estado modificando o nome propio da propietaria que acabou



perdéndose. *Vello* tamén ten uso como apelido, e como outros tamén admite flexión de xénero (Vello/Vella).

É o terreo onde agora se asenta a segunda casa que atopamos entrando no Camiño da Mina dende Miraflores, á man esquerda.

Recollemos tamén o topónimo **O Cocho da Vella**, do que só puídemos saber que pertence á Chan.

No *Libro de afanegados* aparecen xa varias propiedades, pertencentes en xeral a veciños e veciñas de Xestoso, co nome de «Campo da Vella» e «Campo da Vella o Difunta». Aparecía tamén o topónimo «A Coba da Vella» que non recollemos xa na actualidade. Tampouco conseguimos localizar, aínda que a algunha veciña lle soaba o nome, o «Cabo da Vella» que aparecía no *Catastro de Ensenada* como propiedade dunha veciña de Paio.

► Xaloeira, A Fonte da

Debe de ser un xentilicio derivado do topónimo Xalón. Os derivados con sufixo *-eiro* a partir dun topónimo non son raros na formación de xentilicios (betanceiro, rianxeiro etc.). Que o derivado perda o *-n* da palabra da cal deriva (Xalón) é un fenómeno propio das voces patrimoniais (limón – limoeiro, carbón – carboeiro) e, polo tanto, indicio de que non se trata dun xentilicio de creación recente. Na microtoponimia aparecerá como nome das propiedades de persoas que teñen este xentilicio como alcume.

Situada aos pés do lugar do mesmo nome (A da Xaloeira), que queda na Torre, pero por debaixo do camiño do Toutizo (entre este e a avenida de Madrid) poucos metros máis abaixo da Casa do Balcón. Pertencente, polo tanto, xa á parroquia de Sárdoma, a onde baixan as súas augas (pola Fontaiña). Neste caso *Xaloeira* é o alcume que dá nome ao lugar da súa propiedade e, por extensión, á fonte próxima.

► Xurela, A

Neste caso, o topónimo *A Xurela* parece outro exemplo do uso dun feminino con valor adxectivo relativo a un propietario masculino: *A Xurela* = ‘A do Xurelo’, onde *Xurelo* sería un alcume relacionado co nome do coñecido peixe. Os exemplares adultos, ademais do nome de *xurelo* reciben o de *moscón*, e os pequenos *chincho*.

É o terreo onde foi construída a segunda casa que atopamos á man esquerda entrando polo chamado *Camiño Ceiróns* (Seiróns) dende a rúa da Parrocha, e a que está por debaixo dela. Ademais de aparecer nas escrituras, é un topónimo vivo, coñecido polos veciños de máis idade, que aínda lembran como «ían á Xurela ás uvas». Non aparece o topónimo no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*.

AS CASAS E LUGARES

A Casa do Balcón é a vivenda que marca a estrema da parroquia de Sárdoma con Bembrive no Lameiro, na esquina entre as actuais estrada de Bembrive e o camiño do Toutizo, que a rodea polo sur. O nome procede do grande e vistoso balcón que a casa tiña todo ao redor. Na actualidade, aínda que o balcón xa non existe, o topónimo pervive, transformado tamén no alcume da familia que a habita.

Por riba dela, seguindo a estrema cara ao nacente, tamén na banda de Sárdoma, estaba **A do Merrello**. Parece ser que o home a quen se lle aplicou este alcume, veciño do lugar, era dado a non dicir sempre a verdade, como adoitaba facer un feirante coñecido como *O Merrello*. Polo parecido neste aspecto puxéronlle o mesmo alcuño, que pasou tamén a seu irmán e de aí á súa descendencia. É probable que na súa orixe *merrello* sexa unha alteración de *marrello* ‘marrán, porco’.

A continuación da do Merrello está **A do Cuco**. *Cuco*, aínda que aparece documentado como apelido xa no ano 1258 (*Petrus Cuco*) (Marqués, 2004: 884) é tamén un alcume moi habitual. Adoita facer referencia ás acepcións do adxectivo *cuco* ‘bonito, lindo’ ou ‘astuto, que de todo saca proveito’ (Eladio Rodríguez: 1961, en *DdD*, s.v.). O significado de ‘astuto’ vén do comportamento desta ave para que lle aniñen outros as crías. O nome de *cuco* dado á ave *Cuculus canorus* xurdiu como onomatopeia do seu canto.

A continuación da do Balcón, cara á Pedra, temos, xa na banda de Bembrive, **A do Boi**. Nesta casa había un boi de posto ao que acudían non só a veciñanza de Bembrive senón tamén a de Sárdoma. Un *boi de posto* é un touro semental, definición que recolle Constantino García no *Glosario de voces galegas de hoxe* (*Verba*, anexo 27, 1985, en *DdD* s.v.) co sinónimo *boi de parada*. É unha expresión empregada en gran parte do rural vigués, cando menos nas parroquias de Bembrive, Sárdoma ou Zamáns, onde se fala tamén de *touro de posto*. *Boi* e *touro*

fan referencia ao mesmo animal, só que o termo *boi* se reserva normalmente para referirse aos touros castrados, empregados como animal de tiro, ou tamén aos touros sementais. O número de bois de posto estaba controlado polas autoridades, polo que había moi poucos, o que obrigaba a xente a ter que desprazarse coas vacas a inseminar, e polo tanto en celo, considerables distancias, primeiro camiñando e máis tarde en camións. Así, por exemplo, parte da veciñanza do San Cibrán acudía ao boi de posto de Zamáns. Ter boi de posto era un oficio arriscado, xa que implicaba manexar uns animais que poden sobrepasar a tonelada. De feito, na do Boi, o boi de posto matou o irmán do propietario cando lle ía botar de comer.

Seguindo a liña da estrema con Sárdoma cara ao suroeste, logo de deixar atrás as instalacións da Telefónica, temos **A do Ribeirán**. Indo polo camiño da Costa da Peteta dende Moledo cara ao Lameiro de Sárdoma, logo de pasar A Cavada, no punto onde o camiño se bifurca, A do Ribeirán é o lugar que queda á man dereita, rodeado pola Costa da Peteta polo oeste e noreste, por onde non ten saída. Se tomamos o ramal que baixa cara ao Lameiro teremos, pertencentes xa á veciña parroquia, **A das Marijuelas** á man esquerda e **A dos Romeros** á dereita. *Romero* é un apelido de orixe non galega, ou ben castelanización dun *Romeu* ou *Romeo* orixinario. *Marijuela* é un diminutivo, castelán, do nome feminino *María*, convertido aquí en alcume. Pola súa banda, *Ribeirán* foi tratado xa no apartado anterior.

Volvendo ao Lameiro en Bembrive, uns metros máis adiante da do Boi, a partir aproximadamente da baixada á Fonte da Leiteira, comeza **A das Berechas**, lugar moi grande e cuberto de vexetación de todo tipo, mesmo arbórea, xa que se atopa abandonado, como tamén o está a antiga casa de pedra. A continuación dela, temos unha tira de terreo cunha casa restaurada e habitada que é **O Lugar da Leonor**. Este nome, de etimoloxía escura, chegou a nós a partir do francés coas formas *Leonor* / *Lianor*. Pola súa banda *Berecha* é un alcume (do que descoñecemos a orixe e motivación), como o é tamén *Carrachán*, nome do lugar anterior ao das Berechas, pero da outra man, onde se conserva un canastro, **A Casa do Carrachán**. O alcuño *carrachán* semella un derivado de carracha/carracho; foi aplicado ao pai dun cura de Bembrive. Como outros derivados da mesma raíz (carrapito, etc.) puido empregarse para designar persoas de pouca estatura.

Entrando xa na Pedra temos á man esquerda, a uns sesenta metros, **As do Raxeira**⁹⁶ e case en fronte **O Raro da Rosaca**⁹⁷, onde houbo e aínda hai un bar. Máis adiante, na mesma man, pasando a cafetaría *A Pedra*, temos **A do Seílo**⁹⁸ e a continuación **A do Nogueira**⁹⁹, onde houbo unha escola.

Subindo cara a Segade, temos primeiro, á man esquerda, O Lugar do Ledo (→ Ledo), onde estivo **A Taberna do Manco**, taberna aberta por Claudio Pérez, O Manco¹⁰⁰, alcumado así logo de perder unha man. *Manco* provén do latín *MANCU*, que significa ‘maneto, eivado dunha man’. A taberna, rexentada despois polo seu fillo, xa non existe na actualidade. A continuación está **O Cantinero**¹⁰¹ e, por riba do valado que as separa, e ata o camiño da Fonte do Lago, **A Chadiza**¹⁰². Todo isto á man esquerda. Á man dereita, máis arriba, atopamos **A do Caraxo**¹⁰³ que tiña un alboio coñecido como **A Casa do Liño**, posto que alí se traballaba esta planta (liño, do latín *LINU*) para transformala finalmente en tecido. A súa habitante de máis idade lembraba aínda a presenza alí dos *mazadoiros* (*mazadouros* na fala de Bembrive e en xeral no galego), pedras lisas empregadas para, sobre elas, mazar o liño.

Na parte alta de Segade estaba **A Casa Vella do Ledo** e do outro lado da avenida de Madrid, no ramal cortado da rúa de Recaré temos **A do**

96 *Raxeira*, do latín *RADIARIA* ‘raio do sol’ ou ‘lugar onde dá o sol’.

97 *Raro* é un alcume familiar (*Os Raros*) e contén o adxectivo común *raro* ‘infrecuente ou estraño’. *Rosaca* parece unha forma alterada de *resaca*.

98 *Sello* é alcume de orixe descoñecida, aparentemente non galego pola terminación en *-illo*.

99 Apelido relativamente común de orixe toponímica, procedente do latín *NUCARIA* ‘que dá noces’.

100 O Manco foi un destacado militante libertario da parroquia (→ anexo III).

101 Forma castelá derivada de *cantina* ‘taberna’.

102 Alcume de orixe descoñecida. Entendemos que será *A Achadiza* (con deglutinación do *a-* inicial ao confundilo co artigo), feminino de *achadizo*, que é sinónimo de expósito: un neno abandonado para que o acolla quen o atope. É un derivado do verbo *achar* ‘atopar, encontrar’. Con todo, tamén hai que ter en conta que *achadiço* emprégase en portugués para referirse ao forasteiro que se instala nun lugar, normalmente por casamento.

103 Descoñecemos igualmente a orixe deste alcume. Podería ser un termo usado habitualmente polo primeiro portador. Quizais relacionado con *carallo* e o castelán *carajo*.

Galo, casa matriz dunha familia así alcumada. *Galo*, do latín *GALLU*, é o nome común da coñecida ave de curral *Gallus gallus*, ademais do xeniticio dos antigos habitantes da Galia e por extensión, actualmente, de toda Francia. *Galo* foi tamén un nome persoal de orixe latina (Marqués, 2004: 524) e como alcume emprégase en sentido figurado para aludir a un home fachendoso.

Do outro lado da estrada principal de Recaré, á esquerda do camiño rotulado como Subida ao Penedo, temos **O Lugar dos do Río**, alcume da familia que tivo a súa casa matriz na beira do Río de Xeme, o que explica o sobrenome. Seguindo cara arriba, e unha vez deixado o camiño do Penedo e entrado no de Seiróns, está a uns cincuenta metros á man esquerda **A Casa das da Lousa**¹⁰⁴, lugar que chega por arriba ata o camiño do Castelo, como tamén o fai o lugar que está a continuación, e que abrangue todos os campos a seguir e as casas ata chegar ata a rúa da Parrocha, que é **O Lugar da Peiliña**. Fronte a el, do outro lado da rúa da Parrocha, está **A dos Caralletes** e máis arriba **As Crespas**. *Crespas* é unha forma con flexión de xénero do apelido *Crespo*, formado cun sobrenome que alude a unha característica do cabelo (un cabelo *crespo* é un cabelo rizado e que forma remuíños). *Carallete*, derivado de *carallo*, é un dos nomes da navalla de mar o ou do longueirón. Emprégase como alcume para referirse a mulleres consideradas «pouco femininas». Finalmente, *Peiliña* é un alcume escuro. Podería tratarse dunha alteración do diminutivo de *penla*, ou estar relacionado con *Pei*, hipocorístico de Paio; da expresión *Paio lan* (do latín *LANA*) procede o substantivo *pailán* ‘que ten maneiras rústicas e non se sabe conducir no trato social’.

Subindo pola rúa da Parrocha, deixando atrás a rotonda, estaba á man esquerda a antiga **Casa da Cardadeira** (→ *A Cardadeira*), que neste caso non era un nome de posesor, senón o topónimo do lugar onde estaba situada. A casa xa non existe, como tampouco **A Casa da Pindagha**¹⁰⁵, (*A Pindagha* na fala) que se atopaba no final da rúa, chegando ao punto polo que agora pasa a avenida de Madrid¹⁰⁶.

104 Alcume que contén o substantivo común lousa (< *LAUSA*, prerromano) ‘pedra plana’.

105 Alcume de orixe descoñecida. Pode ser alteración de *A Pinga d’Agua*.

106 Nesta casa dise que estivo agochado un tempo Xosé Humberto Baena, militante do FRAP nativo de Sárdoma que foi un dos cinco últimos fusilados polo franquismo, o 27 de setembro de 1975.

Se desfacemos o camiño e baixamos pola rúa da Parrocha ata chegar a Recaré temos en fronte **A do Quiñones**, antigo bar que compartía nome co de Xestoso. *Quiñones* é un apelido leonés, probablemente relacionado co substantivo común *quiñón*, do latín QUINQUE ‘quinta parte’. Un pouco máis adiante da do Quiñones, en dirección á Mouteira, comeza, a partir do Lavadouro do Inferno, **O Lugar da Checa**, lugar extenso que chega ata a curva anterior á Mouteira. E na propia Mouteira, onde se entra para a Viña Grande, temos **A da Guicha** (pronunciado por suposto como *Ghicha*, con gheda). *Guicha* é un adxectivo (co seu masculino *guicho*) que ten o significado de ‘viva, aguda, esperta’, aínda que tamén o de ‘de pequeno tamaño’. Como substantivo é empregado en Vigo, ademais de para referirse aos gomos da verdura, como sinónimo de *tipo* (*fulano, individuo*). No caso do alcume *Checa* dubidamos que teña relación co xentilicio da república do mesmo nome, nin coas *checas*¹⁰⁷. Probablemente é un hipocorístico dun nome persoal. Como moitos son orixinados en deformacións da pronuncia do nome por falantes infantís, pode ser hipocorístico de calquera nome con e na tónica e -a final.

Seguindo pola Mouteira e collendo o camiño das Amieiras (erroneamente rotulado como *Cemieiras*) chegamos ao final, de fronte á coñecida como **A Casa da Meliña**. Entendemos que *Meliña* é un hipocorístico, posiblemente de Amelia, que sería o nome da muller que sobre os anos cincuenta vivía nesta casa, daquela illada. Por extensión, hai quen coñece o monte das Paias como **O Monte da Meliña**.

Xa no Monte do Calvario, facendo esquina co camiño de Novelos, está **A de Pepa A Roxa**. *Pepa* é un hipocorístico de Xosefa e *Roxa* é un alcume que fai referencia á cor do pelo (→ Roxo).

Baixando a costa cara ao Mosteiro está, á man esquerda, **O Coxo**, a seguir **O Pianico** e **A do Chen** facendo esquina coa Estrada de Bembri-

107 *Checa*, voz procedente do ruso que quere dicir ‘Comisión Extraordinaria’ como medio de combater o perigo involucionista que representaban as antigas forzas da orde. Co tempo variou o seu significado para se referir a un tipo de internamento irregular por motivos políticos. Así como consecuencia do golpe de estado de 1936 e a represión desatada nos concellos de Vigo e Lavadores o termo *checa* acadou un lugar propio entre o vocabulario popular. Así as *checas* habilitadas no antigo convento das *Franciscanas de la Divina Pastora* en Pardavila ou no chalet *Torre Santo Thomé* en Freixeiro. A súa memoria pervive mesmo hoxe como un recordo daqueles anos.



ve. Cruzando a estrada, cara ao Outeiro, temos **A da Foseira** e facendo esquina coa rúa Igrexa **A do González**. Do outro lado da rúa era **A da Sabela Vella**, coñecida despois como **A do Monas** (→ Monas). *Sabela* é un nome persoal feminino hipocorístico de Isabel. *Chen* sería outro hipocorístico, neste caso dun nome masculino, quizais de Inocencio (> Chencho > Chen). *González* é un apelido patronímico de Gonzalo, nome moi común na Idade Media. Nos demais casos estamos ante alcumes dos que descoñecemos a motivación, agás *Coxo*, que é un adxectivo que procede do latín vulgar *coxus* e que se emprega para designar a persoa que, polo motivo que for, ten dificultade para camiñar. *Foseira* podería aplicarse a unha persoa nativa dalgún lugar chamado Foz, como A Foz do Miñor ou o concello de Foz; e *Pianico* quizais teña que ver co uso da expresión *piano, piano* ‘amodo’ ou dalgún xeito co instrumento musical. Nos dous casos etimoloxicamente procedería do latín *PLANU* a través do italiano *piano*.

Un pouco máis abaixo da do Monas, na casa que está a carón do pequeno quiosco de música que hai case fronte á igrexa, atopábase **A Escola do Tombo** (→ O Tombo), onde era mestre don Federico (→ Federico).

Se en lugar de baixar ao Mosteiro, dende A de Pepa a Roxa tomásemos cara a Novelos, atopamos facendo esquina, do outro lado, **A Chuquiña** e a continuación **A do Gato**, que abrangue a curva que fai o camiño de Novelos e a casa seguinte. Nesta casa viviu Jesús Gato Figueiras, presidente no ano 1936 da *Junta del Sindicato Agrario Ganadero de Bembrive*¹⁰⁸ e anteriormente, nos anos 1928 e 1929 vogal da *Sociedad Cultural «Helios»*. Neste lugar houbo tamén boi de posto. *Gato* é un apelido que ten orixe no sobrenome *gato*, termo que procede do latín tardío *CATTUS*, aínda que a súa orixe última resulta aínda incerta. A área de distribución deste apelido concéntrase fundamentalmente na franxa que vai de Vilalba a Ferrol, polo que é moi pouco frecuente en Vigo, onde é compartido só por unhas oitenta persoas. *Chuquiña* parece o diminutivo de *Chuca*, hipocorístico de Francisca ou dalgún outro nome.

Por debaixo, na curva da estrada de Bembrive, non é relevante, era **A da Xuliana** e seguindo polo camiño de Novelos, máis adiante da do

108 Condenado o dezaioito de outubro de 1936 a dezaseis anos de reclusión por un delito de «auxilio a la rebelión militar».

Gato, estremando por nacente co Piñeiro estaba **O Portugués**. Poucos metros máis adiante, pasando o centro de saúde, atopase *A Casa da Cabaleira* (→ Cabaleira), adquirida pola familia que a ocupa, xa con ese nome, no ano 1880.

Volviendo ao Mosteiro, temos ao oeste da Entidade Local Menor, cara á Ferreira, **As Xandavilas**, nome que procede dun antigo posesor *Xan da Vila* que co paso do tempo se foi volviendo opaco e se converteu, unido nunha única palabra, en alcume. No ano 1752 ademais dunha «Ana da Vila» e tres «María Davila», había censados en Bembrive tres «Juan da Vila», un deles veciño precisamente da Ferreira. Hoxe en día *Da Vila* e *Davila* e *Vila* son apelidos moi comúns.

Baixando cara a Eifonso, por debaixo da do **Cuadrado** estaba **A Fuchica**, casa agora abandonada e case en ruínas. *Cuadrado* é un apelido, non galego, posiblemente referido á corpulencia. *Fuchica*, ou *fochica*, aparece no *Diccionario Gallego-Castellano* de Marcial Valladares Núñez (1884) co significado de ‘non saber facer unha cousa ou facela mal’ ou ‘entreterse con cousas de pouca importancia’. *Fochicar*, ou *fuchicar*, é, en todo caso, ‘escarvar na terra’ e, en sentido figurado, ‘manipular cousas que estaban en orde deixándoas revoltas ou en mal estado’ ou ‘facer calquera cousa a medias e sen maña’. Pódese empregar tamén como sinónimo de *foder*.

Do outro lado da estrada, subindo polas Ferreiras á man dereita estaban **A Casa da Severa**, **A Casa de Tía Flora do Cagadepé**, que era a máis vella do lugar e **A do Magaz** (*Maghás* na pronuncia), a máis nova. *Severa* é o feminino do nome persoal Severo, do latino *SEVERUS* ‘serio, grave’. Segundo Abascal, *Severus* era o cognome máis frecuente en Hispania (1994: 508). *Flora* é nome de muller e *Cagadepé* un alcume formado por un verbo máis unha locución adverbial e de significado transparente. Pola súa banda, *Magaz* é un apelido que provén de fóra de Galicia, posiblemente de León, onde existe como topónimo.

Cara ao sur, case no extremo de Quintán está **A do Cabezatorta** e ao oeste, na esquina co camiño dos Pumariños a antiga **Tenda de Tía Dolores**. *Tía* non ten nestes casos o valor de parentesco, senón que está empregado como fórmula de respecto que se aplica, ou aplicaba, ás mulleres de certa idade. *Dolores* é nome de muller de orixe latina e *Cabezatorta* un alcume formado por un substantivo máis adxectivo.

Dende a da Tía Dolores podemos baixar á rotonda de Eifonso, e dende alí, tomar á dereita cara á Fonte das Amieiras. Entraremos entón



na **do Vieira**, xa que o lugar se estendía dende a porta da casa que temos á man esquerda, abranguendo a actual estrada, cara ao nordés, ata o camiño das Ferreiras. Atópase polo tanto dentro deste extenso lugar o colexio do Mosteiro. *Vieira* é un apelido toponímico, con orixe posiblemente en Vieira do Minho (vila portuguesa do distrito de Braga). Por debaixo da do Vieira, na superficie agora ocupada pola avenida de Madrid baixo o paso elevado, era *A do Bica* (→Bica).

Se en lugar de baixar cara á do Vieira na rotonda de Eifonso, seguimos todo recto pola estrada de Bembrive, teremos á man esquerda, pouco antes de chegar á rúa do Cacheno, **A do Grilo** (→ Grilo), e a continuación, na esquina entre as dúas estradas **O Lugar de Tarazona**, nome rexistrado en escrituras. Fronte ao Lugar de Tarazona, **A das Señoritas de Benavides**, lugar en parte ocupado polas instalacións de *Agrovigo*, onde se conserva a antiga casa en estado ruinoso, e saíndo á avenida de Madrid, pegada xa á autovía, está **A Casa da Petana**. *Tarazona* podería facer alusión ao municipio pertencente á provincia de Zaragoza, orixe, quizais, da persoa que viviu antigamente neste lugar. *Benavides* é un apelido, tamén con orixe fóra de Galicia, neste caso en León, onde atopamos o concello de Benavides de Órbigo. A de Benavides era unha das familias máis ricas de Bembrive, con propiedades en gran parte da parroquia. De aí o dito de que o señor de Benavides podía percorrer a parroquia sen saír do seu. Atopamos o apelido *Benavides* no *Libro de afanegados* de 1846, na persoa de «José María Benavides», propietario xa de numerosas terras concentradas fundamentalmente na zona de Baruxáns, O Lameiro, A Parrocha e Segade. Con todo, no *Catastro de Ensenada* (1752) aínda non aparecía rexistrado, do que se deduce que a linaxe se instalou na parroquia a finais do século XVIII ou moi ao inicio do XIX, como fixeron moitos outros da mesma zona de león noutros lugares de Galicia. Na actualidade, máis da metade dos apelidos Benavides existentes en Galicia concéntranse en Vigo. *Petana* podería ser tamén apelido, ou quizais alcume, da parroquia de Petán, na Caniza, ou incluso do lugar de Petán na parroquia de Corzás, Salvaterra de Miño.

Por debaixo da de Benavides, cara ao Cacheno, están **As Palomas**, e se seguimos cara á Xesteira, temos na Raposa, ao final do camiño á man dereita, **Os Rebolóns** (→ Rebolón), lugar que albergaba a casa matriz da familia así alcumada. *Paloma* é un castelanismo; nome persoal feminino difundido pola advocación mariana da Virxe da Paloma.

Trasladándonos á saída do camiño dos Pelames á estrada de Bembrive, temos á man dereita **O Lugar do Blanco** (pouco máis adiante, en Mourelle, atópase a casa matriz da familia). Cruzando a estrada e subindo cara á Cruz polas Cavadiñas, uns metros máis arriba na mesma man, está **A Casa dos Condes** e por riba dela **A da Pitoqueira** ou **A do Pitoqueiro**, lugar que chega ata a encrucillada da Cruz. Malia que este último é un alcuño¹⁰⁹, os dous primeiros son apelidos. *Blanco* é un apelido común en Galicia, máis frecuente na provincia de Ourense, pero que en Vigo é compartido por máis de tres mil persoas. A forma normativa sería *Branco*, e fai referencia á cor da pel, xa que o sobrenome empregado para referirse á mesma cor nos cabelos é *cao*. *Conde* foi analizado anteriormente (→*Conde*). A dos Condes foi posteriormente coñecida como **A do Cusclán** (alcume que parece unha haplloxía de Cucus Clan, forma alterada pola que é coñecida a organización supremacista branca norteamericana *Ku Klux Klan*) ou como A do Pitoqueiro, xa que formou parte do antedito lugar. Hai outra Casa dos Condes na Esparramán, casa matriz da familia así coñecida.

Cruzando o camiño das Cavadiñas dende a da Pitoqueira temos **A do Barbas**, e fronte a ela, **A do Canuto**. *Barbas* é un alcume que facía referencia á longa barba que posuía o home a quen se aplicou, mentres *Canuto* é nome persoal masculino. De feito, foi o nome de varios reis medievais de Suecia e Dinamarca, un deles (Knut IV) canonizado como San Canuto.

Baixando cara ao Outeiro, uns metros máis abaixo da do Canuto, na esquina co camiño das Fandiñas, está **Casa Veiga**, bar centenario (fundado en 1909) que recentemente pechou as súas portas. O substantivo común *veiga*, que xa estudamos anteriormente como topónimo (→ *Veiga*), aparece aquí como apelido, mantendo ademais a súa forma en galego, posto que en moitos casos atopámolo castelanizado como *Vega*.

En Mourelle está **A de Migueliño** e **O Lugar do Blanco**, lugares case paralelos formados pola respectiva casa matriz e o terreo asociado que a estrada de Bembrive dividiu á metade, na altura da pronunciada cur-

109 Posiblemente de *pito cairo*, alcume que se lles aplicaba a persoas enfermizas e de pouco espírito. O segundo elemento do composto é o nome da capital exipcia (*Cairo*) e fai referencia a unha variedade de galiñas tamén chamadas *galiñas mouriscas*.

va anterior á estrema con Beade. Aos pés destes lugares está o muíño coñecido como **O Muíño de Migueliño e Blanco**, situado na marxe esquerda do río de Eifonso, uns douscentos metros augas abaixo do Muíño do Sorrego. Como recollemos anteriormente, *Blanco* é un apelido, mentres Migueliño é na actualidade un alcuño procedente do diminutivo de Miguel, nome de varón procedente do hebreo, de gran difusión por corresponder ao nome dun dos arcanxos da relixión católica e dun dos santos con culto máis antigo en Galicia, dende o ano 714.

Tamén en Mourelle, á man esquerda subindo cara ao Carballal polo actual camiño do Cocho, está **A Casa de Tía Carme A Santa**. *Santa* é un alcume que pode loar a bondade dunha persoa, malia que posiblemente o seu uso máis habitual é o irónico. *Carme* é un nome de muller de orixe hebrea popularizado polo culto á virxe do Carme.

Xa no Carballal temos antes da Cataliña **A da Emérita**, nome persoal, feminino de Emérito, do latín *EMERITUS* ‘soldado que cumpriu o tempo do seu servizo’. A continuación da Cataliña, igualmente na man dereita en dirección á Penseira temos **A da Morena, A do Andaluz, A do Gordo, A do Milcarallos e A do Galo** (→ Galo) e fronte a estas últimas, facendo esquina coa subida ás Cunchadas, **A das Perellas**. Neste repertorio de nomes temos dous alcumes referentes á aparencia física como son *Morena* (relativo á cor da pel ou do cabelo) e *Gordo*, e un que fai alusión á orixe xeográfica, *Andaluz*. En canto aos dous restantes (*Galo* xa foi analizado anteriormente), *Milcarallos* púidose ter aplicado a alguén que empregaba adoito esa expresión e *Perella* sería o feminino de *Perello*, nome derivado de *Pedro* que se emprega para nomear de xeito humorístico o trasno ou o demo.

Baixando cara á Pedrosa están á man esquerda **As do Forte** e no fondo do camiño **A do Cubano e As da Pedrosa ou do Carreiteiro**. Fronte a elas, un pouco máis arriba, **As Pequenas**. *Pequena* e *Forte* (lat. *FORTE*) son alcuños procedentes de adxectivos que no seu momento resaltarían unha característica da persoa á que lle foi atribuído, ou ben apelidos. *Forte* aparece normalmente alterado en *Fortes* e o apelido *Pequeno*, común na nosa zona, no castelán *Pequeño*. *Cubano* é o xentilicio de Cuba, posiblemente empregado como alcume dunha persoa alí emigrada. *As da Pedrosa* fai referencia ao topónimo do lugar onde se atopa a casa. *Carreiteiro* é un alcuño habitualmente derivado de oficio; palabra romance, provinte de *carreto*, empregada para designar os condutores de carros, encargados de transportar diferentes materiais,

dende batume a galdrucho ou pedra, o que fose necesario, dun lugar a outro.

Na Penseira, pasando a fonte á man dereita, está **A de Domingos O Cego**, e por riba del **Os Ferreiros**. Na man contraria, camiño de Cerdeiró **A do Castor** ou **do Zorro**. *Zorro* é un castellanismo por *raposo*, nome do animal carnívoro empregado tamén como adxectivo para cualificar a unha persoa astuta; mentres *Castor* é nome persoal masculino de orixe grega, xa que resulta inverosímil pensar que poida referirse ao castor, desaparecido da Península Ibérica hai uns tres séculos. No topónimo *A de Domingos O Cego* mantense a cadea completa co nome de poseosor mais o alcume. Finalmente, *Os Ferreiros* foi xa analizado nun apartado anterior.

Na Bouzafría atopamos **A do Salado** (→ Salado), na esquina entre o camiño da Bouzafría e seu ramal que enlaza coa Costa das Cunchadas e, por riba, seguindo a Subida da Bouzafría cara ao San Cibrán, **O Lugar dos Caravillas**. Unha *caravilla* é un pecho que consistente nun gancho metálico que encaixa nunha argola ou nunha peza de madeira que serve para fechar portas, ventás, tapas etc. Procede do latín *CLAVICULA*, diminutivo de *CLAVE* ‘chave’, pero descoñecemos a explicación do seu uso como alcume.

Chegando xa ao extremo sur da parroquia, no San Cibrán, temos **A Casa do Tuno** e **A do Vilas**, nomes analizados anteriormente.

Son tamén do San Cibrán **As Beninas**, no final do camiño de Sospalleiros e **A das Cacharelas**, lugar rodeado por nacente e ao sur polo Camiño do Soeiro. *Beninas* é un alcume xerado posiblemente a partir da existencia dun antepasado de nome Benigno, derivado do latín *BENIGNU* ‘favorable, bondadoso’. As Beninas son coñecidas tamén como **As Fasideas**. Este alcume foille posto a un tío da nai das Fasideas vivas hoxe en día chamado Gilito, que tiña costume de responder coa locución facer idea cando lle preguntaban se ía facer unha determinada cousa ou ir a certo lugar («Este domingo vas á feira Gilito? Fagho idea»). *Cacharela* é posiblemente un derivado de *cachada*.

Finalmente, subindo polas Valadiñas, temos **A do Toro**, última casa antes de chegar á Casa de Augas, pertencente antigamente a un home de Mourelle así acumado. Podería estar relacionado co castellanismo *toro* (por touro) ou coa vila zamorana de Toro.

Nos Chans temos **O Lugar de Isabel**, onde se atopa a casa situada xusto antes da curva que nos levará, uns metros máis adiante, á Fonte

da Xabalouca, e uns catrocentos metros máis adiante, na man contraria (á dereita), **As Vicentillas**, estremando co camiño que sobe pola banda sur do colexio da Chan. *Isabel* é un nome feminino de orixe hebrea, difundido a partir de santa Isabel de Portugal, esposa de don Dinís (a ela refírese o nome da rúa da Raíña, en Compostela, por ter visitado a cidade en peregrinación). *Vicentilla* é o feminino dun diminutivo castelán do nome masculino Vicente, unha das formas que tomou, xunto a *Vicenzo*, o nome de orixe latina VINCENTIUS.

No camiño de Paio, na volta da Subida á Chan, están **Os Poréns** ou **As do Porén**, e xa en Paio **As Pitisas**. Descoñecemos a orixe do alcuño *Porén*, vocábulo existente en todo caso na lingua común onde ten o valor conxuntivo de ‘a pesar de’. Aplicado, se callar, a alguén que empregaba esa expresión na fala, o que resultaba insólito para os falantes da zona (se cadra tiña orixe portuguesa). Pola súa banda, *pitisa* é o feminino de *pitís*, adxectivo que ten o significado de ‘pequeno’ (Filgueira Valverde, X. et al.: 1926, en *DdD*, s.v.) ou, como substantivo, ‘cativo, neno que aínda non chega aos sete anos’ (Eladio Rodríguez: 1958-1961, en *DdD*, s.v.). Posiblemente sexa unha adaptación do francés *petit*.

No Pouso temos **A da María Andrea**, primeiro lugar á man dereita entrando dende a estrada das Plantas, e a seguir **O Lugar** e **A da Pedrosa**. *María Andrea* un nome feminino composto, onde o primeiro termo vén do hebreo MARYAM, mentres *Andrea* é o feminino correspondente a *André*, nome de orixe grega. Por debaixo do Lugar, cara ao noroeste, están **As Crencas** (ou **O lugar das Crencas**). *Crenca* aparece recollido no *Diccionario galego-castelán* de Franco Grande (1972, en *DdD*, s.v.) co significado de ‘individuo torpe, pouco desenvolto’. Posiblemente emparentado con *carranca*, *carrancha* ‘que anda coas pernas arqueadas’.

Dirixíndonos ao extremo norte do barrio de Xestoso, pasamos polo **Lugar de Tía Milia Bugarina**, na esquina coa baixada para os Freires e un pouco máis adiante, tamén na man esquerda da estrada de Xestoso, pola das Ferreiras (**A das Ferreiras**). Este último, ao igual que o masculino *Ferreiros* do que xa demos conta no Carballal, son alcuños, fixados como topónimos, que teñen a súa razón de ser no oficio das persoas ás que se lles outorgou. *Milia* é un hipocorístico do nome persoal Emilia, e este do latín *Aemilia* (rexión italiana), mentres *Bugarín* é un apelido que ten a súa orixe na parroquia ponteareá do mesmo nome. De feito, é no concello de Pontearreas onde a frecuencia do apelido *Bugarín* é a máis alta de toda Galicia. O Lugar de Tía Milia Bugarina era un lugar

grande, con lavadoiro propio empregado tamén por algunhas veciñas dos Freires que contaban co permiso da propietaria para ir lavar alí, pero, sobre todo, con moitas árbores, algunhas delas exóticas e gran cantidade de herbas medicinais.

Seguindo pola rúa de Xestoso, logo de pasar a antiga **Taberna do Quiñones**¹¹⁰, atopamos, por debaixo do camiño do Monte Vello, **A do Cea**, lugar extenso que estrema ao noroeste con Peizás e que é coñecido tamén, en concreto os campos que o integran, como **A Regueira do Cea** debido, probablemente, ao rego que os atravesa, continuación da Regueira do Rorigo dende O Muíño do Rorigo ata uns metros antes da Presa dos Ameirales, punto onde se une coa Regueira do Martínez. Cea, é un apelido de orixe toponímica, que puido ter diferentes focos de aparición. En Bembrive temos constancia da súa presenza en 1752 na persoa de «Manuel Antonio Zea», veciño de Larín, tratado co título de «don» no *Catastro de Ensenada*, honra compartida nese documento só con don Gabriel de Castro, o que nos indica que debía ser un individuo con certa relevancia social. De feito, no libro *Bouzas memoria y recuerdo* de Lalo Vázquez Gil atopamos a D. Manuel Antonio de Cea, entre a relación dos xuíces-alcaldes que tivo a vila dende finais do século XVI ata o XX. En concreto, Manuel de Cea ocupou o cargo entre os anos 1759 e 1961 e apúntase que residía en Bembrive polo que podemos supoñer que estamos ante a mesma persoa. Un dos seus fillos, D. Benito de Cea y Avalor, veciño igualmente de Bembrive, foi tamén alcalde uns anos despois, entre 1768 e 1772. Os Cea (Zea) tamén tiveron importancia na historia de Baiona. *Quiñones* é apelido foráneo, seguramente leonés, pois tamén eran Quiñones os implicados no célebre *Paso Honroso*.

Por debaixo da do Cea, uns centos de metros cara ao oeste, no final do camiño de Miraflores cara a Peizás, está **A dos Lagartos**. Ademais de nomear un réptil, *lagarto* pode ter a acepción de home pícaro ou astuto (Eladio Rodríguez: 1958-1961, en *DdD*, s.v.).

110 Esta taberna, situada fronte á subida a Esparramán, fora anteriormente coñecida como *A Taberna do Pajarillo*. Nela, dous veciños da parroquia, José Vila Seijo e Constante Carrera, foron asasinados por un cabo e un soldado de Infantería do Polvorín de Puxeiros. Asemade, feriron a nai do propietario da taberna, Severino Vila. (*El Pueblo Gallego*, 12/12/1934). Un dos mortos, segundo informacións orais, podería ser carboeiro.

Topónimos de difícil clasificación

Recollemos neste apartado os topónimos de orixe ou clasificación dúbidasas.

► Baruxáns

Topónimo de orixe escura. A terminación fai pensar nun derivado co sufixo correspondente ao latín –ANOS ou –ANAS, quizais a partir da mesma raíz hodronímica prerromana VAR– que dá *barcia*, *barxa* e outros. Se en orixe foi unha forma masculina (en –ANOS), podería tratarse dun xentilicio referido aos habitantes, semellante ao topónimo *Esturáns* (do latín medieval *Asturianos*) da parroquia de Coia. Podería ser unha alteración de *Barxáns*, xentilicio derivado dalgún topónimo *Barxa*. En tanto non dispoñamos de documentación máis antiga do topónimo, calquera explicación é só unha hipótese. Un *Baruganes* que se rexistra na documentación medieval de Tui non corresponde a Baruxáns, senón á freguesía portuguesa de Balugães, que aparece noutra documentación da época como *balluganes*, e que malia a aparencia non ten nada que ver con Baruxáns.

É o nome do barrio situado no extremo noroeste da parroquia, na estrema coas veciñas Sárdoma e Beade, e ao que pertencen os lugares do Lameiro, O Toutizo, A Pedra, O Cacheno, A Raposa, A Xesteira e Xeme¹¹¹. No século XVIII era un dos núcleos máis poboados da parroquia, xa que no *Catastro de Ensenada* aparecen como veciñas de Baru-

111 Aínda que no século XVI pertencía ao *Casal de Iñonso*, na actualidade a veciñanza de maior idade considérao parte de Baruxáns.

xáns (escrito tamén como «Barujans» e maioritariamente «Barujanes») doce persoas, tendo en conta que Xeme, A Xesteira e o Lameiro non se incluían nese cómputo.

Coñécense como **Os Baruxáns** ou **Os Campos de Baruxáns** as veigas situadas entre O Muíño Vello e A Raposa de Arriba, na beira do río de Eifonso.

► **Loura, A**

Topónimo de orixe incerta. Podería derivar dun adxectivo latino referente á cor, ou proceder, neste mesmo sentido, dun nome ou sobrenome de posuidor 'A de Louro', ou incluso poderíamos estar ante un hidrotopónimo prerromano cunha raíz *LOR-* que posiblemente tería o significado de 'auga'.

En Baruxáns son as terras de cultivo situadas á man dereita do camiño terreño que vai directo dende O Cacheno á Raposa. Primeiro temos As Pedras e a continuación, ata chegar á Raposa, **A Loura**. Testa ao norte co Rego do Cacheno. Temos no *Catastro de Ensenada* «A Louria», propiedade de Balthasar de Leiros e que con gran probabilidade podería corresponderse coa Loura actual. É raro ese *-ia* cando hoxe se di *Loura*, pero se efectivamente o terreo se chamaba *Louria* ou *Louría*, entón fai máis probable a orixe prerromana.

► **Masturo, O**

Topónimo escuro. Quizais un alcume persoal, acaso aplicado a alguén que pronunciaba (ou lle parecía á xente que pronunciaba) *masturar* por *mesturar*.

Identifica en Mourelle o terreo onde están construídas as dúas últimas vivendas que temos á man dereita da estrada de Bembrive, chegando a Beade, antes da curva de cento oitenta graos que describe no punto onde cruza o río de Eifonso. Estrema ao sur co río de Eifonso ou río de Mourelle, ao norte coa estrada, ao leste co Chouso e ao oeste co Castañal. Podería ser este un topónimo relativamente moderno, xa que non aparece no *Catastro de Ensenada* nin no *Libro de afanegados*.



► Meixiño, O

Diminutivo dunha forma *meixo, que non ten fácil explicación.

Lugar no largo do Carballal onde se atopaba **A Fonte do Meixiño**, xa desaparecida. Esta estaba situada na man esquerda do camiño da Pedrosa, xusto no seu inicio, ao dar a curva para deixar a rúa do Carballal.

► Metidos, Os

Coincide co participio do verbo *meter* 'facer entrar unha cousa nun lugar', derivado do latín MITTERE 'soltar, enviar'. Adóitase empregar este termo, en feminino, (temos o exemplo no topónimo *A Metida da Candea*), para facer referencia aos puntos onde se introducen desvíos nun rego de auga que permiten dirixila cara a un lugar ou outro. Non sabemos se esta é a explicación do topónimo. Tamén podería ser un terreo que se mete respecto á liña trazada por outras propiedades.

Antigas terras de labor, agora desaparecidas baixo o firme da autoestrada do Atlántico, que se atopaban por riba da mina que había onde o antigo taller Barreiro (nave na man dereita, arriba, do camiño da Feira). Isto impide que poidamos deducir da paisaxe a posible motivación do topónimo.

► Millaradas, As

É un topónimo relativamente común en galego pero de orixe e significado escuro. Podería ser un derivado do numeral *mil* (lat. MILLE) ou ben do substantivo *millo* (lat. MILLIU).

Abrangue as casas que hai por debaixo da escola da Chan (ás que se entra polo camiño da Candea) e dende aí todo o terreo de monte (coudadas) cara ao norte e o leste rodeado polo río da Candea. Corresponde, polo tanto, á franxa máis baixa da aba norte do monte do Galleiro, que se precipita sobre o río da Candea. Do outro lado, o terreo vólvese elevar e forma O Crasto de Xestoso. No *Catastro de Ensenada* aparece en varias ocasións, maioritariamente en plural. No *Libro de afanegados* atopámolo escrito sempre con –e– («Milleradas») e as denominacións «o canto de milleradas», «o cocho de milleradas», «pinal de milleradas» e «o castro das milleradas» en referencia ao que agora se coñece como *O Crasto de Xestoso*. Existía tamén o topónimo *A Millaradiña*,

situado na Franxa (no monte do San Cibrán), que non localizamos na actualidade, como tampouco *A Millada*, que é posible que estivese pola zona da Remesiña, topónimo ao que aparece asociado en varias ocasións.

► **Palancha, A**

Podería tratarse da contracción dos termos dun topónimo *Pala Ancha* que faría referencia á presenza dunha *pala* de certa extensión (*ancha* < latín *AMPLA*). *Pala* é unha palabra de orixe prerromana, procedente de **PALLA*, que designa unha pedra plana que sobresa, formando unha pequena cova, e permite acubillarse baixo ela.

Na parroquia localizamos dous terreos con este nome: un en Paio, cuberto agora de carballos, que dá ao camiño do mesmo nome; e outro situado fronte aos Pumares, ao outro lado da rúa de Xestoso. Este estrema ao sur co Rego do Torto que o separa do Pumar e ao oeste co Cochiño. Pola Palancha baixaba auga da presa de Casaldares para regar leiras nas Figueiras, no Piñeiro e dúas na Regada. Atopamos o topónimo, xa coa forma «A Palancha», en dúas ocasións no *Catastro de Ensenada*, como dúas propiedades do mesmo posuidor, Rafael Campos, veciño do Paso e polo menos media ducia de veces no *Libro de afanegados*, sempre como propiedade de veciñas ou veciños de Xestoso, O Pouso ou A Fraga.

► **Remesiña, A**

Topónimo escuro. Talvez contén un diminutivo de *remesa* ‘conxunto de obxectos ou mercadorías que se envían ou reciben dunha vez’ segundo o dicionario da Academia.

É a ladeira arborada, fundamentalmente con piñeiros, e de forte pendente que temos por riba dos Ameales e que dá paso, cara ao leste, á Chan. Esténdese dende A Mandada, ao norte, ata As Casas Vellas, ao sur. O seu pico máis alto é O Coto da Chan, con douscentos trinta e dous metros sobre o nivel do mar. Emprégase maioritariamente o singular *A Remesiña*, aínda que, debido á súa extensión, acolle numerosas coutadas, polo que tamén é frecuente o plural **As Remesiñas**. Aparece no *Catastro de Ensenada* e no *Libro de afanegados* como «Remisiña», e no primeiro caso alternando con «Remiciña». **O Camiño da Remesi-**

ña, camiño terreño no interior das Remesiñas, discorre por debaixo do Coto e sobe cara á rúa da Chan, tramo este último asfaltado. Ao outro lado da estrada continúa como camiño para ir unirse co da Candea.

► **Seiróns**

É tamén topónimo escuro. En Gondomar hai unha aldea Seidóns. Quizais son a mesma cousa; talvez un derivado de *saído*, como sinónimo de eixido (*enxido*). No *Catastro de Ensenada* de Bembrive aparece «Zeidones» «Seidones» e «Seidons» e no *Libro de afanegados* hai un par de «Seirón», pero aparece tamén un veciño con dúas propiedades: «Seirón» e »Seidones». Non hai certeza, polo tanto, de que estes Seirón e Seidones sexan o mesmo, pero como na fala actual é Seiróns, todo indica que a alteración é antiga.

Núcleo de vivendas e campos en Segade, que se atopan por debaixo do camiño chamado de Ceiróns, e que debería ser **O Camiño de Seiróns**, (antes de chegar á praza da Parrocha) ata testar coa Revolta. Esténdense dende a rúa Parrocha ao leste ata a avenida de Madrid por poñente. Nos campos de Seiróns botábase o trigo, e tamén millo, patacas ou centeo. Eran terras secas, que se regaban coa auga procedente da presa cuxa auga viña dunha mina de Puxeiros, auga coa que tamén regaba o Goral de Cabral. **O Penedo de Seiróns** era un penedo de gran tamaño que se desfixo «a tiros», segundo a expresión local, para construír a vivenda que agora ocupa o seu lugar. Estaba situado a uns cincuenta metros do final do camiño de Seiróns, baixando xa pola Subida ao Penedo, á man dereita. É esta unha zona de grandes rochas expostas, polo que hai quen o inclúe xa dentro da zona coñecida como O Penedo onde se atopa, ladeira abaixo, o colexio Montecastelo.

► **Xabalouca, A**

Topónimo escuro, aparentemente un composto cun segundo elemento que sería o adxectivo *louca* ‘tola, demente’. O primeiro posiblemente experimentou alteracións fonéticas que non permiten identificalo. Podería ser un nome persoal feminino (Sabel, Sabela) ou un substantivo común (quizais xouba, onde o ditongo –ou– se vería alterado en –a– por disimilación co outro –ou– da sílaba seguinte). Se a orixe fose unha forma «Xouba louca», a súa presenza na toponimia podería



7 Bibliografía

- ABAD GALLEGO, XOÁN CARLOS (2000): «Morir en Lavadores 1936-1939», «*Glaucopis*» *Boletín do Instituto de Estudos Vigeses*. Vigo, 6, 121-147.
- (2005): *Héroeos o forajidos. “Fuxidos” y guerrilleros antifranquistas en la comarca de Vigo*. Vigo: Instituto de Estudos Vigeses.
- Abascal Palazón, Juan Manuel (1994): «Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania». *Anejos de la antigüedad y cristianismo* II. Murcia, 508.
- Andrés Gallego, José (ed.) (1982): *Historia General de España y América*, vol 16. Madrid: Rialp Ediciones.
- Ares Vázquez, Nicandro (2012, 2013). *Estudos de toponimia galega*, vol. I e II. A Coruña: Real Academia Galega.
- Ávila y la Cueva, Francisco (1852 [1995]): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*, edición facsimilar de Clodio González Pérez. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Barros Justo, Ramiro (2005) (2.ª ed.): *Muíños de río das terras de Pontevedra*. Pontevedra: Servizo de publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Bascuas, Edelmiro (2002): «Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega», *Verba*, anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): «Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia», *Revista Galega de Filoloxía*, 8, 11-56. A Coruña: Universidade da Coruña.
- (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- Caride, Félix (2000). «Os nosos muíños», *A voz do Meco*, 75-78. Vigo: SCDH Helios, Bembrive.
- Carré Alvarellos, Leandro (1928-1931): *Diccionario galego-castelán* (1.^a ed). A Coruña: Lar.
- Carrasco, Lorena e Gonzalo Navaza (2014): *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
- Comesaña Martínez, María Ángela (1995): *O tomo do Hospital e Ermita de Santa María do Camiño de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- Corominas, Joan e José Pascual (1980-1992): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Editorial Gredos.
- Costa, M.; C. Morlac e H. Sainz (eds.) (1997): *Los bosques ibéricos. Una interpretación Geobotánica*. Barcelona: Planeta.
- Couñago, Xosé: *Patrimonio cultural de Vigo* [en liña]. [Ref. do 28 de agosto de 2015]. Dispoñible en: <http://xosecounhago.com>
- Espinosa Rodríguez, José (1949 [2003]): *Tierra de Fragoso: notas para la historia de Vigo y su comarca*. Vigo: Talleres Faro de Vigo. [Vigo: Instituto de Estudios Vigueses (edición facsimilar)].
- Fábregas Valcarce, R. (2003): «Los avatares de una mámoa: fechas C-14 del túmulo 7 de A Mourela (As Pontes, A Coruña)», *Gallaecia*, 22, 63-71.
- Fernández González, Frutos (2007): *Nomes do Ribeiro*. Instituto de Estudios Carballiñeses.
- Ferreira Priegue, Elisa (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, Grupo Marcelo Macías.
- Ferro Ruibal, Xesús (2013): *Informe verbo da haxiotponimia no Nomenclátor de Galicia*, en Curso Toponimia: actuación e interpretación. Universidade de Santiago de Compostela.
- Franco Grande, Xosé Luis (1968): *Diccionario galego-castelán*. Vigo: Galaxia. Dispoñible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
- [(1936-) 1972]: *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego* (2.^a ed). Vigo: Galaxia.

Bibliografía

- García González, Constantino (1985): «Glosario de voces galegas de hoxe», *Verba*, anexo 27, en *DdD*. Disponible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
- García Martínez, Xosé Ramón (2008): *Guía das plantas de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Giráldez Rivero, Xesús (2007): *O antigo concello de Lavadores: unha aproximación histórica*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- González Garcés, Miguel (ed.) (1988): *Historia de La Coruña. Edad Media*. A Coruña: Caixa Galicia, 511.
- Grande Rodríguez, Manuel (2008): «Los castros de la Gallaecia interior: arqueología, poblamiento y sociedad», *Herakleion, revista interdisciplinar de historia y arqueología del Mediterráneo*, 1, 85-119.
- Hermo, Gonzalo (2012): «Toponimia maior da parroquia de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Estudio etimolóxico», *Estudos de Lingüística Galega (2013)*. Santiago de Compostela: USC, 5, 43-67.
- Hidalgo Cuñarro, J. M.; J. M. Rodríguez Sobral e R. Sánchez Bargiela (2000): «A idade medieval: Vigo medieval», *Serie Arqueoloxía Divulgativa - Materiais Didácticos*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 4.
- Iglesias Almeida, Ernesto (2009): *El antiguo obispado de Tui en Portugal*. Noia: Toxosoutos.
- Instituto da Lingua Galega: *Cartografía dos apelidos de Galicia* [en liña]. [Ref. de setembro de 2015]. Disponible en <http://ilg.usc.es/cag/>
- López Pereira, José Eduardo (dir.): *CODOLGA. Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* [en liña]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. [Ref. de setembro de 2015]. Disponible en: <http://corpus.cirp.es/codolga>
- Losada, E.; J. Castro e E. Niño (1992): *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia Servizo de Estudos e Publicacións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.
- Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico.estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar* [en liña]. [Ref. de setembro de 2015]. Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/obra/diccionario-geograficoestadistico-historico-de-espana-y-sus-posesiones-de-ultramar-tomo-1-abaalicante--0/>
- Marey Pérez F. M.; R. Crecente Maseda e V. Rodríguez Vicente (2004): «Claves para comprender los usos del monte en Galicia en el siglo

XX», en *II Simposio Iberoamericano de Gestión y Economía Forestal* [en liña]. Disponible en: http://www.orgaccmm.org/xTEIMAS/TEIM-13_FORESTAL/TEIM_134_UNIVERSIDADE/ALMACEN/teimX-134c.pdf

- Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Miguélez, Cayetano (1805): *Arte de curtir ó instrucción general de curtidos*. Madrid: Imprenta Real.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Morgade Martínez, Xosé Carlos (2003): *As devesas reais da parroquia de Mourente. Aproximación á política forestal do Reino de España en Galicia (séculos XV a XIX)*. Pontevedra: Concello de Pontevedra.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia*. A Coruña: Biblioteca Filolóxica Galega - Instituto Galego da Lingua e Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2007a): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- (2007b): *Topónimos da parroquia de Rebordechán. Rebordechán: a nosa memoria*. Vigo: Asociación Cultural Amistade.
- (2011): *O nome dos lugares: Saiáns*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos e Comunidade de Montes de Saiáns.
- Nombres y apellidos (y su distribución por provincias) [en liña]. Madrid: Instituto Nacional de Estadística (INE). [Ref. de setembro de 2015]. Disponible en: <http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm>
- Nomenclátor de Galicia* [en liña]. [Ref. de setembro de 2015]. Xunta de Galicia. Disponible en: <http://www.xunta.es/nomenclator>
- PARES (Portal de Archivos Españoles)* [en liña]. [Ref. de setembro de 2015]. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Disponible en: <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- Piel, Joseph-Maria (1947a): «As águas na toponimia galego-portuguesa», *Boletim de Filologia*, 8, (4).
- (1947b): «Nomes de “possessores” latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa», *Biblos* 23, (1 e 2).
- (1953-55): Notas de toponimia galega. RPF 6, 1/2, p.51-72.
- (1966): «Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portu-

- giesischen Toponomastik»¹¹² vol. I e II, *Aufsätze zur portu-giesischen Kulturgeschichte* 6, Münster.
- e Kremer, Dieter (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen der Iberischen Halbinsel. Carl Winter Universitätsverlag, Heidelberg.
- Protocolos notariais: Fernán Nieto Código: A-xeral 89-2 Rex 2.5156
Constanza: A-xeral 89-4 Rex 2516.
- Proxecto Toponimia de Galicia* (microtoponimia) (PTG) [en liña]. [Ref. de setembro de 2015]. Xunta de Galicia. Dispoñible en: <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>
- Real Academia Galega (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Rivas Quintas, Eligio (2001): *Frampas, contribución al diccionario gallego* (inédito). Dispoñible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
- Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Editorial Galaxía, 2 vol. Dispoñible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
- Santamarina, Antón (coord.) (2003): *Diccionario de Dicionarios da Lingua Galega (DdD)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [Ref. de setembro de 2015]. Dispoñible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
- (2008): «A pegada relixiosa na toponimia galega» en X. L. Axeitos, E. Grandío Seoane e Ramón Villares (eds.): *A patria enteira: Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. A Coruña: Real Academia Galega.
- (coord.): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)* [en liña]. [Ref. de setembro de 2015]. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>
- Sarmiento, Frei Martín (1754-1758 [1986]): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. Edición de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca.

112 «Sobre os nomes de animais na toponimia hispánica, particularmente portuguesa».

- (1757 [1998, 1999]): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, vol. I e II. Edición e estudo de J. L.: Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Seijas Llerena, Daniel (2005): «Un caso de demografía industrial de principios del siglo XX: las comarcas de Caldas y O Ullán pontevedrés entre los años 1899 y 1921», en *Sesión de demografía empresarial*. Santiago de Compostela: Congreso de Historia Económica.
- Sestay Martínez, Iván (2008): *Toponimia do Val de Fragoso: Coia*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
- (2010): *Toponimia do Val de Fragoso: Lavadores*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
- Sobreira Salgado, Juan (1790) «Vegetables de Galicia», «Retractaciones», «Documentos justificativos de la nomenclatura botánica gallega», en J. L. Pensado Tomé (ed.): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII* (1974). Vigo: Galaxia, pp. 241-267.
- Sponer, Margot (ed.) (1934): «Documentos antiguos de Galicia», *Anuario de l'Oficina Románica de Lingüística i Literatura*, 7, 113-92.
- Valdés, Carlos Manuel e Luis Gil Sánchez (2002): *La expansión del pino en galicia. Hipótesis sobre su autoctonía y permanencia histórica en La transformación histórica del paisaje forestal en Galicia, Tercer Inventario Forestal Nacional* (2.ª ed.). Ministerio de Medio Ambiente, 91-110.
- Varela, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)* [en liña]. [Ref. de setembro de 2015]. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <http://ilg.usc.es/tmilg>
- Vázquez Gil, Lalo (2004): *Bouzas, memoria y recuerdo*. Vigo: Concello de Vigo.

8 índice de topónimos

Abade, A do	271
Abade, A Fonte do	271
Abade, A Presa do	271
Abade, A Regueira do	271
Abade, A Soaxeira do	271
Abade, O Campo do	271
Abade, O Lavadouro do	271
Abade, O Pinal do	271
Abade, Os Campos do	271
Abalde, A Ponte de	283
Abalde, O Muíño de	283
Abalde, O Río de	283
Abeleiral, O	155
Agreira, A	132
Agua, O Rego da	319
Aguafría	21
Aguda, A Pedra	126
Aguda, O Monte da Pedra	126
Ameal Grande, O	156
Ameal Pequeno, O	156
Ameal, O	155
Ameales, Os	155
Ameales, Camiño dos	156
Ameales, O Lavadouro dos	156
Ameales, O Enxido dos	156
Ameales, A Presa dos	156



Ameirales, A Presa dos	156
Ameirales, Os	156
Ameixeiros, As.....	157
Ameixeiros, O Camiño das	157
Amieira, A	157
Amieiras, As	157
Amieiras, A Fonte das	159
Amieiras, A Presa das	159
Amieiras, O Camiño das.....	158
Amieiras, O Lavadouro das.....	158
Amieirais, Camiño dos.....	158
Andaluz, A do	346
Antol, O Río da	21
Aradas, A Fonte das	133
Aradas, A Presa das	133
Aradas, As	133
Aradas, O Camiño das.....	133
Aradas, O Lavadouro das.....	133
Areira, A	88
Areira de Arriba, A.....	88
Areira de Abaixo, A	88
Areiro, A Mina do.....	90
Areiro, O	88
Baile, O	230
Balcón, A Casa do	337
Banés, A Amieira	158
Barato, A Coutada do	305
Barbas, A do.....	345
Bardeiro, O.....	133
Barbón, O.....	284
Barreira, A	70
Baruxáns.....	351
Baruxáns, A Presa de	262
Baruxáns, Os	352
Baruxáns, Os Campos dos	352
Barxa, A.....	46
Barxas, O Río das	47
Barxiña, A.....	47

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Barxiña, O Cachafondo da	48
Benavides, A das Señoritas de.....	218
Beninas, As.....	347
Berechas, A das	338
Besta, A Pedra da.....	95
Bibidouros, Os Mananciais dos	34
Bica, A Canteira do.....	254
Bica, A Costa do	306
Bica, A do.....	305
Bica, A Fonte do	306
Bica, A Serra do.....	306
Bicas, A do	306
Bispo, O	272
Bispo Grande, O.....	272
Bispo Pequeno, O.....	272
Blanco, O Lugar do	345
Blanco, O Muíño de Migueliño e	346
Boi, A do	337
Bouzafría, A.....	159
Bouzafría, A Ponte da	160
Bouzafría, A Presa da.....	160
Bouzafría, O Camiño da	160
Bouzafría, O Lavadouro da.....	160
Bouzafría, O Monte da	160
Bouzafría, O Muíño da	160
Bouzafría, O Río da	160
Branco, O Seixo	104
Bruco, O.....	216
Buche, A do.....	307
Buche, O	306
Bueu, O.....	48
Bufas, As.....	307
Bugarina, A Encrucillada de Tía Milia.....	276
Bugarina, O Lugar de Tía Milia.....	348
Buraca, A.....	79
Buraco, O Muíño do.....	80
Burro, O Lugar da Cerdeira do.....	217
Burro, O Muíño do	216



Cabalaria, A Pedra	94
Cabaleira, O Campo da Casa da	307
Cabaleira, A Casa da	308
Cabazo, O	160
Cabazo, A Presa do	161
Cabezatorta, A do	343
Cabral, O Campo de	308
Cachada, A	128
Cacharelas, A das	128
Cacheno, A Fonte do	110
Cacheno, A Rúa do	110
Cacheno, O	110
Cacheno, O Cristo do	110
Cacheno, O Rego do	111
Cachola, A	63
Caçadepé, A Casa de Tía Flora do	343
Cagallas, A Pedra das	99
Cal, O Camiño da	51
Cal, O Lugar da	50
Calderón, A Serra do	308
Calderón, O Cocho	308
Calvario, O	273
Calvario, O Monte do	273
Camiño <i>Cemieira</i>	157
Campanas do <i>Naciente</i>	113
Campanas, As	113
Campaneiro, O Camiño do	274
Campaceiras, As	134
Campiño, O	134
Campo da Eira, O	145
Campo de Xunta á Presa, O	58
Campos da Fonte, Os	36
Campo da Porta, A Presa do	249
Campo da Porta, O	249
Campo da Presa, O	58
Campo das Cebolas, O	169
Campo das Cebolas de Abaixo, O	169
Campo das Cebolas de Arriba, O	169

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Campo das Maceiras, O	188
Campo de Riba da Casa, O.....	233
Campo de Xunta á Presa, O.....	58
Campo do Balón, O.....	135
Campo do Medio, O.....	26
Campo do Muíño, O	263
Campo Grande, O	135
Campo Negro, O	136
Canas, A Escola das	161
Canas, As.....	161
Canas, O Camiño das	161
Cancela, A.....	136
Candea, A.....	162
Candea, A Metida da	162
Candea, O Camiño da	162
Candea, O Lavadouro da.....	162
Candea, O Río da	162
Candea Grande	38
Candea Mina	38
Candea Mina Trasera.....	39
Canexa, A.....	51
Canexa, A Fonte da	53
Canexa, O Camiño da	53
Cano, A Fonte do.....	144
Canónigo, O.....	274
Canteira, A	254
Canteira, O Camiño da.....	254
Canteira do Bica, A.....	25
Canteira do Jo, A	254
Cantinerio, O.....	339
Cantón, O.....	114
Cantóns, Os.....	114
Canuda, O Camiño da.....	163
Canuto, A do	345
Cañoteira Grande, A.....	163
Cañoteira Pequena, A	163
Cañoteira, A	163
Cañoteira, A Presa	163



Cañoteria Pequena, A	163
Capela, A Fonte da	202
Capela do San Cibrán, A.....	281
<i>Capilla</i> , Os Tobales da	221
Caralletes, A dos.....	340
Caranquexo	217
Caranquexo Pequeno, O	217
Caravillas, O Lugar dos.....	347
Caraxo, A do	185
Carballal, O.....	164
Carboeira, A	255
Carboeiras, As	255
Carboeiros, Os.....	255
Carboeiros, O Camiño dos	255
Cardadeira, A	164
Cardadeira, A Casa da	164
Cardadeira, O Camiño da.....	165
Cardal, A Presa do	165
Cardal, O.....	165
Cardal, O Camiño do	165
Carpizo, A Fonte do.....	166
Carracha, A	166
Carrachán, A Casa do	338
Carreiro, A Amieira do.....	158
Carreiro, O	243
Carreiros, Os	243
Carreteiro, As do.....	246
Carrexona, A	256
Carriza, O Muíño do	309
Casa Veiga.....	345
Casaldares	284
Casaldares, A Presa de.....	285
Casas Vellas, As.....	233
Casas Vellas, O Camiño das	233
Cascarrañota, A Costa da.....	167
Castañal, O.....	166
Castelo, Baixada ao	89
Castelo, O	235

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Castiñeira, A	167
Castiñeira, A Fonte da.....	168
Castiñeira, A Presa da	167
Castiñeira, O Lavadouro da	168
Castiñeira, O Poulo da.....	167
Castiñeira Grande, A	167
Castiñeira Pequena, A.....	167
Castiñeiro, A Coutada do.....	169
Castiñeiro, O	168
Castiñeiro, O Penedo do.....	103
Castor , A do.....	347
Cataliña, A.....	285
Cavada, A.....	128
Cavadiña, A.....	129
Cavadiñas, As	129
Cavadiñas, O Camiño das	129
Cavadiñas, A Fonte das.....	129
Cavadiñas, A Presa das	129
Cea, A do	103
Cea, A Regueira do.....	321
Centeeira, A.....	169
Cercado, O.....	137
Cercados, Os	137
Cercados, A Presa dos	137
Cerdeira, A Presa da	171
Cerdeira, A Presa do Pé da	171
Cerdeira, O Pé da	170
Cerdeiras, As	170
Cerdeiras, O Camiño das.....	170
Cerdeiras Grandes, As	170
Cerdeiras Pequenas, As.....	170
Cerdeiró	172
Cerdeiró, A Fonte de.....	172
Cerdeiró, A Presa de	172
Cerdeiró, O Camiño de	172
Cerdeiró, O Campo de	172
Cerdeiró, O Lavadouro de	172
Cerqueira, A	172



Cerqueiras, As	172
Chadiza, A.....	339
Chadiza, A Fonte da	42
Chadiza, A Presa da.....	42
Chadiza, O Camiño da	42
Champintel, As Minas de.....	309
Champintiel, As Minas de.....	309
Champinter, As Minas de.....	309
Chan, A	77
Chan, A Coutada da	78
Chan, A Escola da.....	78
Chan, A Fonte da.....	78
Chan, A Ponte da.....	196
Chan, O Coto da	354
Chan da Cruz, A.....	245
Chan da Eira	146
Chan da Eira, O	146
Chan da Lagoa, O.....	44
Chan do Monte Alto, A.....	126
Chan do Picouto, A	68
Chaniques, O Campo dos.....	309
Chans, A Coutada dos	79
Chans, Os.....	78
Chans, Os Campos dos.....	79
Chans de Abaixo, Os	79
Chantada, A.....	137
Chapello, O.....	310
Chapello, A Presa do	310
Checa, O Lugar da.....	341
Chen, A do	341
Chirigota, A	310
Chousa	139
Chouso, A Coutada do.....	138
Chouso, O	138
Chouso, O Camiño do.....	138
Chuquete, O Lugar do	311
Chuquiña, A	342
Camiño da Feira, O	257



●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Cobradas, As	73
Cochelos, Os	139
Cochiño, O.....	139
Cocho, O.....	140
Cocho, O Camiño do	142
Cocho, Os	141
Cocho da Fonte, O	294
Cocho da Fonte, A Presa do.....	36
Cocho da Fonte, O Muíño do.....	294
Cocho do Muíño, A Presa do.....	264
Cocho do Muíño, O	263
Cocho do Muíño, O Camiño do	264
Cocho do Muíño, O Rego do.....	263
Cochos do Muíño, Os.....	264
Cocho Grande, O	136
Cocho Longo, O	141
Cocho Orxeira, O.....	211
Cocho Pasal, O.....	142
Cocho Pequeno, O	142
Cocho Regueiro, O.....	27
Coello, A Presa do	218
Coello, O.....	218
Culebras, O Campo das.....	219
Conde, A <i>Finca</i> do.....	311
Condes, A Casa dos	345
Consuelito, O Lugar da.....	312
Corcovas, As.....	62
Cordón, O	114
Corredoura, A.....	243
Corticeiro, A Coutada do	173
Cortiñelo, O	143
Cortiñelo, O Lavadouro do	143
Cortizo, O	173
Costa, A.....	71
Costas, As	71
Costa, O Camiño da	72
Costal, O	72
Costas, As	71



Costas, O Camiño das	72
Costeira, A.....	73
Costeiras, As.....	73
Costeira de Abaixo, A.....	71
Costeira de Arriba, A	71
Cotarel, O.....	63
Coto, O	64
Coutada, A	127
Coutada de Abaixo, A.....	127
Coutada de Arriba, A	127
Coutada de Xunta á Presa, A.....	58
Coutada Grande, A.....	127
Coutada Longa, A.....	127
Coutada do Muíño, A	164
Cova, A	81
Cova, A Fonte da	82
Cova, A Presa da	82
Covas, As.....	81
Cova, O Camiño da.....	82
Cova, O Muíño da.....	82
Cova, O Cocho da.....	82
Cova, O Río da.....	82
Covelo, As Presas do	83
Covelo, O.....	83
Coxo, O.....	341
Crasto, O	236
Crasto Alto, O.....	237
Crasto da Mina, O	237
Crasto de Abaixo, O	237
Crasto de Arriba, O.....	237
Crasto do Medio, O	237
Crebadas, A Presa das.....	74
Crebadas, As.....	73
Crebadas, As Coutadas das	73
Crebadas, O Camiño das	73
Crebadas, O Muíño das	74
Crego, O.....	274
Crencas, As.....	348

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Crencas, O Lugar das.....	348
Crespas, As	340
Cristino, O Muíño do.....	312
Cristo do Cacheno, O	110
Cruceiro, O	246
Coruxeira, A	218
Coruxeiro, O Muíño do	219
Cruz, A	244
Cruz, A Volta da	246
Cruz, A Rúa da	245
Cruz, O Camiño da	245
Cruz de Ferro, A	245
Cruz do Outeiro, A Fonte da.....	245
Cruz de Pedra, A	90
Cu da Viña, O	212
Cuadrado, A do	343
Cubano, A do	346
Cubano, O Campo do	27
Cuco, A do	337
Cuco, A Parrovella do.....	192
Cunchadas, A Costa das	84
Cunchadas, As.....	84
Cunchadas, O Camiño das	84
Cunchadas, As Presas das	84
Cura, A <i>Finca</i> do.....	271
Cura, Os Campos do	271
Cusclán, A do	345
Demo, O Monte do	312
Demo, O Penedo do.....	313
Detrás das Casas.....	232
Devesa, A	143
Devesa, A Fonte da.....	144
Devesa, O Camiño da	144
Devesa Grande, A	144
Devesiña, A	145
Dios, O Pinal do.....	313
Dolores, A Tenda de Tía	343
Domingos O Cego, A de.....	347



Domingos, A Mina de.....	314
Don Federico, O <i>Pinal</i> de	315
Don Nicolás, A <i>Finca</i> de.....	325
Don Nicolás, O <i>Pinal</i> de.....	325
Eido, O Campo do.....	145
Eido, O Camiño do Campo do.....	145
Eifonso.....	286
Eifonso, O Camiño de.....	287
Eifonso, O Campo de.....	288
Eifonso, A Ponte de.....	287
Eifonso, O Lavadouro de	287
Eifonso, O Muíño de.....	288
Eifonso, O Río de.....	287
Eira, O Camiño dos Campos da	146
Eira, O Campo da	145
Eira, Os Campos da	145
Eira, O Chan da	146
Eira Vella, A.....	146
Emérita, A da	346
Encrucillada, A	246
Enxido, O	146
Enxido de Abaixo, O	147
Enxido de Arriba, O.....	147
Enxido dos Ameales, O.....	156
Escochaina	147
Espalleiros, Os	206
Espantademos.....	315
Esparramán.....	174
Esparramán, A Presa de	174
Esparramán, O Camiño de.....	174
Esparramán, Os Campos de	174
Espedrás	91
Espedrás, As.....	91
Espiñeira , A	175
Esquinas, As.....	115
Esquinas, O Camiño das	115
Esquinas, O Cocho das Tres.....	115
Estada, A.....	257

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Estrada, A	247
Estrada, O Camiño da	247
Estripeiral, A Presa do	175
Estripeiral, O	175
Estripeiriño, O	176
Estripeiro, O	176
Estripeiro, O Camiño do	176
Falcoeira, A	219
Fame, A	106
Fame, A Fonte da	107
Fame, A Presa da	107
Fame, O Camiño da	106
Fame, O Lavadouro da	107
Fanada, A	115
Fanada, O Camiño da	115
Fandiña, A	288
Fandiñas, As	288
Fandiña, O Camiño da	288
Farruca, A Verdella da	109
Fasideas, As	347
Feira, O Camiño da	257
Fenal, O	176
Ferrancha, A	259
Ferreiras, As	258
Ferreiras, A das	348
Ferreiras, O Camiño das	258
Ferreiro, Os Campos do	258
Ferreiros, O Lugar dos	258
Ferreiros, Os	347
Ferrolana, A	316
Figueira, A	177
Figueiras, A Presa das	178
Figueiras, As	177
Figueiras Pequenas, As	178
Figueiriña, A	178
Filaboa, A	289
Fionde	289
Fionde, A Fonte de	289

Fionde, O Camiño de	289
Fionde, O Lavadouro de	289
Folón, O	259
Folón, Os Poulos do	259
Fondo, O Camiño	121
Fontaiña, A	35
Fonte, A	36
Fonte Fría, O Camiño da	107
Fonte Fría, O Campo da	107
Fonte Santa, A	282
Fonte Seca, A	108
Fonte Seca, A Presa da	108
Fonte Seca, O Camiño da	108
Fonte Seca de Abaixo, A	108
Fonte Seca de Arriba, A	108
Fontiña, A	38
Fontiña, A Presa da	38
Forneira, A Maceira	187
Forte, As do	346
Foseira, A da	342
Fourón, O	221
Fraga, A	74
Fraga, As Casas Vellas da	74
Fraga, As Presas da	76
Fraga, O Chan da	76
Fraga, Os Poulos da	76
Fragata, A	77
Franxa, A	116
Freires, A Fonte dos	276
Freires, A Reitoral dos	280
Freires, O Camiño dos	276
Freires, O Lavadouro dos	276
Freires, Os	275
Freires de Abaixo, O Camiño dos	276
Freires de Abaixo, Os	276
Freires de Arriba, O Camiño dos	276
Freires de Arriba, Os	276
Fría, A	107

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Fuchica, A	343
Fufú, O Muíño do	332
Galiña, A Coutada da	220
Galleiro de Abaixo, A Presa do	180
Galleiro de Arriba, A Presa do	180
Galleiro, O Camiño do	180
Galleiro, A Coutada do	180
Galleiro, O	178
Galleiro, As Presas do	180
Galo, A do	249
Gancho, O	116
Gancho, O Pozo do	117
Garabulla, A	181
Garabulla, O Camiño da	181
Garambelos	182
Garnacha, A	182
Garrido, O	316
Gato, A do	342
Goa do Monte, A	350
González, A do	342
Gordo, A do	346
Grilo, A Coutada do	316
Grilo, A do	344
Guicha, A da	341
Guieiro, O	247
Herdadiña, A	148
Horta, A	148
Inferno, A Fonte do	85
Inferno, O Lavadouro do	86
Isabel, O Lugar de	347
Jesusa, A Fonte da	318
Jo, A Canteira do	254
José María, O Campo do	317
José María, O Muíño do	318
Juanito, A Lagoa de	318
Julio, O do	319
Julio, O Campo do	319
Julio, Os Campos do	319



Lagares	40
Lagartos, A dos	349
Lago, A Fonte do	42
Lago, A Presa do.....	42
Lago, O	41
Lago, O Camiño do	42
Lago, O Camiño da Fonte do.....	42
Lagoa, A	43
Lagoa, O Chan da.....	44
Lagoa, O Pochanco da	117
Lagoa, O Regato da	44
Lagoas, As	43
Lagoas Altas, As.....	44
Lagos, Os.....	41
Lameiro, O	48
Laranxeiro, O	182
Laranxo, O	183
Larín	290
Larín, A Presa de.....	290
Larín, O Lavadouro de.....	290
Lata, A	184
Latas, As	184
Lavadouro, O	53
Ledo, A Casa Vella do	320
Ledo, A do.....	319
Ledo, A Fonte do	320
Ledo, O Lugar do.....	320
Ledo, A Presa do.....	320
Leira, A.....	148
Leiras, As	149
Leira Longa, A	149
Leiras, A Presa das	149
Leiteira, A Fonte da.....	261
Leonor, O Lugar da.....	338
Lindrín, A Parrovella do.....	192
Liño, A Casa do	184
Lodeiro, O	49
Lodeiros, Os	50

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Lombo, Os Campos do	64
Loura, A.....	352
Loureira de Abaixo, A.....	186
Loureira de Arriba, A.....	186
Loureira, A.....	185
Loureira, O Camiño da	186
Loureiro, O.....	187
Loureiro, O Camiño do.....	187
Lousa, A Casa das da	340
Luciano, A Costa do	71
Ludeiro, O	50
Ludeiros, Os	50
Lugar de Abaixo, O	215
Lugar de Arriba, O.....	215
Lugar dos Ferreiros, O	258
Maceira Forneira, A.....	187
Madorra, O Coto da	237
Magaz, A do	343
Manaciais dos Bibidouros, Os	34
Manco, A Taberna do	339
Mandada, A.....	261
Mandín.....	290
Mandín, O.....	291
Manguelas, As	117
Mañoso, O	320
Marabilla, A.....	121
Mariña, A	320
Maremigués, A	291
María Andrea, A da	348
<i>Marijuelas</i> , A das	338
Marqués, A Costa do	321
Martaraño, A Pedra do.....	99
Martaraño, O.....	220
Martínez, A Regueira do	321
Marzo, O Serradoiro do.....	322
Masturo, O	352
Matías, O Muíño do	118
Mazadouros, Os	185



Médicos, O Campo dos	322
Meixiño, O	353
Meixiño, A Fonte do	353
Meliña, A Casa da	341
Meliña, O Monte da	341
Menores, O Lugar dos	322
Merrecho, A Raposa do	224
Merrello, A do	337
Metida da Candea, A	162
Metidos, Os	353
Mica, O Cocho da	322
Migueliño, A de	345
Migueliño e Blanco, O Muíño de	350
Milcarallos, A do	346
Millaradas, As	353
Mina, A	38
Mina, A <i>Finca</i> da	39
Mina, A Fonte da	40
Mina, A Presa da	40
Mina, Candea	38
Mina, O Camiño da	39
Mina, O Campo da	39
Mina, O Crasto da	39
Mina, O Pozo da	38
Mineiriñas, As	40
Miñeiriñas, As	40
Miraflores	122
Miraflores, O Camiño de	122
Miragaia, A	123
Miragaia, O Camiño da	123
Monas, A do	342
Monas, A Escola do	323
Monas, A <i>Finca</i> do	323
Monas, A Taberna do	323
Monas, A Presa do	323
Monte, A Goa do	350
Monte, O Camiño do	126
Monte, O Pinal do	126

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Monte Alto, O	125
Monte Redondo, O.....	121
Monte Vello, A Coutada do	126
Monte Vello, O.....	126
Montevideo, O	323
Monzona, A Fonte da	323
Morena, A da.....	346
Mosquitos, O Coto dos	222
Mosteiro, O	277
Moura, A Pedra da.....	96
Mourelle.....	292
Mourelle, A Baixada a	293
Mourelle, O Río de.....	293
Mouros, A Pedra dos	100
Mouteira, A	65
Moxón do Ouro, O.....	102
Muíño, O Rego do Cocho do.....	263
Muíño Novo, O.....	117
Muíño Vello, A Presa do.....	225
Muíño Vello, O	262
Muíños Vellos, O.....	262
Muíño Vello de Arriba, O.....	262
Muíño Vello Pequeno, O.....	262
Muxo, A Ponte do.....	325
Muxo, O.....	324
Muxo, O Camiño do.....	324
Muxo, Os Campos do.....	324
Muxo, Os Muíños do.....	324
Nabal Vello, O	188
Naciente, Campanas do.....	113
Naranxo, As Escaleiras do.....	183
Naranxo, O	183
Nogueira, A.....	189
Nogueira, A do.....	339
Nogueiras, As	189
Novelos	118
Novelos, A Fonte de	118
Novelos, O Camiño de	118



Oeste, Lugar do	118
Orxeira, O Cocho	211
Ouro, O <i>Moxón</i> do	102
Ouro, O Penedo do	102
Outeiriño, O Muíño do	65
Outeiro, O Muíño do	66
Outeiro, O	66
Outeiro, O Río do	67
Outerio, A Fonte da Cruz do	245
Outón, O	67
Pachín, O	325
Pachín, As Presas do	326
Paio	293
Paio de Abaixo, O Muíño de	293
Paio de Arriba, O Muíño de	293
Paio, Os Muíños de	293
Paio, O Río de	293
Palancha, A	354
Paías, As	294
Paías Grandes, As	294
Paías Pequenas, As	294
Palomas, As	344
Panxón, O	326
Paradeira, A Presa da	151
Paradeira O Salado	333
Pardiñeiras, As	234
Pardiñeiro Pequeno, O	234
Pardiñeiros, Os	234
Parrachón, O	189
Parrocha, A	190
Parrovella, A	191
Parrovella, As	192
Parrovella, Os Cochos da	192
Parrovella de Abaixo, A Presa da	192
Parrovella de Arriba, A Presa da	192
Parrovella Longa, A	192
Parrovella Pequena, A	192
Parrovella, As Presas das	192

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Partillas, A Fonte das	179
Pasal, O Cocho.....	142
Pascua, A Barreira da.....	106
Pascua, A Xabreira da.....	105
Paso, O.....	248
Patana, A Coutada da	326
Patiños, O Muíño dos	326
Pavero, A Fonte do	327
Pavero, O Campo do	327
Pazo, O	248
Pazo, O Camiño do	249
Pecha, O Lugar da	350
Pedra Aguda, A.....	126
Pedra Aguda, O Monte da	126
Pedra Cabalaria, A.....	94
Pedra da Besta, A.....	95
Pedra da Moura, A.....	96
Pedra da Raposa, A.....	97
Pedra das Cagallas, A	99
Pedra do Martaraño, A.....	99
Pedra do Sal, A.....	99
Pedra dos Mouros, A	100
Pedra, A.....	90
Pedrás, A Presa das.....	91
Pedras, A Regada das.....	90
Pedras, As.....	90
Pedrás, As.....	90
Pedrás, O Camiño das	91
Pedras Penizas, As	100
Pedrases, As.....	91
Pedreira, A.....	91
Pedreira de Abaixo, A.....	91
Pedreira de Arriba, A	91
Pedriñas, As.....	92
Pedrosa, A da	93
Pedrosa, O Camiño da.....	93
Pedrosa, A Costa da.....	93
Pedrosa, A Fonte da.....	93



Pedrosa, O Monte da	93
Pedrosa, O Muíño da.....	93
Pedrosa, A Ponte da.....	93
Pedrosa, A Presa da	93
Pedrosa, O Río da.....	93
Peiliña, O Lugar da.....	340
Peirado, O	53
Peirao, O	53
Peixebonito, A Coutada do	327
Peixebonito, A do	327
Peizás	193
Peizás, A Presa de.....	193
Peizás, O Camiño de	193
Pelames, O Camiño dos	265
Pelames, Os.....	265
Pelames, O Río dos	265
Penas	101
Penas, A de.....	101
Penedo, O	102
Penedo de Arriba, O	103
Peneirosa, A	194
Penisas, As Pedras das	101
Penisas, O Pé das	101
Penceira, A	194
Penceira, A Fonte da.....	194
Penceira, A Presa da	194
Pepa a Roxa, A de	341
Pequenas, As	346
Pequeno, O	119
Pereiriña, A.....	196
Pereiriñas, As.....	197
Perellas, A das	346
Pesete, A Coutada do.....	328
Pesete, O	328
Petana, A Casa da.....	344
Peteta, A Costa da.....	328
Pexega, A	349
Pexega, A Fonte da	349

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Pianico, O	341
Picaraña	179
Picouto, A Chan do	68
Picouto, O	68
Pieiras, O Muíño dos	328
Pígorros, A dos Pígorros	329
<i>Pinal</i> do Monte, O	126
<i>Pinal</i> , O	198
<i>Pindagha</i> , A Casa da	340
Piñeiro, As Escaleiras do	200
Piñeiro, O	198
Piñeiro, O Camiño do	199
Piñeirós	200
Pitisas, As	348
Pitoqueira, A da	345
Pitoqueiro, A do	345
Polón, O	151
Polvorín, O	89
Pomar, O	200
Pomba, A	222
Pombal, O	223
Pombal, O Camiño do	223
Pombal de Abaixo, O	223
Pombal de Arriba, O	223
Pompeán	294
Ponte, A	54
Ponte, O Río da	55
Ponte das Pereiras, A	55
Pontecela, O Rego de	55
Popó, A Volta do	329
Porén, As do	348
Poréns, Os	348
Porta, A Presa do Campo da	249
Porta, O Campo da	249
Porta, Os Campos da	249
Portela, O Muíño da	250
Portugués, O	342
Portugueses, Os	330



Poulo, O.....	149
Poulo Verde, O.....	109
Poulos, Os.....	151
Poulos do Muíño, Os.....	264
Pousa, A.....	250
Pouso, A Presa do.....	252
Pouso, O.....	251
Pouso, O Camiño do.....	251
Pouso, O Muíño do.....	251
Pozo Castiñeira, O.....	168
Pozos.....	45
Pradeira, A.....	151
Pradeira, A Presa da.....	151
Pradeira de Arriba, A Presa da.....	151
Pereira, A.....	195
Pereira, O Cocho da.....	196
Pereiras, A Ponte das.....	196
Pereira, A Presa da.....	195
Pereiras, O Camiño das.....	196
Pereiro, A Presa do.....	198
Pereiro, O.....	197
Pereiro, O Camiño do.....	197
Pereiros, Os.....	197
Presa Paradeira, A.....	58
Puga de Arriba, O Camiño da.....	296
Puga, A.....	295
Puga, O Camiño da.....	296
Puga, A Presa da.....	296
Pumar, O.....	200
Pumar, A Fonte do.....	200
Pumar, A Presa do.....	200
Pumares, Os.....	200
Pumariño, O Pozo do.....	200
Pumariños, Os.....	201
Quintán.....	235
Quebradas, As.....	73
Querbadas, As.....	73
Quiñones, A do.....	341

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Quirincosta, A	252
Quiringosta, A	252
Quiringostas, As	253
Rabada, A.....	119
Rabelo, O	119
Raíña, A.....	265
Raíña, A Fonte da	266
Raíña, A Presa da.....	266
Raíña, O Pozo da	266
Raíña, Os Campo da.....	266
Ramallal, O	201
Ramallal de Abaixo, O	202
Ramallal de Arriba, O.....	202
Ramallales, Os.....	202
Ramallos, A Fonte dos	202
Ramallos, Os	201
Rapadouro de Arriba, O	202
Rapadouro de Abaixo, O	203
Rapadouros, O Camiño dos.....	203
Rapadouros, Os	203
Rapadouro de Arriba, O Camiño do	203
Raposa, A	224
Raposa, A Costa da.....	224
Raposa, A Presa da	225
Raposa, O Camiño da.....	224
Raposa, O Rego da	224
Raposa, Os Campos da.....	224
Raposa de Abaixo, A	224
Raposa de Arriba, A.....	224
Raposa do Merrecho, A	224
Raposa Grande, A.....	224
Raposa Pequena, A.....	224
Raro da Rosaca, O.....	389
Raxeira, As do	339
Rebolón, A Presa do	330
Rebolón, O Camiño do.....	330
Rebolóns, Os	344
Recaré	296



Recaré, A Fonte de	320
Redondín, O	121
Redondo, O	120
Redondo, O Camiño do	121
Redondos, Os	120
Rega, A	24
Regada, A	23
Regada, O Lavadouro da	23
Regada, A Ponte da	196
Regada, A Presa da	23
Regada das Pedras, A	23
Regada Grande, A	23
Regadiña, A	23
Rego, O	24
Regueira, A	25
Regueiriña, A	26
Regueiriña, O Camiño da	26
Regueiriña, A Presa da	26
Regueiriños	26
Regueiriños, A Fonte de	26
Regueiriños, A Presa de	26
Regueiro, O	27
Regueiro, O Cocho	27
Rei, A Devesa do	266
Rei, O Paso do	268
Rei, O Pinal do	268
Reiriz	298
Reiriz, O Camiño de	298
Reitoral, A	280
Remesiña, A	354
Remesiñas, As	354
Remesiña, O Camiño da	354
Renca, Os Campos da	330
Revolta, A	130
Revolta, A Fonte da	130
Revolta, O Lavadouro da	130
Rial, O	27
Rial, Os Campos de	28

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Ribeira, A	28
Ribeiras, As.....	28
Ribeira, O Camiño da.....	29
Ribeirán, A do	338
Ribeirán, O.....	330
Río, A Fonte do.....	32
Río, A Presa do	32
Río, O.....	29
Río, O Campo do	31
Río, O Lugar dos do.....	32
Río, Os Campos do.....	32
Río Grande, O	31
Riobó, A Coutada do	331
Riobó, O Muíño do	331
Ripanso, As Presas do	269
Ripanso, O	268
Roleira, A	225
Romanos, A Cova dos.....	100
Romeros, A dos	338
Rorigo, A Regueira do.....	298
Rorigo, O.....	298
Rorigo, O Lavadouro do	299
Rorigo, O Muíño do	299
Rouco, O Cocho do.....	332
Roupeiro, O.....	299
Roupeiro Longo, O	299
Roupeiro Pequeno, O	299
Roupeiro Redondo, O.....	299
Roxo, O Muíño do.....	332
Salado, A do	333
Salado, O	333
Salado, A Paradeira do	333
Salado, Paradeira O.....	333
Salgueiral, O.....	203
Salgueiros, A Coutada dos	204
Salvador	299
San Cibrán, A Capela do.....	281
San Cibrán, A Fonte do.....	282



San Cibrán, O.....	280
San Cibrán, O Lavadouro do	282
San Cibrán, O Río do.....	282
San Cibrán, Os Poulos do	282
San Xan, O	282
San Xan Grande, O.....	282
Santa, A da	283
Santa, O Campo da	283
Santiago, A	300
Sanxegueira, A.....	225
Sanxegueira, A Fonte da	226
Seca, A	107
Segade.....	300
Segade de Arriba	300
Segade, O Lavadouro de.....	300
Seílo, A do.....	339
Seiróns.....	355
Seiróns, O Camiño de.....	355
Seiróns, O Penedo de	355
Seixal, O.....	104
Seixiños	104
Seixo Branco, O	104
Seixo, A Fonte do	105
Seixo, A Presa da Fonte do	105
Seixo, O Camiño da Fonte do.....	105
Seixo, O Rego da Fonte do	105
Senra, A.....	131
Senras, As	131
Senra, Os Campos da	131
Señora Piedá, O Muíño da.....	328
Señoras, A Coutada das	269
Señoras de Abaixo, A Coutada das	269
Señoras de Arriba, A Coutada das.....	269
Señoritas de Benavides, A das.....	344
Serra, A.....	68
Serra, O Camiño da	68
Severa, A Casa da	343
Sidra, A Fonte da	333

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Soaxeira, A	204
Soaxeira, A Presa da	204
Soaxeira, O Camiño da.....	204
Sobreiro, O.....	205
Soeido, O	152
Soeido, O Camiño do	152
Soeiro, O	152
Soldados, A Presa dos.....	335
Solevada, A	58
Solevadas, As.....	58
Sorrego, O	32
Sorrego, O Muíño do.....	32
Sorregos, Os	32
Sorrego, Os Poulos do	32
Sospalleiros	205
Sospalleiros, O Camiño de	205
Sospalleiros, Os.....	205
Souto, O	206
Souto, O Camiño do.....	207
Sualata.....	207
Suán, O Penedo de.....	313
Suapresa	59
Suaviña, A	207
Suco, O	152
Tarazona, O Lugar de	344
Teixugueiras, As	227
Teixugueiras, O Camiño das.....	227
Teixugos, Os.....	226
Terra Seca, A	108
Tía Carme A Santa, A Casa de	346
Tía Dolores, A Tenda de	343
Tía Figenia, O Campo de.....	316
Tía Inocencia, O Poullo da.....	317
Tía Milia Bugarina, A Encrucillada de.....	276
Tía Milia Bugarina, O Lugar de.....	348
Tío <i>Guillermo</i> , Os Campos do	317
Tío Pecho, O Lugar do.....	350
Tisoureiros, A Presa dos.....	270



Tisoueiros, O Camiño dos	270
Tisoueiros, Os	270
Tobales da <i>Capilla</i> , Os	227
Tombo, O	69
Tombo, A Presa do	69
Toro, A do	347
Torre , A	240
Torre, O Alto da	240
Torre, A Presa da	241
Torto, O Rego do	334
Toural, O	227
Touróns, Os	228
Toutizo, O	69
Toutizo, O Camiño do	70
Toxal, O	208
Trigueira, A	208
Trigueira, A Presa da	209
Trigueira de Abaixo, A	209
Trigueira de Arriba, A	209
Troncales, A Presa dos	210
Torreiro, O	231
Tuna, A Fonte da	334
Urbano, A Coutada do	335
Urbano, A Presa do	335
Urbano, O Serradoiro do	335
Urdimales, Os	301
Urxeira, A	210
Valadiñas, As	153
Valadiñas, O Camiño das	153
Valadiñas, Os Campos das	153
Valados, Os	153
Veiga, A	153
Veiga, A Presa da	154
Veigas, As	154
Veiga do Muíño, A	264
Veigas do Muíño, As	264
Veigas do Muíño, A Ponte das	264
Veiguiña, A	154

●●●●●●●●●● Índice de Topónimos

Veiguiñas, As.....	154
Vella, A da Sabela	342
Vella, O Cocho da.....	336
Vella, O Campo da.....	335
Venancio, O Muíño do.....	57
Verdellas, As.....	109
Vesadas, As	131
Vicentillas, As.....	348
Vieira, A do	343
Vila, O Campo da.....	232
Vilas, A do.....	347
Viña, O Campo da.....	212
Viña, O Cu da	212
Viña Grande, A.....	212
Viñas, As	212
Viñas, Os Poulos das	213
Viñas Vellas, As.....	213
Viniña, A	213
Viola, A Fonte da.....	302
Viola, O Camiño da.....	302
Volta da Cruz, A.....	246
Volta do Popó, A	243
Xabalouca, A.....	355
Xabalouca, A Fonte da.....	256
Xacomíña, A.....	302
Xaloeira, A Fonte da	336
Xalón, A Presa do	33
Xalón, As Escaleiras do	33
Xalón, O.....	33
Xalón, O Camiño do.....	33
Xalón, O Poulo do.....	33
Xalón, O Río do.....	34
Xan Pinto, O.....	303
Xan Ribeiro, O Cachafondo do.....	303
Xandavilas, As	343
Xardín, O.....	154
Xeme	304
Xeme, O Muíño de.....	304



Xeme, A Presa de.....	304
Xeme, O Río de.....	304
Xestas, As	214
Xesteira, A	214
Xestoso	105
Xestoso de Abaixo	215
Xestoso de Arriba.....	215
Xuliana, A da.....	342
Xunta á Presa, A Coutada de.....	58
Xunta á Presa, O Campo de.....	58
Xunqueira, A	215
Xurela, A	336
Zorro, A do.....	347



Chasco, Fernando Gil, Fernando *O Riquichaque*, Fernando Pucho, Fita Pequeño, Fonso *da Chuquiña*, Francisco J. González, Genaro Barros, Gilito Concón, Gloria *da Cova*, Guillermo A. Leirós, Gumersindo Ferreira, Hermelinda Fernández *das Fasideas*, Hermelinda Gómez *Melindra*, Hermitas Barciela, Isabel, Isaura do Barbas, Isidro Abalde, Isolina Rodríguez, Jaime *de Severo*, Jaime Migueliño, Jesús Freire, Jesús Rial, Jesusa Estévez, Joaquín *do Pouso O Xuticia*, Joaquina Corzo, Jose, José Barreiro, José Bautista, José C. Martínez, José Cid, José Crespo, José *das Pitisas*, José Fernández, José L. Alonso, José L. Caride, José L. Fernández, José M. *dos José Marías*, José M. *Milcarallos*, José Manuel, José Méndez, José Villar, Juan Covelo, Julio Quiñones, Lito *dos Blanco*, Lola *de Patrón*, Loli Pousada, Lucía Balbuena, Luis Pitoqueiro, Lourdes Caride, Manolo, Manolo *Chapello*, Manolo *Chiquillo*, Manolo *do Río*, Manolo *Valocas*, Manuel, Manuel Correa, Manuel Costas, Manuel Crespo, Manuel Fernández, Manuel Gómez, Manuel Maceira *O Chicho*, Manuel Posada, Manuel Sánchez *dos Jos*, Manuel Vila, Marcelina *A Rara*, Margarita Pérez, Margarita, Margarita Costas, Margarita *do Morón*, Margarita Merrella, Margarita P. Gil, Margarita Pérez, Margarita *Pitoqueira*, Margarita Posada, Margarita Seijo, María *A Carambita*, María *A Feixona*, María Pacio, María Rodríguez, María Vila *A Tuna*, Marina Cea *Pirulira*, Marina Grila, Marisa *de Darío*, Maruja *A Coruxeira*, Maruja *de Migueliño*, Maruja *do Conde*, Mercedes, Mercedes Alonso, Mercedes Blanco, Mercedes *do Faxardo*, Mercedes *do Fonas*, Mercedes Domínguez, Mercedes *dos Valentes*, Mercedes Figueroa, Mercedes López, Mercedes Pousada, Mercedes Seijo, Miguel Garrido, Milucho *de Migueliño*, Modesto *O Crego*, Modesto Pavero, Mónica Martínez, Mucha *do Gomo*, Mucha *do Pataco*, Nemesio Otero, Nicanor, Nieves, *O Chuquete*, Olanda Méndez, Olidia *do San Cibrán*, Óscar Turco, Pablo *de Olegario*, Paulino Vila, Pepe Conde, Pepe Davila, Pepe de Josefa, Pepe do Río, Pepe Gralleiro, Pepe Sablero, Placeres Fernández *das Beninas*, Preciosa *do Caraxo*, Primitivo Fernández, Pura *do Valente*, Pura Freiría, Puri Costas, Puri *do Mirto*, Purificación *das Branqueiras*, Purificación Estévez, Purificación Silva, Ricardo *dos Venancios*, Ricardo Estévez, Richar, Rita, Rita Bastos, Roberto Ballesteros, Roberto Rouco, Robustiano Leirós, Rosa, Rosa *das Xan Davilas*, Santiago *dos Alonsos*, Sara, Sara *do Fonas*, Serafín Romero, Silveria, Silvino Correa, Sindo Ranchero, Sita, Soledad Gil, Solita Cabaleira, Tere Martínez, Teresa Fernández, Tita *da*

Cruz, Tito Pedreira, Tuto Fernández, Valentín Vila, Veloso, Veneranda Rodríguez, Víctor Abalde, Vitoria Pieira

Grazas a todas e todos. E grazas, moi especialmente, ás persoas que me acompañaron polo monte, ás que me amosaron presas, minas ou covas imposibles de atopar sen unha guía, ou que dedicaron horas do seu tempo a transmitir os coñecementos que aquí recollemos, sen importarlles que volvese unha e outra vez a preguntar polo nome deste ou destoutro lugar, porque entenderon a importancia do saber que conservan.



Ferrolana, Fiseu, Fochica/Fuchica, Fonas, Forracarro, Forte, Foseiros/a, Frascuelos, Fufú, Furricoque, Galán, Galiñáns, Galo, Garabullo/a, Garrafón, Garridas, Gato, Ghello, Ghicha/o, Gibano, Gomo, Gordita, Gordo, Gralleiro, Grande, Grilo, Guapa, Jo, Lanquetuna, Larachas, Lindrín, Longarina, Longo, Lousa, Lura, Macarenas, Macarrón, Magaz, Manco, Marallas, Marianillo, Marijuelo, Marqués, Marzo, Mateus, Merrella/o, Migalla, Migueliño, Milcarallos, Mineiro/a, Miragaia, Mirto, Monas, Morena, Morón, Pachín, Pajarillo, Palomas, Panda, Pandaretas, Paparratos, Parapepas, Parrovela, Parvo, Pasarín, Pascua, Paso, Pataco, Patana, Pataqueiro, Patitas, Pavero, Paxareiras, Pecho/a, Pedrosa, Peiliña, Peixebonito, Pelouras, Penas, Pequenas, Perdís, Perello/a, Perete, Peroliro, Perro Vello, Perrunas, Peseteras/os, Petana, Pianico, Pieira, Pighorro, Pindagha, Piñacans, Pionono, Piruliras, Pisco, Pisotes, Pístola, Pistolas, Pitís/isas, Pitisqueira, Pitoqueiro, Polidas, Po-pó, Poqué, Porca Rapada, Poréns, Porrón, Portugueses, Pouleira, Pulga, Puto, Rancheiro, Raro/a, Raxeira, Rebolón, Ribeirana, Ríu, Riquichaque, Rola/o, Rosaca, Roxa, Sablero, Salado, Xan Pinto, Santa, Seílo, Señoritas, Sevillano, Sineta / Xeneta, Soriano, Xusto Caraxo, Templarios, Toro, Tuno/a, Turco, Valente, Venacios, Vicentillas, Vilas, Vilelas, Xaloeiro, Xandavila, Xangrande, Xesteiriña, Xusticia, Zorrina, Zorro.

Moitos deles coinciden cos que xa aparecían no artigo «Unha herdanza singular», publicado no libro da festa de Santiago no ano 1996, e escrito por José Figueroa Davila, veciño da Cruz, onde atopabamos tamén estoutros:

Abanista, Bareta, Barrigaverde, Bocanegra, Cabrales, Cabras, Cacharro, Cacheira, Cacharro, Cacheira, Cachopas, Calexo, Calvo, Cancallo, Capataz, Carancholas, Carola, Chafú, Chamiza, Chaplín, Chispas, Chouriceiro, Cilindrín, Constante, Coreano, Culista, Farrapeiras, Farulo, Fenosa, Forras, Fumegas, Galdrucheiras, Galicho, Graxumeiro, Guardia, Jibano, Legionario, Liranco, *Lloronas*, Macanitas, Manuel da *Otra*, Manuel de Pedro, Marcelos, Marmaxo, Masmoletes, Minina, Mixiricas, Nécora, Outabén, Outeiriño, Pacete, Pachacho, Panete, Pataño, Peixeira, Peixoto, Perica, Perotas, Picolino, Pillo, Piloto, Pinica, Pirracas, Pitasio, Po, Pollanco, Porqueiro, Queixo, Ranilla, Raparigas, Raspaqueixos, Rivirona, Roque, Samanexa, Sansón, Saravia, Setehomes, Seteleis, Teixugos, Tendeiras, Visia, Viúdos, Xabel, Xastrica, Zamorano.

11

Anexo II: Outros Elementos do Patrimonio Inmaterial

Ademais dos alcumes, durante a realización deste traballo recolle-mos outros elementos pertencentes ao noso patrimonio cultural inmaterial como lendas, refráns ou cantigas, que presentamos a continuación. Posto que non era o obxectivo do traballo, o número de elementos recollidos foi moi pequeno, pero é unha mostra da riqueza do patrimonio oral que podemos atopar na parroquia e que, agardamos, sirva para valorizalo e profundar na súa recuperación.

Igualmente dentro do patrimonio inmaterial atopamos os coñecementos creados colectivamente e transmitidos ao longo do tempo sobre oficios, labores, cultivos ou usos e costumes. Entre eles queremos destacar, pola importancia que en Bembrive ten a auga, as quendas de rego; un sistema de reparto das augas dispoñibles extremadamente elaborado e complexo, aplicado tanto ás augas procedentes das presas como dos grandes regos, e similar ao empregado para asignar as horas de moenda nos muiños.

-Contos sobre o *Tardo*: Como exemplo, transcribimos as quendas do Rego de Pontecela correspondentes ao barrio de Outeiro, tal como as recorda unha veciña da Cruz. Hai que ter en conta que coas augas de Pontecela se regaba gran parte das terras de labor da parroquia, coñecendo cada veciña e veciño as horas que lle correspondían ás súas leiras, información que se transmitía en xeral oralmente de xeración en xeración. Deste xeito, poucas persoas había que coñecesen o sistema completo do rego. De feito, parece ser que a última foi un home morto xa hai uns anos. Por isto, podemos considerar unha auténtica xoia a información que tivemos a sorte de recuperar, aínda que sexa parcial:



* Un home atopou nunha ocasión un cañoto e pensou levalo para a casa. Pesaba moito, pero como estaba moi seco, levouno igualmente.

Ao chegar a casa tirou alí con el, e ao tiralo dixo «ai!, *dios mío!*» porque pesaba moito, pero ao dicilo, o cañoto desfíxose en auga.

* Estaba unha vez unha muller soa no muíño, xa que o seu home marchara a buscar a auga. Entón, entrou un home cunha chea de lesmas espichadas nun pau e díxolle «que queiras que non, halas de comer» e ela dixo «ai!, *alabado sexa dios* se este home non viñera!» e desapareceu todo.

*A avoa de Maruja, veciña do Paso, foi nunha ocasión ao muíño, posiblemente o do Buraco ou o da Bouzafría, xunto cunha veciña e seu irmán. Ao saír do muíño atoparon un año pequeniño a saltar e tentárono coller. Ao final conseguiron collelo, pero cando viñan andando de volta con el no lombo, desapareceulles e levaron unha molladura.

*Noutra ocasión, a avoa viña andando e mirou un cañoto nun valado. Colleuno e foi para a casa. Ao chegar ao lugar da casa (nas Casas Vellas) pousouno e desapareceulle. Era o Tardo o que facía que desaparecese.

Ademais do Tardo, figura mitolóxica dedicada a facer falcatuadas, normalmente relacionadas coa desaparición de obxectos ou a súa transformación en auga, circulaban pola parroquia de Bembrive, como por outras do rural vigués, outras figuras como os *boticarios*. Neste caso, eran seres empregados para asustar as nenas e os nenos, dicíndolles que se se afastaban, ou ían a certos lugares, colleríanos os boticarios para quitarlles o sangue.

E, por suposto, percorría tamén os camiños a *Santa Compañía*. Dise que se ao cruzarse con ela viña formando parte da comitiva un parente, deixábante ir, pero senón, levábate con ela.

-As *mouras*:

As *mouras* son outros dos seres sempre presentes na nosa mitoloxía, normalmente asociadas a castros, mámoas, pedras destacadas, ou ríos. Son mulleres fermosas, de cabelos dourados, e que en moitos casos ofrecen ouro e tesouros a quen rompa o meigallo baixo o que se atopan. Tamén os *mouros*, seres igualmente mitolóxicos e considerados os nosos antepasados, adoitan aparecer relacionados con monumentos megalíticos.

índice

LIMIAR	7
A PARROQUIA	15
A AUGA	19
HIDROTOPÓNIMOS: A PEGADA DA AUGA NOS NOMES	
DA TERRA.....	20
<i>As augas correntes</i>	21
<i>Os mananciais</i>	34
<i>As augas paradas</i>	40
<i>A auga na terra</i>	46
<i>Construcións relacionadas coa auga</i>	50
A TERRA	61
OROTOPÓNIMOS: A DESCRICIÓN DO RELEVO	62
<i>Elevacións</i>	62
<i>Desniveis</i>	70
<i>Chairas</i>	77
<i>Depresións</i>	79
XEOTOPÓNIMOS: MORFOLOXÍA E COMPOSICIÓN DO SOLO	87
AS PEDRAS CON NOME DE SEU	94
OUTRAS CARACTERÍSTICAS DO MEDIO	106
<i>A calidade</i>	106



<i>A cor</i>	109
<i>A forma, o tamaño, a situación, a antigüidade</i>	110
AS VISTAS.....	121
O MONTE E O SEU APROVEITAMENTO.....	124
<i>Terreos gañados ao monte para uso privado: as coutadas</i>	127
<i>Terreos gañados ao monte para o cultivo</i>	128
<i>A terra cultivada: agrotopónimos</i>	132
FITOTOPÓNIMOS.....	154
ZOOTOPÓNIMOS.....	216
O ESPAZO HABITADO	229
NÚCLEOS DE POBOACIÓN E LUGARES DE REUNIÓN.....	230
CONSTRUCCIÓN.....	232
TOPONIMIA MONUMENTAL PREHISTÓRICA E ANTIGA.....	235
TOPÓNIMOS VIARIOS.....	242
ACTIVIDADE ECONÓMICA.....	253
HAXIOTOPÓNIMOS.....	270
POSESORES ANTIGOS.....	283
POSESORES MODERNOS.....	304
OS NOMES DAS TERRAS, FONTES E OUTROS.....	305
AS CASAS E LUGARES.....	337
TOPÓNIMOS DE DIFÍCIL CLASIFICACIÓN	351
BIBLIOGRAFÍA	357
ÍNDICE DE TOPÓNIMOS.....	363
PERSOAS ENTREVISTADAS	395
ANEXO I: OS ALCUMES	399
ANEXO II: OUTROS ELEMENTOS DO PATRIMONIO INMATERIAL ...	401
ANEXO III: O ASOCIACIONISMO DE ANTEGUERRA EN BEMBRIVE ...	407



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

A vida na parroquia de Bembrive estivo intimamente ligada ao longo do tempo, e ata hai non moitos anos, á terra, aos seus usos e aproveitamentos. Esta realidade quedou plasmada tamén na toponimia...

Pero nestes últimos tempos tanto esa íntima relación coa paisaxe como a transmisión interxeracional de coñecementos foise rompendo, dando lugar a xeracións novas totalmente descoñecedoras do seu pasado e da súa contorna. Mais esta perda pode ser reversible só en certa medida e nun curto espazo de tempo, o que nos queda antes da desaparición das últimas veciñas e veciños que gardan na súa memoria a paisaxe toponímica da parroquia e todas as lendas, tradicións e coñecementos asociados a ela.

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

**CONCELLO
DE VIGO**



Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo